



Revista Galega do Ensino

Revista Galega do Ensino

COMITÉ DE REDACCIÓN

María de las Mercedes Brea López / Directora
Ana María Platas Tasende / Subdirectora
Celso Currás Fernández / Secretario

CONSELLO ASESOR

Manuel Deaño Deaño
Agustín Dosil Maceira
Luis Framil Álvarez
Rodolfo García Alonso
Jaime García García
Constantino García González
Carlos García Riestra
Mercedes González Sanmamed
Agustín Hermida López
José Eduardo López Pereira
José Carlos Otero López
Antonio Peleteiro Fernández
Manuel Regueiro Tenreiro
José Luis Valcarce Gómez
Javier Vilariño Pintos

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Francisco Martín Iglesias

COLABORACIÓN E CORRESPONDENCIA

Orixinais para publicación e correspondencia en xeral
enviaranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano
15704 Santiago de Compostela

INTERCAMBIO

Pedidos á
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano
15704 Santiago de Compostela

*O Comité de Redacción non asume,
necesariamente, as opinións expostas
polos autores*

© Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edita: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Realiza: Tórculo Artes Gráficas, S.A.L.

Depósito legal:

ISSN: 1133 - 911X



***Número especial
Gallaecia Fulget***

V Centenario
da Universidade de
Santiago de Compostela

Coordinadora:

M^a del Pilar Rodríguez Suárez

PRESENTACIÓN

M^a del Pilar Rodríguez Suárez

A Universidade de Santiago, a través das súas autoridades democráticamente elixidas, decidiu celebra-lo Quinto Centenario, e ademais acadouse un amplo consenso arredor del. Unha ocasión coma esta, na que os actos públicos e a exhibición do que a Universidade pode ofrecer poñer a esta na palestra, pode ser tamén unha oportunidade boa para que desde a esencia do que é a Universidade verdadeiramente, se cree un pequeno ámbito de reflexión arredor dela mesma, do seu pasado e do seu futuro.

Por iso, temos que lle agradecer á *Revista Galega do Ensino* que nos ofrece a ocasión de lle dedicar un número monográfico a este tema, para, deixando a un lado a lóxica da procura do recoñecemento e da notoriedade e non considerándose os seus autores obrigados a exhibir obxecto ningún, ningún suposto logro científico nin ningún título de gloria, simplemente analizar e reflectir sobre o pasado e mailo presente dunha institución que a súa misión principal


debía se-lo fomento do coñecemento e do pensamento libre e crítico, e o labor de educa-la sociedade que a sustenta, así como a colaboración para que esa sociedade alcance o grao maior de desenvolvemento posible en tódolos seus ámbitos.



No ano 1771 a universidade solicita permiso de El Rei para utiliza-lo escudo de armas que perdura hoxe, coas armas dos fundadores dos estudos superiores: Lopo de Marzoa, Diego de Muros e Don Alonso de Fonseca.

Para cumprir este fin, este volume vai articulado en dous grandes blo-

ques. No primeiro deles trázanse as liñas mestras da súa historia, co fin de a facer accesible para o amplo público ó que está destinada a revista. Neste caso é unha historia desapaixonada: nin denigratoria, nin celebratoria. Dunha historia que nos fai comprender que o desenvolvemento histórico da nosa universidade é incomprendible sen ter en conta a historia da sociedade que a alberga, sen ter en conta a historia da sociedade galega ou a cultura e o estado españois. O impacto de movementos como a Contrarreforma, a Ilustración ou a revolución científica é fundamental para entende-la nosa historia, e considerando a amplitude deses movementos temos que ser conscientes de que a Universidade de Santiago non se pode comprender de ningunha maneira fóra da historia xeral.



Libro de Visitas Rexias. Nel están as sinaturas de Isabel II, Alfonso XII, Alfonso XIII e Juan Carlos I.

O que nos ensina esa historia, e o que os textos que se ofrecen nesta parte deixan patente é que debemos deixar a un lado a ilusión da *continuidade*. Unha universidade arestora é un centro no que ten que prima-la investigación, e no que a docencia debe transmiti-los resultados desta, e unha institución comprometida, por outra banda, coa sociedade que a sustenta, pero non foi así no pasado. As universidades como centros de investigación son o produto da reforma das universidades europeas, que se inicia en Alemaña con W. von Humboldt, e a incardinación da universidade nos problemas económicos e sociais do seu contorno é un fenómeno que non se consolidou ata despois da Segunda Guerra Mundial.

Non ten sentido, xa que logo, escribi-la historia da nosa universidade nesa clave, porque a realidade que imos atopar ha ser cousa ben diferente. O que é unha pequena universidade, situada nunha rexión nunca favorecida polo poder político, con escasos recursos e dedicada fundamentalmente a fornecer de títulos os fillos das clases máis acomodadas do mundo urbano galego para lles facilita-lo acceso a certos postos de privilexio.

A análise histórica complementase cunha enumeración do patrimonio artístico, fundamentalmente arquitectónico, que esta universidade nos lega, e cunha descrición de dúas

institucións de investigación que acadaron certa notoriedade. Na segunda parte deste número monográfico, unha serie de profesores, representativos das diferentes xeracións que compoñen o corpo profesoral da nosa universidade, ofrecen a súa impresión persoal sobre o pasado próximo (ou remoto), o presente, e, partindo deles, tentan comprender como pode se-lo futuro da institución. Algúns teñen unha ampla experiencia, froito dunha gran vida académica, outros coñecen moi a fondo a universidade porque a tiveron que gobernar, e outros aportan o mellor das súas reflexións para tentala comprender e melloralala. En conxunto, as súas aportacións supoñen un rico testemuño e dan pé para desenvolver unha reflexión sobre o noso pasado, o noso presente e o noso futuro, e sobre o lugar que nos corresponde na sociedade e no futuro.



Portada do Colexio de San Xerome, procedente do Hospital de Santiago na Acibecheira. Agora é a sé do Rectorado da Universidade.



Historia

- ⇒ O mestre. A escola. A sabedoria
José García Oro
- ⇒ A Universidade de Santiago nos séculos XVI e XVII
M^a del Pilar Rodríguez Suárez
- ⇒ A Universidade de Santiago no século XVIII
M^a Jesús Gutiérrez Tosar
- ⇒ A Universidade de Santiago na primeira metade do século XIX (1807-1857)
Aurora Cendón Amaro
- ⇒ A Universidade de Santiago de Compostela (1857 - 1936)
M^a Jesús Souto Blanco
- ⇒ Universidade e cidade. Apontamentos sobre o desenvolvimento urbano da Universidade de Santiago de Compostela
Juan Monterroso Montero

O MESTRE. A ESCOLA. A SABEDORÍA

José García Oro

A transmisión e maila aprendizaxe dos saberes son unha necesidade básica dos grupos humanos. Son, ó tempo, as bases imprescindibles das conductas colectivas e os tesouros do éxito e maila felicidade. Poden ser oficios, segredos, misterios, mais son sempre un patrimonio común do que soamente teñen a chave os esforzados e agradados.

Na conquista desta sabedoría, case sempre misteriosa e divina para os pobos, hai sempre tres protagonistas: o mestre que sabe e introduce nos saberes; a escola, espacio e clima onde se adestran os que procuran a sabedoría; a ciencia que codifica definitivamente as experiencias e lles dá formas racionais susceptibles de seren narradas e comprendidas. Así nace o libro como mensaxe social que se converte no instrumento por excelencia da sabedoría e con frecuencia termina sendo a encarnación da mesma Sabedoría, como texto sagrado que di e dicta ó home o sentido da vida e revela á Divinidade.

A Cristiandade medieval centrou este trinomio mestre-escola-ciencia na Biblia. Nela viu a historia dramática da humanidade, o sentido completo dos seus itinerarios e maila revelación do seu destino divino. O mestre, a escola e maila ciencia eran as instancias e os axentes encargados de abrir este itinerario ós homes que eran por definición crentes ou *Christifideles*.

1. O MESTRE E A ESCOLA NA IGREXA

Cando aparece o cristianismo e se institucionaliza como Grande Igrexa, o mundo mediterráneo ten catro longos milenios de experiencia cultural realizada en espacios naturais e órbitas sociais concretas: o mundo mesopotámico co seu complexo de linguas mortas e vivas e as súas institucións públicas ben estruturadas; o mundo exipcio, coa súa situación xeográfica, o seu ordenamento político e as súas formas culturais moi precisas; as talasocracias mediterráneas do derradeiro milenio antes de Cristo,

coa súa mobilidade xeográfica, o seu dinamismo creador da linguaxe e da escritura, a súa conquista económica dos espazos mediterráneos e, sobre todo, a súa formulación do home político. Este xigantesco patrimonio cultural que Grecia dixire racionalmente e Roma estataliza, ten unha formulación sumamente creativa e sintetizadora no monoteísmo bíblico que vive o minúsculo pobo de Israel e que, despois dunha longa elaboración nas iniciativas históricas e nas proclamas proféticas, pódese transmitir ó mundo helenístico en versións gregas, como a coñecida alexandrina, chamada de Os Setenta.

No mundo prehelénico do Próximo Oriente, o mestre e maila escola teñen un carácter sacro, exento e sacerdotal. A escola é o recinto singular onde o sabio inicia ós chamados á sabedoría. Os saberes son os grandes segredos que o home común descoñece: o proceso cósmico; as estirpes e xerarquías divinas e a súa intervención no mundo; os segredos da saúde e do destino; a forza oculta dos poderes e soberanos e alcance das súas leis sagradas; a sorte do home que quere seguir con vida trala morte. A carón destes saberes revelados están os camiños do éxito social que se ensinan sen sacralidade: o dominio das linguas ata a oratoria motivadora; a técnica dos signos gráficos, matemáticos e musicais que converten á xente nova en peritos e ricos e os libera das servidumes do traballo físico e mais da

dependencia servil. A literatura sapiencial extrabíblica é un arquivo destas dúas sabedorías divinas e humanas e brinda tamén ás páxinas da Biblia hebrea o material para as súas elucubracións monoteístas e proféticas.

No mundo helénico, centrado no home político, o mestre e maila sabedoría son tamén esencialmente políticos: ensinan o camiño da cidadanía activa que é sempre competitiva nas realizacións sociais, participativa nas decisións, conflictiva nos intereses e polo tanto necesitada de arbitrase, formuladora de modelos humanos en tensión, en oposición ós poderes divinos discrecionais e preconizadora dunha polis sagrada, á que se debe o cidadán como home solidario. A escola do home grego foi de adestramento e superación máis que de aprendizaxe, debido a que a súa cultura alfabetizada é en por ela popular e urbana e non precisa ser recuberta de misterio e sacralidade. O sabio grego é o sofista persuasivo que convence máis que arrastra. Fóra da escola, existe tamén o intento maxistral de educar e sensibilizar ós cidadáns: o teatro preséntalle a vocación e o destino, sempre ameazados pola discordia e maila retesía; os latexos humanos máis típicos que representa a comedia; a nobreza dos xestos e conductas na épica; os modelos estéticos do vigor físico e mental nas artes plásticas. Así e todo trátase sempre de leccións esporádicas que non chegan a formar sistema nin ato-

pan unha directriz clara nas actuacións concretas dos poderes públicos que tenden sempre a seren pragmáticos, seu soporte na substancia, a súa orixe nun primeiro motor ou ordenador, o seu sentido na finalidade. Cando no século III a. de C. este sistema deixa de se-lo clima natural das polis gregas, que se ven sometidas a un poder universal, pasa a se-lo cosmos cultural que pretenden encarnar insidiosamente os poderes universais ou imperios. Así, vólvese disocio-lo maxisterio social nas dúas vertentes: o filósofo que formula a orde do universo e mailo rector que ensina os camiños do éxito. O primeiro pretende seguir alimentando o lecer contemplativo dos saberes desencarnados, que xa non cotiza a nova polis dos imperios; o segundo exerce unha profesión esencialmente transmisora e con frecuencia domesticadora, que é encomendada regularmente ós escravos.

O mundo helenístico non só recibiu esta rica herdanza prehelénica e grega senón que a codificou dando plenitude ós xéneros literarios, producindo o libro alfabético en toda a súa variada tipoloxía, dotando do instrumental didáctico e escolar á profesión docente e delineando unha escola graduada e plural que podía desembocar nas profesións sociais máis variadas: filósofos, xuristas, rectores, médicos. Soubo refundi-los saberes e mailos textos de tódalas culturas precedentes, incluída a bíblica, e facelos acce-

sibles ás linguas universais (arameo, grego e latín). Alcanzou, mesmo, a formular



A Universidade de Oxford segundo unha miniatura do século XIII

O discípulo aprende a conquistar esta arte da eficacia social. Os grandes mestres e discípulos transcenden este reto inmediato do éxito e formulan unha meta máis transcendente: o destino humano e político.

Nace así a Filosofía, como corpo único de saberes integrados e formulados con sentido universal. Os saberes pragmáticos convértense en ciencia, é dicir, en exposición racional e orgánica de cada unha das dimensións da vida humana que non son soamente

experiencias concretas senón parcelas de grandes razóns universais. Todo ten o seu modelo na idea, o sínteses filosóficas amplas e flexibles que daban cabida a experiencias humanas alleas ó primitivo módulo racional grego, como é o caso do estoicismo aplicado ós códigos inorgánicos romanos ou do neoplatonismo convertido en esquema especulativo e místico das relixións monoteístas que saben utilizar oportunamente xudeus, cristiáns e mahometanos. Á hora do relevo cultural a prol do Cristianismo, a nova Igrexa Cristiá pode ver que se lle ofrecen os mellores moldes culturais para expresa-la súa mensaxe. Soamente lle resta a tarefa de enche-los con eficacia, de xeito que estas construcións intelectuais non se convertan en novos mestres e queden só en edificios rematados ós que é preciso encher de espírito.

O novo grupo cristián pasa sucesivamente por dúas etapas, camiño da súa emancipación cultural: un longo século primeiro de xudeucristianismo no que se configura como nova rama monoteísta e realizadora do mesianismo bíblico ó redor da persoa de Xesucristo, revivido e expresado pola comunidade de crentes; un século segundo de helenización vacilante sobre as pautas do gnosticismo ambiental e da solidariedade política co Imperio.

No século III d. de C. o novo grupo xa pode formula-la súa propia

cosmovisión en escola e literatura propias, institucionalizarse como Igrexa ecuménica dentro do mundo helenístico romano e mesmo asumilo destino político do Imperio Romano. Así e todo, a súa tarefa cultural sofre da reclusión xeral que experimenta o mundo tardorromano: a escola esgázase da sociedade e faise elitista, polo que non serviría de instrumento social de evanxelización; o pensamento está a pasar por un proceso de epitomación esquematizadora e de enciclopedismo reductor; os libros deixan de seren tratados para se converter en cadernos escolares; o ton da cultura apunta irremediabilmente cara á soa percepción oral das mensaxes e cara á sacralización dos contidos. Con Xerome e Agostiño iníciase os novos corpora de saberes cristiáns que teñen por referencia a Biblia e a Igrexa. Os saberes do mundo clásico serven soamente para introducir á lectura meditativa e orante dos libros bíblicos. Estes son o horizonte único do home cristián que aprende a lelos e a atoparlle-los seus sentidos; celébranos e vive selectivamente na Liturxia da Igrexa, glósaos e exponos no ensino escolar e mais na predicación popular. Gradualmente o home medieval converte en patrimonio eclesiástico este corpo de saberes: as igrexas coa súa clerecía, que proclaman os textos coas súas glosas, fan os ritos salvíficos polos que estes textos revitalizan ó crente e preparan á súa clerecía para realizaren os seus oficios eclesiásti-

cos; os mosteiros que os len sistematicamente, glósanos, meditan e tratan de convertelos na linguaxe relixiosa da súa comunidade; as comunidade s segres que os reciben como sacramento total dentro da propia Igrexa, sobre todo nas celebracións litúrxicas e sacramentais.

Neste contexto perfílase a nova imaxe do mestre e da escola cristiá. O maxisterio é ante todo, unha eminente diaconía na Igrexa Cristiá, á luz dos textos patrísticos: home de grande autoridade relixiosa, a quen se debe obediencia reverente por parte dos bispos, confianza pública xa que co seu maxisterio confire “espírito e vida” ás comunidades; exerce o seu oficio con autonomía xurídica mais tamén con lealdade sagrada cara á Igrexa á que serve continuando o maxisterio de Cristo e suplindo os únicos mestres oficiais que son os bispos; ensina os saberes sucesivamente co espírito agostiniano de acceso á sabedoría bíblica, esixindo unha disciplina ascética de cuño monacal e dunha docilidade filial, pois non é soamente un *grammaticus* ou *scholasticus* que sabe e ensina os saberes do Trivium e do Quadrivium senón que é tamén un *nutritor* que alimenta moralmente ós seus fillos espirituais que son discípulos solidarios e non só alumnos instruídos.

Este mestre traballa cos instrumentos tradicionais do seu oficio: le e

glosa os textos e, como perito en textos, chámase *dictator*; ensina a ler e a escribir utilizando táboas, cédulas e cadernoños, polo que será designado como *notator* e *librarius*; manexa unha reducida bibliografía de fontes: textos bíblicos, patrísticos, canónicos, gramaticais, históricos e poéticos da tardía antigüidade cristiá ou dos novos escritores das igrexas medievais; exercita sobre todo a memoria mediante versos, formas mnemotécnicas e outros recursos caseiros.



Santo Agostiño ensinando Filosofía e Retórica en Roma. Pintura de B. Gozzoli. Igrexa de Santo Agostiño, San Gimignano (Siena) (1463-1465)

Ten a súa sé física e institucional: unha sala cos seus tallos ó redor do solio do mestre; a ferramenta tradicional da escritura que son as táboas e mailos codicilos a xeito de borradores; tinta e plumas con que risca-los signos gráficos e fixalos na memoria;

silabarios ou *libellus de syllabis* e salterios cos que adestra ou aveza ós seus alumnos que só aprenden, polo xeral, a lectura, e os máis avantaxados, lectura e escritura, polo que se poderán clasificar como salteridados.

Ensina ante todo, a lingua: o latín cristián, herdado da literatura cristiá e repuído literariamente nos diversos renacementos medievais. Dende o texto gramatical ou *Artes* de Donato, continuando polas *Institutiones* de Prisciano e mailas pequenas antoloxías dispoñibles; adoutrina os seus oíntes sobre das flexións verbais e mailas declinacións, as partes da oración (*littera, sensus, sententia*), a lectura e escritura debidamente puntuadas e subliñadas, consonte ás regras da *distinctio* e mais da *elocutio*. Por este camiño conseguirá formar oficiais agremiados ó servizo da Igrexa, isto é, *scholae*: *schola cantorum* para a confección de documentos ou *instrumenta*; *schola lectorum* ou proclamadores de textos nas asembleas; *schola scriptorum* ou copistas de libros nos *scriptoria*; *schola notariorum*, que recollen taquigraficamente os datos, redáctanos en borradores e formalízanos para a súa expedición.

Os programas culturais e, polo tanto, o maxisterio medieval, evolucionan. A primeira parte da Idade Media mantense na estrutura gramatical dos textos que aprende a puír e a recopiar sistematicamente nas mo-

násticas e no ensino da etapa carolina. Os esforzos apuntan, xa que logo, a unha finalidade superior: o acceso ós autores e maila valoración dos mesmos ata formaren un canon de autoridades ou escolma xerárquica de textos. Este obxectivo pide un paso máis adiante, que ofrece a Retórica, coa que se pretende entrar de cheo nos clásicos latinos e sobre todo na análise e reconstrucción do discurso latino. A nova meta será a prosa latina e sobre todo, a oratoria nas súas formas persuasivas, discursivas, polémicas ou declamatorias. Así e todo, a Retórica e maila Oratoria piden estruturas lóxicas que lles vén subministra-la Dialéctica tardía reconstruída cara á escola por Boecio. Así, Retórica e Dialéctica hanse da-la man na construción de novos tecidos literarios cos que cobren as necesidades expresivas dunha nova sociedade que quere alimenta-la memoria.

Á marxe desta escola están, de momento, outros saberes urxentes para a vida humana tales como o Dereito, que segue ancorado nas grandes coleccións que soamente coñecen os peritos que asesoran ós prelados e soberanos, e maila Medicina, que non consegue integrarse nos programas da Retórica e queda na pericia secreta e privada que a penas logra expresarse no ámbito popular nos coñecidos refráns, versos e apotegmas que, copiados e adaptados dos árabes, difunden pequenas escolas cristiás e

divulgan os iluminadores dos libros sacros e profanos. Na penumbra desta escola preparatoria da *Divina Sciencia* teñen un papel secundario outros saberes catalogados entre os oficiais do ensino tales como as ramas matemáticas que a penas ofrecen recursos para interpretar símbolos bíblicos e compoñe-lo calendario anual.

Así pois, a fisionomía do mestre sacerdote e pai espiritual domina a primeira parte da Idade Media. Mestres son os bispos para a súa Igrexa e moi en particular para a súa clerecía. Mestres son os abades dos mosteiros que con ciencia á vez paternal e divina guían ós seus compañeiros no seu camiño de pugnas e heroicidades contra o Maligno. Mestres e profetas son os grandes reformadores que levan a bandeira da liberdade da Igrexa fronte ó feudalismo no século XI e designan como reformadores gregorianos. En fin, escola é toda aprendizaxe artesanal, literaria e sobre todo espiritual na que se tende a crear discípulos do único mestre Cristo.

2. A NOVA ESCOLA AGREMIADA E URBANA DA ESCOLÁSTICA

O panorama muda manifestamente no momento no que os saberes deixan de seren puro oficio institucional e se ofrecen abertos na temática e mais no destino. É a situación nova que concitan inevitablemente as novas poboacións urbanas, sobre todo as

institucións que se crean para atenderlas pastoralmente fóra do ríxido marco territorial da parroquia rural. A escola non muda de orientación senón que segue sendo a propedéutica para a comprensión da Sagrada Escritura e, máis directamente, o equipamento cultural para o funcionamento da Igrexa. Sen embargo medra en volume e graos. Xa non chegan a Gramática e maila Retórica, que producen mestres e redactores. Tampouco non abonda a Dialéctica que sazona de racionalidade o discurso. Precísase a enteira Filosofía, sobre todo a Metafísica que descobre as ideas, as substancias e as finalidades; e maila Ética, que fundamenta as conductas. É un novo paso cara á Teoloxía, mais un paso completo, xa que o novo conxunto de ensinanzas retóricas e filosóficas dá vida a unha enteira Facultade ou campo de saberes que se chama Facultade de Artes.

Dende este planteamento das Artes, o mestre e mailo alumno medievais diríxense á Sacra Páxina. Interróganla. Procuran o sentido e, cada vez con maior intensidade, o sentido literal e histórico, cousa que demandará axudas externas filolóxicas, arqueolóxicas e históricas. A nova empresa chámase Glossa, en canto que é o comentario maxistral en toda á súa amplitude (littera, sensus, sententia) que cómpre ordenar para o seu estudio (*glossa ordinaria, media glossatura, magna glossatura*); a qua-

estio ou estudio inquisitivo e expositivo sobre dos conxuntos doutriniais; a *sententiae* ou corpos sistemáticos de doutrina para a Escola. E remata nun ministerio público da Igrexa: a predicación, que é o achegamento da doutrina ó público tanto culto como indouto. Nace así, un novo estilo de escola: un camiño completo que comeza na *lectio* ou exposición tradicional, continúa na *disputatio* ou diálogo discursivo sobre do alcance temático, e remata na *praedicatio* ou exposición divulgadora oral ou escrita. Conséguese desta maneira a abordaxe propedéutica e sistemática de toda a temática cristiá, tanto dende a análise literaria como dende a interrogante dialéctica. E apúntase unha finalidade: a evidencia racional para o crente: *credo ut intelligam*.

A esta nova formulación temática, iniciada polos mestres parisiños de San Víctor, en clima escolar aberto e co intento de construír unha verdadeira eclesiología teolóxica e sacramental, segue a obra enciclopédica dos grandes mestres de A Sorbona no século XIII. O campo de traballo segue a se-la Biblia mais agora en forma graduada: glosas, cuestións, sentencias, coas súas oportunas *correctoria* e con propensión clara a supera-lo analítico e construír un corpo doutrinal completo. O novo instrumento de eséxese bíblica son agora as *Postillae*, obra comunitaria do convento de Saint Jacques de París, atribuída literaria-

mente a Hugo de Santo Caro. A armazón desta obra constitúea Pedro Lombardo coas súas Sentencias, o manual por excelencia de tódolos mestres e alumnos medievais; o edificio completo atópase nas grandes summas escolásticas, coa de San Tomé á cabeza, que non son un libro escolar senón unha enciclopedia sistemática e dialéctica de toda a doutrina cristiá. Ampliárase de novo o horizonte sen ruptura. As Artes, coa recuperación do Corpus aristotélico completo e mailo estudio escolar da súa Metafísica, forzaran a novos pasos transcendentais: a reconstrucción dialéctica de toda a temática cristiá baixo a forma de *quaestiones*, *articula* ou parcelas temáticas e *determinationes* ou conclusións, coa finalidade de converte-la doutrina cristiá nunha evidencia. Ó tempo, conséguese que este corpo doutrinal sirva de soporte teolóxico á Igrexa institucional, que precisa tamén de defini-los seus perfís sociais, relixiosos e xurídicos. A nova Teoloxía é dabondo comprensiva e flexible para acoller e apadriña-la nova e puxante ciencia do Dereito Canónico que, sen se desligar dos seus grandes presupostos clásicos, recóbrese de dimensións teolóxicas. Pódese soñar no século XIII con estar preto de acadalo Itinerario da mente a Deus, sen excluír ningún dos elementos en presenza. O novo momento cultural chámase Escolástica porque ten a escola como obradoiro de traballo. Por definición, esta escola é un recinto

institucional, apadriñado por algunhas entidades eclesiásticas, lexitimado polo pontificado da Reforma Gregoriana que dá ton ó século, e aberto a tódolos posibles estudiosos; un obradoiro de traballo intelectual, xa que nel se lles asignan papeis complementarios e harmónicos ós diferentes participantes: ós mestres e mais ós seus axudantes, que realizarán o ensino de xeito ordinario, é dicir, maxisterial; e cursoria ou de análise elemental; ós estudantes, que deben confecciona-las súas *reportationes* ou apuntamentos elaborados; a ámbolos dous, que en determinados momentos teñen que participar mancomunadamente en diálogos de diverso ton tales como as *disputationes* ou discusións públicas, as *collationes* ou comentarios comunitarios dirixidos por un mestre, as *repetitiones* ou repasos que dirixe periodicamente un *magister studentium*. Esta forxa doutrinal ten un carácter sagrado, sobre todo nos estudos xerais mendicantes, centrados na Teoloxía e dirixidos a forxar mestres e predicadores que despois animarán a vida cultural dos propios conventos nos que existe sempre un doutor conventual. Ten tamén un efecto innovador sobre a produción libreira que se abre á demanda real por medio dos obradoiros dos estacionarios e das xestións dos libreiros, a quen o novo gremio dos estudos ou Universidade quere reter so o seu control. Ó mesmo tempo alonga considerablemente a tipoloxía do libro tradi-

cional nunha nova galería bibliográfica que vai dende os sermóns e mailos *quodlibetos* ata os comentarios e as *summas*.

Medra, xa que logo, un novo gremio urbano que desborda amplamente o ámbito municipal, pois adquire validez en toda a Cristiandade e ten o Pontificado Romano, cabeza da cristiandade medieval, por patrón e valedor. A industria libreira chega a ser un capítulo primario dalgunhas cidades europeas como Boloña e París, que chegan a crear artesanías libreiras e obradoiros gráficos que marcan a pauta en todo o mundo medieval. A solidariedade intelectual vívese a nivel teolóxico de fidelidade á ortodoxia nestes centros escolares que se xuramentan en servizo da Igrexa e a prol da alma mater que lles deu a ciencia. O novo tipo humano de mestre universal que aprende a alumnos de tódolos países e, á súa vez, percorre diversas escolas universitarias ó tempo que adquire sona polo seu maxisterio e a prolonga nos seus escritos, divulgados polo novo sistema de copias múltiples, e termina con frecuencia na cadeira episcopal; adquire unha primacía manifesta dentro da Cristiandade, cabo dos papas e dos reis. Tamén asoma por primeira vez á escena popular, o estudante coa súa xenerosidade e maila súa picaresca. As figuras xuvenís de vagus ou fóra da lei; xograr ou trovador, que consume o seu tempo na itinerancia e nas canta-

relas; goliardo , que cultiva preferentemente a vida alegre ou a aventura perigosa, son os novos rostros reais e vivos que corresponden a unha poboación xuvenil que funciona máis en grupo ca en gremio, e non se logra domesticar nas poboacións que a albergan.

Con máis viveza alimenta o colectivo estudiantil a diverxencia e maila crítica eclesial cara a unha Igrexa poderosa, contundente nas súas sancións, fiscalizadora das institucións e contradictoria no funcionamento das súas instancias, como as provisións beneficiais ou as actuacións xudiciais. É o caldo de cultivo das chamadas herexías populares que se converten, por veces, en focos revolucionarios, como os cátaros aquita-

nos ou albixenses, e que na maior parte dos casos son simplemente críticos implacables do sistema vixente. Aínda que estes grupos non son exclusivamente universitarios, os pontífices venos moi achegados ó mundo estudiantil e queren que os novos mestres das ordes mendicantes os combatan coa súa nova dialéctica e a súa predicación -no caso dos dominicos- e mesmo co seu xénero evanxélico de vida, como é no caso dos franciscanos.

En conclusión, o mestre, a escola e maila sabedoría, son o que facer e a aspiración suprema do home medieval na súa dimensión máis transcendente, que é o seu camiño ascético, intelectual e afectivo de cara a Deus.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NOS SÉCULOS XVI E XVII

María del Pilar Rodríguez Suárez

O ESTUDIO VELLO DE LOPO GÓMEZ DE MARZOA

O primeiro proxecto de fundar unha Universidade en Galicia ten de protagonistas a Lopo Gómez de Marzoa e mais á familia dos Diego de Muros, e a súa iniciativa asóciase con dúas datas concretas: 1495 e 1501.

O 4 de Setembro de 1495, Lopo Gómez de Marzoa e frei Juan de Melgar, o abade do mosteiro de San Martiño Pinario, deciden crear no mosteiro beneditino de San Paio de Antealtares un Colexio de Gramática para estudantes pobres. Cada unha das partes fixa as aportacións respectivas: frei Juan de Melgar proporciona a sé, o citado mosteiro de San Paio, e mailo couto monástico de Camanzo:

“Damos e otorgamos (...) para todo sempre a vos el dicho Lopo Gómez para el dicho Colegio la dicha casa de San Payo e as suas ortas e ofi-

cinas, corrales e edificios, ecepto tan solamente el corpo de la Iglesia del dicho monasterio, que queda para que se digan e celebren los oficios divinos”¹.

Lopo Gómez de Marzoa ofrece os coutos de Forneas e Arameo, e unha cantidade de maravedís. Probablemente durante os anos finais do século XV este pequeno estudio realizou algunha actividade docente, pero o proxecto fracasou catro anos despois por causa da reforma das Ordes relixiosas promovida polos Reis Católicos; por ela ordenouse que tódalas monxas bieitas de Galicia se reunisen no citado convento de San Paio², e isto trouxo que se desaloxase e rematasen as actividades do Estudio.

Despois deste primeiro intento, o 17 de Decembro de 1501 Lopo Gómez de Marzoa, apoiado por Diego de Muros III, Deán de Santiago, e

1. A. López Ferreiro: *Galicia en el último tercio del siglo XV*. Santiago, 1883. (490).

2. Hai noticias sobre este colexio compostelán con documentación sobre a supresión, por acordo capitular de San Martiño Pinario, do 18 de Xullo de 1499, en J. García Oro: *Diego de Muros III*, 83-84.

Diego de Muros II, bispo das Canarias, fundan o Estudio Xeral³. Na escritura de fundación especificábanse a dotación do estudio, o réxime académico e competencias xurisdiccionais, con estas características⁴:

- Será un Estudio Xeral de Gramática e no seu momento engadíranse outras disciplinas.

- Os alumnos serán cregos e estudantes pobres do Reino de Galicia.

- O Padroado constitúeno os tres fundadores.

- A docencia é gratuíta e está a cargo dun Catedrático de Gramática e dun Repetidor. Serán seis horas diarias, tres a cargo do catedrático e tres a cargo do repetidor.

- O patrimonio administraran oficiais e controlarao o Catedrático, cunha normativa específica que establece os salarios e os criterios de provisión de profesores.

- As rendas que aportan os tres fundadores son as que seguen:

- Diego de Muros III contribúe coas súas casas do Cantón da Rúa Nova, varias casas en Santiago, un forno e mailo padroado de Santa Cristina de Nemenzo.

- Diego de Muros III aporta os bens que lle pertencen na vila de Muros, unhas casas en Cee, o pazo e mailos casais de Trasmonte, e iso sobe ata unhas rendas anuais de 10.000 marabedís.

- Lopo Gómez de Marzoa dóalle ó Estudio un xuro de herdanza de 20.000 marabedís en Baiona.

Este segundo intento foi para adiante gracias ó pulo de Diego de Muros III, que o 17 de Decembro de 1504 conseguía que o Estudio quedase confirmado por bula de Xulio II⁵; nela especificase que o Estudio estará baixo a xurisdicción do Deán e non do Arcebispo e que se poderán establecer libremente os estatutos e as ordenanzas, e outorga os privilexios e os dereitos que teñen as Universidades.

Diego de Muros conseguiu unha pequena sé, as casas do seu familiar o

3. Sobre as fundacións de Lopo de Marzoa e dos Diego de Muros V:

S. Cabeza de León: *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, 3 vv. Santiago de Compostela, 1945. Tomo I, 1-39.
L. Cuesta Gutiérrez: *La Universidad gallega, Su pasado, su presente y su porvenir*, no Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela, nº 7 (1930), 5-27.

J. García Oro: *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*. Vigo, 1975.

M.J. Justo Martín, M. Lucas Álvarez: *Fontes documentais da Universidade de Compostela*. Santiago, 1991.. VIII- XII.

X.R. Barreiro Fernández: *Galicia. Historia*, IV. A Coruña, 1991. 130-137.


A. López Ferreiro: *De la fundación del Estudio Viejo de Santiago en Galicia en el último tercio del siglo XV*, 261-279.

4. J. García Oro: *Diego de Muros III...*, 86.

5. Bula publicada en M.J. Justo Marín, M. Lucas Álvarez, *Fontes documentais...*, 523-525.

Bispo das Canarias, Diego de Muros II, situadas nunha calella que había entre a Rúa Nova e maila Rúa do Vilar, e contratou o primeiro catedrático do Estudio, o franciscano Frei Pedro de Pontevedra. En 1506 contratan ó Bacharel Pedro de Vitoria, que queda encargado de imparti-las ensinanzas e tamén de administra-las rendas do Estudio. Non se sabe se nos primeiros anos o Estudio chegou a funcionar como tal, ata que en 1506 nomearon catedrático ó bacharel Pedro de Vitoria; aínda desde este momento a actividade debeu ser escasa, porque Pedro de Vitoria preocupouse máis de xestionar e mante-la facenda do estudio ca de desenvolve-las súas tarefas docentes⁶.

O Estudio Xeral de Compostela comezaba así a súa breve historia, e malia te-los privilexios que tiñan o resto das Universidades, non se pode considerar como tal, porque polo seu tipo de docencia (a gramática eran os estudos previos ó ingreso na universidade) e pola súa estrutura, quedaba ben lonxe de ser unha universidade como se concibía no século XVI. Así e todo, podemos salientar que o xermolo de moitas universidades europeas foi un pequeno estudio de gramática que se foi ampliando con outras facultades; pero en Galicia haberá que agardar ata a fundación de Alonso de



Portada da primeira edición das “Constituciones Reales de la Universidad de Santiago y sus colegios Mayor y Menor”.

Fonseca III, que ha de absorbe-lo pequeno Estudio Xeral, para ter unha Universidade completa: a Universidade de Santiago de Compostela.

OS COMEZOS DA UNIVERSIDADE

En tanto que o Estudio Xeral realizaba as primeiras actividades académicas baixo a dirección do Bacharel Vitoria, don Alonso de Fonseca III, Arcebispo de Santiago desde 1509, quería fundar un colexio universitario para Santiago e para o Reino de Galicia. En 1522, Alonso de Fonseca

6. Hai noticias sobre Frei Pedro de Pontevedra en J. García Oro, *Diego de Muros III...*, 87. Sobre as actividades do bacharel Pedro de Vitoria e o seu excesivo interese polas rendas do Estudio V. L. Cuesta Gutiérrez, *La Universidad gallega...* cit., 20-27.

comezaba coas xestións para crea-lo Colexio-Universidade. Empezou buscando a sé para o Colexio, o que fora Hospital da Acibehería, substituído nas súas funcións polo Gran Hospital Real, e que se convertía, trala aprobación do Cabido, na primeira sé do Colexio. O 20 de Decembro designaban rector a Don Joaquín de Auñón⁷.

Sendo xa Arcebispo de Toledo, o 15 de Marzo de 1526, o Papa Clemente VII asinou a bula na que o Colexio queda recoñecido definitivamente⁸. Nela autorízase a Fonseca para que constrúa un Colexio, engadíndolle as rendas e maila casa do Estudio Vello, fundado por Lopo Gómez de Marzoa; nel poderíanse cursar Artes, Teoloxía e Dereito ata acadar, se for posible, os graos propios destas facultades, ás que só poderán acceder os colexiais. Ademais, a bula outorgáballe ó Colexio, de momento inseparable da Universidade, os privilexios e as exencións que mantiñan outras universidades españolas. E facultaba ó Arcebispo para redactar uns estatutos nos que se regulasen a vida académica e a colexial, os oficios e os salarios correspondentes, e as provisións de colexiais e de profesores.

Despois de recibila bula, o Don Alonso de Fonseca tenta aseguralo seu Colexio compostelán e empeza as

xestións para construílo. No seu testamento e codicilo lega dous millóns de maravedís para este efecto, consciente de que non poderá ver rematada a súa obra. Había morreo-lo 4 de Febreiro de 1534.

No Testamento de Fonseca, feito en 1531, encoméndaselle-lo proxecto ós seus testamenteiros e encárgaselle-la redacción dos estatutos, a promulgación definitiva deles e mailo remate do edificio en construción na Rúa do Franco; no testamento queda establecida como norma a visita anual ó Colexio dun delegado do Cabido compostelán, e a constitución do Padroado, formado polo seu familiar o Conde de Monterrei e mailo Arcebispo de Santiago, para se facer cargo e velar pola fundación se Fonseca desaparecese⁹.

Nestes primeiros anos a única docencia do Colexio foi a Gramática nos seus tres graos, menores, medianos e maiores, e para iso contratáronse os primeiros mestres e regulamentouse elementalmente o traballo académico.

Cando morreu en 1542 o bacharel Pedro de Vitoria, o único catedrático do Estudio Vello, rematou a docencia deste. O ensino trasladouse ó vello Hospital e as rendas do Estudio incorporáronse definitivamente ó

7. A Fraguas: *Historia del Colegio de Fonseca*, 20 -21.

8. Texto de M. J. Justo - M. Lucas Álvarez, *Fontes documentais...*, 589-596.

9. Editou o testamento M. Sendín Calabuig, *El Colegio Mayor del Arzobispo de Salamanca* (Salamanca, 1977), 207-256.

Colexio-Universidade. Concluía así unha etapa, o Estudio que fundaran Lopo Gómez e Diego de Muros desaparecía case sen deixar traza, e o Colexio que fundara Alonso de Fonseca comezaba a súa historia e inauguraba unha época nova na vida cultural de Compostela.

Nos anos centrais de 1550-1551 pódese comproba-lo funcionamento desta pequena corporación académica e sobre todo a presenza de mestres cualificados coma Álvaro de Cadaval, Juan del Cano e Lorenzo Pérez¹⁰. Con todo, como ían desaparecendo pouco a pouco os testamenteiros de Fonseca -López de Ulloa morrera, e Simón Rodríguez e o Conde de Monterrei estaban ben enfermos-, había que lle po-lo ramo ó proxecto. Desta vontade de consolida-lo Colexio veu a crise máis grave da institución compostelá, porque se discutía sobre a solución para saca-lo Colexio do letargo no que parecía sumido: o Conde de Monterrei e mailo Arcebispo de Santiago, don Juan Álvarez de Toledo, manifestábanse a prol de lle entrega-lo Colexio á Compañía de Xesús, e o Cabido e mailo Concello eran partidarios dunha Universidade polo estilo salmantino e non estaban dispostos a lles entrega-lo Colexio ós xesuítas.

AS DECISIONS DA XUNTA DE EXECUCIÓN TESTAMENTARIA

No verán de 1552 negociaban sobre a entrega da Universidade á Compañía de Xesús. A Compañía ía organiza-los dous colexios: o de Gramática, instalado no vello Hospital de Santiago co título de San Xerome, e o de Santiago, para Artes e Teoloxía, no edificio novo do Franco; estes centros habían outorga-los graos académicos baixo a única dependencia do seu futuro rector, e os colexiais de Artes e de Teoloxía serían en exclusiva da Compañía de Xesús. Había un edificio e unha dotación que chegaría ata 700.000 maravedís anuais, e a maiores o salario dos lectores xesuítas¹¹.


O Arcebispo Álvarez de Toledo apoiaba con toda a súa influencia na Curia Romana e na Corte de Carlos I que se crease o colexio-seminario, e a Compañía de Xesús chegou a formular naquel momento un programa de formación universitaria para Galicia no que se admitía que a fundación fonsecana evolucionaría gradualmente camiño dunha universidade completa¹².

Pero en Santiago non había ambiente propicio para acolle-la idea, empezando pola desconfianza do cabi-

10. A. Fraguas, *Historia...*, 35-37 e E. Rivera Vázquez, *Galicia y los Jesuitas. Sus colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVII* (A Coruña, 1989), 15-16.

11. E. Rivera, *Galicia y los Jesuitas...*, 17 e ss.

12. E. Rivera: *Galicia y los Jesuitas...*, 17-34.



Constitucións latinas do Colexio de San Clemente de Pasantes, dadas no ano 1635 por Pedro Sanz del Castillo como único executor testamentario supérstite do Arcebispo fundador.

do e do concello, e logo houbo dúas posicións: ou crear unha universidade verdadeira con facultades de Artes, Teoloxía e Cánones, ou promover un colexio-seminario que aportase cregos exemplares a cargo da Compañía de Xesús. Desde ámbalas dúas posicións dicían ser intérpretes xenuíños de Don Alonso de Fonseca.


O Cabido compostelán, con Simón Rodríguez sobranceando, e mailo concello querían que a Universidade-Colexio fose un corpo único, con goberno propio, e que a Compañía puidese colaborar unicamente nas ensinanzas de Gramática e de Artes, sometida ás Constitucións

da Universidade en curso de elaboración. Aspiraban a unha Universidade completa, e no seu centro as novas facultades de Teoloxía e Cánones.

Durante 1553-1554 os composteláns formulan as súas esixencias e tentan contratar de contado os profesores para empeza-la marcha da nova universidade; pola súa banda, os xesuítas, dirixidos por Jerónimo Nadal, procuran unha decisión do Cardeal Álvarez de Toledo que acabe de vez coa porfía¹³.

Á vista destas actitudes, os testamenteiros de Fonseca presentaron tamén a súa alternativa, e mesmo che-

13. E. Rivera: *Galicia y los jesuitas...*, 39-40.



Pazo de Fonseca. Non se conserva máis có primeiro corpo desta fachada, que no estado orixinal tiña as arcadas libres formando un soportal. É probable que sexa obra de Gil de Hontañón

garon a da-los pasos legais para que se puxese en marcha.

Nos meses de Xullo e Agosto de 1551 xúntanse en sesión permanente os titulares da Testamentaría, o Conde de Monterrei e o licenciado Simón Rodríguez, para ver de organiza-lo estudio fundado por Fonseca¹⁴; desta xuntanza saíron decisións importantes que se habían pór en marcha de contado.

Na primeira quincena de Setembro de 1551 danse estes pasos:

- O día dous quedan vacantes as cátedras, suspendidas as leccións e

retirados os salarios ós profesores; permanecen en activo só o rector e os consiliarios do colexio que serán responsables da institución.

- O día tres, os testamenteiros e o rector fixan edictos novos declarando perentoriamente a suspensión establecida, e notificánselles individualmente ós rexentes mestres Juan Cano e Noguerol.

- O día doce, outra decisión: restablécense durante un ano a cátedras e os rexentes, Juan Cano segue de preceptor de Gramática para medianos e menores, cun salario de cen mil maravedís anuais, Álvaro de Cadaval será

14. M.P. Rodríguez Suárez: *La Universidad de Santiago de Compostela en el siglo XVI*, 111-161 (Tese de doutoramento inédita).

preceptor de menores, axudado por Lorenzo de Paz, e o Licenciado Villagrán segue tamén en activo.

- E o día quince o Colexio de Fonseca queda constituído Universidade: *“disponemos e ordenamos que aya escuelas e universidad e ansi se llame e lo sea, de la mesma manera que los estudios e unibersidad de Salamanca y de Balladolid y de otros estudios generales que ay en estos reinos de España”*.

De consecuencia, o 15 de Setembro de 1551 establecen no Hospital Vello o esqueleto da Universidade Compostelá: unha sé para aulas e un colexio para estudantes. Pero fóra deste acto constitutivo, segue todo igual: as ensinanzas non pasan da Gramática nos seus tres graos de menores, medianos e maiores, que a exercen tres rexentes e un repetidor; o edificio da Rúa do Franco, onde van as aulas e mailo colexio, está en obras, e a normativa para rexe-la nova universidade está sen elaborar.

Con tódalas propostas descritas, había que escoller unha. O cabido, con Simón Rodríguez á fronte del, optara pola Universidade estilo Salamanca, ofrécelles ós xesuítas unha participación na nova universidade e négalle-la dirección, que era o que quería a Compañía; o Conde de

Monterrei parece que está disposto a lles entrega-la Universidade ós xesuítas, pero entrementes el mesmo xestiona en Salamanca e en Valladolid a redacción dos estatutos e a contratación de profesores novos; á vista daquilo, os xesuítas deciden afastarse definitivamente do proxecto, porque son conscientes de que en Santiago non lles han deixar levar a cabo o modelo de Universidade que queren implantar¹⁵.

O 25 de Outubro de 1553, os testamenteiros promulgaban nunha acta as novas Ordenanzas da Universidade Compostelá; alí aparecen as cláusulas fundacionais de Fonseca e quedan establecidas as ordenanzas da nova Universidade¹⁶:

1.- Institúen a *“universidad, claustro y escuelas generales”*, con sé *“en esta çiudad de Santiago y en las casas que al presente estan edificadas”*.

2.- No claustro universitario participarán os testamenteiros, os superiores relixiosos de Santiago, o rector e os consiliarios, o provisor en función de xuíz conservador, os rexentes, o rector do Colexio e os doutores incorporados e mais un rexedor compostelán que depute o Concello. Quedan a cargo do claustro as provisións de cátedras e de oficios, as elec-

15. E. Rivera: *Galicia y los jesuitas...*, 36-37.

16. M.P. Rodríguez Suárez: *La Universidad de Santiago...*, 133-150.

cións para oficios universitarios, os salarios; ademais, controlará a Facenda universitaria e terá obriga de mandar periodicamente visitadores seus ás propiedades e ós titulares das rendas para comprobárlle-lo estado e esixir rendemento de contas.

3.- Facultades de Gramática, Teoloxía, Artes e Cánones con tres cátedras por facultade e unha cátedra engadida de Instituta.

4.- Dous bedeis que controlarán a seguridade, a hixiene e a regularidade da actividade docente.

5.- Visitador anual nomeado polo cabido compostelán, que no seu oficio terá que proceder conforme as normas especiais dispostas por Fonseca no seu testamento.

6.- Xuíz conservador do estudio. Este oficio terá que recaer regularmente no provisor da Igrexa de Santiago.

7.- O Colexio de Santiago Alfeo, financiado pola Universidade, rexerase en todo polos Estatutos do Colexio de Santiago de Salamanca e terá doce colexiais do Reino de Galicia (metade do arcebispado de Santiago e metade das catro sés episcopais galegas) e catro familiares, que os elixirán regularmente o rector e os consiliarios do Colexio, segundo os estatutos particulares que se redactarán no seu momento.

Consecuentemente cos pasos dados nos anos 1551-1553, o día primeiro de Novembro de 1553 a xunta testamentaria procedía a nomear oficialmente o rector e mailos consiliarios, os colexiais, os capeláns e os familiares, o escribán, o médico e o barbeiro do colexio. E remataba provisionalmente a institución da nova Universidade Compostelá, á marxe do Arcebispo Álvarez de Toledo, que aínda teimaba en lle encomenda-la nova academia á Compañía.

O DOUTOR CUESTA EN GALICIA


Nada máis acaba-lo diálogo cos xesuítas, empezou en Santiago outra querela, agora entre a xunta testamentaria e mailo Cabido. Aquela seguía co seu proxecto de construír paso a paso a nova universidade, consultaba con letrados esquemas para unhas Constitucións novas e buscaba graduados para cubri-las cátedras e os colexios. O Cabido, á vista do lenta que ía a xunta, resolveu procurar pola súa conta a implantación inmediata da Universidade en tódolos aspectos. A actitude do Cabido, que case nin se detecta na documentación, queda patente no verán de 1555, cando aparece en Santiago un comisario real para pór en marcha a Universidade.

Probablemente o Cabido mandaría a Valladolid, na primavera de 1555, un emisario encargado de apura-la decisión universitaria. En Valladolid

estaban a Corte e o príncipe Felipe II á súa fronte, o Consello Real e mailo Conde de Monterrei, e iso propiciaba unha resolución rápida. E en Abril convocan a Valladolid ó Doutor Andrés Cuesta, mestre de Alcalá, para organizar definitivamente a Universidade de Santiago. Tiña un prazo de cento cincuenta días, que terminaban o 26 de Xuño¹⁷.

O doutor Cuesta redactou o seu proxecto en Valladolid, preto do Conde de Monterrei e sobre todo de Felipe II; residiu alí durante os 150 días marcados, e oito máis que el engadiu. O 3 de Xullo marchou camiño de Santiago cos seus papeis en orde; convidara ó Conde a ir canda el e marcoulle termo de corenta días para se encontraren en Compostela e pór en marcha a comisión real e o proxecto formulado. Desde logo, non era máis ca unha formalidade xurídica, porque as decisións xa se adoptaran e a Corte sancionáraas. Ben o entendeu o Conde, que quedou en Valladolid e só se preocupou de esixir xuridicamente as garantías de que Cuesta non prexudicaría a súa competencia de testamenteiro. Con esta finalidade cumpría o 28 de Agosto a formalidade de nomear procurador seu para tódolos efectos ó rexedor compostelán Fructuoso de Ulloa¹⁸.

Daquela Cuesta xa empezara o seu labor: o día 13 de Agosto declarou concluído o prazo de comparecencia do Conde, e con iso quedou nas súas mans a decisión¹⁹; o día 18 de Agosto publicou un edicto de convocatoria de 23 colexiaturas, 12 de Gramática para o Colexio de San Xerome e 11 para o Novo Colexio (11 colexiaturas, 1 capelán e 4 familiares) con estas condicións: estudos previos de Gramática para colexiais e capeláns, idade entre 16 anos e 25, pobreza demostrada e veciñanza no Reino de Galicia, convocatoria a oposición para as pra-



Proxecto da torre Fonseca coa sinatura do que era Rector, Diego Suárez de Tangil (1599), que se supón que autoriza a obra que comezara Mateo López no ano 1600

17. Provisión real en M.P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago...*, 165-166.

18. M.P. Rodríguez Suárez: *La Universidad de Santiago...*, 117-120.

19. M.P. Rodríguez Suárez: *La Universidad de Santiago...*, 124-127.

zas mencionadas con prazo aberto ata o 15 de Setembro e prorrogado durante 10 días.

En convivencia cos testamenteiros ou sen ela, Cuesta anulaba coa súa decisión a anterior creación universitaria e poñía en marcha o único que era posible daquela: os estudos de Gramática e os de Artes. Era unha ilegalidade manifesta, porque suplantaba a xunta testamentaria e defraudaba en parte as esperanzas compostelás de crear unha Universidade completa con cátedras de Artes, Teoloxía e Cánones. Ei-la obxección máis forte que lle fan en Santiago, expresada reiteradamente polo procurador do Conde de Monterrei, Fructuoso de Ulloa, en varias denuncias sucesivas.

Consecuentemente, en 1555 e gracias á intervención real, púxose en marcha a que con razón se lle ha chamar nos documentos modernos A Real Universidade de Santiago.

A UNIVERSIDADE DO DOUTOR CUESTA

En Novembro de 1555 o Doutor Cuesta dera un segundo paso transcendente formulando as novas Constitucións. Quedaban anuladas as ordenanzas da xunta testamentaria e resolto o obstáculo que se viña alegando para concluí-la fundación en tódolos seus termos: a imposibilidade de xuntar-los

testamenteiros para que elaborasen unhas constitucións definitivas.

As Constitucións do doutor Cuesta quedaban aprobadas mediante a provisión real do 26 de Xaneiro de 1557, e organizaban a Universidade segundo este esquema²⁰:

1. Claustro Universitario

Hano forma-los patróns, o arcebispo en persoa ou persoa delegada, o rector e os consiliarios, o visitador anual, os profesores e os graduados da universidade ou incorporados e os superiores relixiosos; terá competencias na administración de bens, provisións de cátedras e oficios, asignación de salarios, votacións.

2.- Facultades e cátedras

Gramática:

-Cátedras:

- maiores • medianos • menores

Artes:

- Cátedras trienais:

- Súmulas • Lóxica • Filosofía

Teoloxía:

- Cátedras cuadrienais:

Teoloxía Práctica ou Moral (casos de conciencia) e sacramentos a cargo do cóengo maxistral.

20. Texto completo das Constitucións en M.P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago...*, 163-347.

Teoloxía Escolástica: as catro partes da Summade Santo Tomé.
Concilios e Escritura.

Complementos: Cátedra de Esfera e Matemáticas²¹.

3. Lecturas e exercicios

Gramática

4 leccións diarias, dúas matinais e dúas vespertinas, unha lección e unha reparación, ás horas 7, 8, 14 e 15 (con variación no verán).

Menores:

I.- Conxugacións e declinacións latinas con lecturas de textos.

II.- Textos comentados de Catón, de Terencio e de Miguel Verino.

III.- Lecturas comentadas de autores latinos.

IV.- Reparacións vespertinas.

Medianos:

I.- Poetas latinos con comentarios e preguntas.

II.- Nebrija, Libro IV.

III.- Textos de Cicerón e de Salustio expostos.

IV.- Reparacións das leccións do día.

Maiores:

I.- Nebrija, Libro V, con exercicios orais e escritos.

II.- Traxedias latinas.

III.- Comentarios de textos de César e de Cicerón.

IV.- Reparacións con lecturas de humanistas, por exemplo de Lorenzo Valla.

Artes

I.- Súmulas con 3 leccións diarias e reparacións vespertinas (quitado os Xoves e os Venres) para estudialas Súmulas e o Perihermeneias.

II.- Lóxica: Lóxica e Física aristotélicas co mesmo horario.

III.- Filosofía, Filosofía Natural e Moral no mesmo horario, sen reparacións vespertinas.

Teoloxía

I.- Concilios e Escritura.

II.- Teoloxía Escolástica.

III.- Teoloxía Práctica (ou Casuística Moral).

Exercicios escolásticos

Sesións vespertinas dos sábados nas que se alternan os gramáticos cos seus cuestionarios, os artistas cos seus sofismas e as conclusións, e os teólogos teñen que sustentar catro conclusións xerais con concurso de toda a Universidade.

4. Goberno e Administración

- Dignidades e oficios: rector anual, membro do Cabido, suplido

21. M.P. Rodríguez, *La Universidad de Santiago...* Apartado 2.2. Constitución XXXIII.

eventualmente por un Vicerrector e dous consiliarios anuais.

- Secretario que redacta as causas e as actas.

- Bedel encargado de mirar polo edificio, do calendario escolar e das multas.

- Visitador anual, designado polo Cabido compostelán.

- Mordomo e tesoureiro, encargado da facenda universitaria, dos cobros, pagamentos e salarios e da contabilidade; rende contas perante o visitador anual.

5. Facenda e xestión dela

- Beneficios eclesiásticos, rexidos polas normas canónicas de presentación e padroado.

- Arrendamentos e foros coas súas rendas en diñeiro e en cereal.

- Apeos periódicos das propiedades por unha comisión designada polo claustro universitario.

- Salarios pagados en dous prazos anuais.

- Premios e gratificacións en concursos literarios.

- Arca da Universidade para gardalas escrituras, sobre todo o cartula-

rio da Universidade e mailo diñeiro remanente que utilizan ante todo para compras de nova facenda ou para obras.

6. Vida corporativa

- Eleccións rectorais anuais na véspera do San Lucas, o 17 de Outubro.

- Claustros ordinarios: un ó mes.

- Matriculación de estudantes: 18-28 de Outubro.

- Protocolo universitario de tipo xerárquico tocante a precedencia, cerimonia e insignias.

- Graos académicos de mestre ou doutor necesarios para acceder ás rexeccións.

- Disciplina académica relativa a secreto xuramentado, puntualidade, ausencias sen xustificar, indumentaria colexial e infraccións que ha vixia-lo bedel.

7. Os colexios

Contéplase o funcionamento de dous colexios que sigan con pequenas variantes as Constitucións do Colexio de Santiago de Salamanca, nas dúas versións de 1539 e 1552²².

Colexio "principal" de Santiago Alfeo

Para colexiais teólogos e artistas, instalado no edificio da Rúa do Franco.

22. Edición de Luis Sala Balust, *Constituciones, estatutos y ceremonias de los antiguos colegios seculares de la Universidad de Salamanca*, IV (Salamanca, 1966), 169-218.

Características dos colexiais:

- Procedencia galega: cinco da Igrexa de Compostela e dous de cada unha das demais igrexas, e a maiores dous capeláns.

- Idade: de 16 anos a 25, ampliado ata 29 para os capeláns.

- Saúde e decencia de costumes propia de cregos.

- Currículo previsto de Artes e de Teoloxía nunha estadía improrrogable de oito anos.

Oficios colexiais:

- Rector e consiliarios, elixidos mediante votación anual, o día de San Lucas (o 18 de Outubro). Presiden as capelas ou claustros mensuais, procuran o aprovisionamento anual do colexio, controlan a vida colexial, sancionan as transgresións segundo as constituicións e réndenlles conta ós seus sucesores a base de inventarios e contas.

- Capeláns con obrigas litúrxicas (misa diaria e sufraxios polo fundador) e asistenciais (atención médica e relixiosa ós enfermos).

- Despenseiro, encargado das contas anuais e das racións alimenticias que se lles serven ós colexiais.

- Servidores e oficiais menores (denominados *familiares*): cocíneiro, encargado do pan, encargado do refectorio e porteiro.

Disciplina colexial:

- O porte do colexial caracterízase polo hábito e as insignias, a fidei-

dade xurada á institución, a insuficiencia económica probada, o respecto ó protocolo interno e externo, a moralidade de célibe e maila práctica relixiosa (misa diaria e cumprimento pascual).

- A disciplina colexial esixe silencio nas cámaras, lectura no comedor, clausura nocturna e acompañamento diurno, residencia estatutaria de dez meses; igualdade e uniformidade na mesa, quitado en caso de enfermidade.

Dedicación académica:

- Implica asistencia obrigada ás leccións, participación en calidade de relatores e argumentantes nos exercicios escolásticos (sofismas, conclusións e retesías) que se realizan no refectorio os domingos antes da cea e os luns e os venres nas sobremesas.

Colexio menor de San Xerome

Para gramáticos, instalado provisionalmente no Hospital Vello da Acibeche-ría, porque esperan conseguir sé nova cabo do colexio principal. Organízase conforme estas pautas disciplinarias do Colexio de Santiago Alfeo.

- Albergará 12 colexiais gramáticos que residirán no centro tres anos improrrogables.

- Acceden ás colexiaturas desque se lles comprobe a alfabetización, a pobreza e a limpeza de costumes.

- No centro reciben o hábito colexial, mantenza e ensino gramatical nos tres graos de maiores, medianos e menores; aténdenos tres familiares (despenseiro, encargado do pan encargado do refectorio).

- A educación deles discorre baixo a guía dos seus tres rexentes ou preceptores que lles dirixen os estudos e particularmente os exercicios escolares, e tamén son responsables por quendas anuais da administración do colexio no tocante á administración da arca colexial, o fornecemento de víveres e a iluminación.

As constitucións do Doutor Cuesta queríase que fosen definitivas ata nas súas previsións para o futuro. Este non podía ser máis có da instauración das tres facultades clásicas de Artes, Cánones e Teoloxía. Cuesta contemplou este futuro nunha parte especial do seu texto titulada *Os actos e os dereitos dos graos nesta Universidade*; alí están perfiladas as titulacións de Bacharel, Licenciado e Maxisterio ou Doutorado en Artes, Teoloxía e Cánones, e sinalados os exercicios académicos que gradúan o currículo e os dereitos que teñen que satisfacen os candidatos. Pero as Constitucións de Cuesta só autorizan ós colexiais a recibir os graos académicos, e non a tódolos estudantes da Universidade. As Constitucións do doutor Cuesta converteron en realidade o proxecto de Fonseca; por fin,

Galicia tiña unha universidade con tres facultades e dous colexios dependentes, e despois de case cincuenta anos de incerteza poñíase a funcionar a Universidade de Santiago de Compostela.

A UNIVERSIDADE NOS ANOS SESENTA. OS GRAOS ACADEMICOS

Na historia da Universidade Compostelá ábrese neste momento unha paréntese de silencio de case un decenio.

Pódese supor que o Cabido compostelán empezaría a lle dar pulo ó Colexio e a introducir as ensinanzas de Artes e de Teoloxía, e que se empezarían a aplicar as novas constitucións.

A información do visitador e cóengo Rodríguez²³ realizada en 1564 presenta a vida universitaria en pleno desenvolvemento e constata as deficiencias das constitucións de Cuesta, concisas de máis para unha institución que se estaba a desenvolver. Por iso, o visitador, e probablemente tamén o claustro, reclaman neste momento a presenza de reformador real que readapte a normativa que hai e lles atribúa máis competencias ós titulares do goberno da Universidade. En 1564 a visita de Rodrigo Rodríguez patentiza o interese do corpo universitario por conse-

23. *Resulta de la visita desta Universidad y Colegio fecha por el canonigo Rodrigo Rodriguez...*, ACS, cartapacio 372.

guir de vez unha Universidade plena para Galicia. Tocante ó ensino, a universidade compostelá quería librar das limitacións que impuxera Cuesta no seu día, e por todo iso insta ó Consello Real para que autorice plenamente os estudos de Cánones.

Con todo, ó que aspiraba nos anos sesenta o claustro, que xa chegara a se-lo órgano de goberno universitario, era a conseguí-los graos académicos para tódolos estudantes da Universidade e equipararse ó resto das universidades españolas, porque desde que empezara a funcionar-lo Colexio de Fonseca só ós colexiais lles estaba permitido recibir-los graos en Artes, Teoloxía e Cánones, a limitación que impuña a bula de Clemente VII.

A demanda formulárona oficialmente o 13 de Febreiro de 1564, e o que pedían eran exactamente dúas cousas: concesión dos graos universitarios a tódolos estudantes e creación da figura do cancelario que os outorgue. En 1564 despacháronse emisarios ó Papa, ó Rei e ó Consello Real con demandas similares.

A bula dos graos outorgouna Pío IV o 17 de Novembro de 1564, publicouna Pío V o 16 de Xaneiro de 1565 e o 10 de Decembro de 1567 fíxose pública a nova Provisión Real que establecía as graduacións na Univer-

sidade de Santiago. Os seus capítulos básicos eran estes²⁴:

- A Universidade poderalles conceder-los graos ós estudantes, de Santiago ou doutras universidades, que teñan feitos os cursos sinalados para acadar-lo grao, cos mesmos dereitos e os mesmos privilexios cós graduados noutras universidades de España.

- O tribunal que examine e conceda os graos estará formado por cinco doutores ou mestres, e tres deles terán que interrogar ó candidato sobre o tema.

- Poderanse incorporar á Universidade de Santiago tódolos licenciados doutras universidades.

- Para se graduar de bacharel en Teoloxía será obrigatorio ser antes bacharel en Artes.

- Para recibir-lo grao en Teoloxía é obrigatorio examinarse do Mestre das Sentencias, respondendo ás obxeccións dos membros do tribunal.

- Para se graduar de Licenciado en Cánones o exame incluírá unha lección de Decreto e outra das Decretais. Ó candidato proporánselle tres puntos do Decreto e outros tres das Decretais, e terá que escoller un de cada.

24. O texto da Provisión Real de Felipe II, dada en Madrid o 10 de Decembro de 1567, en M.P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago...*, 335-342.

- Depois de lle indica-las leccións de exame ó candidato, terá un tempo máximo de trinta horas para preparalo.

- Queda establecida unha orde de precedencia segundo a antigüidade do grao para tódalas xuntas e tódolos actos universitarios.

- As propinas dos graos daránse-lles só ós que estean presentes na graduación.

- Para se examinar e recibi-lo grao preferirase o graduado máis antigo no grao precedente.

- As probas realizaranse perante o Cancelario, o decano da facultade e o do tribunal examinador.

Os Estatutos de Graos dábanlle a maioría de idade á Universidade Compostelá. Así o celebraron os membros do claustro académico en Xaneiro de 1568; en efecto, o 19 dese mes difundían unha convocatoria e invitación a tódolos graduados que quixesen optar pola incorporación ó claustro universitario. Os doutores en Teoloxía e en Cánones e os mestres en Artes podían presenta-los seus títulos en claustro xeral, na súa sé nova, que era a capela catedralicia de Don Lope, dentro do prazo de seis días, para os comprobar e proceder de inmediato a revalidalos²⁵.



Fachada do Colexio Maior de Santiago Alfeo (Fonseca)

Os anos 1565-1567 foron determinantes para o futuro da Universidade compostelá: empezaron as visitas reais, recibíuse a bula de Pío V na que autorizaba as graduacións propias da Universidade, e abolía a restricción do fundador en prol de só os colexiais do Colexio Maior, e obtivéronse de Felipe II os primeiros Estatutos de Graos.

AS VISITAS REAIS: A CONSOLIDACIÓN DEFINITIVA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A visita de don Pedro de Guevara.

A práctica da visita real ás institucións públicas e particularmente ás universidades afianzárase no período

25. Texto sen cita de procedencia en S. Cabeza de León, *Historia*, II, 97.

dos Reis Católicos. En Santiago había que a esperar de consecuencia da actitude que mantiveran verbo da Coroa, invocándoa como promotora da Universidade e reclamando a intervención dela en cada paso dos que levaron ata a constitución da universidade. Pero as dúas primeiras intervencións da Coroa, a de Cuesta en 1555 e a de Gasco en 1564, non tiñan carácter de inspección real senón de comisión organizadora.

Ha ser en 1566 cando este procedemento chegue tamén a Compostela. A comisión demanda do Rexente da Audiencia de Galicia, Don Pedro de Guevara, unha inspección da sé da Universidade e dos integrantes do corpo universitario: rector, claustrais, consiliarios, catedráticos, colexiais, familiares e oficiais; da facenda e do estado de gastos e débedas coas contas precisas a render polo mordomo, as execucións e as penalizacións; das graduacións; dos costumes nos comportamentos, o traxe e a conducta persoal; da normativa en vigor de constitucións, visitas precedentes e decretos da visita en curso²⁶.

E o 9 de Maio de 1566 vén a primeira visita real á Universidade.

Guevara intervén durante seis anos en virtude da Comisión Real recibida, pero só coñecemos dúas actas nas que promulga os resultados

da visita. A fins de 1566 promulga os seus primeiros decretos. Refírense sobre todo á organización burocrática e establece estas normas:

- Confección das actas e escrituración delas no Libro de Claustros co referendo do rector, dos claustrais e subscripción do secretario, trala lectura e a aprobación de cada acta.


- Novo Libro-Rexistro de cátedras, no que consten a cédula de convocatoria, a noticia da vacante, os edictos de concurso e maila acta completa da oposición (opositores con nome e títulos académicos, temas sorteados, lección de oposición, votación claustral e sentenza de adxudicación da praza).

- Libro de colexiaturas.

O 7 de Abril de 1569 volveu comparecer Guevara perante o claustro universitario e promulgou solemnemente o resultado da seguinte visita; alí presenta os fallos e as necesidades da institución: establecer definitivamente as constitucións e os estatutos; irregularidade en cumprilo programa escolar, sobre todo os profesores de Cánones; ausencias dos profesores, sen designación previa de substitutos; paso fraudulento dos gramáticos a outras facultades; falta dun Libro de matrículas para os colexiais;

26. M.P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago...*, 349-353, e en Cabeza de León, *Historia*, III, 291-293.

o incumprimento dos deberes relixiosos dos colexiais; transgresións da orde nos graos; os banquetes e os gastos excesivos sobre todo en propinas e en festas; descontrol da facenda da Universidade e falta de seguimento dos delictos en curso; orde xerárquica nas comparencias académicas; os salarios excesivos dalgúns oficiais, por exemplo o bedel.



1. HÉRCULES. 2. PIERRES. 3. DRAGÓN. 4. DRAGÓN. 5. PAIAN. 6. SANTIAGO. 7. SAN PEDRO. 8. SANTA CATARINA. 9. SANTO ILDEFONSO. 10. SAN PAULO. 11. SANTO ISIDORO. 12. SAN GREGORIO MAGNO. 13. SANTO AMBROSIO. 14. SANTO AGOSTINO. 15. SAN XEROME. 16. SAN LEANDRO. 17. LUCRECIA. 18. 19. ESCIPIÓN. 20. HELIOGÁBALO. 21. SANTIAGO ALFEO. 22. A VIRXE DOS PRACERES.

Fachada do Colexio Maior de Santiago Alfeo (Fonseca). Identificación das representacións, segundo Antonio Aguayo.

A presenza de Guevara en Santiago debeu ser importante e tamén conflictiva, porque tivo que proceder contra moitas persoas e oficiais nos que detectara irregularidades. De aí se entende que o claustro se manifestase especialmente reticente verbo da súa actuación, presentando respostas autoxustificativas e excepcións fronte ás actuacións do visitador, o procedemento habitual en todas as confrontacións²⁷.

Así e todo, a visita de don Pedro de Guevara non resolveu unha parte dos problemas da Universidade compostelá, e nos anos setenta o claustro universitario demandaba un corpo legislativo novo para substituí-las Constitucións puramente programáticas do Doutor Cuesta.

A Universidade crea unha Comisión para elabora-las novas constitucións e invitar ós mestres a formular memoriais con propostas de reformas. As capítulos presentados polos particulares e polo claustro universitario apuntan insistentemente cara estes temas:

- Definición da xurisdicción do Rector e da do Claustro.
- Institución do estatuto do cancelario segundo a bula de Pío V.

27. Sobre a reacción do claustro en 1572 V. S. Cabeza de León, *Historia*, I, 80; un memorial sobre ese asunto en ACS, cartapacio 372.

- Autonomía da Universidade verbo do Cabido, sobre todo no referente ás visitas anuais, que se deberán limitar só os colexios.

- Evita-las ausencias de catedráticos e de lectores, por xestións e oficios do arcebispado que se lles encomendan periodicamente.

- Normativa concreta sobre multas ós ensinantes por parte do bedel.

- Provisións de cátedras, graduacións de teólogos, leccións de Gramática, claustros universitarios.

A VISITA DE DON PEDRO PORTOCARRERO: A REFORMACIÓN

Portocarrero é o segundo protagonista oficial no proceso da Universidade compostelá de cara a institucionalizarse Universidade Pública. El, home de leis e de goberno, licenciado en Cánones e en Leis, cóengo de Sevilla e oidor da Real Chancelería de Valladolid, viña a Galicia para dirixi-la Audiencia do Reino. Unha das súas competencias neste cargo era a visita e reforma da Universidade de Santiago²⁸.

A visita e reforma de Portocarrero ten a orixe en Madrid o 24 de Decembro de 1576, na Provisión Real de Felipe II pola que se lle encarga esta difícil tarefa. Ademais da designación

hai uns preceptos concretos formulados en cláusulas separadas nas que se expresan os obxectivos da visita. Están enumerados dez aspectos a tratar: rector e claustro, vacantes e provisiones, programa de lecturas, graduacións, vida estudiantil e colexial, facenda e rendas, negocios e preitos sen solucionar, colexios e obras da Universidade, excesos notables da poboación estudiantil, hospital, capela e librería universitarias. Hai tamén tres preguntas de contexto: nome e experiencia de cada declarante, cousas que conveña reformar e notoriedade das informacións subministradas. Con estas pautas confecciónase o interrogatorio que se lles vai realizar ós declarantes, que son sempre persoas cualificadas dentro do corpo universitario.

En Novembro de 1577 presentouse Portocarrero en Santiago. Convocan o claustro para o día 30 e alí requírenlle en voz alta a provisión real. Dous días despois empezan os interrogatorios e perante o visitador van desfilando as autoridades e os oficiais universitarios.

Cada xornada da visita compléctase con este e con outros asuntos de inspección. En horas diversas do día visítase e interrógase ós oficiais da facenda universitaria, as cátedras e as dependencias, os escribáns realizan as

28. Texto íntegro da visita de Portocarrero en M. Romaní Martínez - M.P. Rodríguez Suárez: *A Real Universidade de Santiago. Actas da visita do licenciado D. Pedro Portocarrero (1577)*, Santiago, 1992.

pesquisas e apeos das propiedades e tómanse as contas das distintas administracións.

TEMAS TRATADOS NA VISITA DE PORTOCARRERO

1. O claustro universitario

Na visita patentízanse bastantes desaxustes dos que o responsable é o claustro univesitario co rector á fronte. Afectan moi especialmente ás provisións de cátedras, non anunciando a tempo as vacantes nin os edictos de convocatoria; ás ausencias dos catedráticos, autorizados indebidamente a ausentarse por motivos de negocios arcebispais ou da Universidade; ás graduacións, que non se cumpre a orde dos graos; ás substitucións nas cátedras, previstas e constantes, que habería que fixar tocante a salario e a requisitos académicos; ós oficios de mordomo e bedel, que se realizan con moito descoído, o primeiro causa desaxustes polo que tarda en da-las libranzas anuais e ofrece-los hábitos colexiais, e o segundo por descoida-la atención ás conclusións públicas dos colexios e sobre todo á librería, aínda inaccesible.

2. Cátedras e oficios

As provisións de cátedras e oficios realizábanse no claustro universitario, nun ambiente multitudinario, porque concorrián tódolos docentes, os doutores e os superiores relixiosos de San Martiño, Santo Domingo, San

Francisco e Conxo; había que reduci-lo claustro ou polo menos arbitrar un claustro reducido para o máis urxente, que era a provisión de oficios anuais. As solucións que se manexaban eran excluír ós superiores relixiosos, ós doutores non residentes en Compostela, ós graduados menores de 25 anos, ós doutorados de había menos de tres meses e ós graduados de Artes que non tivesen cursados catro anos de Teoloxía.

3. Ensino

Nos anos setenta impartíanse cunha certa regularidade as ensinanzas de Teoloxía, Artes e Gramática, e tentaban regulariza-la docencia de Cánones.

Os cursos de Gramática eran os máis concorridos, cos colexiais de San Xerome e sobre todo estudantes non colexiais; a Gramática, nas tres seccións de Maiores, Medianos e Menores, conseguira regularizarse, e só se indicaban algúns fallos de pouca importancia nos rexentes.

En Artes había bastante irregularidade no cumprimento dos programas, e sobre todo nas ausencias dos mestres que sentaran o costume de que os substituísen alumnos adiantados.

En Teoloxía os profesores eran competentes e cumpridores, pero as súas numerosas ausencias perturbaban a regularidade da docencia.

As ensinanzas de Dereito Canónico eran as máis conflictivas. Foron a gran aspiración dos colexiais de Fonseca e do Claustro universitario. Daquela queixábanse do irregularmente que se estaban impartindo, e a un tempo aspiraban a que o cadro académico delas se completase e acabase constituíndo unha Facultade universitaria completa na que se outorgasen graos académicos en Cánones e en Leis.

4. As graduacións

Desde 1566 a Universidade tiña uns estatutos de graos nos que se establecían os actos académicos, especificando os temas e maila composición dos tribunais, pero non se prevía o rito de solemnidade que tería a celebración nin moito menos os banquetes. Xa en 1577 creárase unha tradición festiva na que entraban o académico, o procesional e mailo culinario dunha maneira moi concreta.

Os bachareis que aspiraban á licenciatura e ó doutorado ou maxisterio, estaban obrigados a presenta-la documentación do seu título e a probar que realizaran os estudos de licenciatura polo menos durante tres anos. O primeiro acto era o exame, que consistía nunha lección en presenza do cancelario, do padriño e dos cinco examinadores.

A investidura do grao recibíase na capela catedralicia de Don Lope de

Mendoza. O candidato, o rector e o cancelario chegaban en comitivas distintas. No acompañamento o graduado loce insignias, anel e libro. No caso de acceso ó doutorado, o acompañamento facíase a cabalo. Ó final viña o banquete, que eventualmente se podía redimir con propinas, e isto era pouco grato para os participantes.

Menos atraentes resultaban as incorporacións de graduados doutras universidades, e para elas tamén querían unha normativa específica na que se establecesen os niveis de revalidación, os dereitos que había que sufragar, as obrigas contraídas e sobre todo os prazos esixibles para os mestres e os rexentes que se contrataban en Compostela con titulación foránea.

5. Colexiais e estudantes

A Universidade tiña a sé nos dous colexios: o colexio de Santiago Alfeo e o de San Xerome. Dentro dos muros do Colexio principal estaban as aulas, a biblioteca, a arca e sobre todo os colexiais que tiñan co seu voto un peso determinante na marcha da institución universitaria. Na visita obsérvanse os procedementos seguidos nas providións de colexiaturas, os criterios de admisión, a disciplina colexial dos moradores, ademais de controla-las contas e os gastos.

Nas admisións rompíase a miúdo a norma fundacional de pobre-

za e discutíase se esta condición lles tiña que corresponder ós pais ou ó candidato, nalgúns deixábase esquecida a esixencia canónica de lexitimidade, porque unha parte boa dos colexiais admitidos eran fillos de cregos, e a miúdo tamén quedaba esquecida a norma dos continxentes dos bispados que por norma fundacional estaba prevista para o Colexio Maior.

Demandan que San Xerome sexa só de artistas e Santiago exclusivamente de teólogos, porque o que interesaba era conseguir unha clerecía de calidade consonte os desexos do Arcebispo Fonseca, e a un tempo suxíren introducir colexiais canonistas no Colexio Maior.

Na visita quedan reflectidos os gastos excesivos dos colexios. A solución económica para os colexios había que a procurar nunha regularidade maior na xestión e sobre todo nun plano de aprovisionamentos e obras que levaría a realizar adquisicións de víveres e a almacenalos.

A maior preocupación do goberno da Universidade está agora na educación moral dos estudantes de San Xerome. Hai unha solución que indican a maioría dos claustrais: encargár-lle-lo ensino da Gramática ós Padres da Compañía de Xesús. Non discute ninguén que son os mellores para ensi-

na-los estudantes pero vese un certo temor a introduci-los xesuítas na Universidade. De levaren para a súa casa ós estudantes, quedaría a Universidade baleira; ademais, esperaban que ensinasen gratis. Non conviña pagár-lle-lo salario habitual dos rexentes contratados ata daquela, porque sería excesivo para eles, e si que conviña darlles unha boa esmola; desa maneira, habíanse aforrar moitos marabedís, que falta lle facían á Universidade para iniciativas novas. Indican a posibilidade de lles encargala dirección e o ensino dos gramáticos en San Xerome ou no Colexio Maior, pero sempre baixo a dependencia da Universidade, de maneira que os tres mestres de gramática os examine e os aprobe o claustro. Son condicións inaceptables para a Compañía que ata os decenios seguintes non foron minorando, e terminaron dándolle forma a un concerto coa Orde Xesuítica en 1648 que por el o novo colexio da Compañía asumía estas ensinanzas a base da súa propia dotación²⁹.

O visitador Portocarrero aspirou aposta a rematar, na medida que puidese, a etapa fundacional da Universidade de Compostela. Para iso procurou ante todo a información máis completa sobre a vida universitaria. Consultou polo miúdo ós claustrais, escoitou tamén ós estudantes e déulle-la oportunidade de expresaren os

29. *Constituciones Reales de la Universidad de Santiago y sus Colegios*. Santiago, 1678.

seus testemuños e as valoracións a un tempo que consultaba co Arcebispo Don Francisco Blanco diversas cuestións referentes á Universidade. Ó Claustro universitario pediulle que reflectisen as súas aspiracións, con miras a incluílas nas novas Constitucións de Reformación, e quedaron representadas en varios memoriais do Claustro e do Colexio Maior nos que se expresan os desexos para un futuro inmediato e nas conclusións que reflicten con claridade e concisión os puntos que deben figurar nas Constitucións.

En resumo, o claustro solicitaba o que segue:

Universidade

1.- Obte-los graos en Leis e en Medicina e crear unha cátedra de Escritura ou Teoloxía Positiva.

2.- Un rector que proceda do claustro universitario, porque o elixían entre os capitulares composteláns, que neste oficio non encontraban atracción ningunha e descoidaban o exercicio del. O novo rector debería ter xurisdicción sobre todo o persoal académico e colexial, visita-las cátedras anualmente e esixir responsabilidades.

3.- Estabilidade dos catedráticos.

4.- Organización das graduacións, porque necesitan urxentemente un estatuto.

5.- Restricción das visitas reais.

6.- Estatuto que defina as actividades dos oficiais da Universidade: mestre de cerimonias, o bedel e o secretario.

Colexio Maior

1.- O rector e os consiliarios deben ter potestade doméstica sobre os colexiais, incluídos os mestres de Artes que viven no Colexio Maior.

2.- Os mestres de Artes e de Teoloxía deben asumir as súas ensinanza de forma completa referente ás leccións e ás conclusións públicas que hai que celebrar tres veces á semana.

3.- Os colexiais teñen que ter 25 anos, non ser titulares de beneficios curados, recibi-los graos gratuitamente consonte a súa condición xurídica de pobres, e ter cursados polo menos dous anos de Teoloxía para ser opositor a unha cátedra de Artes.

4.- A biblioteca debe ter un regulamento e atendela un colexial.

5.- As aulas corresponderanse, segundo a capacidade que teñan, coa concorrencia de alumnos nas distintas materias, e seguirán un horario marcado.

6.- As rendas do colexio percibiranse en pan e viño.

Todo isto expresaba a aspiración de todo o corpo universitario a conseguir un texto constitucional definitivo, de maneira que acabase a anarquía legislativa que había daquela.

A REFORMACIÓN REAL E AS OBXECCÍONS

Preto do século XVII, a Universidade de Santiago callaba como Real Universidade. Esta Universidade acababa de elaboralos seus proxectos normativos e con eles marcha para Madrid Don Pedro Portocarrero en Decembro de 1579, cara ó seu novo destino de membro do Consello Real.

Poucos días despois, en Xaneiro de 1580, empeza un diálogo tirante entre o Claustro compostelán e o seu axente na Corte, o Doutor Francisco Gómez. O primeiro encoméndalle ó seu emisario que xestione rapidamente as constitucións novas, que eran a substancia da Reformación, e indícalle algúns temas con transcendencia especial: a constitución de estudos particulares nos conventos composteláns, que hai que evitar sexa como sexa; a pretensión xesuítica de levar para o seu Colexio a Gramática, que quedou sancionada nunha provisión real do 19 de Xullo de 1580; a exención xurisdiccional da Universidade.

O 6 de Agosto de 1588 é unha data significativa na marcha da Universidade Compostelá, porque é a sanción real das novas Constitucións

ou Reformación, que empezara un decenio antes baixo o impulso do visítador don Pedro Portocarrero. Solemnizouse o acontecemento: houbo unha solemne recepción claustral, o 12 de Outubro; encargaron de contado copias do novo texto constitucional para lles dar ós dignitarios e decidiuse, con algunhas obxeccións, proceder de contado a imprimilo; pero en 1589, desque revisaron as novas Constitucións, aparecían preceptos que resultaban inaceptables para os mestres composteláns, por exemplo as penalización de tres ducados; o ensino da Gramática, que llo encargaran ós xesuítas e non o querían aceptar; os salarios ínfimos previstos para os emisarios da Universidade; a exigua xurisdicción do Rector, que nin procesar pode ós estudantes delincuentes; o silencio sobre as colexiaturas de canonistas no Colexio Maior, cando a Facultade de Cánones está en auxe; a esixencia de que os catedráticos en exercicio cando soliciten outro contrato pasen por outra oposición, aínda que sexan candidatos únicos.

Cunha énfase parecida tómase nota das obxeccións do Colexio Maior: demasiadas colexiaturas que a Universidade non pode financiar; colexiaturas de seis anos que non chegan para rematalos estudos; exclusión da condición de pobre para tódolos candidatos que os podan mantelos pais; restricción da dieta alimentaria, que resulta insuficiente para cole-

xiais; a nova disposición sobre os actos de Teoloxía, que os deixan para os propios estudantes, incompetentes para dirixilos, e as Conclusións de Teoloxía e de Artes que terán que dirixilos catedráticos de Teoloxía domingos e sábados dentro do Colexio Maior, e sobrecargan sen xustificación a estes mestres.

As emendas compostelás hanas debater durante dez anos no Consello Real á procura dunha solución que satisfaga ó claustro. No ano 1599, gracias ó pulo do visitador real Antonio Muñoz de Otálora, o claustro xúntase en longas sesións durante o mes de Outubro e confecciona uns apuntamentos ou consulta que, despois de marcha-lo visitador, discútense en Xuño de 1600³⁰.

A verdade é que non son obxecións directas ó texto constitucional, é máis ben interese por introducir nel aspectos importantes: as cátedras de Leis de Prima (Dixesto) e Vésperas (Código de Xustiniano); os salarios actualizados dos preceptores de Gramática e a exclusión dos xesuítas; os graos de Artes, que a carencia deles prexudica seriamente á Universidade; a xurisdicción rectoral, a devolución ó Claustro do exame e a aprobación das informacións colexiais que acababa de conseguir en exclusiva o Colexio Maior; o veto ó Arcebispo Juan de San

Clemente, que, coa forza dos favores da Corte sobre a súa xurisdicción, tenta equipara-lo seu novo Colexio de San Clemente co Colexio Maior.

Por fin chegaban as evidencias de que os acordos co visitador Alonso Muñoz de Otálora implicaban a fin da elaboración constitucional, pero tamén de que se podían reformar con precisións ou resultas novas nas que se recollían as melloras suxeridas polo claustro e os colexios. Nunha provisión real do 13 de Xullo de 1613 recoñecía-se a necesidade de alterar algúns artigos das constitucións e presentábase o texto das emendas ou resultas novas que habían figurar a carón de cada unha das constitucións ás que se referían. Despois de varios días, o 31 de Xullo, publicábanse solemnemente ante o claustro universitario. Pero haberá que agardar ata 1678 para que este singular texto constitucional saia á luz definitivamente.

AS CONSTITUCIÓNS NO SÉCULO XVII

Desde o 6 de Agosto de 1588, o claustro universitario tiña as Constitucións de reformación que, aínda sendo obxecto de reticencias e ata de rexeitamento, eran xa o Corpo Lexislativo da Universidade Compostelá, e no ano 1602 o impresor Luís de Paz estampounas en Santiago de Compostela. Ata daquela só circularon na

30. Noticia sobre estas discusións e os resultados inmediatos en S. Cabeza de León, *Historia*, I, 95-99.

Universidade copias manuscritas. Nos anos 1613 e 1633 volveron edita-las Constitucións de 1602, e a edición derradeira, antes da reforma de Fernando VI, foi a do ano 1678.

Os puntos salientables son os que seguen³¹:

1. Claustro universitario

- A composición do claustro non varía, pero a entrada queda limitada: os mestres en Artes teñen que ser bachareis en Teoloxía ou ter máis de 22 anos para poder asistir.

2. Facultades e cátedras

Gramática

Traspásaselle o ensino da Gramática á Compañía de Xesús.

Artes

Cátedras de:
Súmulas
Lóxica
Filosofía

Teoloxía

Cátedras obrigatorias:
Prima
Vésperas
Lectoral de Escritura

Cátedras libres e non dotadas pola Universidade:

Moral
Teoloxía Escolástica
Teoloxía de Scoto
Santo Tomé ou de Hevia

Cánones

Cátedras obrigatorias:
Prima
Vésperas
Instituta (común coa Facultade de Leis)
Decreto

Leis

Cátedras obrigatorias:
Prima
Vésperas
Instituta

Medicina

Cátedras obrigatorias:
Prima
Vésperas
Método

3. Colexios

- O Colexio Maior pasa a ser exclusivamente para teólogos e aumentan o número de colexiais: 18 e dous capeláns; reducen o tempo de estadia no Colexio, seis anos.

- O Colexio de San Xerome pasa a ser Colexio para artistas, xa que o ensino

31. Véase X.R. Barreiro Fernández, Galicia. *Historia*, IV (A Coruña, 1991), 160-180.

da Gramática se lles encomenda ós xesuítas; terá 24 colexiais.

A VIDA UNIVERSITARIA NOS SÉCULOS XVI E XVII³²

As Facultades

Seguindo a pauta constitucional vemos que os profesores acceden á súa función mediante unha oposición pública na que se avalían os candidatos e vótase libremente polo máis meritório.

Cando se produce unha vacante, mediante notificación oficial en claustro que realiza o titular ou o rector, redactan o edicto de convocatoria, mándano ás universidades de Salamanca, Valladolid e Alcalá e de alí expiden certificación de que o recibiron e o publicaron. Establécese o prazo de presentación e os puntos ou o temario da exposición pública que se ha de xulgar. Despois de presencia-los exercicios prescritos, votan en claustro a aprobación do candidato: deciden por maioría, se os candidatos son varios, ou por unanimidade, se é un candidato único. O proceso remata coa investidura do oficio: levan ó novo mestre á aula ou xeral onde ha de ensinar, alí, perante os claustrais, toma posesión da cátedra e pide certificación do acto.

Gramática

A pouco que nos metemos dentro das diversas facultades e das dife-

rentes ensinanzas, o panorama do profesor compostelán diversificase considerablemente.

Os graduados concorren con certa abundancia ás oposicións, pero duran pouco no traballo, porque economicamente non resulta rendible e buscan outros recursos, por exemplo a vicerreitoría de San Xerome, para completa-lo salario. A escaseza de mestres de Gramática afecta especialmente ós graos de Medianos e de Maiores. Procuráranos fóra de Galicia, sobre todo en Salamanca, e atráenos con vantaxes económicas. Algúns mestres galegos, por exemplo Álvaro de Cadaval, ficaron no seu posto sen alteracións graves desde Setembro de 1568.

Nas rexencia de Gramática había unha anarquía persistente que non se deu corrixido, con todo e que desde o 19 de Novembro de 1568 había facultade real para aumenta-lo salario dos catedráticos de Gramática ata cento setenta ducados ó ano. Como era imposible atopar preceptores bos que seguisen o oficio, buscaron a solución de lles encargar algunha rexencia ós estudantes máis adiantados. Pero o estado insostible da Gramática preocupa no claustro universitario: é a ensinanza universitaria máis concorrida e sábese que os xesuítas preténdena levar para o seu colexio; isto aparece ás claras en Xuño de 1580.

32. V. M.P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago...*, 51-108.

De contado, a Universidade empezou cunha campaña contra a pretensión xesuítica ante a Audiencia de Galicia e sobre todo ante o Consello Real.

Aínda con estas reaccións de rexeitamento, o proxecto de lle entrega-lo ensino da Gramática á Compañía segue presente para todos. En Decembro de 1589 é un momento propicio para concretalo: está en Santiago o Provincial da Compañía e o Claustro nomea unha comisión para se entrevistar con el e sondarlle a disposición. Pero quen decide neste caso é o arcebispo Don Juan de San Clemente: quere os xesuítas en Santiago baixo o seu amparo e sen limitacións. Iso é o que expresa no claustro do 7 de Decembro de 1590: a Compañía, algo remisa para asumirlo compromiso, acepta agora a oferta; é a solución mellor para todos; tódolos interesados, o Arcebispo incluído, deben contribuír economicamente para construí-las aulas necesarias e contrata-lo persoal docente a fin de que o proxecto se realice de contado. Un mes máis tarde quedaba formalizada a petición ó Consello Real para que se lle encomendase a Gramática á Compañía. Así cumpríanse por fin as provisións da Reformación, porque se xuntaban recursos económicos, noventa e dous ducados (trescentos e Univeridade e seiscentos o Arcebispo) e que-

daba asegurado o ensino da Gramática. Pero estas negociacións non foron adiante por motivos burocráticos, e o traspaso do ensino da Gramática á Compañía non foi efectivo ata mediados do século XVII, gracias á manda de 4.000 ducados que deixou o Deán D. Lope de Huarte para a lectura da Gramática polos xesuítas. A manda notificáronlla en 1645 ó claustro, este manifestouse disposto de contado para negociar cos xesuítas e o 7 de Outubro de 1648 aprobouse no claustro a concordia de cesión da Gramática. A Universidade cedía un xuro de 600 ducados ó ano e a Compañía comprometéase a pór tres cátedras de menores, maiores e medianos ademais de se facer cargo de tódalas obrigas que tiveran os rexentes de Gramática ata daquela³³.

Artes e Teoloxía

Na Facultade de Artes os mestres entran no oficio por rigorosa oposición na que lles sortean os puntos ou temas, márcanlle-la hora da lección pública e votan en escrutinio segredo polo máis apto, e despois vén a toma de posesión da maneira habitual. Os contratos son cuadrienais e ás veces trienais, e non se sabe de casos graves de mal funcionamento do ensino. Pero os titulares das cátedras marchan tamén a miúdo desque acadan unha colexiatura en Salamanca ou

33. S. Cabeza de León, *Historia*, II, 456-463 e E. Rivera, *Galicia y los jesuitas*, 199-226.

algún beneficio eclesiástico e recorren sen xustificación a designar substitutos que exerzan a docencia durante as súas longas ausencias.

A Facultade de Artes empezou a se desenvolver cando estableceron as 24 colexiaturas novas de artistas que tiñan que ocupar San Xerome. Pero esta solución só sería viable cando desaparecese a Gramática do Colexio, que era imposible no século XVI porque non concluían os tratos coa Compañía de Xesús; e tentaron solucións graduais, unha a que propoñen en Decembro de 1590 de introducir 12 artistas en San Xerome, porque os gramáticos estaban a piques de desaparecer do Colexio e o goberno substituíalos de boa gana polos artistas, que viñan con forza.

En Teoloxía domina o panorama a figura senlleira do Doutor Francisco Gómez, o mestre que se cualifica a si mesmo fundador da Universidade co Doutor Cuesta³⁴ e que ficou fiel a ela en todo: xestións na Corte, discusións cos visitadores reais, dictames sobre os temas máis difíciles, por exemplo as controversias xurisdiccionais cos arcebispos. Desde 1567 ata 1584 ten unha autoridade indiscutible. Nas súas ausencias dos anos sesenta e setenta, o claustro fai que o substitúan arreo, recorrendo a relixiosos dominicos e franciscanos que exercen

de lectores nos seus conventos. Pero o precario estado da súa saúde desde 1584 hao afastar case do ensino. Salientan tamén o dominico Frei Pedro Portocarrero e Frei Antonio de Sotomayor, activo polos anos noventa; estes encetaron a lista de mestres dominicos que durante os decenios seguintes e sobre todo no século XVII ocupan as cátedras teolóxicas de Compostela, sempre en rivalidade cos mestres bieitos de San Martiño Pinario e en menor medida cos mercedarios de Santa María de Conxo.

Cánones

As cátedras de Cánones, nadas co mesmo proxecto universitario e cifradas no ensino do cóngo lectoral, encargado de ensinalo Decreto, pónenas en marcha durante a visita real de Don Pedro de Guevara. Para cumprir un capítulo desta visita, aprobado polo Consello Real, o claustro universitario publica os primeiros edictos de concurso para as novas cátedras de cánones de Prima e Vésperas, o día 11 de Setembro de 1567, e fai as provisións en Outubro do mesmo ano, despois de escoitalas leccións dos candidatos. Programan un ensino completo que poda rematar nos graos académicos, tras un cuatrienio de estudio. Na primeira realización rexístrase un alto grao de improvisación que o detectan as visitas reais; primeiro, na de

34. M. Romaní - M.P. Rodríguez Suárez: *A Real Universidade...*, apartado 2.2.3.

Guevara indica a minuciosidade excesiva das explicacións, o uso de apuntamentos que reciben os alumnos, sen elaboración persoal, e as numerosas interrupcións das leccións por culpa de que as aulas se usan para outras cousas no horario lectivo.

Catro anos máis tarde era tempo de informar ó Consello Real sobre a implantación destas cátedras e o rendemento. Fíxoo o claustro do 6 de Agosto de 1571 e expuxeron a provisionalidade das cátedras e a conveniencia de consolidalas, en vista do número de alumnos. Así, en 1573 remataron o contrato os primeiros catedráticos de Cánones e non houbo problema para que outorgasen a renovación. Para garanti-lo funcionamento regular e a consolidación desta facultade o claustro universitario demandaba insistentemente crea-la cátedra de Sexto. Demandouna o claustro nos anos setenta, sobre todo durante a visita de Don Pedro de Guevara, e este expúxolle a esixencia compostelá ó Consello Real. No claustro trataron amplamente este tema estando presente o mesmo visitador Guevara, no mes de Setembro. Pero queda en nada ata 1595, que pola aportación económica de particulares fíxose posible crea-la cátedra. As negociacións dos anos 1601-1602 non deron o resultado que se agardaba, e a

cátedra non se ha fundar ata o século XVIII³⁵.

As facultades de Leis e Medicina

Os problemas económicos da Universidade durante todo o século XVI dificultaron a creación das dúas facultades, aínda que o claustro reclamábaas insistentemente. Foi polo traspaso do ensino da Gramática á Compañía de Xesús que se puido dispor de recursos abondo para dotalas. Nos anos 1648-1649 crearon as novas facultades de Leis e Medicina, xestionadas na Corte por Frei Martín de Acevedo, na liña proposta un século antes polo visitador real Don Pedro Portocarrero³⁶ e que satisfacían de todo as aspiracións do claustro.

Profesores e estudantes

Ademais da docencia nunha cátedra, os profesores universitarios están obrigados a presidir e dirixi-los exercicios escolásticos previstos nas Constitucións: cuestionarios e repeticións de gramáticos, sofismas e conclusións dos artistas, conclusións xerais dos teólogos. As conclusións xerais dos teólogos tiñan rango superior e o claustro gratificábaas con vinte ducados. A dirección e a presidencia correspondíanlles ós mestres colexiais que residían no Colexio

35. Sobre as xestións da Universidade para acada-la dotación, V. S. Cabeza de León, *Historia*, III, 162-164.

36. S. Cabeza de León, *Historia*, III, 188-190.

Maior. Estes actos realizábanse no refectorio do Colexio Maior os sábados, e mestres e estudantes escapaban deles moi a miúdo, segundo quedou indicado nas resultas das visitas, sobre todo as dos visitantes reais.

Tamén están retribuídos a Oración de San Lucas que pronuncia o rexente de Maiores nesta festa e en data electiva, o Sermón da Festa do Fundador que pronuncian alternativamente os rexentes de Gramática e maila "*Traxedia que se representa pola Festa do Fundador*".

Os profesores teñen tamén o deber ingrato dos exames: as probas de suficiencia dos alumnos. Segundo a lexislación que prevía un exame de suficiencia gramatical dous días do ano, o martes de Entroido e maila Véspera do San Xoán, que implicaba domina-lo Latín. Tódolos estudantes tiñan que pasar por esta proba que a realizaba un rexente e presidíaa o rector; logo de aproba-lo exame recibían a cédula escrita na que constaba a súa suficiencia, que era un requisito imprescindible para acceder ás diversas facultades. En realidade había dous tipos de exames de acceso: o dos gramáticos ós tres graos de menores, medianos e maiores e o dos pretendentes ás facultades de Artes, Teoloxía e Cánones. Desde o século XVII hai tamén os exames anuais de cada curso, realizados perante unha comisión designada polo claustro universitario.

O contrapunto dos exames son as graduacións. Desde os primeiros días de 1568 vaise formando a enxurrada de graduandos que agardan pola súa vez perante o claustro: uns, a maior parte, para acceder ós graos; outros, menos, para se incorporaren á Universidade, facendo reconece-los títulos que teñen xa. Resulta moi interesante pola documentación que aporta cada un dos candidatos para se incorporar: o título académico no que consta o currículo ou " *cursos de pasante na Facultade*", o mestre que o apadriñou, certificación notarial do escribán que asistiu ó acto e título de ordes. Antes de recibilo grao pretendido ten que pasar por unha serie de probas que en Teoloxía, por exemplo, son catro:

- Defender unhas conclusións xerais.
- Disputar publicamente uns *quodlibetos*.
- Un exercicio de Repetición para graduados en Cánones.
- Comentar unha pasaxe do Libro das Sentencias de Pedro Lombardo.

Prevedo este concurso de candidatos, o 19 de Febreiro de 1568 establecen xa o procedemento oficial para incorporar e graduar:

1. Os docentes da Universidade teñen que presenta-los seus títulos nun prazo de tres días.

2. Os exames de grao hanse realizar na Capela de Don Lope da Catedral, ás sete da mañá no verán e ás oito no inverno.

3. O bedel e o cancelario irán buscar nas casas ó Rector e ó Cancelario (o Provisor do Arcebispado) e han seguir canda eles ata a Capela de Don Lope.

4. O exame hase realizar estando presentes as autoridades mencionadas e maila comisión de doutores, logo de cita do bedel na que han consta-los datos do acto, e o candidato ten que se presentar co seu padriño.

5. Unha orquestra de menestreis recibe a procesión ó entrar na catedral e despídea desque remata o grao.

6. A comisión de mestres intervéñen no acto denominado das vexacións: breves discursos laudatorios sobre a facultade que sexa, e o candidato que comeza en latín e remata en romance con algunha argallada non ofensiva.

Andando o tempo estes requisitos burocratízanse e os candidatos expóñense a perde-la súa oportunidade de se non cumpren os requisitos previos: o rexistro do seu título no Libro de graos por parte do secretario da Universidade e o pagamento previo das propinas á arca da Universidade e dos honorarios ó secretario. A un

tempo, a xa coñecida arela de pompa, pretendendo organizar cabalgatas pola cidade e festas en banquetes aumenta, encarece sen medida as graduacións e atrae a censura constante do claustro e dos visitantes; estes denuncian algún dos detalles máis típicos e as pretensións “tiránicas” dos menestreis que queren facer fortuna á conta dos candidatos, pero ven ben os adornos de tapices, alfombras e outras colgaduras nas aulas, que sempre necesitan mobles novos. Aínda coa competencia dos primeiros anos na conquista dos graos, había facultades deficitarias; a de Teoloxía, en 1585, queixábase de non ter doutores dabondo para realizar ritualmente as graduacións.

Na vida académica compostelá o centro máis activo foron sempre os colexios. Por iso a vida colexial e estudiantil de Santiago foi a que se notou máis dentro e fóra do ámbito da cidade. Quedou reflectida brevemente nos claustros e máis concisamente nas resultas dos visitantes. Sobre estas denuncias salientan, pola transcendencia que teñen, as valoracións de varios arcebispos, sobre todo do Arcebispo Juan de San Clemente, que como responsables da orde pública na cidade sentíronse obrigados a intervir cos seus oficiais de xustiza e a denunciar ó rei e ó Consello Real a traza barulleira que lle estaba quedando á vida estudiantil compostelá. Coñécense estas tensións no século XVI, porque as rexistran máis clara-

mente as actas dos claustros. Case nin se rexistran as do século XVII das que dan conta na documentación real.

As constitucións definen a vida colexial como semimonacal: o colexial reclúese na súa cela, dedicado ó estudo; observa en vestido e en porte a disciplina clerical; asiste ós actos comunitarios (comida en silencio e con lectura e actos académicos) con compostura; cumpre escrupulosamente co precepto dominical e cos sufraxios polo fundador, sométese á potestade disciplinaria do rector e dos consiliarios do propio colexio e recibe anualmente os seus mantos e becas, que lle valen de vestido oficial e de insignia colexial.

Desde queda establecida a cota de colexiais galegos por cada igrexa, cómpre establece-las normas e os procedementos para recrutar e admiti-los candidatos. É unha das actividades máis interesantes e mellor fixadas: a Universidade convoca mediante edicto publicado nos diversos bispados oposicións ás colexiaturas vacantes; os candidatos presentan a súa demanda; un colexial designado por claustro vai ata o lugar de veciñanza do candidato, investiga con testemuñas a súa idoneidade e remítelle o informe ó claustro que ha decidir sobre a admisión; exame e aprobación dos candidatos por parte do claustro e proclamación da súa colexiatura; exame de ingreso para as diferentes facultades.

Os colexiais non teñen todos o mesmo rango, porque para os capeláns do Colexio Maior, ademais das condicións de estudo, conta a clerecía ou polo menos a disposición para se ordenar inmediatamente e de estar ás normas especiais de cura pastoral que establecerá o Arcebispo. A oposición e a aprobación das colexiaturas teñen tamén o seu rito fixado na práctica claustral e colexial: desde se comproba en sesión independente a idoneidade, celébrase Misa do Espírito Santo, preséntanlles ós claustrais unha lista de candidatos opositores, vótase por escrutinio segredo e logo de que o rector e os consiliarios computan os votos declárase aprobado ó ten máis; despois de satisfacer-las custas establecidas polas Constitucións, danlle cédula para que o admitan no Colexio.

Se pasamos destas condicións normativas para dentro dos muros dos colexios de Santiago e de San Xerome, topamos cunha vida dominada pola rutina comunitaria. No Colexio Maior a vida é máis animada, porque alí están as aulas ou generales nas que se imparten o ensino e mailas conclusións xerais de Teoloxía, e sobre todo está a sé do claustro. Danlle altura á vida colexial dous catedráticos residentes, que están obrigados a manter os actos académicos no comedor. Ademais, concorre tamén o Cóngo Doutoral para impartirlles ós colexiais a súa cátedra de Escritura, tan irregularmente como deixamos indicado.

O vigor da vida interna do Colexio maniféstase nas eleccións anuais do rector e dos consiliarios por tódolos colexiais; na incorporación á claustro mediante o xuramento prescrito; na xestión económica, que consiste en encargarse do aprovisionamento e solicita-las subvencións que o claustro outorga en prazos fixos e ás veces de forma extraordinaria, por necesidades especiais; en dirixi-las obras, principalmente as reparacións que se están a precisar arreo nos edificios, sobre todo no de San Xerome, que segue ruinoso, e na capela do Colexio Maior, dotada nos anos fundacionais dun retablo novo; en asegurar unha disciplina sempre difícil na concorrencia ás leccións, no estudio e na hixiene nas celas e nas aulas, que sobre este tema chegan ó claustro queixas arreo. Esta disciplina colexial ten un punto conflictivo no referente á clausura sobre todo durante as horas nocturnas, e de aí veñen lances con algún resón cando os mestres pretenden máis flexibilidade tocante ós seus regresos matutinos ou os colexiais se enguedellan nalguna aventura amorosa.

O Colexio Maior góbrenase regularmente mediante as disposicións dos seus capítulos, ou capelas nas que participan os seus colexiais e que teñen un certo ambiente de autonomía e desafío á autoridade rectoral que o claustro coñece ben e tenta cou-

tar. En todo caso, o Colexio ten unha certa autonomía e ata unha arca propia de caudais, e nela depositan uns fondos de emerxencia que o colexio poderá utilizar abrindo coas tres chaves obrigadas que teñen o rector e dous mestres residentes.

O máis perigoso no Colexio Maior era o corporativismo. Xa se expresaba nos anos fundacionais nunha actitude de desafío ó rectorado e aínda á administración arcebispal. Chegou ata nós unha descrición deste desafío que recolle a provisión real de 1584 na que se relata como os colexiais de Fonseca practican fronte á autoridade arcebispal unha especie de guerrilla urbana nos anos oitenta, e que nela perderan a vida polo menos catro composteláns. Don Juan de San Clemente alega esta situación de insurrección e desafío como proba de que a pretendida autonomía universitaria había traer para a cidade de Santiago unha enxurrada de ameazas e maila destrucción dos estudos³⁷.

Estas actitudes anunciaban treboadas futuras. O escenario do claustro, coa súa solemnidade formal e a concorrencia excepcional, tentaba cada vez máis a se pronunciaren os que tiñan algo que reivindicar. Os colexiais de Fonseca reclamaban a súa autonomía fronte ó rectorado, resistíanse ou adiaban render contas dos car-

37. AGS, RGS, X-1584.

tos recibidos, pretendían equiparalo seu rector ó Rector da Universidade e facíanlle fronte ó visitador ordinario cando indicaba ou tentaba reparar ilegalidades evidentes. Estes problemas manifestáronse con virulencia especial durante o século XVII³⁸.

Os colexiais de Santiago sabían que a estadia no Colexio Maior era tamén unha oportunidade de promoción: podíanos elixir rexentes de Gramática, e sobre todo estaban en boas condicións para acadar beneficios eclesiásticos e co produto deles sufraga-los seus estudos e os gastos. A presión para que se lexitimase esta aspiración logo se concretou nunha proposta ó Claustro, o 4 de Setembro de 1572: os colexiais poderían acceder a beneficios eclesiásticos desque fixeran un ano de Teoloxía. Isto era o resultado dunha transacción cos visitadores reais, Guevara e Enríquez, e co Consello Real, que estaban alarmados pola vida desordenada que se estaba a levar no Colexio Maior; alí case tódolos colexiais tiñan beneficios eclesiásticos e valíanlles de pretexto para a picaresca colexial: por unha banda pasaban o tempo fóra do Colexio, defendendo os seus títulos nos tribunais, con ausencias superiores ós catro meses permitidos polas Constitucións, e poñían a escusa do seu servizo ós beneficios como razón da ausencia constante do colexio, das

aulas e dos exercicios escolásticos; por outra, gabábanse de honra-lo Colexio coa súa condición de beneficiados e podíanse da-lo luxo de fomentalas festas e os banquetes. Por culpa desta situación non había ambiente de estudio no Colexio Maior³⁹.

No Colexio Menor de San Xerome todo era precario: o edificio, que necesitaba reparacións arreo, e só a finais do século XVI deciden procurarlle outra sé na horta do Colexio Maior, onde segue arestora; os mestres de Gramática, que se senten desfavorecidos ata cando os gratifican especialmente por riba do que marcan as Constitucións; os vicerrectores, que o claustro fornécenos en forma de gracia ou de prebenda e eles ás veces rexéitana por exigua e ás veces considéranla complemento dos seus emolumentos. A estes correspóndelle-lo réxime interno da casa. A todos, o claustro encoméndalles cando os nomea que coiden dos rapaces que moran alí, que garden estrictamente a clausura, que manteñan os exercicios escolásticos establecidos nas constitucións e que lles pregunten cada día ós colexiais as leccións que sigan cos rexentes. Baixo dependencia súa están tamén os oficiais menores da casa -a ama e mailo cociñeiro-, que fan o seu traballo sen gana e ás veces expóñenlle ó claustro universitario a súa indixencia con moito aparato.

38. Sobre os alborotos nos claustros durante o século XVII, V. S. Cabeza de León, *Historia*, I, 313-318.

39. Provisión real do 2 de Xullo de 1572. AGS, RGS, VII-1572.

Os manteístas (estudantes non colexiais que lles chamaban así por levaren só o manteo sen a beca colexial), con ser maioría fronte ó pequeno grupo de colexiais case non tiñan poder dentro da institución. O control que exercían os colexiais sobre o claustro facía que fose realmente imposible para os manteístas accede-

ren á carreira docente, que en moitos casos era a maneira de acadar postos na administración ou de aspirar a oficios mellor remunerados e con máis prestixio social. A loita deste grupo, case imperceptible nos séculos XVI e XVII, foi evidente no século XVIII e rematou coa supresión do sistema colexial no século XIX.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NO SÉCULO XVIII

M^a Jesús Gutiérrez Tosar

“... ¿Cal vai se-la nosa educación?
¿Non será difícil inventar outra
mellor que aquela que longos séculos
nos viñeron transmitindo?”

(Platón, *A república*, II, XVII)

España inicia, dende finais do século XVI, un proceso de decadencia xeral que afecta a tódalas institucións e do que a Universidade tampouco non libra. A universidade do século de ouro queda adormentada durante os séculos XVII e XVIII.

O país vai adquirindo conciencia de crise e isto reflíctese na profusión de chistes vulgares, memoriais, sermóns,... As causas foron varias e a primeira delas, o temor á novidade¹. O padre Feijóo, nun traballo sobre os distintos motivos polos que coida que os estudos de física, matemáticas, e ciencias naturais están case abandonados, sinala unha serie de causas, todas elas ligadas entre si, xa que *el*

*corto alcance de los profesores, é unha causa directa de la preocupación que reina en España contra la novedad*². Toda novidade era cualificada como sospeitosa ou inútil. Os estudos que se cursaban nas Universidades durante a época do esmorecemento eran os de Teoloxía e Cánones. As facultades de Medicina chegaron a estar nunha situación penosa: as ciencias eran menosprezadas e aqueles que as estudiaban facíano fóra da Universidade. De la Fuente fálanos *del apego a todo lo que fuese abstruso más que abstracto, oscuro, teórico y nada práctico ni experimental, con odio sistemático a todo lo extranjero*³.

Visto o panorama tan desolador que se presenta para a Universidade española no século XVIII, ímonos centrar na que nos ocupa, a de Santiago de Compostela, que, aínda que en liñas xerais segue ó resto das universidades da época, tamén se albiscan

1. A. Álvarez de Morales, *La ilustración y la reforma de la Universidad en la España del siglo XVIII*, Madrid, 1979.

2. P. Feijóo, “Causas del atraso que se padece en España en orden a las ciencias naturales”, *Cartas Eruditas*, t. II, 16, 185.

3. V. De la Fuente, *Historia de las Universidades, Colegios y demás establecimientos de enseñanza en España*, Madrid 1884-89, vol. III, 5.

nela cambios e reformas que, anque non sempre terían un final feliz, dan unha idea da loita interna que se estaba a dar entre dous xeitos moi diferentes de enfoca-los novos tempos que se aveciñaban.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO SÉCULO XVIII

Réxime e Organización Administrativa

A Universidade de Santiago de Compostela rexíase por unhas constituicións que foran sendo ampliadas e axustadas ó longo da súa historia. Segundo estas constituicións, o máximo órgano director da universidade era o claustro, que estaba formado por constituición polo arcebispo de Santiago e mailo conde de Monterrei, ou os seus sucesores; despois, baixo a presidencia do rector, a totalidade do claustro cos mestres, rexentes de artes, catedráticos de Teoloxía, Cánones e demais facultades; e canda eles, os graduados da universidade e mailos incorporados, o maxistral e mailo doutoral da catedral, o rector do colexio principal e mailos superiores das ordes relixiosas de San Martiño Pinario, Santo Domingo, San Francisco e Conxo. O claustro era convocado polo rector para trata-los asuntos pertencentes ó goberno económico, administrativo e docente. Os cargos máis importantes e que levaban canda eles un poder xurisdiccional, eran:

- O rector, elixido e nomeado anualmente polo claustro, era o primeiro voto neste cando non estaba o arcebispo, que asistía en moi poucas ocasións. Dende o ano 1751 o cargo pasou a ser trienal e con posibilidade de reelección.

- O vicerrector, que soamente exercía as súas funcións ante a imposibilidade de facelas o rector ou na ausencia deste.

- O chanceler, que se limitaba á concesión dos graos académicos.

Un aspecto importante da vida universitaria de Santiago dende as súas orixes, foran as visitas, as inspeccións da vida académica, que non resultaran sempre ben recibidas. Tres eran os tipos de visitas: as visitas ordinarias, nas que un membro do cabido visitaba cada ano a universidade e mailos colexios; as visitas reais ordinarias, mediante as que un delegado rexio realizaba a visita nun espacio de tempo sen determinar; e, por último, as máis importantes e significativas para a universidade: as visitas reais extraordinarias, que se realizaban en contadas ocasións para resolver algún asunto grave ou para comezar un proceso de reforma en profundidade.

Fontes de ingresos da Universidade de Santiago de Compostela

No século XVIII, a universidade de Santiago, da mesma maneira có

resto das universidades españolas, aínda permanecía nese estado no que dúas das súas principais características eran a de se rexer por unha economía de carácter autónomo (tiña a súa propia facenda, elaboraba os seus presupostos e posuía poder para inverti-lo seu capital no que considerase máis axeitado) e a de ter unha forte marca eclesiástica. Poucos anos despois, no 1845, cando unha reorganización xeral do ensino -o plan Pidal- ve a luz, iníciase un corte profundo que leva ó establecemento dunha universidade centralizada e secularizada.

As principais fontes de ingresos coas que se nutría a universidade de Santiago son⁴:

- Rendas diversas.- As rendas constituíron o fundamento de ingresos das universidades españolas no Antigo Réxime. A renda principal, no caso de Santiago, son as participacións nos fondos decimais. Outro tipo de rendas son as fixas en especie, en concepto de foros e arrendamentos de fincas, e de dereitos situados en terras ou beneficios que a universidade posuía, por fundación, por doazóns ou por compra. Os bens dos colexios de Fonseca e San Xerome estiveran unidos ós da universidade.

- Taxas académicas.
- Fontes de ingresos diversas, como pode se-lo caso de legados testamentarios, etc.

A persoa encargada de xestionar a facenda universitaria era o tesoureiro ou mordomo, elixido de cada dous anos. A súa única condición era a de ser unha persoa solvente en materia económica, polo que o cargo sempre recaía en persoas podentes.

Matrícula e orixe xeográfica do alumnado universitario de Santiago de Compostela no século XVIII

O número de alumnos fluctuara entre os 1000 e os 2000. A meirande parte concentrábase nos estudos de Artes, seguidos dos de Teoloxía e Leis. Medicina tiña unha porcentaxe de alumnos bastante inferior ás restantes facultades⁵.

O máis salientable deles era o seu carácter predominantemente rural. Por dióceses, a máis destacada era a de Santiago (72%), seguida da de Lugo (10%), Tui (7%), Ourense (4%) e Mondoñedo (3%)⁶.

A Situación Académica

Na universidade de Santiago había cinco facultades: Artes, Teoloxía, Cánono-

4. E. Martínez Rodríguez, "Las fuentes de ingresos de la Universidad de Santiago hacia el final de la época autonómica", Liceo Franciscano, (1981), 235-239.

5. P. Saavedra Fernández, "Trayectoria de la Universidad desde el extrañamiento de los jesuitas a fines del siglo XIX", en *Gallaecia Fulget, cinco siglos de historia universitaria*, Universidad de Santiago, 1995.

6. P. Saavedra Fernández, Op. Cit.

nes, Leis e Medicina. Obtíñanse nelas os graos de bacharel, licenciado e doutor.

Na facultade de Artes, as cátedras que había eran as seguintes:

- Súmulas ou Dialéctica.
- Lóxica e Física Aristotélica.
- Filosofía (Cosmoxía e Ética).

Estas tres cátedras eran obrigatorias e, a diferenza das cátedras das distintas ordes relixiosas (xesuítas, dominicos e franciscanos), estaban dotadas pola universidade.

Na facultade de Teoloxía as cátedras que había eran as seguintes:

- Cátedra de Prima
- Cátedra de Vésperas

Ámbalas dúas eran obrigatorias e estaban dotadas pola universidade.

- Cátedra do lectoral de Escritura

Obrigatoria pero non dotada pola universidade.

- Cátedra de Moral
- Cátedra de Teoloxía Escolástica.
- Cátedra de Scoto
- Cátedra de San Tomé

Estas cátedras eran libres, non estaban dotadas pola universidade e ademais, eran impartidas por diferentes ordes relixiosas.

Na facultade de Cánones, as cátedras que había eran as seguintes:

- Cátedra de Prima
- Cátedra de Vésperas
- Cátedra de Instituta
- Cátedra de Decreto

Obrigatoria pero non dotada pola Universidade.

Na facultade de Leis, as cátedras que había eran as seguintes:

- Cátedra de Prima
- Cátedra de Vésperas
- Cátedra de Instituta

As tres obrigatorias e dotadas pola Universidade.

Na facultade de Medicina, as cátedras que había eran as seguintes:

- Cátedra de Prima
- Cátedra de Vésperas
- Cátedra de Método

No século XVIII, na Universidade de Santiago e como norma no resto das universidades españolas, seguíase a estudar de xeito case exclusivo, Cánones, Teoloxía, Xurisprudencia e, agás Medicina, todas elas pertencían ó ámbito das ciencias filolóxicas e teolóxicas. O estudo das ciencias experimentais xorde tardamente na Universidade de Santiago e desenvólvense estas, fóra do ámbito universitario.

Durante todo o século XVIII, a presión exercida polos ilustrados foi un factor decisivo para a creación de

institucións científicas á marxe da universidade. Entre outros cómpre salienta-los arsenais, os gabinetes de curiosidades, as reais academias de ciencias, os observatorios astronómicos, as reais sociedades económicas de amigos do país, etc. Todo este interese pola ciencia moderna acentúase cun cambio no poder político centrado na figura de Carlos III.


As disciplinas científicas aparecen ligadas ós estudos da facultade de Medicina; para completa-los devanditos estudos creáranse as cátedras de Física Experimental. Ó mesmo tempo cá Medicina, os estudos de Farmacia tamén rexurdirán, partindo das antigas boticas, ata se converter en estudos que incluírían Física, Botánica, Química, etc, acadando así, no século XIX, todo o seu esplendor.

Desta maneira estábanse a construí-los alicerces do que máis adiante serían os estudos de Farmacia e os das Facultades de Ciencias.

Os estudos de Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela

Imos facer unha análise dos principais gabinetes científicos impulsores en grande parte, ó longo do século XIX, do avance da ciencia moderna e experimental na Universidade de Santiago, e asemade, precursores do adianto científico que se desenvolverá posteriormente. Ímonos

centrar nos gabinetes de Física, Anatomía e mais no Laboratorio de Química.



Retablo do Altar Maior da Igrexa da Compañía. Obra de San Simón Rodríguez.

O gabinete de Física

A cátedra de Física Experimental créase na Universidade de Santiago como resultado do *Plan General de Estudios* aprobado polo *Consejo de Castilla* no ano 1771 e remitido á Universidade no 1772. Este plan esta-

blecía que os estudantes de Medicina tiñan que ser bachareis en Filosofía e debían estudar un curso de *Mathematicas* e outro de *Phisica Experimental*; así e todo, en boa parte do século XVIII esta cátedra seguiu a funcionar como Física Aristotélica. Isto fora debido á carencia dos medios necesarios para desenvolve-lo seu carácter experimental⁷.

O primeiro intento serio de crear un gabinete de Física partira de Francisco Neira, catedrático de Medicina, quen, no ano 1788 remitira unha carta ó claustro da Universidade de Santiago na que expoñía a necesidade de adquirir *las máquinas e instrumentos necesarios para la enseñanza de la Física Experimental*. Esta petición fora desestimada, mais o Doutor Neira non parara no seu intento e, no ano 1788, escribira un memorial dirixido ó Consejo, no que expresaba as súas intencións de pasar da cátedra de Medicina á de Física Experimental: “*Que en lo sucesivo no puedan obtener cátedra de Física Experimental, ni ser jueces de su concurso, los que no hagan constar haber estudiado la Física Experimental en la Universidad o Colegio provisto de los instrumentos necesarios para esta enseñanza, excluyendo de su opción y concurso y de ser jueces de el a los mexmamente Teólogos y Filósofos aristoté-*

licos y prefiriéndose a los de la Facultad de Medicina”.

Aínda que o Consello lle encargara que fixese un plan de libros e máquinas necesarios seguindo co plan dos Reales Estudios de San Isidro de Madrid -ó que Neira engadira a proposta de suprimi-la cátedra de Física Aristotélica- este intento verase frustrado pola lentitude do Consello, de xeito que, contra as portas do século XIX, a Física Experimental seguía relegada a un segundo plano.

O gabinete de Anatomía

Os estudos de Medicina incorporáronse á Universidade de Santiago no ano 1648 coa creación das cátedras de Prima e Vésperas, no 1674 créase a cátedra de Método, e no 1751, a de Anatomía e Cirurxía⁸.

O Plan de estudos do 1772 establecía cinco cátedras. Para acceder a elas, os estudantes debían ser bachareis en Filosofía e ter superado un curso de Matemáticas e outro de Física Experimental. Dous feitos foran fundamentais para o avance da ciencia moderna nesta Universidade: un deles, a creación da cátedra de Anatomía e Cirurxía, e o outro, a elección da persoa encargada de impartir esa cátedra, que non fora senón Pedro Gómez de

7. R. Sisto Edreira, “EL gabinete de Física”, en *Gallaecia Fulget, cinco siglos de historia universitaria*, Universidad de Santiago, 1995.

8. R. Sisto Edreira, “El gabinete de Anatomía”, en *Gallaecia Fulget, cinco siglos de historia universitaria*, Universidad de Santiago, 1995.

Bedoya, catedrático de Anatomía e Cirurxía e precursor e iniciador das ensinanzas anatómica e cirúrxica⁹, cualificado como “o primeiro científico moderno da nosa universidade”¹⁰. Home de recoñecido prestixio, publicaba en Santiago, no ano 1764, o primeiro tomo da súa obra *Historia Universal de las Fuentes Minerales de España*. No 1798 créase a cátedra de Medicina Práctica e, por Real Resolución, no 1799 os estudos de Medicina foron afastados da Universidade creándose colexios onde se impartirían os estudos de Medicina e Cirurxía. Santiago vai se-la sé dun dos tres colexios existentes en España.

O Laboratorio de Química

Os estudos de Química comezan na universidade europea cara a finais do século XVIII, como consecuencia das presións exercidas polos ilustrados europeos¹¹. En España, como xa viramos anteriormente, a universidade seguía a ser máis humanista ca ilustrada, polo que a incorporación destas disciplinas habíase realizar con varios anos de atraso. A Universidade de Santiago non posuía no seu patrimonio, tres séculos despois do seu nacemento, ningún material científico, aínda que si contaba con abondosos libros científicos da época e tiñan lugar grandes debates e

discusións nos claustros entre os defensores do ensino tradicional e os que preferían un ensino máis científico e experimental.

Para falarmos con propiedade dun laboratorio de Química cumpriría agardar ata o século XIX, no que os estudos científicos acadarían o seu grande despegue, sempre apoiados por persoeiros de importante carisma, sensibilizados coa situación dos estudos de ciencias e que, gracias ó seu tesón e esforzo persoal, conseguirían dotar a esta Universidade do material e dos espazos axeitados para a aprendizaxe das novas disciplinas experimentais.

Unha abondosa lexislación vai retocando os extremos fundamentais da disciplina académica, xunto cuns plans de estudos que amosan unha clara tendencia cara á uniformidade e a centralización. Un exemplo disto é o Plan de Estudos do ano 1772. É o *Consejo de Castilla* quen solicita ás universidades que lle remitan plans, propostas e proxectos para decidir sobre o ensino futuro. Os plans definitivos recollerían as novas ideas, propiciando unha renovación do cadro das ensinanzas universitarias. As liñas directrices foran tres:

- Os novos plans intentarían renova-los anteriores cunha mellora e

9. E. Martínez Rodríguez, “Pedro Bedoya y la Facultad de Medicina de Santiago”, *Compostellanum*, XXVII, 1982, 93-95.

10. F. Díaz Ferros Viqueira, “Comezos de ciencia moderna na Universidade Compostelana”, *Compostellanum*, XVI, 1971, 421.

11. M.R. Bermejo Patiño, “El laboratorio de Química”, en *Gallaecia tulget, cinco siglos de historia universitaria*, Universidad de Santiago, 1995.

modernización dos textos, introducindo mostras do mundo científico que xurdira xa en Europa.

- Estes plans tamén suxiren unha concepción distinta da ciencia e maila aprendizaxe.

- As reformas científicas van acordadas coa mentalidade ilustrada que xorde nestes anos¹².

Vexamos, xa que logo, o Plan de Estudios que se ideou para a Universidade de Santiago:

PLAN XERAL DE ESTUDIOS DO ANO 1772

Theología

- Prebenda lectoral de Escritura
- Cátedra de Prima (Theología

Moral)

- Cátedra de San Tomé
- 4 cátedras de Theología Escolástica

tica

Cánones

- Prima
- Prima (1)
- Vésperas (2)
- Decreto
- 2 de Cátedras de Instituta Canónica

(1) Obrigación de ensina-la Historia Eclesiástica, cun resume dos Concilios xerais da Igrexa e mailos Nacionais e Provinciais de España

(2) Eclesiástica Disciplina, as fontes e maila orixe das antigas coleccións de Cánones e a súa forza e autoridade.

Leis

- Prima (Leis de Toro)
- Vésperas (Dereito Público)
- 2 de Instituta Civil
- 2 de Instituta Civil = Juris-Prudencia Civil

Medicina

- Prima
- Vésperas
- Método
- Anatomía
- Cirurxía

Matemáticas

- Cátedra de Filosofía Moral
- Cátedra de Física Experimental
- 4 Cátedras de Gramática

Artes

- Súmulas e Lóxica
- Metafísica e Aritmética
- Física

Ata o de agora vimos como se desenvolveu a Universidade de Santiago na súa vertente administrativa, de facenda e académica. Sen embargo, o realmente significativo desta Universidade no século XVIII son as reformas tan profundas levadas a cabo no

12. M. Peset, e J. L. Peset, *La Universidad Española* (siglos XVIII y XIX). *Despotismo Ilustrado y Revolución Liberal*, Madrid, 1974.

seo daqueles que historicamente a controlaran. Estas reformas supuxeran a entrada de novos grupos de poder, en detrimento dunha caste que ata daquela significara para a Universidade un atranco, tanto académico como económico e social: estámonos a referir, loxicamente, ós colexiais do Colexio de Santiago Alfeo ou de Fonseca. O século XVIII supuxo un cambio que de seguido pasaremos a estudar, mais antes imos ver como era a situación con anterioridade á grande reforma do ano 1751.

Colexios Maiores: Centros de poder¹³

Aínda que en Santiago houbera cinco colexios (O Colexio de San Salvador, desaparecido xa no 1681, e o Colexio de San Patricio de Irlandeses, que era un colexio para formar cregos irlandeses que fuxiran por mor da política represora dos ingleses contra os católicos), soamente tres chegara a ter significación na vida universitaria compostelá: o Colexio de San Xerome, en maior grao o Colexio de San Clemente, e sobre todo, o Colexio de Fonseca.

Podemos definir un colexio maior como unha comunidade pequena onde o xeito de vida estaba concibido para ser totalmente académico, isto é: horas de estudio e práctica e

mínimas comodidades¹⁴. Os colexios gozaban dun importante grao de autonomía, xa que seleccionaban os seus propios membros. Os colexiais asistían ás clases da universidade e estaban suxeitos á xurisdicción do rector da universidade. As constitucións dos colexios maiores obrigaron ós seus estudantes a se axear a unhas certas normas, tales como as referidas a condicións de idade, orixe xeográfica, pobreza ou limpeza de sangue; en troques, cada comunidade dotada de rendas eclesiásticas, daba bolsas de axuda a un número determinado de estudantes pobres. Todas estas condicións fixeran que os colexios recibiran un trato especial e que o obxectivo dos colexiais fora o de acceder a un posto eclesiástico ou segrar. Se ben é certo que dixemos que os colexios maiores foran creados para axudar ós estudantes pobres a que acadasen unha formación universitaria, axiña se irían converter nun elemento para a promoción de persoas da clase dirixente. Como resultado disto, os colexios acabaron por se transformar nunhas institucións que habían entorpecela reforma e maila actualización dos plans de estudos, e que contribuíran a impedi-lo ascenso dunhas novas minorías máis eficaces, con capacidade para dirixiren a unha sociedade que se estaba a transformar¹⁵.

13. O título deste epígrafe está quitado do libro de Josefina Carabias Torres: *Colegios Mayores de Salamanca, centros de poder*. Salamanca, 1985.

14. L. Kagan Richard, *Universidad y sociedad en la España Moderna*, Madrid 1981.

15. L. Kagan Richard, Op. Cit.

Imos analizar dun xeito máis pormenorizado os tres colexios máis significativos no século XVIII na Universidade de Santiago.

O Colexio de Santiago Alfeo

Era o colexio máis poderoso. Co tempo fora incrementando o seu poder ata chegar a domina-la universidade por completo. Estaba formado por persoas moi selectas tanto social (debido ós expedientes de limpeza de sangue, que eran pagados pola Universidade) como intelectualmente. Por Constitución, a estancia máxima no colexio era de 6 anos, cifra que fora medrando ata os 8 anos, e despois por tempo indefinido: era o que se chamaba hospedaxe.

Desde o colexial tivese rematados os seus estudos (doutoramento ou licenciatura) podía permanecer no colexio o tempo que coidase necesario ata atopar un oficio ou prebenda que fose do seu agrado. O *Real Consejo*, con licenza real, concederíallo no ano 1720.

O Colexio de Fonseca

Gozaba doutro privilexio: o seu control sobre o claustro, isto é, os colexiais formaban parte do mesmo e tamén os colexiais hóspedes. Desta maneira, o dominio do claustro era moi doado, xa que neste a maioría era absoluta. Isto dera como resultado que os colexiais de Fonseca controlaran a provisión de cátedras sen restricción ningunha.

Outra das formas de poder do colexio de Fonseca era o control das bolsas por parte dos colexiais. Segundo as constitucións, as bolsas eran para estudantes pobres, sen embargo isto foi dar no esquecemento e a elección de novos colexiais facíase sempre despois dun estudio superficial das súas condicións económicas e nobiliarias. Ademais, o Colexio de Fonseca beneficiábase economicamente da Universidade, xa que era esta quen corría cos gastos de mantemento dos colexiais, o médico, as medicinas, os salarios dos criados, etc.

Resumindo, o Colexio de Fonseca era o amo da Universidade. Esta supremacía no ámbito universitario víñalle dada polo seu control sobre a hospedaría, sobre o claustro e sobre o aprovisionamento de bolsas¹⁶.

O Colexio de San Clemente

Este Colexio comezara as súas actividades no ano 1630. Era un colexio de pasantes, é dicir, de estudantes que xa acadaran o primeiro grao nunha facultade. Era, así mesmo, un colexio que tiña rendas propias e non dependía economicamente da universidade.

Dende o nacemento deste Colexio, as múltiples diferencias entre os colexiais de San Clemente e Fonseca foran a mostra dunha inimizade sen reconciliación posible, que en ocasións revestira aspectos de dureza persoal.

16. X. R. Barreiro Fernández, "A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, ilustración e política", en Galicia: *Historia* IV, A Coruña, 1981.

Preitos, discusións, golpes e castigos, reforzan o celo dos colexios por mantelo seu foro. O comezo das desavinzas podémolo situar contra o ano 1630, cando a aparición dun Colexio rexido por Constitución e que se facía figurar como maior, non podía, xa que logo, ser do agrado dos colexiais de Fonseca, chamados nos documentos oficiais anteriores “*colexiais maiores*”¹⁷. A fundación dun novo colexio en Compostela espertou nos graduados un temor de competición que crearía unha atmosfera tensa entre os colexiais de Fonseca e os de San Clemente. As primeiras disputas proceden da época do prelado Juan de San Clemente, que, no afán de humillar á Universidade e ós Colexios, tratara de impoñe-la súa xurisdicción á universitaria.

O punto álxido das discusións iníciase cando ámbolos dous colexios se disputan o título de “maior”. A discusión comeza no ano 1638 e, despois de varios anos de preitos, remata no 1730 cando o rei Felipe V polo Real Decreto do 10 de outubro dese ano, concede o título de Maior a Fonseca¹⁸.

Toda esta animadversión remata e as relacións entre os dous colexios melloran nos momentos de decadencia e transformacións do século XVIII, cando ven que os seus inimigos son numerosos e están dispostos a acabar con eles. Daquela deciden uni-los dous

colexios baixo o nome de Colexio dos Arcebispos; así e todo, este acordo non chegou ó seu fin por mor da desaparición do Colexio de San Clemente no ano 1809.

O Colexio de San Xerome

Despois de estar situado en diferentes lugares, o seu emprazamento definitivo quedara na praza do Obradoiro, onde conclúen as obras do edificio no ano 1652. Era un Colexio destinado ás estudiantas de Artes, estaba dirixido por un vicerrector nomeado pola universidade, e non chegara nunca a gozar dos privilexios e luxos do Colexio de Fonseca. Desapa-receu no ano 1840.



Igrexa da Compañía de Xesús, agora Igrexa da Universidade. Séguenlle a chamar “A Compañía”

17. S. González García-Paz, *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*, Santiago, 1993.

18. A. Fraguas y Fraguas, *Historia del Colegio de Fonseca*, Santiago, 1956.

Dentro dun período no que as cousas estaban a mudar, o grande poder do colexio de Fonseca non era ben visto polos demais grupos poderosos, entre os que son de salientar: o cabido, as ordes relixiosas e mailos manteístas.

O cabido.- Permanecera moi unido ó colexio de Fonseca. Cómpre ter en conta que o cabido estaba formado por ex-colexiais do devandito colexio. Así, a oposición do cabido cara ó colexio fora mínima. Non obstante, esta situación muda cando, dende ano 1730, acceden ó cabido compostelán persoas formadas no estranxeiro, sen vencello ningún co colexio de Fonseca, entre elas Diego Juan de Ulloa, o grande reformador da universidade no 1751, e cunhas ideas moi diferenciadas das que ata o de agora primaran na universidade compostelá.

As ordes relixiosas.- As ordes máis importantes estiveran presentes na universidade dende os seus primeiros momentos. Os xesuítas dirixían o Colexio dos Irlandeses e ocupábanse do ensino de Gramática, Teoloxía Moral e das súas cátedras de Artes. Os dominicos tiñan catedrático de Teoloxía e Artes. Os bieitos tiñan algunha cátedra en Teoloxía. Os franciscanos e agostiños tiveran cadansúas cátedras en Teoloxía e en Artes. A

unión de todas elas suporía un poder moi forte fronte ó colexio de Fonseca, mais dende sempre estiveron enfrontadas unhas coas outras, o que lles impedira un acordo para poderen actuar de maneira conxunta.

Os manteístas.- Eran os universitarios non colexiais. Diferenciábanse tamén pola súa vestimenta, pois non podían vestirlas becas colexiais e levaban manteo. Eran maioría na universidade e, debido ás restricións impostas pola sociedade do momento, na que a persoa medraba e ascendía segundo o grupo ó que pertencese sen importa-los seus méritos ou a súa valía, os manteístas tiveron claro que a opción que lles quedaba era a de se unir e loitar contra do poder colexial establecido, que lles estaba a coutar tódalas aspiracións. Para os manteístas, a reforma da vida universitaria era unha cuestión prioritaria xa que se eran quen de afastar ós colexiais, eles poderían conseguirlas cátedras, paso imprescindible para acadar un posto na administración, que ata daquelas lles estivera vedado, xa que eran os colexiais, como xa viramos antes, os que controlaban o aprovisionamento de cátedras¹⁹.

Diego Juan de Ulloa e a reforma da Universidade e dos Colexios de Santiago no ano 1751

Durante o século XVIII a universidade española sufrira unha serie de

19. X. R. Barreiro Fernández, Op.Cit.


mudanzas ás que tampouco non fora allea a universidade de Santiago. Os reis borbónicos intentaran sacarlle poder á Igrexa, controladora da educación, e pretenderan, tamén, reforma-los estudos universitarios. As reformas máis relevantes fixéranse durante os reinados de Fernando VI e Carlos III²⁰.

Para o estudio da reforma do ano 1751, levada a cabo por don Diego Juan de Ulloa, seguiremos en todo momento ó profesor don José Ramón Barreiro Fernández, pois a el debemos unha investigación pioneira e exhaustiva do tema.

A reforma do colexio de Fonseca iniciábase xusto cando este está na súa época de máximo apoxeo. Os factores que se uniran para derruba-lo poder colexial foran varios e de moi diferentes partes que interviran favorecendo a súa derrota. En primeiro lugar, ós manteístas, que tiveran a axuda do cabido e a das ordes relixiosas, sobre todo a dos xesuítas que nese momento contaban cunha persoa moi importante na corte: o padre Rávago, que era o confesor real e, ademais, amigo do catedrático xesuíta de Santiago. Dende Santiago enviábase un informe sobre da situación que vive a universidade e a resposta de Madrid vai ser que, o 10 de xaneiro do ano 1748, é nomeado Visitador extraordinario

don Diego Juan de Ulloa²¹. Comeza a reforma na vida universitaria de Santiago de Compostela.

O nomeamento dun novo visitador producira estupor no colexio de Fonseca, xa que, dende o ano 1598, non fora nomeado un visitador extraordinario. A resposta de Fonseca foi dura e decide non acepta-la visita do de Ulloa. Toda protesta había ser inútil, e Diego Juan de Ulloa seguiría adiante coa súa reforma. O primeiro que fixo fora revisa-las contas do cole-



O Colexio dos Xesuítas cedido á Universidade. Cando a expulsión da Compañía de Xesús quedaba pequeno. Aspectos do proxecto de Ferro Caaveiro para a construción do edificio novo nos terreos nos que estaba aquel.

20. I. Varela Fernández, *A Universidade de Santiago de Compostela e a Ilustración*, Santiago, 1989.

21. X.R. Barreiro Fernández, "Los comienzos de la reforma del Colegio de Fonseca en 1748-1751 y su incidencia en la primera reforma universitaria española" en *Liceo Franciscano*, 1975.

xio, e nelas había certos desaxustes como, por exemplo, diñeiro sen xustificar. As medidas que neste apartado tomou foran as seguintes:

- A Universidade habería dar ó colexio, anualmente, 40.000 réas para satisfacer-las súas necesidades (manutención dos colexiais, leña, médico, medicinas...), sen que o colexio puidese aumentar esta cantidade, como ata o de agora viña sucedendo, para os seus gastos e luxos superfluos.

- Prescinde do persoal que os colexiais contrataran, cousa que ía contra a Constitución. Prescindírase tamén dos numerosos gastos que levaban canda eles os expedientes de limpeza de sangue.

- A partir dese momento calquera gasto do colexio tiña que pasar pola supervisión do tesoureiro e mailo secretario da universidade. Isto fora a causa do grande enfrontamento contra todo o estamento colexial. Por iso Ulloa non pedira ó Rei a súa supresión, senón a súa redución. Así pois, quedaba establecido que o tempo máximo de estancia no colexio sería de 12 anos. Aínda que non nos parece abonda medida, pois o poder de Fonseca residía no control dunha economía á que ninguén podía pór couto e mais nos gastos opulentos e innecesarios.

As próximas reformas de Ulloa irán dar no branco, xa que lle vai

poñer límite ó que eran os privilexios dos colexiais de Fonseca. Referímonos, naturalmente, á limitación da hospedaxe e á limitación nos claustros.

O primeiro punto, referido á mudanza dun sistema que se aplicara dende tempo atrás pola influente casta colexial, ía supoñer un enfrontamento con todo ese estamento e de aí que Ulloa non pedira a supresión da hospedaxe, senón a súa redución a 8 anos, e, aínda que nos pareza unha cifra desorbitada, o importante non era tanto a duración dese período senón o feito de fixar un determinado número de anos de permanencia no colexio e que, esgotado ese tempo, os colexiais haberían de deixar a beca, o que equivalía a marchar do colexio.

No tocante ó segundo punto, este era o máis complicado, pero ó mesmo tempo, o máis importante. No ano 1751 acordárase suprimir do claustro ós graduados en Artes, co que Fonseca perdería un bo número dos seus votos, e tamén se acordara a prohibición de acudir ás votacións nas que os colexiais ou o colexio estivesen implicados.

Ata o de agora viñemos falando da reforma levada a cabo durante o reinado de Fernando VI. Estes mesmos puntos tamén os tocaría Carlos III, pero as súas reformas serían aínda máis radicais. No ano 1767, cando

comezan as reformas de Carlos III, a Universidade de Santiago superara algúns problemas, sen embargo aínda lle quedaban outros sen resolver. Estes problemas afectaban, sobre todo ó ámbito académico, isto é: cátedras vacantes, un plan académico obsoleto e absentismo profesoral. Todo isto era debido ós enfrontamentos entre colexiais e manteístas por causa de dúas maneiras diferentes de entender a sociedade. Os agravios entre Fonseca e a Universidade continuarán, e o traslado da Universidade a un novo edificio constituiría un novo elemento discordante.

No que toca ó plan de estudos, na época de Carlos III houbera varios, dos cales, o máis ambicioso fora o de Campomanes no ano 1770²². A súa reforma tocaba dous aspectos: por unha banda un plan de estudos e por outra, un plan económico. No aspecto económico o máis importante era o aumento de cátedras (de 19 a 38), ademais doutras disposicións referidas á implantación de academias e mais ó estado da biblioteca.

En relación co plan de estudos, os máis renovados foran os de Dereito. Así e todo habería que agardar ata o ano 1771 para que un novo plan de estudos entrase en plena vixencia, xa que o de Campomanes non chegara a se aplicar. Este novo plan abrangúa diferentes puntos:


- A supresión das cátedras de Teoloxía, que non fosen de Teoloxía escolástica tomista.

- En Leis dábase un paso atrás, volvendo a unha liña máis romanista.

- En Artes suprimíronse as cátedras de regulares. As tres disciplinas impartidas eran: Dialéctica e Lóxica, Metafísica e Física Experimental.

- Cánones e Medicina mantiveran a estrutura do ano 1770.

Aínda que con limitacións, este plan aplicouse durante o curso de 1771-1772. Foi por isto polo que xurdira un



Seccións que presentan aspectos do edificio novo no proxecto de Ferro Caaveiro

22. I. Varela González, Op.Cit.

novo plan, e as súas mudanzas centráranse na facultade de Artes: a creación das cátedras de Filosofía Moral e de Física Experimental. A inclusión desta última viña supoñer un avance para as ciencias modernas e experimentais, mais tamén unha loita entre dúas posturas radicalmente diferentes.

Cun novo plan de estudos dado no ano 1776, remata o proceso reformador de Carlos III²³.

A expulsión dos xesuítas e as súas consecuencias para a Universidade

O 2 de abril do ano 1767 publicárase en Madrid a Pragmática Sanción que Carlos III dirixía a tódalas autoridades políticas e eclesiásticas. Nela establecíase o desterro da Compañía de Xesús. Esta medida tivera unha grande transcendencia para o ensino, ata o punto de ser considerada como a primeira medida encamiñada a reformalos estudos do país. Os xesuítas eran, para o grupo innovador, os principais adversarios das reformas e os aliados da nobreza máis reaccionaria e hostil a todo movemento renovador.

Os comezos da reforma universitaria tiñan que ir ligados forzosamente á expulsión da Compañía, xa que co transcórren dos anos, os xesuítas introducíanse de xeito moi intenso no ambiente universitario; ade-

mais, o seu monopolio sobre as ensinanzas de Gramática e Latinidade e tamén sobre as facultades de Artes, era exclusivo. Todo iso fixo que os xesuítas chegasen a ter un grande peso no Claustro e na vida académica e social da universidade.

Polo que respecta á Universidade de Santiago, esta foi a principal beneficiaria da expulsión, xa que a Universidade literaria do Reino de Galicia e mailo Colexio de San Xerome foran trasladados ó pavillón máis antigo do Colexio. A igrexa destinárase a capela da Universidade. No edificio novo mantíñanse a escola dos nenos, as aulas de Gramática e maila Casa de Exercitantes²⁴.

Isto fora un “agasallo” inesperado para a Universidade, xa que, dende tempo atrás, esta desexaba separarse do Colexio Maior Fonseca, co que compartía edificio dende o século XVI. O claustro universitario tomou posesión do novo edificio no ano 1769.

Con respecto ós estudos, as cátedras libres de Artes, Teoloxía e Moral que rexentaban os xesuítas, desaparece-
ran trala súa expulsión. O estrañamento dos xesuítas tería un especial significado para a biblioteca da Universidade á que se incorporarán as librerías xesuítas, non soamente a librería do Colexio de Santiago, senón tamén as

23. I. Varela González, Op.Cit.

24. A. Álvarez de Morales, Op.Cit.

dos colexios de Monterrei, A Coruña, Ourense, Monforte e Pontevedra. Estas incorporacións foran moi importantes, xa que unha parte dos manuscritos que posúe actualmente a Biblioteca Universitaria pertenceran ó Colexio da Compañía de Xesús de Santiago. Son numerosos os Tratados de Teoloxía, utilizados sen dúbida nos cursos impartidos nos distintos colexios e na propia Universidade²⁵.

1786, un paso máis cara á uniformidade

No ano 1786, cando o fracaso de anteriores reformas era recoñecido, o Consello volveuse ocupar das universidades promulgando unha Cédula que tiña como finalidade a de acadar unha meirande uniformidade nas universidades, unindo unha serie de aspectos e aplicando as normas polas que se rexía a Universidade de Salamanca.

As principais disposicións da Cédula son:

- Normas sobre a designación do rector, mediante as que se podían elixir para o cargo simples opositores, ou persoas que non fosen licenciados nin doutores.

- Normas sobre o ingreso e matrícula nas Facultades, nas que se

establecía un exame de ingreso de latín, grego, humanidades, poética e retórica.

- Normas sobre a asistencia ás clases, duración do curso...

- Normas sobre a ratificación do réxime establecido en canto a oposicións a cátedras e á regulación do grao de bacharel.

Estas novas disposicións foran acollidas con certo receo, xa que aínda estaban intentando levar á práctica reformas que desapareceran había xa 10 anos²⁷.

Á morte de Carlos III, no ano 1778, e co comezo da Revolución Francesa meses máis tarde, Europa estaba a vivir uns momentos críticos.

Nesta nova etapa, que tamén é a dun novo monarca, Carlos IV, as Universidades respiraban aínda o recente espírito que as invadira no anterior reinado. Sen embargo, o goberno dese momento tomara, durante os primeiros anos do reinado, unha actitude de franca hostilidade cara ás Universidades. Esta política, que podemos cualificar como antiuniversitaria, puido te-la súa orixe no feito de que as universidades chega-

25. E. Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanzas en los siglos XVI al XVIII*, Santiago, 1989.

26. M^o V. Pardo Gómez, "La formación del patrimonio bibliográfico" en *Gallaecia Fulget, cinco siglos de historia universitaria*, Universidad de Santiago, 1995.

27. A. Álvarez de Morales, Op.Cit.

ran a se converter nun dos máis poderosos focos de fervenza revolucionaria do país. Así o advertiu algunha xente, explicando que as súas causas eran as influencias cada vez maiores, das ideas que no país veciño estaban a dispoñe-lo comezo da grande revolución.²⁸

¡Que lonxe queda a universidade do século XVIII e dos primeiros anos do XIX!. As ideas mudaron; a universidade, forzada a se introducir en novos moldes, cambia as súas formas e os seus saberes. Conserva externamente algunha das súas pom-

pas e algunhas vellas lembranzas, mais a continuidade vai ser brutalmente truncada, porque xa o antigo réxime finara. A súa agonía fora longa para poder transforma-las vellas escolas pontificias e clericais nestes novos centros de ensino superior que son a orixe da universidade actual.²⁹

A Universidade de Santiago non está exenta de aqueles cambios que na vida política, económica e social se están a producir, e tamén para ela chegará a se abrir unha nova páxina na súa historia.

28. A. Álvarez de Morales, Op.Cit.

29. J. L. Peset, e M. Peset, Op.Cit.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XIX (1807 - 1857)

Aurora Cendón Amaro

Desde a época da súa fundación e ata metade do século XVIII, as universidades españolas viviran de maneira enteiramente autónoma con respecto á estado, agás un lixeiro e afastado vencello ó Consello de Castela, e ligadas á Santa Sede a través da figura do *Cancelario*, unión que se fora volviendo máis simbólica e menos afectiva a cada paso.

A partir da chegada dos Borbóns, a situación mudara de maneira radical. Os novos reis van iniciar un proceso de importantes mudanzas destinadas a domina-la universidade e poñela ó servicio do Estado. Os monarcas vanse instalar nunha nova liña de pensamento, o ilustrado, dando maior importancia á educación como medio de control da sociedade, de aí o interese por termar das rendas da tradicional universidade española, celosa da súa autonomía e disposta sempre a defendela.

Tódalas reformas levadas a cabo por Fernando VI e, sobre todo, por Carlos III orientáranse ó recorte da autonomía e ó meirande control do estado a través dun intervencionismo estatal na universidade, a cada paso máis importante. Ó mesmo tempo os Borbóns estaban interesados nun novo tipo de ensino máis práctico, destinado a forma-los cadros dirixentes da nación polo que tamén houbera reformas nos estudos como, por exemplo, había suceder na Facultade de Leis na que se fora introducindo, pouco a pouco, máis Dereito Real en prexuízo do Romano².

En calquera caso, ningunha destas iniciativas reformadoras tivera demasiado éxito, en parte polo desvelo e tesón cos que as universidades defenderan a súa autonomía, tan traballosamente conquistada e, en parte, polas circunstancias internacionais

1. Sobre as reformas dos borbóns na Universidade de Santiago, ver X. R. Barreiro Fernández, *La Ilustración en la Universidad de Santiago. Tese de Licenciatura*, Santiago 1974.

2. No plan do ano 1802, o Dereito Romano vírase notablemente reducido respecto de calquera dos planos anteriores. Os ilustrados intentaran sempre o aumento dos estudos de Dereito Real e Español en prexuízo do Romano, xa que este último non respondía ós intereses do despotismo ilustrado dos Borbóns españois.

senaladas pola Revolución Francesa, que motivara un certo receo diante das novas ensinanzas e as novas ideas, á vista do que pasara no veciño país.

En definitiva, ó novo século chégase cunha universidade máis intervida polos poderes estatais pero que conservaba íntegra a súa autonomía en tódolos aspectos. A partir deste momento, tódolos gobernos e tódalas tendencias políticas van intentar dominar as universidades e situalas baixo o directo control do estado a través dunha progresiva e maior centralización en tódolos aspectos, desde o puramente docente e académico ata o económico.

A primeira metade do século XIX virá marcada por esta tendencia, aínda que realizada desde moi distintas ópticas e moi diferentes modelos políticos. Será unha época de constantes avances e retrocesos que chegarán ó seu punto máximo coa creación da universidade nova, que remata definitivamente á universidade do Antigo Réxime, e que será a que siga, practicamente, ata os nosos días sen demasiadas mudanzas no tocante á súa organización e á súa concepción.

E, xa que logo, unha etapa de mudanzas, de continuas fluctuacións, a que haberá atravesala universidade española durante a tan movida primeira metade do século. Podemos falar dun período de probas e experimentos dentro da lexislación universitaria, tema que se chegará a converter en prioritario para os numerosos e variados gobernos que rexerán o país. Período comezado co último dos plans ilustrados, o asinado polo Marqués de Caballero no ano 1807, e rematado no 1857 coa aprobación polas Cortes da Lei Moyano dese mesmo ano, que deixa definitivamente establecido o que vai ser a universidade da España contemporánea. Unha universidade estatalizada, centralizada e carente de autonomía, con virtudes e defectos que aínda están presentes na nosa universidade actual³.

Este período, acoutado pola aprobación dos dous plans de estudos citados, o do ano 1807 e mailo do 1857, que vai ser-lo obxecto do artigo seguinte, quedará marcado polo progresivo esfarelamento da universidade o Antigo Réxime e mais polo nacemento da universidade liberal e resul-

3. Durante a primeira metade do século XIX este fora o desenvolvemento das distintas reformas dos estudos:

Primeiras Cortes	Proxecto Thiébauld 1811. Proxecto Universidade de Salamanca 1814 Proxecto das Cortes 1814.
Sexenio Absolutista	Reformas Fernandinas 1818.
Trienio Liberal	Regulamento Xeral 1824.
Década Ominosa	Plan Calomarde 1824.
1ª Rexencia	Plan Rivas 1836. Arranxo Quintana 1836.

ta fundamental para o coñecemento da universidade actual.

Pódese afirmar que cando o Claustro da Universidade de Santiago daba, o día 6 de agosto do ano 1807, a súa conformidade ó novo plan e procedía a comisionar a cada unha das facultades para supervisa-la súa adaptación, estaba a provoca-lo principio da fin, asinando o primeiro paso da sentencia de morte da vella universidade⁴.

DA AUTONOMÍA Á DEPENDENCIA: A ESTATALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE

O camiño ata a centralización definitiva da universidade baséase, fundamentalmente, en tres aspectos: o económico, o académico e mailo docente.

Centrarémonos, en primeiro lugar, nos aspectos económicos por se tratar de algo esencial para a autonomía universitaria. Mentres a Universidade compostelá pode dispor das súas propias rendas e non depende de

ninguén para se financiar, a súa independencia está salva, aínda que puidese ser ameazada e mesmo houbera ceder en moitos aspectos. Ó ser unha entidade autofinanciada seguía a manter unha importante dose de poder e autonomía.

Precisamente por esta causa, a meirande parte da lexislación universitaria incluírá sempre aspectos dedicados a cuestións económicas, aínda que os fracasos neste eido foran numerosos ata que a promulgación do plan Pidal puxera remate á autoextinción financeira e, canda ela, á independencia das universidades.

No ano 1807 atopámonos cunha Universidade de Santiago independente, autónoma e que se financia en por ela cos seus propios ingresos. A universidade obtiña os seus ingresos de dúas maneiras, por unha banda das súas rendas e por outra das taxas académicas. Durante toda a súa historia e ata o ano 1837, as rendas supuñan a meirande parte dos ingresos da

2ª Rexencia	Proxecto Someruelos 1838. Proxecto Infante 1841.
Moderados	Reformas de Espartero 1842-43. Plan Pidal 1845. Plan Pastor Díaz 1847. Plan Seijas 1850. Regulamento González Romero 1852.
Bienio	Proxecto Alonso Martínez Progresista 1855. Lei Moyano 1857.

Cadro Tomado de M. Peset e J. L. Peset, *La universidad española, (siglos XVIII y XIX) Despotismo Ilustrado y revolución liberal*. Taurus, Madrid 1974. 413.

4. O Plan Caballero aprobárase nunha sesión do 6 de agosto do ano 1897 do Claustro da Universidade e na súa acta recóllese o texto enteiro do propio plan e mailas disposicións tomadas pola Universidade de Santiago sobre a súa aplicación. AHUS. Libro A 137, *Libro de Claustros* 1806-1809.

Academia. Estas rendas eran de moi distintos tipos: censos, fincas rústicas e urbanas alugadas, rendas fixas en cartos ou en especies e, fundamentalmente, as sinecuras ou participacións sobre os dezmos de moitísimas parroquias da diócese compostelá e das que a maior parte foran cedidas polo arcebispo Fonseca, aínda que, anterior e posteriormente, a universidade recibise importantes doazóns de outros notables personaxes⁵.

O comportamento económico da universidade non se diferenciaba practicamente en nada do que calquera outra institución señorial da Galicia daquel tempo podería ter con respecto ás súas propiedades. A explotación das fincas, fosen estas rústicas ou urbanas, facíase por medio da cesión do usufructo baixo contrato, polo xeral un foro, a xentes non dependentes da Universidade. As rendas en especies subalugábanse a un intermediario de maneira que o tesoureiro da Academia soamente recibía directamente as rendas que en orixe estivesen estipuladas en diñeiro. Mesmo a fonte de ingresos máis importante desta época, as sinecuras, estaban subalugadas por medio de contrato anual ó mellor licitador. Finalmente, outra actividade complementaria e que producía importantes beneficios eran os censos, polos que a

facenda universitaria recibía uns considerables ingresos en concepto de réditos.

Por outra parte, a arca da universidade ingresaba cartos por medio das taxas e dereitos académicos, aínda que, nesta época, a porcentaxe sobre o total das riquezas ingresadas fose moi escaso. En calquera caso era un xeito máis de obter os cartos suficientes para facer fronte a tódolos gastos que había soportar-la Universidade compostelá.

No plan do Marqués de Caballero non se mudaba esta situación porque, aínda que se uniformaban os estudos, ó falar do financiamento das distintas universidades o propio plan dicía, textualmente, que se "*dejaba la parte económica a las particulares circunstancias de cada una*"⁶.

O período inmediatamente posterior ó plan do ano 1807, vai estar marcado por unha grande inestabilidade no poder, mesturada cunha situación de guerra e os conseguíntes desaxustes. Debido a isto precisamente vai ser unha etapa na que ningunha das reformas que se comezan poderá chegar ata o final, aínda que si poidamos percibir nelas o xermolo de futuras realizacións.


5. Sobre a facenda universitaria durante o século XIX, ver E. Martínez Rodríguez, *La Universidad de Santiago de Compostela al final de la época autonómica*. Universidade de Santiago, Ed. Santiago, 1981.

6. Plan Caballero do ano 1807, AHUS. Libro A 137. *Libro de Claustros 1806-1809*.

Así, nos proxectos liberais da época constitucional de Cádiz e do Trienio Liberal, albíscase a idea dunha universidade pública, laica e gratuita⁷. Para cumprir calquera destes tres requisitos resulta evidente que a universidade tería que se converter nun organismo controlado polo Estado e, xa que logo, tamén as súas finanzas. Mesmo se creaba unha *Dirección General de Estudios* que habería se-la encargada de levar adiante as reformas precisas, así como de velar polo cumprimento das normas e de controla-la vida e organización das universidades por medio da súa unión co Estado a través das Cortes.

Xa que os proxectos liberais non tiveran tempo para callar non podemos calcula-lo alcance destas reformas, entre outras cousas porque os liberais da época isabelina van ser máis moderados e farán por privar ós seus plans de estudos do ingrediente utópico que gardaban as propostas dos primeiros liberais españois.

Nas reaccións absolutistas que seguiron a cada un dos períodos liberais, as mudanzas non foran substanciais na primeira reforma do ano



Tres fachadas do novo edificio da Universidade no proxecto de Ferro Caaveiro.

1818⁸, pero si que acadaran certa relevancia as dictadas polo plan Calomarde do ano 1824. A reforma do 1818, por causa da súa precariedade e provisionalidade, case que non chegara a afectar a outra cousa que non fosen os estudos e nin tan sequera de maneira definitiva xa que, por unha banda non pasaba de ser unha reposición do plan de Salamanca do ano 1772 e, polo outra, case que non tivo

7 O primeiro proxecto liberal fora o asinado por Quintana e presentado nas Cortes de Cádiz no ano 1814, que había se-lo director inspirador do Regulamento Xeral de Estudos do 1821. Ambos os dous proxectos eran extremadamente avanzados para o seu momento, no referido ós estudos, pero tamén resultarían completamente utópicos xa que a súa posta en marcha precisaba dunha reforma rápida e radical da universidade, algo case imposible de realizar. Ademais esixía unha cantidade de fondos que as esgotadas facendas universitarias non podían fornecer. Proxecto de Instrucción Pública do ano 1814. Diario de Sesións das Cortes de Cádiz. Reglamento de Estudios de 1821. *Colección Legislativa de España*, Tomo VII, 362 a 381.

8. Sobre as reformas fernandinas do ano 1818, ver M. Pesset, *La enseñanza del derecho en España y la legislación sobre universidades, durante el reinado de Fernando VII*. En AHDE XXXVIII (1968) 229-375.

9. Plan Calomarde do ano 1824. *Colección Legislativa de España*. tomo IX, 230 e ss.

tempo de callar xa que a chegada do Trienio cortara unha vez máis o proceso da reforma absolutista.

A que si ía ter importancia e pervivencia no tempo había se-la reforma de Tadeo Calomarde. Nela a administración económica dos centros universitarios seguía correspondéndolles a eles pero se establecían unha serie de condicións que marcaban un primeiro paso cara á definitiva perda da autoadministración. O plan dispuña a creación dunha Xunta de Facenda en cada universidade, formada por membros pertencentes a ela e que tiña como misión a de administra-las rendas e dar conta delas ó Claustro Xeral, que as aprobaba en Xaneiro e Xullo. Ata aquí o plan limitábase a establecer unhas condicións para a administración das rendas, pero facía tamén algo máis: por primeira vez era o goberno o que fixaba desde o ministerio as dota-

cións das cátedras e os soldos dos empregados da universidade, ademais de estipular e uniformar-los dereitos a pagar polas distintas taxas académicas, alterando con iso as tradicionais peculiaridades de cada universidade española¹⁰.

Desde a promulgación do Calomarde e ata o ano 1845, as modificacións son escasas xa que, en realidade, todo o plan do 1924 segue a funcionar en case tódolos niveis ata o 1845, aínda que cómpre sinalar o Arranxo Provisional do anos 1836 ou as chamadas reformas de Espartero¹¹.

A pesar do que levamos dito, no ano 1837 prodúcese un feito fundamental que, se ben non está directamente relacionado coa universidade, si que a afecta de xeito moi importante: a Desamortización. Tendo en conta que a universidade española en


10. De acordo co Plan Calomarde, as dotacións das cátedras eran as seguintes:

CÁTEDRAS	DOTACIÓN EN REÁS
Humanidades e Linguas	6.000
Institucións filosóficas	4.000
Matemáticas e Física	8.000
Axudantes de Física e Química	3.000
Institucións en tódalas facultades	6.000
Ascenso en tódalas facultades	9.000
Termo en tódalas facultades	15.000
Moderantía de Oratoria	2.000
Moderantía das outras facultades	2.000
Substitutos de Linguas	2.000
Substitutos de Institucións filosóficas	1.000
Substitutos de cátedras superiores de filosofía	2.000
Substitutos en Facultade Maior	1.500
Substitutos de ascenso	2.000
Substitutos de Termo	3.000

Fonte: *Plan Calomarde de 1824. Colección Legislativa de España*. Tomo IX, 230 e ss.

11. *Arreglo Provisional de Estudios para el curso de 1836-37. Colección Legislativa de España*, Tomo XXII.

As reformas de Espartero aparecen en dous Reais Decretos, o do 1/10/1842, en *Colección Legislativa de España*, tomo XXIX, 358 e ss. e o do 10/10/1843, en *Colección Legislativa de España*, tomo XXXI, 243 e ss.



Fachada do vello edificio da Universidade despois da reforma que, desde o ano 1894 ata o 1905, desmontara o frontón e maila Minerva de Ferreiro para lle dar un piso. No sitio que ocupaba aquel, montaran un relevo alegórico, as estatuas de Lopo de Marzoa, Alvaro de Cadaval, o Conde de Monterrei e Xoán de Ulloa, e mailos medallóns de Diego de Muros e Alonso de Fonseca. Este edificio alberga arestora a Facultade de Xeografía e Historia.

xeral, e a de Santiago en particular, funcionaban como entidades señoriais e vivían das rendas, a perda destes bens e, canda eles, das conseguíntes rendas, especialmente no tocante ás sinecuras, provocara a desaparición, dun xeito case repentino, do principal medio económico da universidade. En troques o goberno decretara unha espectacular suba das taxas académicas para compensa-las rendas perdidas. Con esta medida, o goberno liberal daba dous pasos estratéxicos para cumprir-los seus obxectivos, primeiro derramaba o sistema tradicional de obtención de fondos das universidades e, segundo, conseguía restrinxi-lo acceso a través da elevación das taxas, avanzando así cara á universidade selectiva e elitista que pretendían.

De calquera xeito, será no ano 1845, con Pidal, cando se dea o paso definitivo para acabar cos restos da autonomía económica das universidades. O plan volvía tomar unha institución xa creada na rexencia de Espartero: a *Junta de Centralización de Fondos*, que tiña como quefacer o de recada-los cartos, adminístralos e distribuílo entre as universidades. Era un organismo instalado en Madrid e dependente do ministerio. Con esta institución os liberais remataban a autoxestión e volvían dependente de Madrid á facenda universitaria. A partir deste momento,


os únicos poderes que en materia económica lle quedaban á universidade de Santiago era os de administra-lo diñeiro que se lles repartía desde a *Junta*, órgano supremo en materia económica e único autorizado para librar diñeiro, por cativa que fose a cantidade.

A mudanza é, xa que logo radical, xa que pasamos dunha universidade autónoma e independente a outra enteiramente controlada desde Madrid e sen poder decisorio. Así os liberais da segunda época conseguían couta-la universidade dun xeito definitivo.


O segundo dos aspectos nos que a universidade haberá sufrir máis cambios, vai ser no académico. Neste punto tamén se pode constatar unha tendencia á centralización igual ca no de facenda.

A situación de Santiago no ano 1807 é a dunha universidade coas cinco facultades clásicas, isto é: Artes -despois chamada Filosofía-, Leis, Cánones, Medicina e Teoloxía. Algunha delas, como a de Filosofía, haberá sufrir importantísimos cambios ó longo do período 1807-1857, mentres que nas outras, as modificacións van ser tan escasas, como no caso de Teoloxía, que case podemos afirmar que non evolucionan desde as últimas reformas ilustradas¹².

12. Na Universidade compostelá manteríanse as carreiras sancionadas por Pidal ata a aparición de facultades novas como a de Farmacia, xa na segunda metade do século, ou a escisión das distintas seccións de Filosofía ata conforma-las diferentes facultades novas.



Edifício central da Universidade antes das reformas do ano 1894.



Un debuxo do século XVIII no que se ve unha diferenca substancial no acceso.

A evolución máis espectacular é a da facultade de Filosofía:

No ano 1807 existe unha facultade de Artes á que o novo plan virá muda-lo nome polo xa definitivo de Filosofía. Trátase dunha facultade na que reina o caos. Vén a ser tres cousas ó tempo: primeiro un centro de ensino secundario, segundo un estudio preparatorio imprescindible para acceder ás facultades maiores e, terceiro, unha facultade na que se imparten unha serie de materias chamadas cátedras superiores de filosofía e que van dende a física experimental ata o hebreo ou o grego, pasando por Matemáticas Sublimes.

A ensinanza secundaria está centrada no ciclo aristotélico, formado por tres cursos nos que se estudia-ba a Lóxica, a Física e maila Metafísica, segundo o filósofo peripatético. Era un ensino anticuado e arcaico, de efectos non mitigados polas novas disciplinas incluídas na facultade, case todas elas de carácter científico, como as novas matemáticas, a física experimental ou a química, case todas incluídas no último cuarto do século anterior¹³.

O plan do ano 1807 rachaba por primeira vez o ciclo aristotélico ó esixir que os estudantes soamente cursasen un primeiro ano de Elementos

Matemáticos, un segundo de Lóxica e Metafísica e un terceiro diferente, de acordo coa futura carreira elixida. Así, xuristas e canonistas debían estudar a Filosofía Moral, igual ca os teólogos, que ademais habían cursa-la Física experimental. Os médicos tiñan, tamén, que cursa-la Física experimental, a Química, as Matemáticas sublimes e maila Historia Natural, se existía esa cátedra na súa universidade, cousa que non sucedía en Santiago.

Finalmente, o plan mantíña os graos tradicionais da facultade de Artes, aínda que o antigo título de Mestre en Artes fora substituído polo de Doutor en Filosofía.

Durante os anos posteriores, como xa dixéramos, España vai entrar nunha época de continuas mudanzas políticas. Tanto nas dúas etapas liberais como na primeira das absolutistas, as circunstancias impediran que ningunha das reformas pretendidas chegase ata a súa consecución. Apréciase, polo xeral, un claro interese dos liberais por incluír na ensinanza secundaria disciplinas moi queridas para eles e moi revolucionarias para a época, como Dereito Natural, Constitución ou outras de carácter científico como Botánica, Mineraloxía, Zooloxía, etc.

13. Sobre a implantación das cátedras científicas na Universidade de Santiago ver S. Cabeza de León, *Historia de la Universidad de Santiago* C.I.S.C., Santiago 1945-47. Tomo III, 53 a 107.

O punto máis importante, que despois os liberais volverían tomar do período isabelino, é, se cadra, a idea de leva-la ensinanza secundaria a uns establecementos chamados Universidades de Provincia e que, pouco a pouco, chegarían a se separar da Universidade.

No breve primeiro período absolutista soamente podemos falar dunha volta atrás, xa que se vovera implanta-lo plan do ano 1771 para Salamanca, protexendo a uniformidade conseguida con Caballero, pero retomando os vellos estudos.

Co plan do ano 1824 a facultade sufrira unha nova modificación. Seguía a ser unha facultade menor ou de ensino secundario e continuaban os tres cursos obrigatorios antes de entrar noutra facultade pero volvérase incluí-lo ciclo aristotélico. Isto supoña, a nivel académico, un grande atraso, non soamente ós proxectos liberais senón, mesmo, con respecto ó plan do ano 1807.

Ademais do retorno á ortodoxia aristotélica tamén se operaran outros cambios como a aparición das “cátedras superiores” de filosofía, ensanzas moi variadas, Grego, Química, Hebreo, Matemáticas sublimes..., das que cumpría cursar polo menos catro para obte-lo título de Licenciado. Algunhas delas eran tamén obrigatorias segundo a carreira que se quixese cursar.

No período isabelino, as reformas desta vella facultade van se-las máis radicais, ata o punto de volvela en algo enteiramente distinto á súa orixe. Primeiro modernizaranse as súas cátedras, despois diversificáronse os seus estudos, máis tarde separárona definitivamente do ensino secundario e, por último, acabará sendo unha Facultade Maior da que, despois xa da Lei Moyano, se irán desprendendo moitas das actuais facultades universitarias.

No ano 1836 apróbanse dous plans de estudos nun lapso moi curto de tempo. En primeiro lugar o goberno promulgara o plan do Duque de Rivas que, se ben non era senón un esbozo do que habería se-lo ensino público en España, terá moita importancia porque del haberá saí-la base para a primeira grande reforma liberal: o Plan Pidal do ano 1845. Deixaba unha facultade de Filosofía subdividida en dúas seccións, unha de ensinanza secundaria, así chamada por primeira vez, e outra de ensinanza superior. Dispoñía, ademais, a creación dunha serie de institutos nos que se había impartir esta ensinanza, fóra xa da universidade, e deixaba asentadas as bases para unha secundaria máis elitista, destinada ós sectores acomodados, futuros universitarios e gobernantes do país, rompendo así cos preceptos dos primeiros liberais.

Despois dos sucesos de La Granja¹⁴, a competencia en materia de educación volve ás Cortes deixando sen valor o Plan Rivas e obrigándoas a axeitar un amaño provisional¹⁵ dos estudos diante da inminencia do comezo de curso. A pesar do seu carácter provisional, esta amaño do Plan Calomarde seguira vixente ata o ano 1845 por causa da total incapacidade das Cortes para establecer un plan definitivo. As súas aportacións son escasas, xa que non se trata senón de modificacións do plan do 1824, pero podemos dicir que se desterrara, definitivamente, o ciclo aristotélico, dando maior importancia ós estudos científicos na facultade de Filosofía.

O grande cambio prodúcese no ano 1845. O plan asinado polo ministro Pidal e redactado, na súa meirande parte, por Gil de Zárate creaba xa unha Facultade de Filosofía dividida en súas partes, unha de ensinanza secundaria ou Filosofía Elemental,

cunha duración de cinco anos, e outra de ensinanza superior na que se podía obter a Licenciatura en dúas seccións distintas: Ciencias ou Letras.

Ademais, podía-se cursar a segunda ensinanza en institutos situados en cada unha das provincias galegas, o que provocaba unha situación algo absurda: en Santiago había, ó tempo, unha facultade maior de Filosofía, separada da de segunda ensinanza, e un instituto instalado na mesma facultade e formando parte dela, resultando unha facultade moi grande, cun altísimo número de alumnos e de moi complexa organización, ata o punto de que se podían outorgar sete graos distintos¹⁶.

A situación resolvérase no ano 1847 coa obra de Pastor Díaz¹⁷ que separaba definitivamente a segunda ensinanza da Filosofía, converténdoa en facultade maior, dividida, tamén, en catro seccións distintas: Literatura,

14. A loita entre as cortes e mailo goberno polo dominio da instrucción pública, comezara nas Cortes de Cádiz no ano 1814. Cada unha das partes en conflito defendía o seu poder sobre a Instrucción Pública aínda que, finalmente, a Constitución do 1812 sancionara que as facultades, no tocante á educación, pertencían exclusivamente ás cortes. Por iso, cando no ano 1836 se repuxera a constitución gaditana a raíz dos sucesos de La Granja, o Plan do Duque de Rivas, que era unha iniciativa do goberno, fora derrogado inmediatamente. Máis adiante, os sucesivos gobernos liberais aprobaron os plans de estudos desde o executivo diante da incapacidade do parlamento para dar unha lei de instrucción pública. Tamén esta loita de poderes haberá ser unha das causas da pouca duración dos plans liberais ata que as Cortes aprobaron a Lei Moyano.

15. *Arreglo Provisional de Estudios para el Curso 1836-37*. Colección Legislativa de España, Tomo XXI. O Arreglo, malia o seu nome, estivera vixente ata o ano 1845. Tratábase, esencialmente, dun axeitamento dos contidos do Plan Calomarde, xa que en todo o demais seguira vixente o plan do 24.

16. Segundo o Plan Pidal, a facultade de Filosofía quedaba dividida en dúas partes: a segunda ensinanza elemental que constaba de cinco cursos ó remate dos que se obtiña o grao de Bacharel. Despois cursábase a ensinanza secundaria de ampliación, subdividida en dúas seccións: Ciencias e Letras. Se se cursaban varias disciplinas de ampliación durante dous anos polo menos, optábase ó grao de Licenciado nunha das dúas seccións, de acordo coas materias estudiadas. Se se cursaban disciplinas das dúas seccións durante catro anos polo menos, conseguíase o grao de Licenciado en Filosofía. A partir de aquí, e en Madrid, podíanse obter os graos de Doutor en Ciencias, Doutor en Letras ou Doutor en Filosofía.

17. *Plan Pidal de 1845*, Imprenta Nacional, Madrid 1845.

Ciencias filosóficas, Ciencias físico-matemáticas e Ciencias Naturais.

Así e todo aínda mantiña dous cursos preparatorios para o ingreso nas outras facultades, un para xuristas e teólogos e outro para médicos e farmacéuticos.

O asentamento final producírase coa lei Moyano, pero antes, no ano 1850, o plan asinado por Seijas¹⁸ en plena etapa moderada provocara unha nova modificación, por unha banda suprime os cursos preparatorios e, por outra, crea unha nova sección no sitio da de Ciencias Filosóficas que se chamará Administración e estará destinada a dotar ó Estado dun corpo profesional de funcionarios e burócratas que non precisasen, como era tradicional ata o daquela, cursa-los estudos de Dereito. Consegúíanse así uns estudos máis baratos e máis específicos para a función que ían desempeñar os seus titulados¹⁹.

Cómpre salientar, por último, que con este plan desaparecera da universidade compostelá o estudio das linguas vivas establecido polo Duque de Rivas e consolidado a raíz do Plan Pidal.

No que toca ás dúas carreiras de Leis, a civil, ou Leis, e maila eclesiástica, ou Cánones, van seguir, na súa evolución, camiños moi diferentes. Mentres que a primeira chegará a se transformar, co paso dos anos, nunha facultade moderna e moi solicitada polos estudantes, a segunda irá esmorecendo pouco a pouco ata se fundir coa de Leis e desaparecer practicamente, quedando reducida soamente a algunha materia.

A evolución da carreira de Leis pódese dividir en dúas etapas, unha primeira, acaecida durante o reinado de Fernando VII e outra na época isabelina.

En principio, tódalas reformas realizadas polos gobernos absolutistas, incluíndo o plan Caballero, van ir destinadas cara a varios obxectivos. Primeiro, endurece-la carreira para así reduci-lo alto número de licenciados en Leis; segundo, formar unha facultade onde se estudiase fundamentalmente o Dereito Real, con claro detrimento do Romano que se vai ir vendo máis reducido a cada paso; terceiro, incluír dentro dos estudos universitarios a Práctica indispensable para se facer avogado, práctica que, ata daquela, era preciso realizar fóra e que a partir do ano 1807 vaise poder

18. *Plan Seijas de 1850*. Colección Legislativa de España, tomo L, 773 e ss.

19. A sección de Administración da Facultade de Filosofía constaba das disciplinas seguintes: Economía Política, Estatística, Xeografía Astronómica, Física e Política, Historia Xeral, Dereito Público, Teoría da Administración e Dereito Administrativo. Con isto e dúas linguas vivas obtíñase o grao de Licenciado. Para o grao de Doutor cursábanse, durante dous anos, Dereito Internacional, Historia dos Tratados e Historia crítica e filosófica de España.

facer na propia facultade santiaguesa ó contar esta cunha cátedra de Práctica²⁰, e cuarto, ir absorbendo a modo a facultade canónica.

O que si se debe salientar é que nos dous proxectos liberais, igual que sucedera en Filosofía, houbera moitísimo interese por incluír dentro das disciplinas de Leis aquelas máis queridas da ideoloxía dos liberais, ou sexa: o estudio da Constitución, o do Dereito Natural, etc., sempre en detrimento do Dereito Romano.

No período isabelino a facultade de Leis vai vivi-lo seu asentamento definitivo ata o punto de que non é ilóxico afirmar que a actual Facultade de Dereito resulta ser un produto directo dos esforzos dos liberais españois que se centraran en tres aspectos: conseguir unha facultade única, chamada de Xurisprudencia, coa fusión das de Cánones e Leis e con supremacía desta última; reducir á mínima expresión o estudio do Dereito Romano e incluí-lo meirande número posible de disciplinas referidas ó Dereito Español, especialmente se se estudia-ban polos novos códigos, xa fosen estes civís, mercantís, criminais...²¹.

O primeiro paso marcárou o *Arreglo Quintana* do ano 1836 ó esta-

blecer novas materias dentro do plan de estudos da carreira, disciplinas como Dereito Natural, Dereito Público, Xurisprudencia Mercantil ou Principios de Lexislación Universal.

Ademais o *Arreglo* suprimía a Facultade de Cánones como entidade propia, aínda que mantiña os seus graos.

A Facultade de Xurisprudencia haberá tomar forma definitiva, soamente corrixida en anos posteriores coas modificacións levadas a cabo durante o período de Espartero.

Entre os anos 1842 e 1843, unha serie de decretos van establecer un plan case definitivo para os estudos de Dereito. A duración da carreira pasaba a ser de dez anos, fronte ós oito de antes, e quedaban establecidos tres ciclos: un formado polos catro anos de Institucións e, ó seu remate, obte-lo grao de Bacharel, un segundo constituído polos catro cursos seguintes, ó remate dos que se obtiña o grao de Licenciado, imprescindible para exercer de avogado en calquera punto de España. Finalmente, os dous últimos cursos dedicábanse a uns estudos superiores destinados á obtención do doutoramento, indispensable para a docencia universitaria, que soamente

20. A Cátedra de Práctica de Leis era unha antiga aspiración da Universidade de Santiago vistas as dificultades que os estudantes compostelás tiñan para ir a Madrid face-las prácticas. Conseguiuse esta Cátedra a empezos de século e mantívose ata que os plans de estudio especificaron a súa desaparición.

21. Na época da II Rexencia, isto é, co goberno de Espartero, déraselle un importante pulo á elaboración de códigos civís e criminais... coa pretensión de acabar coas antigas leis consuetudinarias.

era posible cursar na Universidade Central de Madrid, nese tempo aínda a piques de ser creada.

Ademais desaparecía definitivamente Cánones como facultade independente, pasando a constituír un estudio común para teólogos e xuristas, pero incluído na facultade de Xurisprudencia.

A nova Facultade contaba cun plan de estudios no que a distribución das materias era máis racional que noutras épocas e contaba, por primeira vez, cuns estudos específicos para a consecución do grao de doutoramento, aínda que non se puidesen cursar en Santiago, tendo que se despraza-los licenciados composteláns ata Madrid²².

A partir deste punto as modificacións serán practicamente nulas, soamente se reducirá, no ano 1845, a duración da carreira e, por conseguinte, haberá que redistribuí-las cátedras.

A Facultade de Cánones, pola contra, non sufrira grandes mudanzas mentres que non foi absorbida pola de Xurisprudencia. Co plan Caballero e mailos posteriores, ata as reformas do ano 1836, a Facultade mantivera o seu esquema tradicional para, finalmente, ser incluída nos novos estudos xurí-

dicos, soamente coma unha serie de disciplinas; con isto desaparecía unha das máis antigas facultades da universidade compostelá.

Tamén a Facultade de Medicina de Santiago sufrira, ó longo destes anos, importantes mudanzas que a ergueran desde a ruína na que se atopaba ata convertela nunha das máis brillantes da Universidade de Compostela.

A situación da medicina no ano 1807 era moi mala. había unha facultade ancorada no pasado na que se impartía unha ensinanza teórica de todo afastada da práctica e os avances da súa época. Ademais, a atracción da facultade era moi escasa vistas as poucas posibilidades que a carreira ofrecía e a forte competencia exercida polos Reales Colegios de Cirugía, nos que se aprendía unha ciencia médica máis práctica e máis útil.

No plan do ano 1807 sentábanse as bases dunha ciencia médica máis moderna e con máis cátedras de práctica, pero especificábase que, naquelas universidades nas que non fose posible establece-los estudos de Medicina de acordo co plan *por falta de teatros, rentas...*²³ quedaban dispensadas de mante-la facultade. Este era o caso de

22. O plan de estudos de xurisprudencia establecido por Espartero era de dez anos durante os que se concedía grande importancia ós estudos de Dereito patrio consonte ós novos códigos. Era un plan moi esixente que tiña como obxectivo o de reducir o número de avogados e organizar unha carreira xurídica máis de acordo coa época e na que se fosen formando os futuros homes do goberno do país.

23. Plan Caballero do ano 1807. AHUS. Libro A 137. Libro de Claustros dos anos 1806-1809.

Santiago onde a aplicación do novo plan resultaba moi gravosa polo que as ensinanzas médicas quedaron suspendidas durante algúns anos. No curso 1811-12 volvérase impartir Medicina na universidade consonte o plan de Salamanca di 1772 e, a partir dese curso, créanse cinco das dez cátedras previstas no plan Caballero para realiza-lo ensino da Medicina consonte a elas, despois do ano 1812. Desde este ano e ata o 1843, a medicina universitaria seguirá sen grandes cambios, agás os dous intentos liberais de leva-los estudos médicos a escolas especiais ou a reinstauración a penas alterada do plan do ano 1807, dentro do marco do plan Calomarde.

Mentres que as facultades permanecían nunha situación bastante mala e con ensinanzas anticuadas, a ciencia médica seguía a evolucionar nos Reais Colexios, que ademais conseguiran, por un decreto do ano 1827, que a medicina práctica e maila teórica se unisen por primeira vez, pero fóra da universidade.

Igual ca na facultade de xurisprudencia, a medicina acadará a súa definitiva reforma despois do período espartista, haberá ser no ano 1843 cando entre en vigor o plan especial para os estudos médicos redactado por Pedro Mata. Este plan suprimía as antigas facultades e colexios e creaba dúas novas facultades en Madrid e Barcelona, establecendo cinco Cole-

xios, entre eles o de Santiago, nos que se había impartir unha ensinanza médica máis barata e destina e enche-la grande escaseza de médicos que España padecía. Outorgábase a titulación de Práctico da Arte de Sandar. Tanto nos Colexios coma nas Facultades, o ensino era práctico e científico, abandonando as vellas disciplinas e unificando definitivamente a medicina práctica e maila medicina teórica.

No Colexio compostelán impartíanse unha serie de ensinanzas que cualificaban para o exercicio da medicina elemental, a obstetricia e maila cirurxía menor.

O plan era moi completo pero presentaba dous problemas esenciais, en primeiro lugar o seu elevado custo, producido polo grande cantidade de disciplinas e o conseguinte número de catedráticos e, en segundo lugar, as críticas que recibía dos partidarios dunha soa clase de medicina, así como por parte dos antigos médicos que defendían a vella medicina.

O plan Mata supuxo o triunfo da nova ciencia médica, que desterraba para sempre os estudos puramente teóricos, e volvíala prestixia-la carreira de Medicina, que comezara así a ter unha maior demanda, o que implicaba maior número de alumnos, ata dar orixe en Santiago á chamada Escola Médica Compostelá, que haberá florecer na segunda metade do século XIX.

O plan Pidal suprimía o título de Práctico da Arte de Sandar e restablecía un só tipo de medicina nas universidades, pero os estudos seguían realizándose de acordo co proxectado por Pedro Mata.

Máis adiante, un decreto do ano 1849, asinado polo ministro Bravo Murillo, creaba o Médico de Segunda Clase, equivalente ó Práctico de Mata e que pretendía iguais obxectivos. Esta titulación quedará definitivamente sancionada co plan Seijas do ano 1850²⁴.

A última das facultades da que imos tratar, será a de Teoloxía. Esta facultade fora bandeira e sinal da universidade compostelá desde que o antigo Estudio Vello, fundado por Lope Gómez de Marzoa e Diego de Muros, fora absorbido pola fundación do Arcebispo Fonseca. Desde a súa creación, a universidade estivera sempre orientada cara á Teoloxía, consonante coas intencións do seu fundador²⁵.

En calquera caso a facultade de Teoloxía case que non mudara nada durante todo o período estudado, limitando as modificacións ós cambios de textos, aínda que, polo xeral, poderíase falar do triunfo do tomismo.

A Teoloxía seguiría o seu camiño sen alteracións ata o 21 de maio do ano 1852, que fora suprimida polos moderados e levada ós Seminarios Conciliares, aínda que o 25 de agosto do ano 1854 restableceríase o seu estudio nas universidades por parte dos liberais progresistas.

O terceiro aspecto que indicará a morte progresiva da vella universidade e o nacemento da nova vai se-lo aspecto docente. O cambio da formación, a captación e maila consideración do persoal docente de Santiago.

A empezos do noso período, Compostela conta cun importante número de profesores, pero estes non constitúen, en absoluto, un grupo homoxéneo. Había grandes nomes unidos a profesores mediocres e arcaicos.

O profesor da universidade tradicional era de dous tipos, por unha banda o catedrático e, pola outra o substituto. A cátedra revestía ó seu posuidor dunha determinada aura que case se podía chamar sacerdotal, a súa situación económica e académica era bastante anárquica pero, a cambio, a súa consideración social e a súa categoría resultaban moi elevadas: era o posesor do saber e, como tal, tornábase no sacerdote da sabedoría.

24. A escaseza de médicos era proverbial en España, sobre todo no medio rural. Por esa razón os liberais procuraban a fórmula para conseguir un corpo de médicos barato e abondo para cubri-las necesidades do país. O intento de Mata fora o primeiro, aínda que había ser no ano 1849 cando un decreto de Bravo Murillo establecía de maneira definitiva o título de médico de segunda clase.

25. A pretensión orixinal de D. Alonso de Fonseca era a de crear unha escola de teólogos que fornecese á Igrexa compostelá, e ó resto da Igrexa española.

Como exemplo desta consideración pódese falar do pomposísimo cerimonial de toma de posesión das cátedras ou do, aínda máis ostentoso, da obtención do grao de doutor, no que o candidato era paseado, con música, pola cidade, acompañado polo claustro e unha chea de estudantes... ata que lle era entregado o grao de doutor²⁶.

O catedrático posuía unha liberdade practicamente ilimitada, tanto para ensinar na súa cátedra como para actuar en calquera eido, ademais de ser parte importante no goberno universitario, no Claustro da Universidade e na súa Facultade. En troques pagaba o prezo dunha escasísima estabilidade económica, unha absoluta disparidade entre os distintos catedráticos, unha proverbial falta de unidade nas ensinanzas e o da ausencia de calquera organismo regulador.

A situación do substituto era aínda máis precaria, xa que o seu posto era anual, a súa remuneración máis baixa e a súa posición non supuña ningún dereito sobre a cátedra impartida. Era un aprendiz de profesor, aínda que algúns dos substitutos de Santiago estiveran cubrindo unha cátedra durante bastantes anos seguidos.

Este sistema, de todo anárquico, tiña unha chea de inconvenientes

como, por exemplo, a falta de coordinación, as disparidades entre a clase dos catedráticos..., mais tamén outorgaba un alto grao de autonomía ós posuidores das cátedras, o que permitira que a academia compostelá, cabo de moitas figuras mediocres, dese homes tan ilustres como José Rodríguez, Domingo Fontán, José González Varela ou Antonio Casares.

Posteriormente, os liberais da segunda época van ir transformando ó catedrático nun funcionario do estado. O docente vai ver notablemente melloradas as súas condicións de vida e asegurado o seu posto de traballo, pero tamén se deberá converter nun burócrata coa profesión de impartir clases, deber ó que non pode faltar pero que, o cumprir con el, aseguraba a súa seguridade no posto, sen máis obrigas. A Universidade de Santiago contaba así cun corpo docente disciplinado, cumpridor do seu deber e homoxéneo, pero, polo xeral, tamén mediocre e sen aspiracións. O catedrático perdía liberdade para gañar seguridade e, ó parecer, case todos eles quixeran mellor a segunda, aínda perdendo autonomía.

Os liberais mesmo conseguiran centraliza-lo sistema de acceso ás cátedras, codifica-las súas retribucións e controlar ós seus propietarios.

26. As cerimonia de concesión de graos eran espectaculares e moi custosas. Desque se decidía outorgar un grao, os graduados habían pagar unha serie de actos, aperitivos, xantares e mesmo músicos para poder realiza-los seus paseos de graos. Cerimonia cara que consistía en ir polas rúas de Santiago con grande boato e seguido dunha grande comitiva.

A empezos de século, e durante case todo o período fernandino, o acceso ás cátedras víñase realizando por un sistema de oposición. Se quedaba unha vacante na Universidade, esta tiña obriga de publicala nas demais universidades do Reino nun prazo de corenta días, e estáballe permitido presentarse a ela calquera persoa que cumprise as condicións estipuladas para cada unha das facultades de Santiago, que non eran sempre iguais.

Os opositores realizaban dous exercicios, un que era público, defendendo diante dos demais candidatos un tema da materia escollido entre os cen que elaborara o tribunal, e outro exercicio privado, no que os membros do tribunal facían preguntas a cada un dos candidatos por separado. O tribunal, composto por oito doutores catedráticos da facultade na que se ía cubri-la vacante. Tiña oito días para propor tres candidatos ó rector que, pola súa parte, mandaba as probas e referencias ó Consejo de Castilla, para que este refrendase o nomeamento.

As cátedras podían ser de tres tipos: Entrada, Ascenso e Término, tendo cada unha delas unha remuneración e unhas condicións distintas.

Ademais, como era a cátedra e non o catedrático a que levaba canda ela a categoría, se o titular dunha cátedra quería ascender, tiña que agarda-la publicación dunha vacante e volverse presentar ás oposicións, brincando así de disciplina en disciplina e mesmo de facultade.

Fronte desta confusión de oposicións, vacantes, etc., os liberais implantaran un sistema uniforme, racionalista e centralizado, de acceso á docencia universitaria. As cátedras vacantes publicábanse en Madrid, único sitio onde se efectuaban os exames, os aspirantes habían ser doutores, título que soamente era posible adquirir en Madrid, eran os propios catedráticos os que ían ascendendo dentro da súa materia por antigüidade e as súas remuneracións eran fixas segundo a súa categoría, establecidas polo goberno²⁷.

O catedrático tomaba tódalas características dun funcionario e volvíase eficaz transmisor das ensinanzas, pero, en troques, perdía a súa aura, a liberdade e, sobre todo, a orixinalidade, creando unha universidade disciplinada e cumpridora pero na que a investigación e maila innovación estaban fóra de lugar²⁸.

27. O goberno írase reservando, progresivamente, a facultade de designar de cada vez un meirande número de catedráticos sen que fose necesaria a oposición. De aí que medrase o control do goberno sobre os catedráticos.

28. A universidade liberal non chegaría a deixar grandes homes ou figuras moi salientables como deixara a anterior etapa da universidade.

DO DOMINIO DA IGREXA Ó DOMINIO DO ESTADO: A SECULARIZACIÓN DA UNIVERSIDADE

Outro dos obxectivos primordiais para tódolos gobernantes do período que nos ocupa fora a secularización da universidade. A fundación como tal, trinta anos despois de que Marzoa fundara o Estudio Vello da universidade de Santiago, débese a Don Alonso de Fonseca que, como home de altar que era, pretendera que a entidade por el fundada quedase ó servizo da Igrexa compostelá e dependese dela.

Fonseca asociara a Universidade ó Cabido compostelán e a súa meirande arela fora a creación da Facultade de Teoloxía para que dela se puidera nutri-la Igrexa compostelá e tamén a española.

Con estes antecedentes resulta evidente que a universidade estaba claramente dominada polo estamento clerical e sendo a maior parte dos seus catedráticos e doutores homes de igrexa.

A situación mantivérase así ata a chegada dos borbóns mais, a partir dese momento, os novos monarcas, co seu espírito centralizador, van intentar que as universidades deixen de estar enteiramente dominadas polo clero, dentro da liña xeral da súa polí-

tica de dominar tamén á Igrexa.

Xa a empezos de século declarárase guerra aberta ó dominio eclesiástico da universidade, fundamentalmente en dúas fronte: a académica, incluíndo a cada paso máis estudos laicos ou de tendencia regalista, e o docente, posibilitando que os que non fosen cregos puidesen tamén acceder a postos sobranceiros na universidade.

Na época fernandina os principais avances de cara á secularización non se van producir nos estudos senón nos docentes e mais no goberno das facultades e da universidade.

Baixo o seu reinado, á marxe dos efémeros períodos liberais, os estudos van tomar un carácter bastante reaccionario e anquilosado, abondando como exemplo a preeminencia do estudo da relixión no plan do ano 1924, pero, no referido ós órganos de goberno universitario, iráselle sacando poder a unha figura moi importante como era a do Cancelario. O dato resulta significativo da orientación secularizante, xa que o Cancelario era o representante da Santa Sé, único estamento co que a universidade tradicional estaba vencellada. O Cancelario era, ademais, unha figura esencial na pirámide de poder da universidade xa que, de dereito, era el quen

29. Fernando VII seguira unha política moi curiosa xa que mantivera, por unha banda, unha política educacional na que a relixión era imprescindible e estaba presente en todas partes. O mesmo tempo afastara progresivamente á Igrexa do dominio das universidades.

tiña a última palabra nos nomeamentos de catedráticos...²⁹

Os liberais isabelino confirmaron a secularización da universidade ó desvencellala da organización eclesiástica e unila ó Estado. Ademais acabaron suprimindo a figura do Cancelario, diminuindo as disciplinas eclesiásticas ata a mínima expresión, mesmo chegaron a suprimi-la facultade de Cánones e, finalmente, desvencellaron á universidade das súas rendas procedentes dos tributos relixiosos como eran o dezmo ou as sinecuras.

Tanto para absolutistas como para liberais era moi importante o dominio do ensino universitario, aínda que por distintas razóns, e por iso outro dos pasos dados fora o de afastar á Igrexa do seu control. Para os fernandinos era fundamental manter á universidade baixo o control directo da coroa, evitando así as altas cotas de autonomía das que gozaba e que resultaban certamente perigosas para un rei absoluto en loita contra todo aquilo que puidese significar calquera rastro de liberalismo.

Para os liberais, pola contra, a secularización universitaria era unha necesidade. Eles procuraban unha universidade centralizada e estatal, desvencellada de calquera poder que non fose o do propio estado. Ademais, as relacións entre a Igrexa e mailo Estado liberal sempre foran tensas e, moitas

vezes, malas, mesmo de enfrontamento aberto³⁰.

Despois de todos estes avatares, a universidade de Santiago chega ó ano 1857 convertida na nova universidade de tipo liberal e perdendo polo camiño andado desde o ano 1807 tódalas súas peculiaridades e unha grande parte das súas diferencias con outras universidades.

Nos cincuenta anos transcorridos, as condicións políticas, sociais, culturais e académicas sufriran unha chea de avances e retrocesos. Dentro dunha sociedade moi inqueda, a universidade non había ser unha excepción e tamén se vira afectada por alteracións que haberían ir transformando, progresivamente, en algo moi diferente do que fora nas súas orixes. Este período resulta transcendental para a vida da Academia compostelá porque, despois de varios séculos de vida transcorridos case sen mudanzas nin sobressaltos, en medio século vai ver alterada toda a súa fisionomía.

Malia a súa rapidez, as mudanzas na estrutura universitaria foran graduais e cada unha delas era consecuencia das anteriores, xa que, agás durante a época dos, primeiros liberais, ningunha das reformas supuxera un cambio radical con respecto á situación inmediatamente anterior, aínda que, a finais do percorrido, a institución universita-

30. A Igrexa estivera sempre en contra da política liberal, aínda que a maior parte dos políticos liberais profesaban o catolicismo e este fora sempre a relixión oficial do Estado.

ria compostelá sufrira a máis importante das súas transformacións.

Por todo iso podemos falar dunha progresiva descomposición da universidade do Antigo Réxime, e que dos seus restos irá xurdindo a nova universidade de corte liberal, que haberá chegar ata os nosos días.

No ano 1857 a vella universidade morrera xa e a Lei Moyano sancionaba tódalas reformas habidas no período, asinando así o definitiva parte de defunción da universidade tradicional.

O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A cantidade de alumnos matriculados nas distintas facultades variara moito durante todo o período que andamos a estudar, pero podemos afirmar que o número dos matriculados seguira a medrar gradualmente ó longo dos cincuenta anos³¹.

A pesares deste crecemento sostenido dos alumnos, as distintas vicisitudes que sufrira a nosa universidade provocaran, nalgúns anos concretos, enormes descenso no alumnado. Por exemplo, no curso 1807-08, a cifra de matriculados en tódalas facultades era de 1.055 alumnos, mentres que nos cursos posteriores, coa guerra da Independencia na súa plenitude, a universidade case non chegaba ó

cento e medio de matriculados. A partir de aquí, o crecemento vai ser relativamente rápido ata se estabilizar entre os 500 e os 600 matriculados, sufrindo soamente algún descenso motivado por razóns máis políticas e sociais que académicas, como ocorre a finais do Trienio Liberal ó se produci-las purgas políticas.

De todo isto pódese tirar que os estudos universitarios en Santiago seguían a resultar atractivos para aquelas persoas que estaban en condicións de podelos pagar.

Por outra banda, resulta máis significativo observa-lo número de matriculados en cada unha das distintas facultades, xa que isto permite comproba-las preferencias dos alumnos e, con iso, coñecer un interesante dato sociolóxico.

Deixando á marxe a Facultade de Filosofía, xa que ela supón un caso especial dentro da universidade, podemos dicir que as facultades xurídicas sempre gozaron de máis demanda que calquera outras. O predominio da carreira de Dereito era tal que, mesmo cando desaparecera a Facultade canónica para se incluír na de Xurisprudencia, o número de alumnos non soamente non diminuíra senón que medrara de maneira sensible. Ó parecer, as grandes posibilidades dos estu-

31. Tódolos datos sobre o alumnado foron obtidos dos rexistros de matrícula.

dios xurídicos e a mala situación das outras facultades compostelás levaran a moitos estudantes a escoller esta opción. Soamente se estabilizará a partir das reformas de Espartero e mesmo baixará o número de alumnos, sobre todo por dúas causas: o endurecemento dos estudos e mailo elevadísimo número de avogados, mal endémico de España, que facía mingua-las posibilidades de obter un posto de traballo desque se tiña rematada a carreira.

A partir do curso 1810-11, punto que sinala o mínimo histórico no número de matriculados, as facultades de Leis e Cánones marcan sempre o número máis alto de alumnos, duplicando sempre ó das outras facultades maiores. Entre os anos 1812 e 1817, a media viña sendo duns 150 alumnos por ano, nos próximos dous cursos superará os 200 matriculados. Nos anos seguintes as cifran medran ano tras ano, chegando a ter máis de 600 alumnos no curso 1825-26. Xa no período isabelino baixará algo o número, pero as medias han ser sempre altas e a facultade de Xurisprudencia case nunca baixará dos 350 alumnos.

A carreira de Teoloxía mantívase, ata a súa desaparición, en cifras baixas pero considerables, ou sexa, case nunca superaba o cento de alumnos pero tampouco non baixaba case nunca dos cincuenta. Nisto, como en case todo, a facultade de Teoloxía tivera un comportamento moi esta-

ble. Non espertara nunca demasiado interese pero tampouco non era unha facultade baleira e abandonada. A Teoloxía en Santiago paralizárase en tódolos seus aspectos e tamén iso influíra para a súa estabilidade.

O caso máis espectacular de progresión é o que presenta Medicina. A empezos do noso período nin tan sequera existe en Santiago esta ensinanza, porque quedara suprimida polo plan do ano 1807. Desde a súa reinstauración no curso 1811-12 e ata a morte de Fernando VII, os estudos médicos da universidade de Santiago andaran nun estado deplorable, cuns niveis de matrícula baixísimos e un desinterese absoluto dos estudantes cara a esta facultade arcaica e desprestixiada fronte ós máis modernos e mellores Reais Colexios de Cirurxía.

Haberá ser xa coa nova raíña cando a medicina universitaria comece a recupera-lo seu prestixio e, canda el, un considerable número de alumnos que a levarán a se-la segunda facultade máis concorrida da universidade, precedida soamente por Xurisprudencia.

Finalmente, coas reformas de Mata e os amaños posteriores, a medicina universitaria chegará a se erguer definitivamente ó se converter nunha carreira practicamente nova, atractiva para o alumno e con futuro. Ademais en Santiago, e a comezos da segunda metade do pasado século orixinarase

nesta facultade o que se dera en chamar A Escola Médica Compostelá.

Como exemplificación dos progresos da medicina no que a número de alumnos toca, véxase o seguinte

1811/12	1813/14	1815/16	1817/18	1819/20	1821/22	1823/24
4	10	10	2	9	16	38
1825/26	1827/28	1839/40	1841/42	1843/44	1845/46	1847/48
63	91	179	197	164	187	183

cadro, realizado de dous en dous cursos:

A Facultade de Filosofía presenta unha serie de particularidades que a diferencian de calquera outra das facultades maiores. Ata o ano 1847, Filosofía era o estudio preparatorio para a entrada nas outras facultades, ademais de ter unhas cátedras superiores e unha titulación propia. Este dualismo provocara que a facultade estivese moi concorrida na súa parte de ensino secundario e practicamente baleira na súa parte de facultade independente.

Á marxe do que xa se dixo para Xurisprudencia. contando o número de alumnos en segunda ensinanza e mailo dos matriculados nas Cátedras superiores, a facultade de Filosofía é a de maior afluencia da universidade, aínda que os datos non sexan tan fiables como os das Facultades Maiores e, ademais, non resulten tan significa-

tivos. Será soamente a partir do plan Pastor Díaz cando sexa posible falar da Facultade de Filosofía en iguais condicións que as demais. Cando a segunda ensinanza fora definitiva-

mente afastada da facultade, esta perderá un considerable número de matriculados aínda que os había recuperar de contado, especialmente despois da creación da sección de Administración no ano 1850, e pasara a se converter na facultade máis concorrida unha vez máis. De tódolos xeitos, ó ser unha facultade dividida en catro seccións sería máis lóxico e máis significativo o estudio de cada unha das seccións por separado, tomándoas coma se cada unha delas constituíse unha carreira distinta.

No que toca á relación matriculado/aprobado, non temos datos senón é ata o curso 1822/23 pero, ata esa data, a porcentaxe de alumnos aprobados nese ano é ben alto.

Pódese dicir que, polo xeral, calquera alumno matriculado que asistise con regularidade ás súas cátedras e academias dominicais, conseguía ga-

ña-lo curso ó seu remate. A meirande parte dos suspensos eran debidos máis ben a faltas de carácter disciplinario que non académico, sendo bastante normal que os alumnos que non gañan o curso fose como resultado de supera-lo número permitido de faltas de asistencia, quince en total, ou por provocar incidentes que desen lugar á súa expulsión.

Ata o plan do ano 1924, os únicos exames eran os de grao, xa que aquel alumno que “aproveitase” ben o curso, estaba aprobado. No 1824 especificase xa que hai uns exames de fin de curso, entre os días 1 e 30 de xullo, para tódolos alumnos. Son orais e, no caso de suspendelos, pódese acudir a outro quince días despois. De suspender este segundo exame, había outro novo no prazo de catro meses, e, de non pasalo, deberíase repetir curso. Se se volvía suspender ó remate do novo curso, o alumno era expulsado.

Coas reformas de Espartero muda o sistema. Impóñense os exames a finais de curso, ordinarios os de xullo e extraordinarios os de setembro, para suspensos e non presentados.

Con Pidal o sistema é case igual, xa que o único cambio introducido é o de poñer dous exames particulares ó longo do curso, e decembro e mais en marzo, ademais dos finais. Nos plans

posteriores non mudaría moito esta situación, agás que, moi a modo, van aparecendo os exames escritos en detrimentos dos orais.

Porcentaxe de aprobados entre os anos 1808/24

1807/08: 78%	1809/10: 73%
1810/11: 80%	1811/12: 91%
1812/13: 82%	1813/14: 90%
1814/15: 92%	1815/16: 76%
1816/17: 98%	1817/18: 72%
1818/19: 88%	1819/20: 91%
1820/21: 89%	1821/22: 95%
1822/23: 96%	1823/24: 94%

Ademais dos exames de curso, o estudante podía acceder ós distintos graos académicos, que eran tres: Bacharel, Licenciado e Doutor. Ós dous primeiros accedíase ó completar un determinado número de cursos, segundo o especificase cada un dos plans, e despois de sufrir un exame. Dependendo dos distintos plans de estudio, estes exames foran mudando, aínda que non de forma moi considerable. O grao de Licenciado seguírase, e séguese aínda, mantendo mentres que o de Bacharel fora quedando no esquecemento ó ser progresivamente substituído polos exames de curso e, finalmente, desaparecer.

O terceiro dos graos é o que sufriu máis mudanzas. Aquel que quixese ser doutor por Santiago no ano 1807 non

precisaba de realizar ningún estudio especial nin superar ningún tipo de exame, todo consistía nun acto cerimonial polo que os xa doutores impuñan as súas galas e prebendas ó novo membro³².

Mentres se mantivera esta cerimonia a universidade seguira a nomear así ós seus doutores, mais no curso 1842/43 e, sobre todo, a partir de Pidal, quedaban especificados xa nos plans unha chea de condicións para poder acceder ó grao de Doutor. Tratábase, en esencia, de realizar dous anos máis de estudos propios do doutoramento, pero estes estudos soamente se podían realizar na Universidade Central de Madrid e para podelos facer era preciso ser licenciado. Deste xeito, a única universidade española na que había doutoramentos era na de Madrid, privando á de Santiago da concesión do título de Doutor.

Outro dato interesante referido ó alumnado é o da súa orixe xeográfica, aínda que aquí batemos con moitísimos problemas. En primeiro lugar non sempre se especifica a orixe do alumno matriculado, non temos datos de matrícula para tódolos anos do período e, por último, ata o ano 1840 podemos contabiliza-los alumnos por dióceses de procedencia, mais a partir desa data hai que o facer por

provincia, cos conseguintes axustes precisos.

En calquera caso, e como é lóxico, a diócese de Santiago -e, xa que logo, a provincia da Coruña- será a que máis alumnos aporte á universidade, cubrindo sempre ó pé dun 60% do total do alumnado. A seguir están as dióceses de Lugo e Ourense e, finalmente, as de Tui e Mondoñedo. Coa distribución en provincias, Pontevedra pasará a ocupa-lo segundo posto e a Ourense e Lugo corresponderanlles os lugares terceiro e cuarto, respectivamente.

Na primeira época a diócese de Santiago era a máis grande e rica de Galicia, ademais de se-la de máis preto, xeograficamente, e que a incluía no seu territorio un meirande número de centros de poboación importantes. Por estas razóns haberán se-las provincias de A Coruña e de Pontevedra as que aporten maior cantidade de alumnado, xa que ocupan, na súa meirande parte, a diócese de Santiago, ademais dalgúns outros de outras dióceses, como é o caso da de Tui.

O número de estudantes que proviñan do resto de España era bastante escaso e, destes, os que acudían a Santiago pertencían, na súa maior parte, ás dióceses ou provincias limítrofes nas que non había universidade.

32. O doutoramento no ano 1807 era unha grande cerimonia na que o futuro doutor había facer fronte a importantísimos gastos. Por iso o requisito principal para acceder ó grao de doutor era o desafogo económico.

Tamén é posible constata-la presenza de alumnos estranxeiros, aínda que en moi escaso número, de moi diversa orixe, fundamentalmente doutros países de Europa e algúns americanos coma Cuba ou México.

Ademais da distribución por dióceses, pódese facer outra de acordo coa procedencia rural ou urbana do alumnado, tendo sempre en conta as limitacións xa citadas.

Así nos atopamos con que se inverten as tendencias, xa que, a empezos do período hai máis alumnos procedentes do medio rural e a cousa vai mudando de tendencia ata que son maioría os orixinarios de zonas urbanas. Isto podería vir motivado, se cadra, polo constante aumento do peso demográfico de cidades e vilas segundo nos imos achegando a mediados do século³³.

Como se pode supoñer, a cidade que máis veciños manda á universidade é a propia Santiago por razóns obvias. Debido á proximidade calquera familia de Compostela cuns ingresos moderadamente altos podía mandar ós seus fillos -ou a algún deles- á universidade sen que iso supuxese un grave desembolso económico. Pola contra, se o alumno procedía doutra vila precisaba duns recursos que lle abondasen para pagar non soamente

as taxas académicas senón tamén a vivenda e maila manutención. Por iguais razóns son as vilas máis poboadas e as de máis preto as que mandan á universidade un meirande número de estudantes.

A universidade como institución dentro dunha sociedade reflicte na súa historia o comportamento desa sociedade, de aquí que a Academia Compostelá se vise tamén afectada polos moitos avatares da España do seu tempo. Imos constatar varios episodios da historia española e galega nos que o alumnado compostelán xoga un papel importante. Podemos, tamén, falar do comportamento estudiantil como o espello da sociedade do seu tempo, polo menos no referido á mocidade pertencente a determinadas clases sociais.

No ano 1808, coa Guerra da Independencia en marcha, a universidade fundara o Batallón Literario, que era o cuarto dos armamentos estudiantís da súa historia, despois dos habidos nos anos 1663, 1665 e 1702.

De calquera xeito, este do ano 1808 vai se-lo máis sonado de todos e pasaría á historia co nome de Batallón Literario. Organizárase por iniciativa dos propios alumnos o 31 de maio e quedando formado por 1.200 deles, ós que se lles dera o grao de cadetes.

33. A pesar do aumento da presenza na universidade dun alumnado orixinario das cidades, o rural nunca chegaría a perder a súa importancia, se cadra polas especiais características do poboamento de Galicia.

Mandábao o Marqués de Santa Cruz, a quen a Universidade outorgara o título de Doutor en tódalas súas facultades e tamén a capacidade de conceder este grao a aqueles estudantes distinguidos coa armas. A Universidade dotara ó Batallón mesmo de estandarte propio: unha bandeira nacional co lema: *Auspice Deo: Pro Libertate Regis: Palladis Legio. Anno MDCCCVIII*³⁴

O Batallón entrara en campaña, mes e medio despois da súa constitución, formando parte do exército do Xeneral Blake. Máis tarde, ó se ver reducido o número dos seus compoñentes por causa das baixas e os ascensos, pasara a se-la primeira compañía do Batallón de Voluntarios de Santiago, aínda que conservara a súa bandeira e mando, agora na persoa do Marqués de la Romana.

Desde se retiraran de Galicia as tropas francesas, os restos do Batallón seguiran en campaña polo país todo ata que se foi disolvendo.

En anos posteriores, a universidade fará por recupera-la bandeira do Batallón e, despois de moitos intentos, chegará a conseguilo no ano 1822, cando volvera desde Pamplona, escoltada polo Rexemento de Infantería de Vitoria que viña de gornición a Galicia. A bandeira fora recibida con

tódalas honras e instalada na biblioteca da Universidade que, ademais, decidira e costeara a colocación dunha lápida conmemorativa na praza da Quintana que, desde aquela, pasaría a se chamar Praza do Literarios.

Ó longo do período que nos ocupa a universidade fixera numerosas homenaxes ós seus alumnos que foran loitar contra os franceses, considerándoos sempre como heroes. Para a Universidade esta sempre será unha das páxinas máis gloriosas da súa historia, ata o punto de utilizalo como defensa diante das constantes sospeitas de liberalismo que espertaba Santiago na corte de Fernando VII³⁵.

Co devir dos acontecementos posteriores, os alumnos de Santiago mobilizaranse en tres ocasións, aínda que sempre por cuestións políticas.

No período do Trienio houbera un número considerable de alumnos que se alistara na Milicia Nacional, o que supuña unha toma de conciencia política por parte dun sector dos estudantes. Os problemas chegaran co novo triunfo do absolutismo xa que daquela comezaran as purgas entre alumnos e profesores. Como a Universidade fora sempre considerada sospeitosa por Fernando VII, resultara ser unha das institucións máis afecta-

34. Esta é a primeira na historia universitaria vez que un armamento estudiantil de Santiago chega a ter bandeira propia, xa que ata o daquela sempre se usara a da Universidade

35. A Universidade de Santiago utilizara sempre ó Batallón Literario como escudo protector fronte ás numerosas acusacións de liberal que recibira por parte de Fernando VII.

das polas purificacións. Estas comezaran en Santiago no ano 1825 e, aínda que afectaran máis ós profesores, por dúas Reais Ordes do 10 de decembro do 1825 e de 21 de xaneiro do 1826, mandábase o sometemento a xuízo de purificación para todos aqueles estudantes que se alistaran no seu tempo na Milicia Nacional. Á fin o número de alumnos afectados non fora moi alto e a maioría deles conseguiran que os declarasen purificados en primeira ou segunda instancia, pero a partir dese momento todo o alumnado haberíase ver sometido a moitísimas restriccións: para matricularse eran precisos certificados de boa conducta asinados polo párroco e ter demostrada a súa adhesión ó réxime fernandino, ademais quedaban prohibidas as asociacións de estudantes de calquera tipo³⁶.

O segundo destes incidentes colectivos e con matices políticos prodúcese no ano 1836. Neste ano un grupo de estudantes manifestara as súas queixas contra varios catedráticos porque estes defendían o absolutismo e atacaban ó réxime liberal nas súas clases "*emponzoñando el corazón da la juventud*" como se dicía nunha carta presentada ó claustro e asinada por cincuenta e oito estudantes³⁷.

Como o Claustro non fixese moito caso destas queixas, os alumnos organizaran desordes nas aulas e fóra delas, ata o punto de que o Gobernador Militar da provincia dicitara unha orde pola que se apartaba momentáneamente do ensino ós catedráticos acusados e se pechaba a Universidade.

Máis adiante a universidade volvería abri-las súas portas e seguira o curso normal, aínda que se concretara a expulsión definitiva dalgúns dos catedráticos acusados polos alumnos. Era a primeira vez que un sector significativo dos estudantes tomaba postura política e chegaba a se enfrontar abertamente a un grupo de profesores que defendían o absolutismo nun momento no que era posible que se producise o seu retorno coa ameaza da guerra carlista.

O terceiro e máis importante suceso fora o levantamento do ano 1846.

Nos días anteriores ó pronunciamiento de abril dese ano xa se notaran en Santiago unha serie de comportamentos políticos por parte dalgúns universitarios destacados, especialmente Antolín Faraldo³⁸.

36. Sobre purificacións de alumnos, F. Estrada Catoyra, BRAG. nº 235-240 (1931) pp. 254-267.

37. A carta dos alumnos fora vista no claustro o 17/3/1836. AHUS. Libro A 144, Libros de Claustros.

38. Sobre A. Faraldo, ver B. Cores Trasmonte, *Vida y muerte de Antolín Faraldo*, Cuadernos de Estudios Gallegos, Tomo XXVI, fascículo 79, 1971.

Faraldo xa se dera a coñecer por medio de varias intervencións públicas, mesmo, no mes de decembro do ano 1845, o rector interino, Rufo Rodríguez Valdespino, mandara un oficio ó *Jefe Político de la Provincia*, sacándolle importancia a un incidente protagonizado por Faraldo nun café de Santiago. Segundo o informe do Rector, Faraldo convidara ós presentes no Gran Café a brindar polo nomeamento de Lord J. Rusell, destacado membro do partido liberal, para o Ministerio de Exteriores británico, afirmando que este feito podía influír decisivamente no aumento das liberdades en España. O incidente non pasara a maiores gracias á actitude do rector, pero as autoridades políticas non tomaran a ben a actitude de Faraldo, que máis adiante habería provocar outros incidentes nas academias de Xurisprudencia e Medicina causando "*varios desórdenes a la par que turbando la paz*"³⁹.

Faraldo será unha das figuras máis salientables da chamada Xeración do 46, na que aparecen outros nomes coma os de Romero Ortiz, Pío Terrazo, Ramón Garea, Bermúdez Cedrón ou os irmáns Pasarín. Nado en Betanzos no ano 1822 e fillo dun afervoadado absolutista defensor de Fernando VII, a súa vida fora breve, morrera en Granada ós 30 anos, pero intensa no seu traballo, podendo ser considerado o pai do provincialismo galego e un dos máis des-

tacados intelectuais e xornalistas galegos do século pasado.

O paso pola universidade servíralle para se graduar de Bacharel e medicina, aínda que nunca exercería tal profesión, e, sobre todo, para se relacionar coa intelectualidade galega do momento. O seu papel no levantamento do ano 1846 fora moi importante, ata o punto de lle valer o exilio. Á volta del nunca máis volvería traballar en Galicia, dedicándose ó xornalismo en Madrid.

O día 2 de Abril do ano 1846, pronunciábase en Lugo -e dous días despois en Santiago- un exército ó mando de Solís. A idea dos pronunciados era a de volver ás ideas de Espartero, con moitos partidarios en Galicia. Ademais do exército sublevado, uníranse ó levantamento os sectores do partido progresista da cidade e un amplo grupo de estudantes.

Despois de constituída a Xunta de Santiago e tras dunha serie de bandos e proclamas, prodúcese o alistamento de estudantes no propio edificio da universidade. Diante das invitacións de Faraldo e de Romero Ortiz, feitas nas aulas para que os estudantes se unisen ós alzados, a resposta fora entusiasta e colectiva. Fixérase baixar daquela o Libro de Matrícula e sobre el decidírase aqueles que eran máis aptos para se mobilizar. Alistáranse en total uns 300 alumnos, aínda que moitos

39. AHUS. Libro A 400. Informe do 15/1/1846.

outros colaboraran co levantamento de moi diferentes maneiras.

Días despois o Rector decretaba o peche da Universidade que permanecera aberta ata o daquela, a pesar das recomendacións feitas polo goberno para que adiantasen as vacacións de Semana Santa.

Os estudantes alistados ocupáranse da garda das portas da cidade e outros fixeran de mensaxeiros entre as distintas cidades pronunciadas, a máis de propaga-lo levantamento por toda Galicia. Mesmo chegaran a ocupar cargos directivos nas Xuntas, coma no caso de Faraldo que sería nomeado Secretario da Xunta Superior de Goberno de Galicia e fora o autor da proclama que esta mesma Xunta ía ler o día 15 de abril.

Derrotado, finalmente, Solís na batalla de Cacheiras, preso e fusilado despois dun xuízo sumarísimo, as autoridades comezaron na universidade a procura de culpables e colaboradores dos sublevados⁴⁰.

Nestas circunstancias a actitude do rector interino Rodríguez Valdespino pode ser considerada exemplar xa que fixo canto puido por evitar represións e persecucións. Negárase a formar parte da Xunta que se encargaba de pescudar no comportamento de cada un dos universitarios para poñe-

lo en coñecemento das autoridades civís, escusándose coa interinidade do rectorado e coa súa condición de crego.

Intentara, e conseguira e moitos casos, xustificar ós alumnos asegurando que foran coaccionados para colaborar cos insurrectos so pena da súa vida e que, ademais, moitos deles fuxiran, mesmo despois de feito o alistamento e reparto de armas.

Procurara tamén que a Universidade seguise o seu curso normal, mandando moitísimas peticións para que fosen dispensadas as faltas de asistencia dos alumnos durante o tempo dos sucesos de abril. Valdespino estivera, xa que logo, claramente a favor do alumnado, evitando persecucións e represalias coa conseguinte carga de resentimentos que sempre as acompañan. Mesmo houbo de se defender el mesmo diante das acusacións que se lle fixeran desde o goberno por non pechar antes a Universidade e por non demitir do cargo durante a revolta.

O novo rector chegaba coas cousas xa máis acougadas. Juan José Viñas fora menos conciliador e tomara partido polo goberno e os seus representantes aínda que os castigos ós alumnos foran disfrazados de faltas académicas, como a non asistencia ás cáte-

40. Sobre o levantamento de Solís, X.R. Barreiro Fernández *El levantamiento de Solís y el nacimiento del galleguismo*. Santiago, 1977.

dras, evitando vencella-las sancións a motivos políticos.

Tamén podíamos falar dunha conflictividade estudiantil moito máis frecuente pero moito menos significativa historicamente, aínda que reflecta o xeito de vida e mailos costumes dos antigos estudantes composteláns.

De sempre se considerara ós universitarios como un grupo humano dado ás liortas e conflictivo no tocante ó mantemento da orde pública. A universidade compostelá e os seus matriculados nunca foron unha excepción neste sentido e, xa desde tempos moi anteriores ós aquí tratados, rexistráranse leas e medidas de todo tipo adoptadas polas autoridades para facer polas frear.

En primeiro lugar é preciso falar do foro académico que cubría a todas aquelas persoas vencelladas á universidade dunha ou outra maneira, colocándoas por baixo da autoridade directa do rector e a salvo da xustiza ordinaria, moito máis dura polo xeral.

Tendo en conta a vantaxe do non sometemento á autoridade civil, agás en casos moi graves ou previa autorización do rector, e que a única condición para estar aforado, no caso dos estudantes, era a de ter pagos os dereitos de matrícula, que non eran excesivamente caros, e te-la cualificación necesaria para podelo facer polo menos en Filosofía é bastante lóxico

pensar que unha certa porcentaxe dos matriculados fixérao para poderse subtraer da acción da xustiza nos seus futuros excesos ou nos xa realizados.

Ademais, o foro académico sempre desatara polémicas entre as autoridades universitarias e as civís, e mesmo as militares, diante das negativas da universidade a entregar algún reo buscado pola xustiza. A universidade dispuña dos seus propios sistemas procesuais e tamén de calabozos.

Os libros de universidade amosan moitos casos de rifas, leas, revoltas, alteracións da orde, agresións a profesores e alumnos, débedas con pousadeiros... provocadas polos estudantes.

Os problemas máis usuais eran os de falta de pagamento nas pousadas e mailas leas nas rúas con outros alumnos ou veciños da cidade, moitas delas debidas a excesos alcohólicos, que podían rematar con feridos e detencións.

Tamén era habitual a asistencia a casas de xogo, nas que barallas e apostas dexeneraban moitas veces en rifas. Ademais, calquera tipo de xogo de naipes estáballe prohibido ós universitarios.

Relacionado co anterior estaba a asistencia ós billares que, aínda que non estaba prohibida, non era vista

con bos ollos polas autoridades académicas, que chegarían a lle facer peticións á autoridade civil para que non se permitise a instalación de salas de billar preto da Universidade, pretendendo así evitar que os alumnos fosen xogar en horas lectivas.

Outras cousas de castigo relativamente frecuentes eran a posesión de libros prohibidos e de armas de calquera tipo, abonde con cita-lo exemplo de dous estudantes detidos no ano 1828 ó se lles atopar nos seus cuartos unha daga, un sabre, un coite-lo, unha pistola e unha carabina.

Tamén están as faltas puramente académicas, como a non asistencia ás cátedras, os insultos ó persoal da universidade e mesmo os roubos no seu interior. Ademais existía a “gamberrada” sen máis, como a que, no ano 1829, argallaran dous estudantes colocando un feixe de palla nun pasaxe escuro da igrexa de San Paio, provocando que caesen todos cantos entraban.

Como era de supoñer, un dos casos máis característicos de faltas de disciplina era o insulto e mesmo a agresión ós catedráticos, case sempre motivados polas malas cualificacións académicas.

Pódese dicir, xa que logo, que os universitarios sempre foron conflictivos

e que a autoridade académica e civil sufría moitos mareos á hora de intentar poñer freo a este tipo de actuacións do alumnado compostelán.

Tódolos plans de estudos inclúen disposicións sobre a disciplina e algúns deles, coma o de Calomarde, chegara a crear na Universidade un Tribunal de Censura e Corrección coa obriga de mante-la disciplina e “educar moralmente á xente nova”⁴¹.

Este Tribunal obrigaba ós alumnos a presentar certificados de boa conducta para poderse matricular e emitía certificacións imprescindibles para case calquera trámite académico.

En calquera caso, e a pesar da moitísimas ordenanzas, que mesmo chegaban a regulamentalo traxe académico, o estudante seguía a dar motivos de alarma ás autoridades.

O PROFESORADO DA UNIVERSIDADE

O corpo docente da Universidade, seleccionado como antes dixemos, sufrira tamén moitas vicisitudes políticas e académicas durante este período. Ademais, a universidade compostelá contara con grandes mestres e homes que marcaran algúns momentos da súa historia.

En primeiro lugar imos falar do que podíamos chamar control ideoló-

41. Plan Calomarde 1824. Colección Legislativa de España. Tomo IX, pp. 230 e ss.

xico do profesorado. Desde os primeiros borbóns ata os liberais isabelinos, tódolos gobernos tiveran consciencia do importante papel da educación como medio de controlar á sociedade, razón pola que todos eles habían poñer notable empeño no control daqueles que exercían o labor educativo.

Á marxe dos xa citados medios e maneiras de acceso ás prazas da universidade, o corpo docente de Compostela sufrira varios períodos críticos de procesos e purgas motivados sempre polas mudanzas no eido político.

O primeiro período de purificacións abrírase despois da Guerra da Independencia cando a universidade e mailo goberno tomaran represalias contra o chamado grupo afrancesado. A finais do século XVIII aparecera en Santiago un pequeno grupo de profesores e catedráticos con tendencias afrancesadas, cousa que non era ben vista polas autoridades universitarias do momento que chegara a expulsar das súas cátedras a varios destes profesores⁴². Coa entrada en Santiago, o día 17 de xaneiro do ano 1809, das tropas francesas mandadas polo xeneral Franceschi van ser precisamente estes profesores os que se han facer cargo non soamente da Universidade senón tamén do goberno da cidade.

O primeiro dos beneficiados polos franceses fora Manuel Sánchez Boado y Fraguío, que había ser nomeado Alcalde adxunto, Corrixidor, Comandante da Milicia Honrada e Xuíz de Imprentas. Será el, precisamente, quen mandará ó Claustro Universitario unha orde para que lle fose xurada fidelidade a José I, xuramento que se fixera efectivo o 26 de xaneiro. Finalmente Fraguío conseguira tamén ser nomeado catedrático de Prenocións canónicas por unha orde do francés Marchand en recoñecemento ós seus “excelentes servicios prestados”⁴³.

O caso de máis sona é o de Pedro Pablo Bazán de Mendoza, que xa antes da entrada en España dos galos tiña manifestado as dúas tendencias afrancesadas e a súa desconformidade coa actitude do Claustro, que xa lle retirara o voto por defender unhas *conclusiones* nas que manifestaba a necesidade de organiza-los estudos de acordo coas teorías e principios de J. J. Rousseau. Máis tarde, xa coas tropas francesas preto da cidade, o Claustro decidiu privar tamén a Bazán da cátedra e do soldo.

Pouco tempo máis tarde, o día 9 de marzo, aparece xa repostado na súa cátedra segundo unha orde da Sala do Crime, e eloxiado por bo patriota e servidor de el Rei. Bazán, desde a súa

42. Sobre os afrancesados e os seus procesos ver S.Cabeza de León, *Historia de la Universidad de Santiago*, C.S.I.C. Santiago 1947. Tomo II, pp. 315 e ss.

43. S. Cabeza de León. *Historia de la Universidad de Santiago*, C.S.I.C., Santiago 1947. Tomo II. pp. 316 e ss.

nova posición de forza, tomara cumprida revancha dos catedráticos que votaran a favor do seu cesamento, conseguindo que fosen eles os suspendidos das súas cátedras e remuneracións.

Tamén conseguira dos franceses os nomeamentos de Director Xeral de Policía, Inspector e Censor Rexio da Universidade, Intendente Honorario da Provincia, Xuíz de Impresos e Superintendente de Correos e Postas, ademais de lograr unha exención especial das súas obrigas docentes pero mantendo tódalas prebendas.

Bazán tornábase na primeira autoridade académica, adquirindo os poderes de Rector e Cancelario, ó quedar o primeiro como substituto e ser suprimido o segundo. Despois da súa toma de posesión, algo pomposa de máis segundo, ó parecer, era o seu costume, o novo Inspector pasaba a se-lo amo absoluto da Universidade. Mais o seu dominio fora efémero, xa que se vira obrigado a fuxir xunto coas tropas francesas debido á proximidade da columna mandada por Martín de la Carrera.

Anos adiante, Bazán fora procesado e condenado en rebeldía, morrendo no exilio francés xa que a Universidade nunca quixo que volvесе, negándose mesmo cando Bazán intentara acollerse á amnistía decretada polos liberais no mes de abril do 1820.

Un dos lugartenentes de Bazán fora o brillante catedrático de filosofía González Varela, tamén afrancesado e beneficiado polas autoridades galas. Varela xa fora privado da súa cátedra no ano 1799, a raíz dunhas xuntanzas no Colexio de San Xerome, do que era vicerrector, con outros membros do grupo afrancesado. Despois da saída dos franceses fora tamén procesado e condenado en rebeldía, aínda que el si que conseguiría volver do exilio acolléndose á amnistía do ano 1920 e reincorporándose á universidade por unha resolución do Claustro do 7 de decembro dese ano.

Outros procesados foran o doutor Vega, o Padre Luis Iglesias e Felipe Sobrino. Os tres foran encausados, sendo condenado o primeiro deles e absoltos os outros dous. No caso de Frei Iglesias porque conseguiu demostra-la súa inocencia e, no caso de Sobrino, porque a súa teima infinita levouno a acudir a tódolos tribunais posibles ata conseguir que a Universidade o volvесе admitir.

Como fin dos procesos, a Universidade declaraba sen efecto tódalas medidas tomadas por Bazán, retiráballes, a el, a Vega, a Fraguío e mais a Varela os títulos de doutor e decretaba que se borrarasen os seus nomes de tódolos rexistros da Universidade.

Despois destes sucesos, a Universidade de Santiago quedará para sempre sinalada pola sospeita, polo

menos ós ollos do monarca, sempre celoso do seu poder absoluto.

No ano 1816, cando a universidade xa se cría libre de sospeitas e estaba disposta a recupera-lo seu pulso normal, íase produci-la última das visitas reais, ordenada polo rei no ano 1815 por causa dunha denuncia, ó parecer anónima -aínda que atribuíble, con case total seguridade, a Freyre Castrillón- pola que se dubidaba da adhesión a el Rei por parte da Universidade.

A misión da visita era a de confirmar esa fidelidade e, ademais, poñer en orde parte da organización universitaria. Coa chegada dos dous comisionados rexios, Teobaldo Rodríguez e Juan Martínez Oliva, a Universidade decide a celebración dunha curta serie de claustros reservados nos que se esforza por proba-lo seu inmaculado comportamento durante a invasión francesa. A base da defensa mantíñase nos alicerces das medidas tomadas contra os afrancesados e mais no heroico comportamento do Batallón Literario.

Ó cabo os visitadores deran unhas providencias nas que trataban de poñer orde na xestión económica, o uso do traxe académico e o segundo ensino e deixando exculpada á Universidade da sospeita de liberalismo e afrancesamento⁴⁴.

Durante o período liberal case non se produciran purificacións ou outros procesos a profesores, se cadra pola maior xenerosidade dos liberais ou por falta de tempo. Haberá ser xa coa volta do absolutismo, no ano 1823, cando comece unha represión moito máis dura que calquera outra contra os colaboradores co liberalismo. O día 21 de xuño do 1824 dictábase unha orde, asinada por Tadeo Calomarde, pola que se decretaba a purificación de tódalas universidades do reino.

A purificación estendérase a tódolos elementos da vida universitaria e fora moi dura. Declarábanse impurificados e excluídos das súas cátedras todos aqueles que pertencían á Milicia Nacional, sacándose de contado as prazas vacantes. Admitíase nos xuízos, levados a cabo por unha Xunta Especial, calquera tipo de testemuño contra os acusados pero nunca ningún ó seu favor.

O labor da Xunta comezara en Santiago o 13 de maio do ano 1825 e declarara impurificados a moitos membros do corpo docente, algún deles tan ilustre como Domingo Fontán, aínda que este sería, máis adiante, xulgado de novo e declarado purificado.

A Xunta sometía ós acusados e

44. A Universidade compostelá celebrara, por causa da Visita Real, uns claustros reservados nos que se tomaran decisións sobre os afrancesados e as acusacións de liberalismo.

mais ós chamados a declarar a un interrogatorio que lles era entregado por escrito e impreso e onde os inquiridos debían contestar, non soamente ás preguntas concretas senón tamén delatar a aqueles profesores que ostentaran cargos, apoiado ou defendido ós liberais ⁴⁵.

Durante o reinado de Fernando VII a universidade sufrira dúas importantes purificacións que a privaran dalgúns dos seus mellores mestres, como son os casos do propio Bazán, de González Varela e de Fontán.

Á morte do rei, a chegada dos liberais ó poder fará que remitan as purgas case de todo, aínda que se sigan a producir algúns problemas menores, motivados sempre pola situación política e polas loitas entre as dúas clases fundamentais de liberais: os Moderados e mailos Progresistas.

Na época isabelina haberá soamente tres momentos nos que algún ou algúns dos catedráticos da universidade serán separados das súas cátedras.

O primeiro deses momentos será no ano 1836, cando o gobernador de Galicia, Pío Pita, manda un oficio á universidade polo que dá a orde de que varios catedráticos sexan apartados dos seus postos por defende-las institucións do absolutismo. En cumpri-

mento ó mandado no oficio foran depostos das súas cátedras Antonio de la Flecha Castañón, Juan Ramón Barcia, Jerónimo Comesaña, Antonio Solla e Bruno Roig.

O segundo suceso produciríase no ano 1840 como consecuencia do pronunciamento “esparterista” do xeneral Martín José de Iriarte. Despois do triunfo dos pronunciados, a Xunta de Santiago depurara a alto número de alcaldes, funcionarios do concello e do Real Hospital e a nove profesores universitarios. Uns meses máis adiante eran separados outros tres cargos da universidade: o tesoureiro, o secretario e mailo mestre de cerimonias.

Coa caída dos “esparteristas” e a do propio rexente, os moderados intentaran volte-las cousas á situación anterior e decretaran unha amnistía xeral.

Por último, o terceiro destes momentos será no ano 1846, cando se produce o levantamento de Solís, se ben as purgas case non afectaran ó profesorado, centrándose nos alumnos que se adheriran á sublevación.

Se ben é certo que a Universidade compostelá podería considerarse relativamente atrasada con respecto ás institucións do resto de Europa, no período no que se mantén a súa autonomía,

45 Sobre as purificacións de profesores. F. Estrada Catoyra. BRAG. nº 235.240 (1931) pp. 254-267

salientaran por riba da mediocridade xeral algúns catedráticos posuidores dunha altura intelectual que está moito por riba da do resto da universidade española. Andado o tempo, despois das reformas dos liberais, a de Santiago convértese nunha universidade provinciana e, aínda que houbera algún profesor destacado, nunca poderá acadalos niveis de épocas anteriores, sendo sempre profesores valorados, pero soamente dentro dos límites rexionais.

Por outra banda, a vella universidade outorgaba maior liberdade ós catedráticos e, se ben non fomentaba o espírito investigador tampouco non lle puña atrancos, e de aí a aparición de eminentes sabios. Mentres isto sucedía na universidade do Antigo Réxime, a universidade liberal vai ser moito máis moderna nas súas ensinanzas pero moito máis ríxida en tódolos aspectos. Así, o profesor tiña as súas obrigas e dereitos enteiramente regulamentados, pero entre as obrigas non estaba a de investigar. A universidade liberal dará bos mestres e transmitirá coñecementos máis avanzados, pero nela xa non destacará ningún profesor do mérito de Fontán, Rodríguez, González Varela...

Podemos dicir que, en xeral, a universidade compostelá estivera na liña de tódalas do seu tempo, cunha primeira fase moi anárquica pero con grandes individualidades e outra disciplinada e estable pero con profesores

que dificilmente saíron da mediocridade.

A seguir imos dar unhas breves notas biográficas sobre algúns dos profesores máis sobranceiros da Universidade de Santiago.

José Rodríguez González: Nado en Santa María de Besmez, na Deza, no ano 1770, foi un dos máis ilustres catedráticos que deu esta Universidade. Despois de estudar en Santiago Filosofía e Teoloxía, acadando os graos de Bacharel e Licenciado, respectivamente, fíxose coa substitución de Matemáticas na Facultade de Filosofía, conseguindo a cátedra en propiedade no 1808. A pesares diso e dos brillantes méritos aportados por Rodríguez, sufrira varios intentos de ser despoñuído da cátedra por causa das longuísimas ausencias, motivadas polo seu enorme interese científico e que o levaran a unha verdadeira peregrinación de estudos polas mellores universidades europeas do momento. Estudiara en Friburgo, París, Gotingen, Londres ou San Petersburgo, sendo, ademais, comisionado pola universidade e mailo goberno para cumprir distintos encargos en Europa, séndolle ofrecido o posto de director do Observatorio de San Petersburgo.

Fora un dos grandes promotores da ciencia na que sempre foi a súa Universidade e á que aportou tódolos seus coñecementos, obtidos ó longo de moitos anos de estudio e dedica-

ción a tarefas investigadoras. Tamén doara á universidade o seu ben provisto laboratorio, así como unha importante colección de obxectos de historia natural que pasaron a formar parte do gabinete desta disciplina. Deixou, ademais, un bo número de publicacións e escritos.

No ano 1819 renunciara ó ensino e conseguira a xubilación, mais as súas inquietudes científicas levárano a seguir coas viaxes de estudio por Europa ata o ano do seu pasamento, o 1824.

Ademais dos seus méritos académicos, Rodríguez fora deputado en Cortes por A Coruña en varias ocasións, director do Observatorio de Madrid e profesor do Museo de Ciencias Naturais.

Domingo Fontán Rodríguez: Nado en Porta do Conde, Portas, o 17 de abril do ano 1788, estudiara Filosofía, Teoloxía, Leis e Cánones, doutorándose nas dúas primeiras e acadando o bacharelato nas outras dúas.

Discípulo e sucesor de Rodríguez, a súa vida profesional na universidade comezara no ano 1811 cando obtivera a substitución de Retórica ó tempo que ensinaba inglés e francés na Escola Militar do IV Exército de Compostela. Máis tarde ía substituír ó titular de Lóxica e Metafísica e, no ano 1815, suplira a ausencia do cate-

drático de Matemáticas Sublimes, José Rodríguez.

Entre os anos 1817 e 1820 conseguiu en propiedade e sucesivamente as cátedras de Elementos Matemáticos e Matemáticas Sublimes, permanecendo nesta última o resto da súa vida académica, continuando o labor de Rodríguez.

Sufrira denuncias e procesos en dúas ocasións por causa das súas tendencias liberais. No ano 1814 fora acusado por outro doutor, mais, demostrada inocencia no Claustro, seguira exercendo a súa cátedra. Despois da derrota dos liberais fora un dos procesados pola *Junta de Purificación*, aínda que tamén fora absolto e repostado na cátedra.

Ostentara diversos cargos, como os de director do Observatorio de Madrid e fora membro de numerosas sociedades científicas, entre elas a Academia de París, ademais de colaborar coas escolas de enxeñeiros e das obras do ferrocarril.

No 1834, e dedicada á Raíña Gobernadora, publicara a súa obra máis coñecida, a monumental Carta Geométrica de Galicia. Obra na que o autor empregara vinte anos da súa vida, camiñando por toda Galicia e tomando medidas e proxeccións case sen axuda e sen medios. O seu estudio é tan exhaustivo que especifica as localidades máis cativas, reflicte a

división en comarcas naturais, fai reseña dos lugares nos que hai feiras e dos que pertencen ás distintas ordes, como a de Santiago ou de San Xoán. O seu traballo segue a ser, aínda hoxe, perfectamente válido e durante moitos anos resultara imprescindible para facer calquera estudio xeográfico de Galicia.

Como Rodríguez, o seu interese científico leváao a realizar numerosas viaxes polas universidades españolas e europeas e, tamén coma el, fora deputado en Cortes por Pontevedra en varias lexislaturas entre os anos 1836 e 1843.

Fontán morría o 24 de outubro do ano 1866 en Santa María dos Baños, Cuntis, e era enterrado no cemiterio de Santiago.

Pedro Pablo Bazán de Mendoza: Ademais do xa dito sobre el, Bazán, nado en Cambados o 22 de xaneiro do 1758, fora dirixente do grupo afrancesado da universidade, un fato de homes de ampla cultura e arelas anovadoras, con proxectos que foran esquecidos e desterrados polo sector máis inmovilista do Claustro, ó tempo que eles eran perseguidos e obrigados ó exilio. As súas ideas reformadoras tiñan un sinalado carácter práctico, pero cando estiveron situados nos órganos de poder da universidade, víronse incapaces de os levar a cabo. O seu grande problema foran as

ideas políticas que os levaran a se atopar entre dous bandos. Estaba, por unha parte o sector tradicionalista-absolutista que se opoñía a eles por causa dos seus proxectos baseados nun ideal ilustrado, nun poder forte pero do lado do progreso, e, por outra, o sector dos liberais, en xeral de acordo coas súas ideas reformistas pero contrarios de todo no político, xa que os afrancesados querían un goberno forte, centralista e afastado dos excesos da Revolución Francesa.

Bazán estudiara no Colexio de Poio e na Facultade de Leis, na que obtivera os tres graos. Acadara os postos de Xuíz de Excesos e catedrático perpetuo de Dereito Español, ademais da presidencia da Real Academia de ámbolos dous dereitos. Home de amplísima cultura e grandes coñecementos, propuxera un plan específico para a facultade de Leis de Santiago no ano 1805. Tratábase dun plan orixinal e moderno no que se lle daba preferencia a novas materias, incluíanse outras directamente relacionadas con Galicia e rematábase co ciclo aristotélico. Ademais, o seu proxecto tiña en conta as particulares circunstancias da Universidade de Santiago e mailas súas limitacións, mesmo as económicas.

Os seus proxectos nunca contarán coa aprobación do Claustro, co se enfrontara abertamente, personalizando o enfrontamento co que daquela era Rector e, máis adiante, Dean da

Catedral, o doutor Andrés Acuña y Malvar.

En torno a Bazán formárase algo semellante a un grupo de presión dentro do Claustro, de ideas ilustradas e afrancesadas, e as súas xuntanzas celebrábanse nos aposentos do vicerrector de San Xerome e catedrático de Filosofía, o doutor González Varela. Este grupo opuxérase con forza ó sector máis numeroso e tradicionalista do claustro, encabezado polos regulares e, especialmente, por Jacobo Blanco.

Durante o efémero goberno francés convertérase no máximo mandatario da universidade, pero despois vírase obrigado a fuxir e fora declarado proscrito pola universidade, que mesmo lle chegaría a retirar-lo título de doutor. Malia os seus intentos para volver a universidade nunca o había perdoar, obrigándoo a quedar no exilio francés, no que escribira moitas obras e realizara varias traducións, entre elas a da *Henriade* de Voltaire, no prólogo da que se queixa das persecucións padecidas e do seu desterro.

No ano 1853 morría en París e canda el desaparecía un dos máis notables profesores que tivera a Universidade de Compostela, aínda que ela o repudiase, deixando así un importante baleiro na súa cátedra de Leis que dificilmente se puidera encher.

José González Varela: Nado en San Xurxo de Goá, Lugo, fora colexial de Fonseca, licenciado en Cánones e catedrático de filosofía desde o ano 1791. Tamén fora membro do clube "afrancesado", frecuentaba, xunto cos outros membros, o cuarto da biblioteca universitaria chamado *Prohibitorum libraria* e organizaba nos seus aposentos as reunións do grupo.

Tamén propuxera varias reformas de carácter ilustrado a finais do século XVIII e presentara ó Claustro un proxecto de plan de estudos para Filosofía que afastaba o ciclo aristotélico e daba entrada a materias máis modernas e científicas, plan que, como xa pasara co de Bazán para Leis, había ser desestimado polo sector tradicionalista.

No ano 1807 publicara uns *Elementos de Lógica y Metafísica* especificamente destinados ó ensino desas materias na Universidade compostelá e conseguira poder impartirla súa disciplina por medio do seu propio texto e non do previsto non plan de estudos, o libro do Padre Jacquier, que Varela consideraba menos axeitado có seu por ser "menos claro e metódico".

Igual que Bazán, ocupara cargos e fixérase con distintas prebendas durante o dominio francés e tamén se vira obrigado a fuxir coas tropas. A universidade retirou os seus títulos e

borrou dos seus libros o nome da Varela. Malia todo, deuse acollido á amnistía dos liberais do ano 1820 e volveu para Santiago, aínda en contra dun sector da universidade, para ocupar unha substitución na facultade de Filosofía, pero nunca recuperou o seu posto de catedrático.

Outra vez máis, os avatares da política privaron á Universidade dun home de ciencia e dun reformador que nunca viu realizados os seus proxectos. González Varela morreu en Santiago no ano 1842.

Antonio Casares e Rodrigo: Nacido en Monforte de Lemos no ano 1812, Casares foi un dos maiores impulsores da ciencia na universidade compostelá.

Cursou estudos de Filosofía, Farmacia e Medicina en Santiago e noutras universidades españolas, e alcanzou o doutoramento en filosofía, a licenciatura e o doutoramento en farmacia polo Colexio de San Fernando de Madrid e pola universidade de Santiago e maila licenciatura en medicina por esta última universidade.

Foi profesor de Historia Natural desde o ano 1840 ata o 1843, cando obtivo a cátedra de Física e Química do Colexio de Farmacéuticos, o posto no que estivo ata o ano 1845, no que o nomearon propietario da cátedra de

Química en Filosofía. Nesta mesma cátedra ficou ata xubilarse, e chegou á categoría de ascenso no ano 1847 e á de término no 1856.

Ocupara o cargo de rector interino varias veces e fora nomeado titular no mes de maio do ano 1872, aínda que cesara no mes de xullo dese mesmo ano. Posteriormente había volver ser rector no 1873, ostentado o cargo ata o seu pasamento no ano 1888.

Home de grandes inquietudes científicas, pertencera a moitísimas asociacións e academias. A el se deben unha grande parte das análises de augas medicinais feitas non só en Galicia, senón en toda España. É o autor de moitísimos traballos nos que se investiga unha grande variedade de temas, desde a análise das vides galegas e os terreos nos que se cultivan ata un "*medio de purificar la atmósfera en tiempo de epidemias*".

Fora tamén el quen primeiro proxectara a creación dun pequeno xardín botánico da universidade para instalar nos xardíns de Fonseca, que daquela era Facultade de Farmacia. Este proxecto nunca se vería realizado a pesar da teima que Casares puxera nel.

Casares, despois dos longos anos de labor na súa cátedra e mais no posto de rector, gañara a admiración e

maillo respecto de moitos sectores da vida da cidade, como así o fan ver as moitísimas manifestacións de dor ás que dera lugar o seu pasamento.

José Varela de Montes: Nado en Santiago, no mes de setembro do ano 1796, fora bacharel en Filosofía por Santiago, cursando máis adiante estudos médicos en Madrid e licenciándose no 1819.

Á súa volta a Santiago ocupara varias substitucións na facultade de Medicina ata se facer coa cátedra de Fisioloxía e Hixiene, aínda que despois habería ocupar outras cátedras desta Facultade.

Sempre se considerou a Varela de Montes un importante divulgador da nova medicina, mesmo en varias ocasións chegará a se converter en editor dos traballos dalgún dos seus colegas.

Pertencera a moitas sociedades médica e recibira múltiples condecoracións polo seu labor. Fora tamén

deputado en Cortes por A Coruña entre os anos 1844 e 1846.

Se ben é certo que do seu labor investigador e docente non deixou noticias importantes o seu meirande mérito foi o de inicia-la *Escuela médica compostelana* cun amplo grupo de médicos que traballaron e ensinaron en Santiago durante a segunda metade do século e que ergueran notablemente o nivel da medicina galega, poderíamos citar, entre outros, a Alejandro Rodríguez Cadarso, Mariano Gómez Ulla, Miguel Gil Casares e mesmo a Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Varela de Montes non acadara as alturas dos Fontán, Rodríguez, etc., pero pode ser considerado un intelectual de provincias de quen, sona e méritos, rara vez traspasarán os límites de Galicia pero que fixera unha importante aportación ó rexurdimento da medicina universitaria.

Varela de Montes finaba no seu Santiago natal o día 30 de marzo do ano 1868.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (1857 - 1936)

María Jesús Souto Blanco

1. ESTRUCTURA INSTITUCIONAL DA UNIVERSIDADE. CONSOLIDACIÓN DO NOVO SISTEMA EDUCATIVO. A LEI MOYANO, 1857

A Lei de I.P. do ministro de Fomento, Claudio Moyano, consolidara un proceso aberto por Ministerios moderados anteriores, concretamente polo de Pidal no 1845, e mantivera a súa vixencia durante preto de 100 anos. A organización do Ensino que establece responde ó sistema ideolóxico-político do momento, isto é: o Liberalismo doutrinario. Non obstante, e posto que, desde empezos do s. XIX, política e pedagogía formaron un corpo único, cada goberno elaboraría un plano de Instrucción Pública para formar á mocidade no correspondente proxecto político. Disto derivará unha continua politización da vida universitaria, instrumentalizada e sometida a mudanzas culturais.

1.1. Ideoloxías-sistemas políticos e educación universitaria, 1857-1936

O liberalismo doutrinario (moderado coa Restauración), será o que

determine o panorama político español durante este período, agás nalguncha breve paréntese de escasa estabilidade: 1868-74, 1923-30 e 1931-36. Esta ideoloxía é un híbrido no que coexisten formas de tradicionalismo e formas moderadas do liberalismo, resultado dun pacto entre a alta burguesía e maila aristocracia, co apoio da Monarquía e mais da Igrexa, e tendo ó exército como soporte, o que se traduciu no establecemento de sistemas constitucionais forxados baixo a hexemonía dunha reducida oligarquía con institucións a ela axeitadas. Durante a Monarquía isabelina a Universidade será unha institución submisiva ó poder e defensora dos fundamentos do moderantismo histórico. Coa Restauración, ademais da defensa desa ortodoxia e debido áextraordinaria influencia (especialmente a partir do 1881) da Institución Libre de Enseñanza no aparato do Estado e ás reformas introducidas polos progresistas durante o Sexenio, produciranse amplos debates sobre a liberdade de ensino e de cátedra, así como realiza-

cións de grande transcendencia científica e cultural.

A outra variante da ideoloxía liberal, *O LIBERALISMO RADICAL*, soamente se impuxo en dúas ocasións: durante o Sexenio Democrático e coa II República. Restringido á burguesía progresista de carácter industrial e ós sectores intelectuais das clases medias urbanas, con participación popular, tivo moi pouca repercusión na sociedade española. No decorrer do Sexenio produciríase unha alianza entre política e educación como método de modernización do país e a implantación dunha liberdade total no ensino (triunfo de ideas krausistas). Durante a II República, coa incorporación masiva e entusiasta dos intelectuais (concorren as xeracións do 14, do 27 e mailas figuras do 98) á vida política será inevitable a ascensión da Educación a cuestión fundamental do Estado, levaranse á práctica as ideas do rexeneracionismo costista e no seu proxecto de reforma educativa estableceranse os principios da tradición liberal (Const. 1812), a pedagogía dos institucionistas e algunhas ideas do socialismo histórico.

Finalmente a Dictadura de Primo de Rivera e maila Dictabranda, correspóndense cunha etapa non constituínte (sen que haxa unha ruptura total co liberalismo), pouco ideoloxizada, que se mantén con doutrinas procedentes de sectores sociais, políticos ou intelectuais que apoiaran a este réxime: militaristas, mauristas, tradicionalistas -mellistas-, socialcatólicos e conservadores autoritarios, que pretendían fortalecer e consolidar a alianza inestable dos distintos sectores sociais das clases dominantes: a vella oligarquía terratenente e a, aínda débil, burguesía industrial. En calquera caso o réxime de Primo de Rivera será o primeiro intento de aplicación na vida política dos valores e aptitudes corporativistas do Exército. Desde o punto de vista universitario producirase un feito de grande importancia, a incorporación da Universidade á loita social e política.

Para facilita-la mellor comprensión do exposto realizamos o seguinte cadro:

Cadro 1.- ESTRUCTURAS DE PODER 1857-1936		
IDEOLOXÍA/SISTEMA POLÍTICO	PRINCIPIOS POLÍTICOS	LEXISLACIÓN UNIVERSITARIA
<p>Liberalismo doutrinario Moyano Monarquía isabelina (...1857/1868) Const. 1845</p>	<p>– Catolicismo-Confesionalidade – Rei fonte lexitimadora poder – Vetada difusión de doutrinas soberanía conxunta Cortes-Rei 12, 45-6... Const.</p> <p>– Principio da propiedade e das capacidades=sufraxio censatario Leis electorais 18/3/1846 e 18/7/1865</p> <p>– Control das liberdades polo Estado=inexistencia de liberdades públicas declaradas: art. 2º,3º,5º,7º,9º e 10º da Const.</p> <p>– Centralismo como modelo de Estado: art. 4º da Constit.</p>	<p>-Intervencionismo eclesiástico¹: Lei do Estado: Art. 11 Constitución art. 167, 246, 250, 262, 295-6, R.O. 20% 71886 de Orovio², R.D. 21/1/1867 e R.O. 24/9/1867 antimonárquicas³;RR.OO. 27/10/1864 e 20/7/1867.</p> <p>-Elitismo⁴: RR.DD.11/9/1858 e 22/5/1859. -Pragmatismo : Lei Moyano art. 25 e R.D. 11/1858</p> <p>-Non hai liberdade cátedra⁵: R.O.20/7/1866</p> <p>-Intervencionismo estatal: art. 169, 172-3 175, 232 2 242 da Lei Moyano.</p> <p>-A promulgación da Lei Moyano en por ela responde a ese principio unificador e centralista. Arts. arriba indicados</p>
<p>Liberalismo radical Sexenio Democrático (1868-1874) Const. 1869</p>	<p>– Laicización e tolerancia relixiosa: arts. 27 e 21 da Const.</p> <p>– Soberanía nacional emanada do pobo, división de poderes: art. 34-7 da Const. e sufraxio universal masculino: pream. Const.</p> <p>– Proclamación de dereitos, liberdades e iguaisdades civís e políticas: art. 2-17, 21-7, 31 da Const.</p> <p>– Descentralización como modelo de Estado: art. 24 e 37 da Const.</p>	<p>Antidogmatismo relixioso⁷: D. 21/10/1868</p> <p>Liberdade de cátedra⁸: D. 21/10/1868</p> <p>Non intervencionismo estatal, liberdade de ensino⁹: D.21/10/1868, art. 5-6; D. 14/1/1869.</p>
<p>Liberalismo moderado¹⁰ Restauración (1875-1923) Const. 1876 -flexible-</p>	<p>– Bipartidismo artificial (sen constancia en Const.) conservadores/liberais, coincidencia de principios programáticos, diferenzas so de talante despois de finais de século:</p> <p>– Confesionalidade do Estado, toleranc. relix. art.11. Const.-Rei non legisla.</p> <p>– Sufraxio censatario (art. 28 deixara aberta a posibilidade ó sufraxio universal, efectivo a empezos do 1890, pero viciado na práctica).</p>	<p>As restriccións á liberdade de cátedra lexislaranse durante os gobernos conservadores e non as haberá cos liberais:</p> <p>-Limitacións: R.O. Cir. e R.D. 26/2/1875, R.O. 12/4/1875 (2ª cuestión universit) R.O. Cir. 15/9/1876, R.O. 22/11/1883, R.D. 18/8/1885, R.D. 6/7/1900...</p> <p>-Restablecemento da liberdade: Circ.3/3/1881 R.D. 5/2/1886, Circ. 21/3/1901</p> <p>Liberdade de ensino¹¹: a tendencia entre conservadores e liberais, a empezos do XX é a que o Estado controle o ensino no seu conxunto para evita-la súa instrumentalización por parte da Igrexa¹².</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - Declaración de dereitos, lexislados nos gobernos conservadores: art. 12, 32, 41, 50, 51 52, 54... Const. - Estado centralizado: art. 75, 84 da Const. 	Intervencionismo estatal, descentralización só funcional da Universidade: Autonomía administrativa de César Silió , R.D. 21/5/1919
"Militarismo" Dictadura militar de Primo de Rivera e "Dictabranda" (1923-1930) Suspensión Const. 1876	<ul style="list-style-type: none"> - Caudillismo - Autoritarismo - Apoliticismo>antiparlamentarismo. - Nacionalismo básico e tradicional (patriotismo elemental)>centralismo. - Intervencionismo estatal. - Defensa de Monarquía=principio - lexitimador do Estado>Rei colexislador. - Defensa relixión e familia - Defensa da propiedade privada 	<ul style="list-style-type: none"> - Peche temporal dalgunhas facultades¹⁴ - Restriccións á liberdade de cátedra e do dogma católico: R.O.13/10/1925, R.D. 19/5/1928 - Centralismo, intervencionismo: RR.DD. /4/1927 e 13/6/1928. - Privilexios a entidades católicas:R.D. Lei 19/5/1928 de Reforma Univers. art.53
Liberalismo radical II República Const. (1931-1936) Const. 1931	<ul style="list-style-type: none"> - Radicalización dos supostos filosófico-políticos que serven de punto de partida: - Ampliación dos dereitos individuais. Título III Const. - Soberanía nacional, só as Cortes teñen capacidade lexislativa: Sufraxio universal feminino: arts. 51-53 - Aconfesionalidade do Estado: arts. 3, 26-7 - Descentr. autonom. art.1, tit.I 	<ul style="list-style-type: none"> - Ensino laico, liberdade de cátedra, axudas económ. estudantes: art. 48 - Estatificación do ensino, (control ensino privado). Difusión de cultura española: arts. 48-50 Const. - Institucións educativas encadeadas por sistema de escola unificada: art.48 Const

1. Os artigos que se mencionan establecían que para o exercicio do profesorado en tódalas ensinanzas era preciso, á parte de ser español, xustificar unha boa conducta relixiosa e moral; posibilitábase, ademais, o dereito de inspección da Igrexa "sobre a pureza da doutrina, da fe e dos costumes, e mais sobre a educación relixiosa da mocidade" nos establecementos públicos de ensino, sendo posible que se derivase a apertura de expedientes por parte do Goberno se se advertía que "nos libros de texto, ou nas explicacións dos profesores, se emiten doutrinas prexudiciais para a boa educación relixiosa da mocidade". Tamén se lles permitía a altos membros do corpo eclesástico formar parte do Real Consejo de I. P. (algúns chegaban a se converter en conselleiros natos, como o fiscal do Tribunal de la Rota e mailo vicario eclesástico de Madrid), ou seren nomeados Rectores.
2. Non deixaba regaña ningunha para a dúbida sobre as relacións Goberno-Igrexa-Ensino: "(...) o que o Goberno nega, o que negan a xustiza e mailo bo sentido, é o dereito dos Catedráticos para ensinar directa nin indirectamente doutrinas que repugnen ós principios fundamentais da sociedade española. A relixión católica é a relixión exclusiva do Estado; foino sempre en España; atacar ó catolicismo e ferí-lo máis fondo e delicado que hai na nosa organizacións social: é conspirar contra do decoro da patria (...) O goberno non consentirá que o ensino se converta por ninguén en elemento de propaganda política, nin en risco para as verdades sociais, e moito menos para as verdades relixiosas".
3. "A Monarquía hereditaria é a forma do noso Goberno. Os dereitos da augusta Señora que ocupa o trono, con arreglo a tódalas nosas leis, non poden ser postos en dúbida sen delicto". (R.O. 20/7/1867)
4. Non existía unha política de bolsas e as taxas que os alumnos tiñan que aboar por dereitos de exame, expedición de títulos de distintos graos e outros imponderables estaban soamente ó alcance duns poucos privilexiados.
5. O art. 25 da Lei de I.P. do 9/9/1857 determina que pertencían ás facultades as ensinanzas que habiliten para o exercicio de determinadas profesións, e o R.D. do 11/9/1858 establece que: "...desde la esfera del gobierno hay que mirar la cuestión desde un punto de vista práctico, y poner en relación los esfuerzos que se exijan a los alumnos con las ventajas que racionalmente puedan prometerse de la carrera emprendida. Es además indispensable atenerse al límite que señala el presupuesto..."-
6. "...es preciso determinar y garantizar los fueros legítimos de la ciencia, nunca más comprometidos, nunca más espuestos (sic)

Cadro 2- ESTUDIOS CONCEDIDOS Á U. S. C. 1857-1936														
GOBERNO/lexislación	FACULTADES/Graos ¹⁴	FILOSOFÍA		CIENCIAS		TEOLOXÍA		MEDICINA		FARMACIA		DEREITO		
		p	Br	Lc	Dr	p	Br	Lc	Dr	Br	Lc	Dr	Br	Lc
MONARQUÍA	Lei 9/9/1857	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
ISABELINA	R.O.19/7/1867 ¹⁵	X		X					X	X	X	X	X	X
Sexenio	D.Lei11/1/1869 ¹⁷	X	X	X	X	X	X				X	X	X	X
			X								X		X	
Restauración	R.O. 21/4/1875	X	X			X			X		X		X	
	10/5/1875		x			x			X		X		X	
	R.O. 21/7/1875	X		X		X			X		X		X	
	R.O. 13/12/1922	X ¹⁸		X ¹⁹										
Dictadura	R.D. 25/9/1930	X		X	X				X		X		X	
República	D. 13/5/1931	X	X	x	X				X		X		X	

á un pavoroso eclipse, que cuando el vértigo revolucionario, á título de libertad absoluta del pensamiento y de soberanía de la razón, encadena la razón y envilece el pensamiento, sometiéndolos a la tiranía del error, la más triste y humillante de todas las tiranías."

7. "El Estado a quien compete únicamente cumplir fines temporales de la vida, debe permanecer extraño a la enseñanza del dogma..." "La política, pues, de acuerdo con el derecho aconsejan la supresión de una Facultad (Teoloxía) en que sólo hay un corto número de alumnos, cuya enseñanza impone al Tesoro público sacrificios penosos, que ni son útiles al país ni se fundan en razones de justicia". (D. 21/10/1868)

8. "... el poder público tiene el deber de respetarle (ó profesor) y no dificultar el ejercicio de un derecho (liberdade de cátedra), que tiene su raíz en la naturaleza humana".

"El Estado carece de autoridad bastante para pronunciar la condenación de las teorías científicas y debe dejar a los Profesores en libertad de exponer y discutir lo que piensan" (D. 21/10/1868)

9. "Es propio del Estado hacer que se respete el derecho de todos, no encargarse de trabajos que los individuos puedan desempeñar con más extensión y eficacia. La supresión de la enseñanza pública es, por consiguiente, el ideal a que debemos aproximarnos, haciendo posible su realización en un porvenir no lejano" (D. 21/10/1868)

10. Despois da República o liberalismo doutrinario deriva simplemente cara a un liberalismo moderado, xa que renuncia ó absolutismo e ás formas de tradicionalismo, e a constitución do 1876 é abondo ambigua como para permitir que os liberais progresistas podan levar adiante algunhas premisas do seu ideario político como o establecemento do sufraxio universal no 1890.

11. Entendida como titularidade da función docente.

12. A partir do 1902 haberá unha grande inestabilidade política, con predominio do "conservadurismo tradicional", aínda que "Se consolidan certas posicións difundidas polo liberalismo desde as súas orixes, como por exemplo a afirmación no monopolio da Universidade polo Estado. Xa non se dubida da función docente do Estado neste chanzo do ensino" (PUELLES, 1980:256).

13. O estado reservaba para si a alta inspección, o control de títulos, a función examinadora e mailo establecemento das liñas fundamentais dos planos de estudos.

14. Cando se instaura o réxime militar e diante das protestas que ocasiona a promulgación do R.D.-Lei do 19/5/1928.

15. De Bacharel (Br), Licenciado (Lc) ou Doutor (Dr). O "p" que figura nas Facultades de Filosofía e Letras e Ciencias, refírese ó curso preparatorio que se estudiaba alí con destino ás carreiras de Dereito e Medicina e Farmacia, respectivamente. No que toca ós graos debemos consignar que a partir da promulgación da Lei 7/5/1870 quedarán abolidos definitivamente os de bacharel en tódalas facultades.

16. Ademais suprimira o ensino de Medicina de primeira clase, quedando establecido o de segunda.

17. O D. 21/10/1868 deixara sen efecto a disposición relativa á Facultade de Medicina.

18. O que en realidade autorizaba o Decreto-Lei era a libre fundación de toda clase de establecementos de ensino ás Deputacións e Concellos, sempre que os mantivesen con fondos propios. Así as Deputacións de A Coruña e Pontevedra financiaron o período de Doutoramento nas Facultades de Dereito, Medicina e Farmacia, e o Concello de Santiago o da Facultade de Filosofía ata o Doutoramento, así como Dereito Administrativo (ata daquela soamente se impartía a sección de Civil) e mailas materias de Ciencias que faltaban para remata-lo período de Bacharelato.

19. Creación da Licenciatura na sección de Historia.

20. Idem en Ciencias Químicas.

1.2. Lexislación universitaria 1857-1936. Marco legal no que se desenvolve a U. S. C.

A Lei do 9 de setembro do ano 1857 perfecciona o xa existente, é un esforzo máis para organiza-lo ensino, articulando toda a lexislación dictada ata esa data, sen introducir nela cambios substanciais. A Universidade liberal caracterízase pola uniformidade dos distintos centros, agás a privilegiada Universidade Central de Madrid. A de Santiago será unha máis, que adoptará sen moitos problemas a liña establecida desde o Goberno, por máis que o volume de estudos concedidos nunca chegou a satisfacer de todo as arelas das autoridades políticas e educativas de Galicia, fóra da etapa do Sexenio Democrático, na que se cubriron practicamente tódalas titulacións superiores en cada un dos seus graos, circunstancia que non se volvera repetir en todo o período.

O seguinte esquema reflicte a evolución lexislativa no que toca a esta materia.

1.2.1. Réxime do ensino e económico

A Lei Moyano non supón unha mudanza senón unha consolidación de materias e disciplinas na meirande parte das facultades. Non hai modifi-

cacións na regulamentación para o acceso á Universidade, requiríase estar en posesión do título de bacharel en artes (despois do ano 1870, simplemente de bacharel) e desde 1900 crease o exame de ingreso en facultade, aínda que non dun modo estable. Apréciase, ademais, unha duración semellante dos estudos de calquera facultade, que chegaría a ser dun máximo de 7 anos, precisándose un ou dous máis para o grao de Doutor (exclusivamente en Madrid²¹). Non muda o número de Universidades, nin, case, o da súas facultades, que habían ser seis: Filosofía e Letras, Ciencias Exactas, Físicas e Naturais (por primeira vez separada de Filosofía e Letras), Farmacia, Medicina, Dereito e Teoloxía. No que toca a Santiago, establécense, como novidade, os estudos de Farmacia ata o grao de licenciado²².

A Lei Moyano recolle, tamén, a tríade de graos do plano Pidal, na que os se realizarían os estudos en tres períodos, que habilitaban para os graos académicos de bacharel, licenciado e doutor, sen que os alumnos puidesen pasar dun período a outro sen ter recibido o grao correspondente²³. Seguindo a liña do plano Pidal, procurando unha centralización e uniformidade ferreña, indícanse os métodos, os libros de texto e vélanse os pro-

21. Agás o período xa sinalado durante o Sexenio, no que foi posible cursar en Santiago o grao de doutor en Filosofía, Farmacia, Medicina e Dereito. No que toca á duración das carreiras, houbo variacións dun ano de diferenza, máis ou menos, segundo as disposicións.

22. Art. 135 da Lei 9/9/1857.

23. A Lei 7/5/1870 aboliu definitivamente os graos de bacharel en tódalas facultades.

gramas, que haberían ser establecidos e publicados polo Goberno, tendo, os profesores, que se someter a eles nas súas explicacións, agás para os estudos posteriores ós de Licenciatura²⁴.

Por facultades, os estudos establecíanse do xeito seguinte:

Medicina

As materias formaban catro núcleos esenciais (Peset Mariano e J. Luis, 1992:35):

1º. as que proporcionaban unha visión ampla do futuro médico nas ciencias naturais en relación coa Medicina, como a Física, a Química ou a Historia Natural.

2º. a Anatomía Descritiva, a Fisioloxía, a Hixiene Privada e a Terapéutica, Farmacoloxía e arte de receitar coa Anatomía patolóxica dotábanos coñecementos esenciais.

3º. Patoloxía xeral, Patoloxía médica e Patoloxía cirúrxica completábanse coa clínica.

Finalmente existían especialidades como a Obstetricia, Medicina legal e Toxicoloxía e Hixiene pública. Todos estes núcleos estudiábanse no bacharelato, mentres que a licenciatura e mailo doutoramento supuña unha ampliación, unha meirande práctica nas diversas materias.

Os estudos de Medicina haberán sufrir unha serie de reorganizacións encamiñadas á mellora dos estudos científicos e de atención preferente ós prácticos. Salientamos neste sentido o R.D. 16/9/1886 de Montero Ríos que introduciu un curso de Enfermidades da infancia coa súa clínica, a cátedra de Histoloxía e Histoquímica e, en interese do progreso dos estudos clínicos, autorizara ós médicos do hospital para o ensino oficial e ós catedráticos o uso de tódolos hospitais clínicos para a instrución dos alumnos. Outra disposición de singular importancia é o R.D. 21/9/1902 de Romanones que, ademais de reordenalas diferentes disciplinas, establece novas especialidades como a Oftalmoloxía, Enfermidades dos oídos, nariz e larinxe, e Dermatoloxía e Sifilografía, todas elas coa súa clínica. Evidentemente todas estas mudanzas foran de difícil aplicación en Santiago pola escaseza de locais nos que impartíalas clínicas, material e presupostos suficientes, provocando abondosas e graves protestas de alumnos e profesores:

"Interín las clínicas continúen miserablemente dotadas como hasta aquí sucede y sin el número suficiente de camas; y mientras subsista la lucha de intereses, que se supone encontrados entre los profesores de las Clínicas y los médicos de Hospital no podrán ser fructíferos los

24. Sucesivos planos de estudos universitarios haberían modifícalo establecido por esta Lei, dependendo da concepción que da liberdade de cátedra tivesen os distintos gobernos (v. cadro 1).

*resultados de la enseñanza. El Estado debe, por su parte, asignar mayor cantidad en el presupuesto a las clínicas de las Facultades de provincia siguiendo por el camino, hasta ahora de excepción, de las reformas introducidas en favor de la facultad de Madrid*²⁵.

Con todo, a situación mellorará sensiblemente durante a República, nas actas desta Facultade consígnanse numerosas iniciativas: novas instalacións, ampliación de laboratorios, renovación da sala de lectura e biblioteca, viaxes escolares, organización de cursiños e conferencias..., mesmo se solucionara o sempiterno problema da falta de cadáveres *"merced a poder disponer de los procedentes del Manicomio de Conjo"*²⁶.

Farmacia

Non hai moita variación respecto do inmediatamente anterior, agás, se cadra, para salientar, como xa se fixo, que Santiago consigue o establecemento dos estudos desta facultade ata o grao de licenciado, que se irían introducindo gradualmente, habilitando os locais, de camiño que se ían impartindo as ensinanzas, no edificio do antigo Colexio Maior de Fonseca. O plano de estudos constaba de un ano preparatorio, que se cursaba



No ano 1926, o galego emigrado na Arxentina, Gumersindo Busto promovera a Biblioteca América, coa intención de chegar a crear en Santiago unha Universidade Hispano-americana. Vista da Biblioteca América no seu emprazamento actual (Fonseca). O andel procede da Biblioteca do mosteiro de San Martiño Pinario.

na Facultade de Ciencias, coas materias Historia Natural e Química Xeral; na de Farmacia para as de Materia Farmacéutica mineral e animal, Materia Farmacéutica vexetal, Farmacia Químico-Inorgánica, Farmacia Químico-Orgánica e Práctica das Operacións. Unha serie de decretos dictados durante a Restauración virán retocar este plano de estudos coa intención de estruturalo segundo criterios máis científicos e prácticos. Así Montero Ríos presentara un plano de estudos (R.D. 24/9/1886), con intención inovadora, tratando de superar un programa anterior na que os aspectos

25. Informe asinado polos profesores Timoteo Sánchez Freire e Miguel Gil Casares con data 25/11/1903. (A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, Libro de Rexistro de Actas das sesións na Facultade de Medicina, A-965. (1902-1917), sesión do 27/11/1903, fols. 96-99).

26. A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, Libro de Rexistro de Actas das sesións da Facultade de Medicina, A-965. (1902-1917), sesión do 27/11/1903, fols. 96-99).

científicos estaban claramente orientados cara o coñecemento dos fármacos e a súa manipulación tecnolóxica, dando un sentido práctico de investigación a tódalas materias estudadas. As novas ensinanzas haberían ser: "Estudio dos instrumentos e aparellos de física de aplicación á farmacia" e a Análise Química pasaba desde o doutoramento á licenciatura e naquel estudiábase a Química Biolóxica; así e todo, por problemas de orzamentos, un só profesor tiña que dar dúas materias de lección alterna, co que non se dera mellorado nin a calidade de investigación nin a da docencia, conservándose en España "a persistencia irracional das teorías dualistas" (Puerto, 1992:181) ata o ano 1894, no que:

*los manuales ganan en simplicidad, a imagen de la escuela alemana, se modernizan y comienzan a incluir en sus páginas los resultados de la investigación internacional y nacional (...) con eminente sentido rector de las clases en sus aspectos teóricos y sobre todo prácticos, aunque otros continúan la antigua tradición de explicar las aplicaciones utilitarias en la industria, la farmacia o el comercio; tal es el caso de Eugenio Piñeirúa*²⁷.

A verdadeira modernización dos estudos de Farmacia non chegaría ata os primeiros anos do século XX co pla-

no de García Alix (R.D. 30/7/1900), que introducía novas materias, como a Hixiene Pública e a Microbioloxía, esixía traballos de investigación para optar a cátedras, maior severidade no xuízo de teses de doutoramento e dotaba, nos orzamentos, de medios para a adquisición de material científico.

Ciencias

En primeiro lugar cómpre salientar, como xa se dixerá, a creación dunha Facultade de Exactas, Físicas e Naturais por primeira vez separada de Filosofía e Letras. Esta carreira había constar de tres anos de bacharel común para se abrir despois a tres seccións ou especialidades na licenciatura e mailo doutoramento: ciencias físico-matemáticas, ciencias químicas e ciencias naturais. No primeiro chanzo ou ciclo -os tres anos de bacharel-, estudiábanse tódalas materias: a Álgebra, a Xeometría e a Trigonometría; Física, Química e Historia Natural. Despois podía-se amplia-la materia respectiva, insitíndose moito, na sección de Química, nos exercicios prácticos e de análise (Peset Mariano e J. Luis, 1992:35).

No ano 1867 suprímese este ensino na Universidade de Santiago²⁸, aínda que se manteñen dous catedráticos, dependentes do decano de Medicina, para impartir-las materias de Ampliación da Física, Química Xeral e

27. Profesor na Facultade de Santiago (1890-3).

28. R.D. 19/7/1867

Historia Natural e nocións de xeoloxía ós alumnos de primeiro e segundo ano de Medicina. O pragmatismo dos gobernos liberais determinara esta decisión, xa que esta facultade ía esmorecendo debido ó escaso número de alumnos matriculados en Ciencias, fronte ós moi numerosos que asistían ós cursos de ampliación de Medicina e Farmacia. Durante o Sexenio intentáranse recuperar estas ensinanzas pero a experiencia fora un fracaso xa que case non se matricularan alumnos e tampouco non se dispuña de profesorado cualificado.

O problema do financiamento desta nova carreira, en Santiago, non estaba solucionado. A situación era difícil e a provisión de materiais dependía da xenerosidade das doazóns de antigos alumnos ou de personalidades destacadas da vida social, desbotándose unha regular aportación de fondos por parte do Goberno, así se afirma:

Moito hai que agardar do patriotismo dos fillos de Galicia, que cultivando as Ciencias Naturais, procuran enriquece-la Universidade cos obxectos indispensables para un ensino tan amplo, de tanta utilidade e recreo. (Anónimo, 1860: 55-9)

Desde o ano 1912 as autoridades académicas e políticas de Galicia incrementaron os seus esforzos para logra-lo restablecemento dos estudos

de Ciencias en Santiago, aínda que este desexo non se había ver cumprido ata o curso 1922-23, logrando a implantación da licenciatura, sección de Químicas, desta carreira.

Filosofía e Letras

No Plano Pidal, esta Facultade tiña rango de "segunda ensinanza de ampliación" (sección de letras), que era a que preparaba para o estudo de certas carreiras, ou servía para perfeccionar coñecementos adquiridos nas elementais²⁹. A Lei Moyano evitaba esta distinción de rango entre facultades e Filosofía foise encadrar enteiramente no ensino superior. As materias de estudio variarían debido á distinta orientación da carreira, o plano Pidal considerábaa cunha finalidade máis práctica, a de formar ó futuro persoal da administración, mentres que a Lei Moyano, na posterior modificación do programa de estudos desta facultade en setembro do 1858, non contempla esta posibilidade, senón soamente dúas finalidades: formación do profesorado e servir de preparatorio para outras carreiras. Por iso, as materias de Literatura das distintas linguas e comentario crítico de autores gregos, son maioría, aparecendo a Xeografía, Historia Universal e Historia de España.

En Santiago, coma no resto das Universidades, o número de alumnos matriculados nesta carreira foi sem-

29. R.D. 17 setembro 1845, arts. 6-10.

pre moi reducido polo limitado das súas expectativas e por outras razóns de carácter coxuntural:

A razón da escasa concorrencia é doada de encontrar. Ninguén estudia, polo xera, senón é para adquirir un medio de subsistencia; e como a carreira de Filosofía e Letras non ten outras aplicacións que non sexan o profesorado e certos dereitos para arquiteiros e paleógrafos, estando hai tempo sen proveer en propiedade moitas cátedras dos Institutos, e sendo de nova creación a carreira de arquiteiro, non é raro, xa que logo, que haxa pouco estímulo para se matricular nas materias que non son obrigatorias para outras Facultades. (Anónimo, 1860: 51-2).

Con todo, cómpre salientalo bo ánimo e disposición das autoridades académicas desta Universidade xa que, pese a que en Santiago soamente se establecía a ensinanza ata o grao de bacharel e a lingua hebrea, os profesores, *de motu proprio*, dispuxeron cubri-las dúas disciplinas que faltaban para o período de licenciatura:

"... de xeito que para completalas (materias) que se requiren para este grao (de licenciado), soamente faltan a de estudos críticos sobre os poetas Gregos e de Historia de España. A circunstancia de ser ámbalas dúas de tres leccións semanais, per-

mite encargárllelas sen dificultade ós catedráticos de estudos críticos sobre os prosistas Gregos e de Historia Universal, quedando así completa a Facultade ata o grao de Licenciado, como cómpre polos importantes servicios que dela se deben prometer".

Esta carreira sofre unha nova modificación no ano 1866, que debemos enmarcar dentro do seu contexto político, isto é, a instrucción pública nas mans dos neocatólicos e o intento de reduci-la influencia na Universidade de doutrinas que, como a krausista, eran consideradas heterodoxas, reducindo ó máximo o ámbito da Universidade, algo ó que tamén axudaba a necesidade de diminuí-lo gasto público, así *ya que todos los catedráticos y profesores que habían provocado conflictos, y contra los que se habían dirigido las acusaciones de los neocatólicos, pertenecían a esta Facultad (Filosofía)"* (Álvarez, 1993: 296-7), determínase a circunscrición do estudio de Filosofía e Letras nos seus distintos períodos a determinadas universidades, prohibindo, ademais, ós estudantes simultanea-los estudos cos de outra facultade:

*"() para que en sus aulas, en vez de producir Licenciados y Doctores llenos de ideas generales, propensos a la insustancial palabrería, semi-filósofos y semi-literatos, ... produzcan Profesores de sana y sólida doctrina"*³⁰.



En Marzo do ano 1925, cando finara o arcebispo compostelán Manuel Lago González, o rector Luis Blanco Rivero propuxo compra-la súa biblioteca, e fíxose por suscripción popular. En Marzo do 1929 inaugurárona nos locais do vello edificio da Universidade. Agora está na sala de investigadores da Biblioteca Xeral (no edificio de Fonseca). Segue presidida polo busto do arcebispo Manuel Lago González, obra do escultor José Capuz.

Así limitábase a Salamanca e Zaragoza o período de bacharelato que ata ese momento se impartía en todas as Universidades, suprimindo en Santiago a ensinanza de Filosofía e Letras despois de se promulgar-lo R.D. 19 de xullo do 1867.

Como en Ciencias, os estudos completos desta Facultade non se haberán recuperar ata o curso 1922-23 (agás a paréntese do Sexenio).

Facultade de Dereito

A Lei Moyano establecera a división desta facultade en tres seccións: Leis, Cánones e Administración, sendo o grao de bacharel común ás tres. Máis adiante o R.D. 11/9/1858, dispuxera o programa xeral de estudos introducindo novidades como a supresión da sección de Dereito Canónico (por se tratar dunha carreira especial que moi poucos seguían, aínda que Orovio recuperara temporalmente esta sección³¹), refundíndoa coa de Civil, reducindo a seis anos o período de licenciatura.

No programa xeral do ano 1858 aparecen disciplinas de Filosofía e Letras³², mudanzas na denominación da carreira (de Xurisprudencia a Dereito) e mais na nomenclatura dalgunha das materias, aínda que, ó noso entender, configuran contidos semellantes³³, que son un híbrido de coñecementos de aplicación inmediata: economía política, dereito mercantil e penal, dereito político e administrativo español, dereitos civís (español, común e foral) e as puramente culturais relacionadas coa fundamentación da ciencia: dereito romano e historia e institucións de dereito canónico eclesiástico, todas

31. R.D. 9/10/1867. Con anterioridade, a través da R.O. 23/9/1864, modificárase de xeito a penas significativo o programa xeral desta carreira.

32. Segundo Mariano Peset (1992: 358), co establecemento dun núcleo humanista nos estudos "mantiñan unha tradición de ampla formación dos xuristas e continuaban o aprendizaje no bacharelato, ó tempo que proporcionaban unha distinción de clase na España do dezanove e da restauración. As clases medias españolas consideraban estes coñecementos como sinal do seu status (...) Por outra parte son útiles... ós gobernantes."

33. No plano do 1/10/1842 está o xermolo de tódalas disciplinas da facultade de dereito ata ben andado o século XX.

elas impartidas no bacharelato; na Licenciatura había Disciplina xeral da Igrexa e particular de España e práctica forense.

En xeral, pódese afirmar que con Moyano comeza "a privatización da carreira de Dereito", pola importancia que, pouco a pouco, irán adquirindo as materias que compoñen este núcleo xurídico (Mercantil, Penal, Procesual, Civil).

Os planos de Dereito foran numerosos na Restauración cun continuo facer e desfacer, desde o ano 1875 a 1880 houbo certa continuidade, mais, a partir desta data, os estudos deron unha forte viraxe. Salientaremos:

R.D. 13/8/1880, plano Lasala, crea algunhas cátedras por desdoblamento das que xa había, como Historia e elementos de dereito civil español, común e foral, e Literatura española e Literatura universal. Dáse-lle maior amplitude e fondura á Historia universal e ó Dereito español. Redúcese o Dereito canónico a unha disciplina na licenciatura.

R.D. 2/9/1883, plano Gamazo, preténdese eleva-lo nivel dos estudos xurídicos, imprimíndolles un carácter máis práctico e ampliando o horizonte dos coñecementos segundo esixían os tempos. Prodúcese novidades na cadro de materias, xa que os contidos dalgunhas eran considerados insuficientes e

desaxustados para a época: separou a disciplina de Dereito Penal da de Mercantil e engadiu as de Dereito natural, Facenda Pública e mailos Dereitos Internacionais Público e Privado, así como a Historia do Dereito español.

R.D. 2/8/1990, plano García Alix, a reforma proposta tiña unha clara finalidade política, a de desconxurarlo perigo socialista formando "*en los sanos principios del Derecho*" ós homes que "*adornados de los conocimientos constitutivos de la verdadera política, investiguen según las circunstancias la razón de Estado y la salud del pueblo, y puedan en lo venidero regir los destinos de la Patria*". A Facultade de Dereito chámanse agora Facultade de Dereito e Ciencias Sociais, con estas dúas seccións, a primeira tería como función formar ó xurisconsulto e a segunda ó estadista, aínda que está última soamente se cursaba en Madrid. Outras reformas referíanse ó dereito político español, do que habería que face-lo estudio comparado co estranxeiro e separado do Dereito administrativo.

As posteriores reformas do século XX non modificaron substancialmente a estrutura da carreira de Dereito. Simplemente mudaron os nomes de Procedementos xudiciais e Práctica forense por Dereito Procesual I e II, respectivamente, e o Dereito Natural por Filosofía do Dereito (impartida polo mesmo catedrático).

Facultade de Teoloxía

No ano 1854 recupérase a ensinanza de Teoloxía na facultade de Santiago. A Lei do 1857 sanciona este restablecemento, e os estudos de Teoloxía non son reformados, condicionando a decisión sobre esta facultade ó amaño definitivo dos estudos nos Seminarios Conciliares. Esta permanencia mantívrase en Santiago ata o R.D. do 19 de xullo do 1867, que a suprime porque "o número de alumnos excedía en pouco ó de profesores".

No caso desta carreira, é evidente a irritación das autoridades académicas de Santiago diante da lexislación vixente, como se manifesta nos seguintes parágrafos:

"Las dificultades que experimentan, y los requisitos á que tienen que sujetarse, los que han recibido los grados de Teología en las Universidades para hacer valer sus efectos ante las autoridades y corporaciones eclesiásticas, deben precisamente de retraelos de continuar su carrera en estos establecimientos. No ha bastado, por lo visto, que la enseñanza, según la legislación vigente, esté vigilada por los respetables é ilustres Prelados, y se dé por entendidos profesores, casi todos eclesiásticos, del mismo modo que se verificaba por los antiguos planes; ni que los grados se confieran con arreglo á las leyes y á Bulas Pontificias, que no consta ha-

yan sido derogadas. Los entorpecimientos continúan, y la menor consecuencia que se puede producir, es la que promueve este examen, siendo fácil que de tal situación nazca un antagonismo entre Establecimientos de enseñanza que deben conspirar á un mismo fin, y que á todo trance es preciso evitar.

"Otra causa influye precisamente en que los alumnos se alejen de la Universidad, y es la presunción de que los de los Seminarios sean preferidos en la obtención de piezas y beneficios eclesiásticos.

"(...) Las Facultades Universitarias no pueden en este punto establecer competencias, y nos complace en que así sea, (...) Sus alumnos exhiben los títulos ante el Gobierno de S.M., exento del afecto que producen las íntimas relaciones entre maestros y discípulos, sin que les halague la influencia que estas mismas relaciones pudieran ejercer. Urgentísimo es, por lo mismo, terminar la situación en que se encuentran las Facultades de Teología de las Universidades." (Anónimo, 1860: 63-5).

Esta exposición dá noticia das tensas relacións existentes entra a Igrexa e os profesores universitarios debido á secularización do ensino da Teoloxía, contra dos intereses eclesiásticos, xa que resulta evidente que a Igrexa favorecía ós alumnos dos

Seminarios e que isto ocasionaba a escaseza de matrículas nas Facultades de Teoloxía.

No que toca ó sistema de financiamento, de maneira definitiva, as Universidades haberían ser sostidas polo Estado, que pasaría a percibi-las rendas destes establecementos, así como os dereitos de matrícula, graos e títulos científicos. Fóra da brevíssima experiencia do período autonómico universitario (entre a aprobación do Estatuto en agosto do ano 1921 e a súa suspensión en maio do 1922 vai menos dun ano), ata o 1924 non se lles recoñecerá ás Universidades capacidade de dereitos e obrigas para adquirir bens e adminístralos, aínda que sempre baixo a vixilancia do Goberno; iniciándose unha nova etapa coa promulgación do R.D. 25/8/1926, e outros posteriores, polos que se crearon os Padroados Universitarios e foron as Xuntas de Goberno, co rector e decanos, as que pasaron a se facer cargo da xestión e recursos. En calquera caso a Universidade galega foi, neste período, sempre deficitaria, tanto en medios facilitados polo Estado (condicionados pola pequenez dos orzamentos destinados ó ensino superior, máis aguda na U.S.C.), como en recursos propios, polo que as reformas no ensi-

no propostas polo Goberno víronse sempre atrancadas na práctica por causa desta carencia³⁴.

1.2.2. Lexislación do profesorado

A Lei Moyano, como tódolos planos de estudio liberais, non deixa nada ó albedrío dos profesores, que teñen marcadas as súas clases, horarios, métodos, programas³⁵, textos, conducta persoal e, mesmo, aspecto indumentario. Ó mesmo tempo, xa no Plano Pidal, burocratízase a figura do profesor, pasando a ser un funcionario estatal.

O profesorado organízase de forma xerárquica, por medio do escalafón e a oposición. O Plano Pidal introduciu a idea do escalafón igualador, que clasificaba ós seus compoñentes segundo a antigüidade e o diferente soldo que correspondía a cada un³⁶. A novidade introducida pola Lei Moyano consiste na desaparición das categorías de rexente e agregado, prevalecendo un escalafón de catedráticos que levaba o peso do ensino, por baixo deles quedaban os catedráticos supernumerarios, que o son, normalmente, por oposición, pero non posúen unha cátedra nin entran no escalafón; cando quedan cátedras vacantes teñen derei-

34. Pódese ver unha cumprida información en Varela (1989:125-160)

35. Autores coma Mariano e José Luis Peset (1974:537), consideran que, no que toca ós programas, o Goberno case que non interviria directamente, a aprobación central "nunca foi levada á práctica, cando máis pediuse, polo Goberno, o envío de programas en algunha ocasión. Parece ser que se perde interese por esta medida de control, xa que a oposición a cátedra e maila selección de libros son mecanismos abondo para o dominio do ensino público".

36. O primeiro escalafón do profesorado universitario data do ano 1847.

to a ocupar dúas de cada tres sen máis, e, fóra da escala, quedaban os auxiliares e os interinos, aínda que, ás veces, quedaban incluídos no sistema por decreto, pasándoos a supernumerarios.



O principal método de selección do profesorado, seguindo a tradición anterior, sería o da oposición (en Madrid)³⁷. Moyano e mailos seus antecesores reduciran a carreira docente universitaria a unha soa oposición (simplificando os exercicios) e sen que o ascenso de categoría levase canda el unha variación de cátedras. En calquera caso, existía un forte control do poder central³⁸, xa que era o Goberno o que, en última instancia, outorgaba os nomeamentos dos gañadores, e mesmo, xa desde antes, podía designar directamente catedráticos sen oposición, con tódolos dereitos e deberes propios do emprego. E, o que é máis significativo, tamén nomea, entre catedráticos ou personalidades da vida cultural isabelina, a profesores encargados dos estudos superiores de doutoramento e doutras cátedras, que son elixidos dunha terna presentada polo consello, a facultade madrileña á que pertence a cátedra e a real

37. Hai algunhas excepcións á norma de efectuar as oposicións en Madrid, unha delas é a establecida durante o Sexenio polo D. 15/1/1870 que posibilita a súa realización na capital do distrito universitario, ata a publicación doutro, de data 1/1/1873, sobre o regulamento para as oposicións a cátedras que restablece (art. 6º) a verificación dos exercicios sempre en Madrid e derroga o anterior. A outra prodúcese durante a breve experiencia do período de autonomía universitaria, xa que naquel intre a U.S.C. tiña dereito a nomear ós seus propios profesores polo dobre sistema da oposición e a libre designación, sendo Santiago o lugar obrigado para a celebración de oposicións.

38. Que medrara despois da publicación do Regulamento do 1/5/1864, que establecía que nos concursos para a provisión de cátedras haberíanse ter en conta os expedientes sobre aptitude e celo dos profesores elaborados polos inspectores, rectores e xefes de establecementos. Ademais o goberno podía xubilar, aínda que non o solicitasen, ós catedráticos maiores de 65 anos, despois da formación de expediente por parte do inspector, rector ou xefe do establecemento de ensino (art. 55).

O contrapunto prodúcese durante o Sexenio, así o D. 15/1/1870 aproba o regulamento provisional para ingresar no profesorado público, establecendo que os xuíces natos dos tribunais de oposición serían elixidos "por suerte", podendo os opositores recusar ata a terceira parte dos xuíces (arts. 16-18), tódolos exercicios, ademais, serían públicos "asistiendo taquígrafos siempre que sea posible, para la publicación de aquellos", de non ser así publicaríanse resúmenes "tan amplios y exactos como sea posible" (art. 30). O gañador da oposición era proclamado polo Tribunal. Estas disposicións serían derrogadas por medio do D. 1/6/1873 e, sobre todo, polo D. 29/3/1874, que non contempla a recusación dos xuíces, sendo o seu voto, ademais, secreto. O R.D. 2/4/1875 aboliu definitivamente a proclamación do gañador polos xuíces, que sería nomeado polo Ministerio de Fomento.

En calquera caso publicaríanse moitas normas sobre provisión de cátedras, moi vencelladas ós cambios de Goberno. As diferencias radicaban na estipulación das condicións para formar parte dos tribunais e a recusación ou non dos xuíces, foi gañando terreo, sucesivamente, a cooptación na selección, a presentación de traballos de investigación propios e a maior presenza de catedráticos nos tribunais, salvando o R.D. 13/6/1927 da Dictadura que establecera a supresión da publicidade nas oposicións.

academia correspondente, o que lle confire liberdade ó Goberno para designar a aquel que lle pareza oportuno. En consecuencia, toda a vida profesional estrutúrase entre oposicións e concursos de catedráticos e profesores, que dependen do Ministerio para a cobranza de haberes:

"O servicio ben desempeñado - como en todo corpo estatal-facilitaba o ascenso. A oposición, por outra parte, aseguraba a propiedade do cargo, mantendo a inmovilidade e mailo carácter vitalicio, sen estar suxeito a cesantías nas mudanzas ou trastornos do goberno, tan usuais noutra clase de empregados públicos no século XIX. Pídenlles unha cualificación, unha dedicación e prométnlles estabilidade." (Peset, Mariano e José Luis, 1974: 506)

No que toca ós dereitos e deberes do profesorado (previstos xa no Plano Pidal), a Lei Moyano establece que ningún profesor podía ser afastado do servicio senón era en virtude de sentenza xudicial ou expediente gubernativo, oíndo ós interesados. Non se lles permitía exercer-la profesión

noutro emprego público ou clases particulares (agás, neste último caso, con licencia do Ministerio), e quedaban advertidos contra as ausencias sen autorización. O regulamento do ano 1859 era moito máis explícito no tocante ás obrigas académicas e as posibles consecuencias das súas faltas, insistindo na propia conducta do profesor, que queda por baixo do poder do decano. A disciplina no sometemento ó Goberno foi sendo máis estricta a cada paso durante a Monarquía Isabelina³⁹ ata a etapa de goberno do Sexenio Democrático⁴⁰ na que se establece a absoluta liberdade de cátedras e durante os gobernos de ideoloxía liberal radical (ver cadro 1).

1.2.3. Lexislación do alumnado

Segundo Mariano e José Luis Peset (1974: 549), "O estado moderado quixera, a toda costa, evita-lo perigo estudiantil e conseguírao regulando todo o regulable e pensando todo o pensable". Algúns dos principios ideolóxicos do liberalismo doutrinario terán claro reflexo na lexislación aplicable ó alumnado, entre eles o seu

39. R.O. 17/10/1864 esixindo o puntual cumprimento do disposto no art. 70 da Lei, establecendo a posibilidade de formación de expediente gubernativo e separación do posto "contra el que apareza culpable de algúns exceso" e lembrando as doutrinas que "con título incontestable" debían ser consideradas base da sociedade (a constitución do Estado, a relixión católica e maila Monarquía hereditaria). Mediado o curso 1866-67 acometérase unha reforma cunha normativa severa (R.D. 22/1/1867) co "fin saludable de que recobre su reposo moral la sociedad agitada, y de que para nadie, ni aún para las almas recelosas sean un peligro social las legítimas expansiones (sic) de la ciencia", quedando suxeita a instrucción á inspección da Igrexa e do Goberno evitando calquera desviacionismo relixioso ou político. Os profesores quedaban claramente sometidos ó Goberno, ó perde-la inamovibilidade e non poder pertencer a asociacións políticas; ademais, os neocatólicos realizaron unha interpretación propia do art. 170 da Lei Moyano pola que podía formar expediente a un catedrático, determinando a súa separación e baixa definitiva se "bien en esplicaciones de cátedra, bien en libros, folletos u otras publicaciones, vierta doctrinas erróneas o perniciosas en el orden religioso, moral o político"

40. Aínda que debemos apuntar que se promoven, neste tempo, moitos expedientes de xubilación de profesores co argumento da preocupación pola calidade do ensino impartida nas aulas (algo que nunca se producira ata daquelas).

pragmatismo clasista e a súa ética estricta, suprímese, deste xeito, na regulamentación toda actividade non precisa, os métodos docentes haberán ser moi concretos e minuciosos.

O conxunto de disposicións que se derivan do regulamento de maio do ano 1859, configuran unha vida académica rixidamente preceptuada: o profesor pasaba lista diariamente, xa que era obrigada a asistencia a clase (impartida en castelán e de hora e media) das disciplinas nas que o alumno estaba matriculado, no decorrer da clase, o profesor debía formular, con frecuencia, preguntas sobre as materias explicadas, anotar cualificacións, asistencias e faltas de compostura⁴¹ e enviar cada dous meses unha relación detallada á secretaria na que habían figurar "la inteligencia, laboriosidad y conducta" de cada estudante; as faltas voluntarias (sen xustificación) permitidas eran moi poucas, 16 nas disciplinas de clase diaria, 8 nas alternas e 4 nas demais; dúas faltas xustificadas (involuntarias) equivalían a unha voluntaria. O local no que se impartían as clases había ser claro, amplo e ventilado, cun encerado e dúas portas de acceso, unha delas soamente para uso do profesor, os asentos estaban dispostos a xeito de anfiteatro e numerados (cada

alumno tiña destinado o seu na cédula de matrícula). O rector, aconsellado pola xunta de decanos, elboraba o cadro de disciplinas, profesores, textos, aulas, días e horas, que se facía público cinco días antes do empezo das clases, habendo presenta-los alumnos ó profesor, o primeiro día, as cédulas de matrícula e mailo libro de texto. Tamén estaban regulamentados os actos de apertura de curso, a súa duración, así como as festas.

Durante o período de estudio da licenciatura, o bacharel completaba a súa educación coas Academias, de obrigada asistencia tódolos xoves lectivos, e que tiñan como finalidade, tendo en conta o sistema das clases (disertación e discusión dun tema), era a de estimula-lo sentido da crítica⁴².

No tocante ó principal control exercido pola Universidade sobre os estudantes, o regulamento do ano 1859 introduciu modificacións⁴³ respecto dos exames, peza clave da Universidade neste período. As probas haberíanse facer por materias, cada unha independente, formando parte do tribunal tres catedráticos (o titular e mais outros dous propostos polo decano), que interrogaban ó alumno en público durante dez minutos.

41.- Isto é, garda-lo debido respecto ó profesor, non podendo o alumno falar, nin erguerse sen permiso do profesor, permitíndolle expoñer-las súas dúbidas soamente ó final. O non acatamento destas normas levaba á expulsión da aula, mesmo se se trataba dun oínte, e o sometemento á resolución do Consello de disciplina.

42. Segundo Mariano e José Luis Peset (1974: 538), a súa sobrevivencia era anacrónica e sen vida.

43. Regulamento do 22/5/1859.

Os exames de grao, Bacharel, Licenciado e Doutor:

"foran perdendo cada vez máis o seu valor pedagóxico e mesmo a súa misión. Nunca serviran, agás o doutoramento máis adiante, como posibilidade de realización de traballos científicos. Sen embargo mantiveran o seu valor como atranco académico, que permitía seleccionar axeitadamente ós aspirantes. Xunto coas esixencias universitarias conservaron outras crematísticas, que soamente permitían o acceso ós estudantes pertencentes ás clases ricas." (Peset, Mariano e José Luis, 1974: 545)

Consistían, o de bacharel, nun exame de preguntas sobre as disciplinas cursadas que farían os xuíces por espacio dunha hora, o de licenciado, distinto segundo a facultade, consistía na composición dun tema en prazo limitado, exposición e contestación ás preguntas do tribunal, nas facultades de Medicina e Farmacia había pasar un segundo exame de carácter práctico; finalmente, o de doutor, sen ningún valor científico (ata empezos deste século non se esixirá unha tese de doutoramento con ese carácter) consistía simplemente na elaboración e lectura dun tema de entre corenta, establecidos cada ano pol xunta de catedráticos de cada facultade ou sección da Universidade central. O grao

de bacharel actuara como repaso, perdendo importancia de contado en favor da licenciatura, como nivel necesario para exercer unha profesión, e o doutoramento (en Madrid) era conquistado, soamente, por minorías adañeiradas e interesadas no exercicio da docencia universitaria. A cerimonia de investidura, só para licenciados e doutores, perde magnificencia e solemnidade; na dos primeiros, o máis significativo era o xuramento que había realizar, por Deus e polos Santos Evanxeos, de profesar sempre a doutrina de Xesucristo, crer e defende-la relixión católica, apostólica e romana, así como soste-lo dogma da Inmaculada Concepción de María Santísima, e, por último, xurar obediencia á Constitución da Monarquía, ser fiel áraña e cumprir cos deberes que lle impuxese o grao de licenciado⁴⁴.

Esta situación viuse alterada pola promulgación do Regulamento de exames e graos de Romanones do 12/4/1901 cunha serie de reformas duradeiras, que modificaban os tipos de exame, así como os cuestionarios e programas. Nos exames de curso, elimínanse os Tribunais formados por tres profesores, suprimindo a teatralidade e transcendencia que os rodeaba, agora examina soamente o profesor de cada disciplina do xeito que lle parece máis oportuno, regula, atendendo a criterios de calidade, as obras indica-

44. No Sexenio, de maneira moi breve e a raíz do D. 2/6/1873, art. 30, suprimíranse os exames de proba de disciplina e mailo de grao de licenciado, conservándose soamente o de doutor.

das como libros de texto, exime do pagamento os dereitos académicos de exame e establece a celebración das probas ó remate de cada grao, constando de tres exercicios: escrito, oral e práctico.



Relevo en madeira de Mateo Larrauri representando unha clase de Dereito nunha aula da Universidade (1917).

No que toca ás obrigas impostas ós estudantes (fóra das de asistencia a clase e provisión dos libros de texto), son máximas no referido ó respecto e obediencia ó profesor e ó resto dos órganos de poder da Universidade:

*"Se prohíbe a los alumnos dirigirse colectivamente a sus superiores de palabra o por escrito: los que infrinjan este artículo serán juzgados como culpables de insubordinación al jefe a quien se dirijan."*⁴⁵

E mesmo estaba regulamentada a súa vida fóra da aula:

"Desde el día en que el alumno se inscribe en la matrícula queda



Salón de lectura da Biblioteca Central da Universidade. Antes da reforma que o fixo máis pequeno no ano 1965 medía 60 mts. de longo e ocupaba toda a ala do edificio. Agora é salón de lectura da Biblioteca de Xeografía e Historia.

*sujeto a la autoridad escolástica dentro y fuera del establecimiento.*⁴⁶

Existía unha xerarquía ou escala á hora de entender nas sancións por faltas ou excesos contra a disciplina, nas máis leves podía intervir simplemente o catedrático, e nas máis graves soamente o Consello Universitario. As penas, segundo o poder punitivo de cada unha das instancias, ían desde unha sinxela reprensión ata unha reclusión de varios días na facultade, a perda de curso de unha ou varias disciplinas, e as máis graves levaban canda elas a expulsión temporal ou perpetua da universidade ou a inhabilitación perpetua ou temporal para cursar nos establecementos do Reino, estas últimas soamente podía impoñelas o Consello Universitario coa confirmación do Goberno⁴⁷.

45. Regulamento 22/5/1859, art. 140.

46. Regulamento 22/5/1859, art. 134.

47. Regulamento 22/5/1859. Máis adiante a disciplina académica funcionará segundo os regulamentos 25/5/1900 e 11/1/1906.

Tamén se regulamentaba a concesión, tódolos anos, de premios, ordinarios e extraordinarios, entre os alumnos sobresalientes. Os ordinarios consistían nun diploma especial e medalla de prata, e os extraordinarios (para os que obtiveran a cualificación de sobresaliente no exame de grao) nunha medalla semellante de ouro ou prata dourada e na dispenso do pagamento dos dereitos de grao de bacharel, licenciado ou doutro, segundo os casos.

Aínda que posteriores normativas facilitaran, co establecemento de axudas, a xeneralización da formación universitaria, non se pode dicir que exista formalmente unha política de bolsas ata a promulgación do R.D. de maio do ano 1919, na súa base 8ª referida á autonomía universitaria e da posterior Lei de Presupostos de 29/4/1920.

1.2.4. Lexislación dos Órganos de goberno

A nova universidade quedaba baixo das ordes directas do Ministerio de Fomento, xa que ata o ano 1900 non se creara un ministerio específico para Educación, e a pesar diso a organización do Ministerio, no ámbito periférico, seguirá a liña sinalada pola Lei Moyano.

A Instrucción Pública dependía enteiramente de el en tódolos ramos: aconsellar ó Rei, presidi-lo Consello de I.P., conferi-lo grao de doutor e expedi-los títulos profesionais. Os chanzos seguintes na xerarquía burocrática ocupábanos:

Director Xeral de I.P., ó que corresponde a administración central, baixo das ordes do ministro de Fomento.

Real Consello de I.P., de carácter consultivo para a formación de regulamentos xerais e especiais, creación ou supresión de cátedras ou de calquera establecemento público de ensino, así como autorizacións para os privados, expedientes de clasificación, antigüidade, categorías, xubilación e separación dos profesores, revisión e modificación de programas de ensino, designación de libros de texto e casos de dúbida de importancia. A pesar de atender fundamentalmente cuestións propias dos ensinantes, a participación de profesores no Real Consello era mínima, hai un predominio do Ministerio e do Goberno a través de persoas delegadas que non eran catedráticos. Fora un órgano moi sensible ás mudanzas políticas⁴⁸.

O primeiro mantíña a obriga dos catedráticos de pasar lista e anota-las faltas (a partir dun número variable perdíase o curso e era moi estricto coas faltas colectivas), na clase os alumnos seguían baixo da autoridade do catedrático, debendo garda-la maior compostura e obediencia. E o do 1906 mantíña en todo o seu rigor a gravidade das sancións para tódolos conflitos de carácter disciplinario.

48. Así, Orovio introduciu unha reforma do Real Consello (R.D. 9/10/1866) feita para favorecer-lo control sobre os libros de texto por parte das autoridades eclesiásticas e, á designación do Consello como órgano de alta inspección do ensino público, entendendo en asuntos graves como expedientes relativos a doutrinas propagadas na cátedra ou fóra dela polos profesores. Durante o Sexenio fora suprimido por R.D. 10/10/1868 e substituído pola Xunta Xeral de composición democrática, con funcións consultivas e regulamentarias. Coa Restauración restablécese este organismo volviendo ás súas funcións tradicionais. Unha nova reforma, máis aparente ca real, producírase coa República coa promulgación do D. 4/5/1931, nomeando presidente a Miguel de Unamuno, co propósito de crear e renova-los centros docentes.


Rector, un para cada distrito universitario, era *"el jefe inmediato de la universidad respectiva, y superior de todos los establecimientos de instrucción pública que haya en él"*⁴⁹. Era designado polo Rei a proposta do ministerio. Esta dependencia contribuí a que os nomeamentos estivesen tamén moi vencellados ós avatares políticos. A elección de Rector podía recaer entre ex-ministros, directores xerais, conselleiros de instrucción, catedráticos de ascenso ou término con máis de dez anos de antigüidade.

Vicerrectores, suple ó rector en vacantes, ausencias e enfermidades, o seu nomeamento recae entre os catedráticos de término ou ascenso.

Secretarios xerais, ás ordes inmediatas do rector, tiña ó seu cargo as oficinas da Universidade.

Consello Universitario de I.P., de nova creación. A súa función é a de aconsellar ó rector nos asuntos graves e xulgar a alumnos e profesores en casos determinados por lei (disciplina e desviación ideolóxico-política), tiña, a máis, capacidade sancionadora, aínda que nos casos graves (expulsión ou suspensión de emprego) as penas habían ser refrendadas polo Goberno. Estaba formado polo Rector, Decanos, Vicerrector e outros representantes das institucións docentes do distrito, xa que a universidade non era soamente un establecemento de ensino superior, senón o dis-

Cadro 3 - ORGANIGRAMA XERAL DA I. P.



49. Lei 9/9/1857, art. 260. O regulamento de Universidades do 22/5/1859 detalla polo miúdo os seus compromisos, arts. 1^o-3^o, igual co regulamento para a administración e réxime de I. P. do 20/7/1859, arts. 25-29 e 116.

50. Ex ministros, Directores Xerais e Conselleiros de I.P., así como Rectores cunha antigüidade superior a 6 anos, dignidades de igrexas metropolitanas ou catedrais (co grao de Dr.), membros das Reais Academias (un por cada unha delas), Inspectores

trito universitario no que se englobaban o ensino primario e secundario.

Decanos, á fronte de cada facultade baixo as ordes do rector e elixidos entre os catedráticos máis antigos.

Claustros, ordinarios (formados por catedráticos) e extraordinarios (catedráticos, directores, profesores públicos e doutores), estes últimos soamente para actos públicos e solemnes. Carecen de funcións autónomas.

Xuntas de profesores ou Consello de Disciplina, constituídos polos catedráticos de cada facultade, coñecerán nas faltas académicas de alumnos.

Este sistema administrativo variará substancialmente ó se implanta a autonomía universitaria de César Silió a través do R.D. 21/5/1919, con vixencia ata o ano 1922, que permitía as eleccións a Rector e o nomeamento do profesorado, autonomía financeira e a participación de profesores e de alumnos no goberno dos centros. Todas estas capacidades soamente estaban limitadas pola alta inspección do ministerio. A organización quedaba establecida da maneira seguinte:

- Órganos decisorios: claustro ordinario (concesión de títulos de Doutor Honorario, nomear ó Rector e Vicerrector, persoal docente e adminis-

trativo, adxudicar bolsas de axuda, aprobar regulamentos...), xuntas de facultade e comisión executiva do Rector.

- Órganos secundarios: claustro extraordinario (establecemento de cursos especiais, aprobación do presuposto xeral da Universidade), a asemblea xeral e as asociacións estudiantís (as dúas últimas sen carácter deliberante)

En calquera caso o período autonómico, vista a súa moi limitada vixencia, a penas puido desenvolver tódolos seus puntos. Máis transcendencia haberá te-la promulgación do R.D. 25/8/1926 polo que se crearon os Padroados Universitarios encargados de reorganizar ou construír Colexios Maiores e atende-las necesidades da cultura, que quedarían rexidos por dous organismos: o Consello do Distrito Universitario (de ampla representación institucional) e a Xunta de Goberno, constituída polo Rector e Decanos, que adquirirá funcións decisorias postergando a un segundo plano os Claustros (Varela, 1989:59).

2. ACTIVIDADE UNIVERSITARIA DO PROFESORADO 1857-1936

2.1. Recepción de novidades e produción científica

Poderíamos preguntar se os catedráticos podían investigar na

xerais dos corpos facultativos do Estado, catedráticos numerarios da facultades con máis de 12 anos de reputación científica, 5 personalidades da cultura. Eran Conselleiros natos: o Director Xeral de I. P., o Rector da U. Central, o fiscal do Tribunal da Rota e mailo Vigairo eclesiástico de Madrid.

Universidade, é dicir, se se verificaban estas catro condicións:

Existencia dunha política científica nacional. A lexislación universitaria a penas alude a esta circunstancia, tan só nas últimas décadas do período ínstase ós catedráticos para que persigan determinados obxectivos científicos, aínda que sen carácter obrigatorio.

Capacidade. É posible que moitos catedráticos non atinasen a comprende-lo que significaba investigar, ó identificar publicacións con Ciencia, aínda que as aportacións carecesen de valor, ou ó considerar que o dominio dunha serie de destrezas aseguraba o éxito científico.

Tempo. A cátedra en por ela, a penas se implicaba obrigas, era unha honra que levaba canda si unicamente a preparación da clase e como máxima aspiración a posta ó día na escasa bibliografía editada. Sen embargo, ó se tratar dun traballo mal remunerado, a maior parte dos catedráticos, dado o prestixio social do que gozaban, compensaban este déficit de cartos co exercicio privado da súa profesión, o que, evidentemente, sacaría-lles dispoñibilidade no caso de aborda-la posibilidade dun labor investigador.

Medios. Citamos, en epígrafes anteriores, as grandes dificultades que atravesara a Universidade (e, de

seguro, tamén o resto das periféricas) para conseguir unha mínima dotación orzamentaria coa que facerlle fronte ás compras de material e outras necesidades básicas. O éxito destas peticións estaba directamente unido á habilidade política e ás conexións ministeriais (recurso a Montero Ríos e a outros), situación que dificilmente cadra cun verdadeiro espírito científico.

Por isto debemos concluír que en España, e posto que as universidades españolas eran rigorosamente homoxéneas, tamén en Santiago, a investigación foi unha actividade reservada a uns poucos talentos *caprichosos*, que non contaron con apoio institucional e social ata fins do período, entre os anos 1907 e 1936. Así distinguimos tres etapas:

1. Ata o ano 1868, recíbense as principais novidades da ciencia europea da época, pero en España a actividade científica, que era escasa, seguiu a estar marxinaada e a liberdade de cátedra moi limitada, polo que non se iniciara un proceso de institucionalización paralelo ó que se estaba a producir nos países máis avanzados da Europa occidental.

2. 1868-1907, os factores básicos de desenvolvemento da Ciencia nesta etapa estiveran determinados pola liberalización ideolóxica do Sexenio, a tranquilidade política e institucional da Restauración, o estable-

cemento da liberdade de cátedra a partir do 1881 e o grande prestixio de que gozaran as ciencias naturais na época. No conxunto do Estado recuperábase notablemente o nivel científico e volven aparecer algunhas liñas de investigación orixinal, que supoñen mudanzas conceptuais, metodolóxicas e un proceso de desenvolvemento da infraestrutura institucional, que se enriquecera considerablemente en relación co período anterior, aínda que sen chegar a acadalo nivel dos países europeos máis avanzados. A produción bibliográfica medrara considerablemente en todo o Estado.

3. 1907-1936, prodúcese unha mudanza radical gracias á fundación da chamada *Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas*, no ano 1907, que producirá a coñecida como "xeración de sabios" (Abellán, 1989: 308), esta institución haberá contribuír de maneira importante a que a actividade científica deixe a súa marxinação social e a que a Ciencia española chegue a se colocar a un nivel semellante ó doutros países europeos, acadando a súa plenitude durante a II República. Na nosa Universidade varios profesores chegarían a se beneficiar das pensións concedidas pola *Junta para la Ampliación de Estudios*, desenvolvendo, moitos

deles, un destacado labor á súa volta a España⁵¹. Neste momento creáranse na nosa Universidade o Instituto de Estudios Portugueses, o Instituto de Estudios Regionales e a Residencia de estudantes⁵², xunto co primeiro Laboratorio de Xeoquímica do país, no ano 1933, gracias á colaboración do Seminario de Estudios Galegos e ó Instituto de Estudios Regionales.

Neste desenvolvemento habería ter grande influencia a introdución do krausismo e, despois, do positivismo, que sitúan á Ciencia nun lugar privilexiado da súa teoría, promovendo a implantación dunha mentalidade científica con importantes resultados na investigación e mais na docencia.

Ata o ano 1868 na Facultade de Santiago destacaran dous profesores, o cirurxián José González Olivares e mailo químico Antonio Casares, que no mes de decembro do ano 1847 introduciran a anestesia clorofórmica (ó mes seguinte do seu descubrimento por Simpson), realizando o primeiro traballo español de investigación experimental anestesiolóxica⁵³, a pesar do lento desenvolvemento da química experimental e das condicións dos laboratorios universitarios, certamente infradotados.

51. Véxase Porto (1986), que inclúe no apéndice unha lista das pensións concedidas a profesores da U. S.C.

52. Entendida como núcleo da vida científica e ó xeito da xa existente en Madrid. Nada a raíz do R.D. 25/8/1926 que concedía a tódalas Universidades o dereito de posuí-los seus propios Colexios Maiores, o proxecto rematará (o primeiro pavillón no ano 1936) gracias á iniciativa do que fora Rector durante o bienio azañista, Rodríguez Cadarso, de pensamento afín ás ideas da I.L.E.

53. Véxase máis cumprida información en Franco Grande (1992: 9-29).

Entre os anos 1868 e 1907, asimíllase plenamente a "medicina de laboratorio" (histoloxía e histoloxía patolóxica, fisioloxía, farmacoterapia e microbioloxía e parasitoloxía). Melloran os equipos e medios instrumentais das facultades de Medicina, adquirindo importancia crecente as asociacións profesionais, das que a maior parte foran de medicina clínica, cirurxía e as súas especialidades. En Galicia, e máis en concreto en Santiago⁵⁴, a aparición e recepción desas novidades científicas, fora limitada. aínda que se conseguira un nivel significativo e certa influencia (Varela de la Iglesia en Histoloxía Patolóxica). O fenómeno institucionalizador incidira escasamente, a deficiencia de organismo científicos e de apoio material á investigación, pode explica-lo significativo contraste entre os pronunciamentos teóricos de bastantes autores a favor dunha actividade experimental e o seu escaso labor de investigación (Teijeiro, Rguez. Seoane). No que toca á produción bibliográfica, a de carácter científico non ten, en Santiago, continuidade. Hai un grande número de autores cun só traballo (60% do total). As publicacións máis numerosas de Medicina tiñan un eminente contido práctico, clínico e terapéutico, con escasos estudos orixinais dedicados á morfoloxía e fisioloxía debido, posiblemente, á escaseza de laboratorios, contrastando o reducido do labor investigador coa relativa

abundancia dos debates sobre as posicións científico-ideolóxicas, dominando as argumentacións teóricas e simples pronunciamentos sobre as exposicións con fundamento práctico, o que limita o valor das aportacións. Os profesores máis prolíficos serán Romero Blanco e Teijeiro (en contacto coa microbioloxía de Pasteur), destacando, ademais, o labor de divulgación especializado de Ramón Varela, de importancia peninsular, que impulsara mediante o seu esforzo particular (creación dun laboratorio), o desenvolvemento duns mínimos marcos institucionais e de difusión de novidades no ámbito da microbioloxía e mais da histoloxía patolóxica.

Na última etapa, 1907-1936, baixo unha grande influencia do positivismo, algunha especialidades médicas reciben un importante pulo, salientando a Patoloxía Xeral e maila Clínica Médica, que teñen na U.S.C. á figura máis importante do ámbito peninsular, Roberto Nóvoa Santos (A Coruña 1885/ Santiago 1933), o máis eximio representante da Medicina compostelá, que estudiara en Santiago ademais de en Alemaña, Austria e Francia, cunha pensión da *Junta para la Ampliación de Estudios*. No ano 1912 gañara por oposición a cátedra de Patoloxía Xeral en Santiago, desenvolvendo aquí a súa actividade clínica, docente e ensaística ata o 1928, no que se traslada a Madrid, despois de conse-

54. Seguimos a Fraga Vázquez (1992a).

gui-la mesma cátedra, vacante na Universidade Central, onde formara unha verdadeira escola médica. O seu Manual de Patología General (1916), organiza o saber patolóxico nun sistema teórico rigoroso, incorporando ademais as correntes médicas centroeuropeas, en especial as de orientación fisiopatolóxica, constituíndo unha obra clásica da Medicina. Entre libros, artigos e conferencias, publicara máis de douscentos estudos (a pesar da súa curta vida), a meirande parte de investigación médica, aínda que tamén trataba temas coma o sexo, a morte, a muller, o feminismo e os fenómenos psíquicos, segundo Abellán (1989:215) encarna o paradigma da tradición hispánica dos "médicos-filósofos" por estar aberto ás preocupacións do seu tempo e da sociedade na que vivía.

En definitiva, na Facultade de Medicina de Santiago salientara unha área Anatómica de signo tradicional na que, ó final, albiscábanse algunhas posibilidades de escola científica, pola existencia dunha certa continuidade de estudos e profesores (Valle, Romero, Barcia, Rodríguez Cadarso, Casimiro Torre Sánchez, Miguel Vilar y Vidal e Jorge Echeverri) e outras disciplinas dirixidas desde unha perspectiva de maior modernidade: Fisioloxía, as Clínicas e Terapéutica.

2.1.2. Facultade de Farmacia

Pódese afirmar que a Farmacia española deste período presenta un

grao aceptable de coñecemento e aplicación de novas tecnoloxías e terapéuticas, polo menos desde mediados do século. No tocante á Facultade de Farmacia de Santiago, o establecemento de estudos universitarios oficiais, había servir de caixa de resonancia na difusión duns coñecementos normalizados, que adquiriran un importante nivel dada a calidade dalgúns dos profesores que alí impartían clases, con renome no resto da península como Antonio Casares (Monforte de Lemos 1812- Santiago 1888) que era considerado un insigne tratadista na súa especialidade. O seu *Tratado de química general* (Madrid 1848) utilizábase como libro de texto nas facultades, destacando, así mesmo, as súas investigacións sobre hidroxloxía (análise de augas mineiro-medicinais) e anestesioloxía. No seu *Manual de química general con aplicación a la industria y con especialidad a la agricultura*, de tres edicións (1857, 1867 e 1873) deixara ampla constancia da súa preocupación por este eido da investigación, demostrando posuír un nivel de información moi digno, recollendo, por exemplo, na segunda edición, os descubrimentos de novos metais (cesio, no ano 1860, rubidio e talio no 1861 e indio no 1863). Desde o punto de vista do pensamento científico, Casares estaba influído pola teoría dualista de Lavoisier (de permanente influencia en España durante a primeira metade do século XIX) á que se mantivera fiel mesmo nos seus escritos serodios, rea-

lizando traducións dos grandes dualistas europeos e de obras de utilidade para a preparación de medicamentos, como o *Tratado de Química teórico-práctica* de Soubeirán (Madrid 1848), aínda que, contra o final, mostrárase coñecedor das novas teorías e cientificamente ecléctico.

Na Química Orgánica destaca a figura de Eugenio Piñeirúa Álvarez (Zamora 1854 - Madrid 1937). Obtivera a cátedra desta especialidade en Santiago no ano 1890 e permanecera aquí ata o ano 1893. O discurso de apertura que ese ano presentara na nosa Universidade, titulado *Los grandes problemas de la Química contemporánea*, fora traducido ó alemán e mais ó ruso, reseñándose favorablemente nas principais revistas europeas. Os repertorios de reactivos máis coñecidos recollen ata quince reaccións que levan o seu nome; desde o punto de vista docente, os seus libros de texto foron moi importantes, reeditándose moitísimas veces. Tamén cómpre mencionar a Laureano Calderón Araña, catedrático de Farmacia-química orgánica en Compostela durante preto de dous anos (1874 e 1875), nos que desenvolveu unha actividade académica moi intensa, e con forte carga experimental, seguindo as propostas de Justus Von Liebig e dos institucionalistas, defendendo, xa que logo, as ideas de Darwin⁵⁵, ó tempo que estudia- ba cristalografía xunto con Augusto

González Linares (os 1.024 modelos cristalográficos existentes na Universidade), especialidade á que se había dedicar en París para introducila en España cando de vovera incorporar ó ensino (1888). Noutra liña, cómpre citar ó profesor Gerónimo Macho, que é o autor do primeiro traballo faunístico dedicado exclusivamente ós moluscos ibéricos de augas continentais (1878) pero que a súa produción científica, relacionada coa Historia Natural, a Malacología e maila Entomología, segue posicións teóricas vencelladas ó modelo tradicional científico cuvierista, baseado no paradigma harmónico, e do que os prexuízos e especulacións metafísicas acabaron condicionando e limitando. Salientaremos, tamén, ó profesor Eleizegui, que traballara primeiro no eido da microbioloxía e análise química, nos que se amosara próximo ás teses vitalistas de Pasteur, e despois no da Histoloxía vexetal, centrandose as súas investigacións nos temas microscópicos, inventando un modelo de microscopio panorámico Modelo Eleizegui, que construíra a casa Reichert. Respecto do seu labor de divulgación científica, fora fundador e director da Revista de Farmacia (Santiago, 1913-1936).

No tocante ó resto dos profesores desta facultade, salientaremos, como en Medicina, a escaseza de publicacións fronte ó elevado número de discursos de

55. Os problemas que este posicionamento lle causara tratarémolos no apartado seguinte.

inauguración de curso con referencias ó científismo, o que vén demostrar que o interese por estes temas quedaba limitado ó pronunciamento teórico, caso de Quet, se ben este profesor era partidario das excursións científicas e se interesaba polo Xardín Botánico da Universidade⁵⁶, do que fora director facultativo desde o ano 1871 ata o 1888, aínda que a función desta institución andara limitada polo apoio da actividade docente. Se cadra cumpriría salientar, como sinal peculiar apuntada por Fraga Vázquez (1992a: 32), a especial atención que nesta Facultade se lle prestara á Botánica, dentro do tema biolóxico:

"...tradición que se mantivo ao longo de toda a súa historia, o que se viu potenciado pola utilización e coitado do Xardín Botánico da Universidade. A pesar de estar localizados os estudos de Historia Natural na Facultade de Ciencias e depender desta cátedra o Gabinete de Historia Natural, pronto, en 1863, houbo iniciativas para que a Facultade de Farmacia dispuxese de abundantes fondos e coleccións de seres naturais."

2.1.3. Facultade de Ciencias

A partir da segunda metade do século XIX, as ciencias (física, química,

matemáticas e historia natural) adquiriran unha relevancia social descoñecida ata daquela e vencellada ó desenvolvemento industrial e capitalista. As condicións para unha implantación medianamente satisfactoria das ciencias en España no se chegaran a dar ata o século XX⁵⁷, manténdose un talante utilitarista que puxera énfase no ensino (elemental, case sempre) das ciencias, o que supuña, a pesares da súa promoción (aceptábase que o futuro da industria dependía delas), a postergación da ciencia pura e da investigación. Así as publicacións dos científicos españois limitábanse, polo xeral, a textos elaborados con materiais tomados de diversas fontes e o seu labor de difusión e de informacións dos avances científicos fora moi escasa. Por outra parte, Madrid era a única cidade que ofrecía oportunidades para o auténtico desenvolvemento das Ciencias, sobre todo desde o punto de vista académico, xa que soamente nela se establecera unha Facultade de Ciencias completa ata ben andado o século XX, e era, ademais, o único lugar no que se podía realiza-lo Doutoramento. Posto que en Santiago, a concesión destes estudos fora moi limitada ata o ano 1922, no que xa se puido cursar a carreira completa, non é de extraña-lo escaso

56. Segundo Fraga Vázquez (1993: 257), Quet solicitara, o 18/5/1869, autorización para dar leccións de "clasificación de plantas" gratuitamente no invernadoiro do Xardín botánico, permiso que lle fora concedido, así como a disposición de metade deste Xardín para o ensino da Facultade.

57. Unha excepción sería a Historia Natural, da que o desenvolvemento neste período relaciónase coa atracción que a Natureza de España (sobre todo a súa flora) e o seu coñecemento espertaran en varios personaxes estranxeiros, o que aguiñoara a curiosidade por ela en non poucos españois (JOSA, 1992: 109-151).

progreso das Ciencias na nosa Universidade, sacado o referido á química que, desde a década dos corenta, ía por diante das outras especialidades debido á presenza, como xa avanzáramos ó tratar das ciencias médicas e farmacéuticas, de Antonio Casares. Soamente indica-la institucionalización da Historia Natural (Zooloxía, Botánica e Mineraloxía), coa constitución do Gabinete de Historia Natural (coleccións de obxectos naturais) e o Xardín Botánico da Universidade, vencellados a esta cátedra e creados como complemento para o seu ensino, se ben, a partir do ano 1870 (agás un pequeno período: 1889-1891), a dirección administrativa e facultativa do Xardín Botánico corresponderalle á facultade de Farmacia (Quet, Talegón, Sandalio Glez. Blanco...). En calquera caso, a vitalidade de estes organismos (pola escaseza dos presupostos estatais) fora reducida. A esta cátedra pertenceran, en primeiro lugar, Planellas, do que destaca a *"hipotética confección dunha colección de 58 especies de peixes da Galiza para o Gabinete"* (Fraga Vázquez, 1992b: 34); do labor científico desenvolvido en Santiago polo seguinte titular, Augusto González Linares, soamente cabe salientala súa influencia na posterior institucionalización da Bioloxía mariña en Galicia e mailo seu intento, baixo a dirección de Giner de los Ríos, de elaboración dun plano de Historia Natural que se traducira na publicación dun folleto *Ensayo de una Intro-*

ducción al estudio de la Historia Natural (1873), que *"supuña un xeito de integración das innovacións científicas no modelo filosófico krausista, ligado ao idealismo filosófico dos Naturphilosophers alemáns (Oken, Goethe...); ademais tratábase dunha resposta ao reto do materialismo desde unha posición que acabaría, cientificamente, nunha vía morta"* (Fraga 1992b: 41). Outro profesor sobresaliente sería Vila Nadal, auxiliar encargado desta cátedra durante un longo período, xa que parece ter desenvolvido unha ampla actividade (edición de revistas de divulgación científica, construción e exhibición dun acuario ambulante, intento de creación dunha Estación Biolóxica Mariña...), aínda que a de meirande entidade científica desenvolveuna despois do 1900, tras obter, por permuta, a cátedra de Santiago, etapa na que puxera en marcha o seu proxecto de Estación Biolóxica Mariña e editara numerosas publicacións financiadas por el mesmo.

Finalmente, débese destacar a Isidro Parga Pondal (Laxe 1900-A Coruña 1986) que irá prepara-lo seu Doutoramento en Xeoquímica a Zúric, gracias a unha pensión da *Junta Nacional de Ampliación de Estudios*, e que a partir do ano 1935, contando coa axuda económica da Fundación Nacional de Investigación, Ensayos y Reformas de Madrid, dirixirá o laboratorio de Xeoquímica da U.S.C., onde

comezarán a se forma-los primeiros xeoquímicos españois, aínda que o seu labor habíase ver truncado pola Guerra Civil, ó ser expulsado da nosa Universidade polas súas ideas galeguistas. Con todo a súa obra escrita é inxente, abranguendo numerosas especialidades da Xeoquímica. Outro dos que tiveran unha pensión da Junta de Ampliación de Estudios fora o destacado profesor e organizador do Museo Natural, Luis Iglesias Iglesias (Teis 1895- Santiago 1977), catedrático de Bioloxía no ano 1932, que realizara investigacións entomolóxicas no estranxeiro (Nápoles) e exploracións científicas nas serras de Os Ancares, Invernadeiro e Queixa.

2.1.4. Facultade de Dereito⁵⁸

O Dereito será tamén unha disciplina que procurará na Ciencia o seu paradigma epistemolóxico, pescudando os datos positivos da súa fundamentación. A partir da segunda metade do século XIX, e sobre todo en Madrid e Barcelona, aparecen grandes xuristas e numerosos estudiosos de Dereito, non soamente en materias positivas, senón tamén sociolóxicas ou criminalistas. Os grandes temas políticos e sociais reflectirán nas Facultades de Dereito que, ó igual que outras, a partir da etapa revolucionaria, vivirán momentos de intenso debate ideolóxico. A Restauración

supuxo a entrada da ciencia europea na Universidade, enfrontamentos coa tradición e a Igrexa, aportación de elementos doutrinais para a remodelación do estado liberal e un aumento do nivel da ciencia xurídica nas Universidades. Serán moitos máis os catedráticos que -gracias á relativa liberdade da Restauración, ós contidos programáticos do dereito español e ó considerable aumento dos estudantes de Dereito, potenciais usuarios desta nova bibliografía- escriben, sobre todo, discursos, manuais e monografías; libros especializados nos que se tratan os grandes temas do Dereito abordados en cada unha das materias, sen necesidade de recorrer a obras foráneas como pasaba anteriormente. No ámbito estatal aparecen dous tipos de catedráticos de prestixio: o grande xurista práctico, moitas veces político, como Montero Ríos, que impartira, brillantemente, clases de dereito canónico en Santiago entre os anos 1860 e 1864, e o estudioso, con numerosas publicacións. Salientamos:

- Núcleo tradicional: a produción dos catedráticos de Canónico (disciplina en decadencia en relación coa Universidade antiga) non fora moi ampla, e menos aínda en Santiago. entre os novos canonistas destaca o Padre Manjón (en Santiago de 1878 ó 1880), pero as súas obras centrábanse na pedagogía. O Dereito Romano atra-

58. Para a elaboración deste apartado, e por causa da escaseza de estudos monográficos, baseámonos en dous artigos de Mariano Peset (1985: 349-180 e 1992: 349-380).

vesara unha época de grande decadencia durante a Restauración (redución de horas lectivas), con obras escasas e de baixa calidade. Cremos que en Santiago nin tan sequera se contaba cun manual elaborado por catedráticos desta Universidade, xa que o escrito por Benito Núñez Forcelledo trataba máis ben sobre Filosofía do Dereito. Mencionar soamente a Felipe Clemente de Diego que desenvolvera os seus primeiros anos de docencia como catedrático de Romano en Santiago (1897-1900), pero que había destacar como grande civilista, símbolo da modernidade e da actualidade, seguidor, no que toca a método e ideas, da escola historicista e da doutrina alemana en xeral.

- Núcleo de dereito privado: en Civil, aínda que con escaso valor, destacan os discursos de apertura da Universidade do profesor Jacobo Gil Villanueva, o do 1874 sobre Fuego Juzgo e o do 1887 sobre capacidade civil dos relixiosos. Son, así e todo, moi abondosas as intervencións dos civilistas noutras institucións, xurídicas ou non, o que traduce a súa importancia na sociedade daquel tempo. Así o propio Gil Villanueva formara parte, entre outros profesores, dunha comisión da Sociedad Económica de Santiago, encargada, a instancia do ministerio de *Gracia y Justicia*, de elaborar, no ano 1874, un informe sobre "*foros, subforos, y otras cargas semejantes que se conocen en el anti-*

guo reino de Galicia" (Portabales, 1982: 123-5), no que realizan unha defensa do sistema foral, ó que consideran base fundamental da organización da propiedade de Galicia. A finais do século cada catedrático será autor do seu propio libro de ensinanza, en Santiago o profesor J. Gil utilizará outro sistema, publicando o programa da disciplina xunto con algúns artigos do código materia de exame en Código civil español. *Sumario de artículos* (Santiago, 1896). O Dereito Penal recibirá a influencia da antroploxía positivista italiana. En Santiago resultara patente o predominio alemán e italiano, vangarda do progreso das ciencias penais, e destacara o catedrático R. R. Rueda Neira con *Elementos de derecho penal* (Santiago, 1886), obra ben informada e sistematizada, á que Milagros M. Otero (1987: 285) considera o mellor manual de Dereito Penal editado en Santiago, calificándoo como:

"...un excelente ejemplar del género manual. Sus continuas revisiones lo convirtieron en una obra amplia, completa y muy pedagógica. Una obra que todavía hoy en día merece ser consultada, a pesar de los aspectos puntuales que el transcurso de un siglo y los cambios legislativos han dejado obsoletos".

- Núcleo do dereito público, soamente destaca en Internacional un estudioso notable que impartira, por

pouco tempo, clases en Santiago: J. Fernández Frida (1893-94).

- Núcleo formativo: en Dereito Natural, a pesar de ser unha disciplina considerada fundamental para a defensa das institucións claves na sociedade (familia, propiedade), e de existir unha ampla produción no conxunto do Estado (obras de Francisco Giner), sobre todo durante a Restauración, non houbo en Santiago profesores que destacasen especialmente no estudio desta especialidade. Soamente mencionaremos a tres, dous deles claros defensores da ideoloxía tradicionalista: Benito Núñez Forcelledo, primeiro catedrático desta Universidade que realizara unha exposición xeral da disciplina, consistente nun manual dos alumnos titulado: *Prolegómenos del Derecho o introducción a los estudios jurídicos* (1890) que, segundo Francisco Puy (1975: 46):

"... se inspira -coherentemente con la ideología tradicionalista de su autor- de un modo principal en las doctrinas "del incomparable filósofo Santo Tomás de Aquino", así como en las de "nuestro insigne Balmes" y en las de "los eminentes jesuítas Traparelli y Liberatore". El contrapunto doctrinal se suele establecer basándose en los krausistas y especialmente en Ahrens".

O outro catedrático é Alfredo Brañas, que, como profesor interino

desta cátedra, escribira o segundo libro editado da disciplina: *El principio fundamental del Derecho. Lecciones elementales de Historia de la Filosofía del Derecho* (1886). O terceiro é un orteguiano afervoado, Luis Recasens Siches, profesor desta disciplina en Santiago soamente durante un curso (1927-28), que se había baseado nas orientacións filosóficas de Ortega para desenvolver novas exposicións no ámbito xurídico, cun amplo labor investigador e de publicacións.

Finalmente, en Economía política e estatística, destaca Melchor Salvá co seu *Tratado elemental de estadística* (Madrid, 1882), obra ben informada e sistematizada, e que fora, tamén, colaborador da figura máis sobranceira desta disciplina: José María Ologaza, catedrático da Universidade Central, na elaboración da obra *Tratado de economía política, conforme a las doctrinas y con el concurso y colaboración del Ilmo. Sr. D. Melchor Salvá*, 1888.

2.1.5 Facultade de Filosofía

Desaparece a partir do ano 1867, conservando a súa función como preparatorio de Dereito (Literatura Latina, Literatura Española, Metafísica e Historia Universal). Xa antes estaba reducida a unhas cantas cátedras por se impartir soamente os estudos que configuraban o grao de Bacharel, polo que, na segunda metade

do século XIX, os catedráticos non son moitos, nin destacados.

No momento no que se consegue, en Santiago (1922), a concesión dos estudos completos desta carreira, sección Historia, esta disciplina, moi instrumentalizada de sempre polo poder político, intenta utilizar métodos científicos para o estudo dos documentos (obxectos, textos...). En calquera caso o cadro de catedráticos fora sempre moi escaso, case nunca houbo máis de tres, que se repartían por acumulación as once cátedras que constituían a licenciatura nesta carreira. Así e todo, viñan sendo, na súa maioría, figuras eminentes da cultura, polo que o nivel destes estudos en Santiago experimentara unha mellora considerable respecto de anteriores etapas. Salientaremos a Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo 1879 - Madrid 1950), que era membro numerario da R.A.E. en representación das Letras Galegas desde 1929 e co-fundador do Seminario de Estudos Galegos; Abelardo Moralejo Laso, que destacara polos seus abondosos artigos sobre a toponimia galega e referidos a temas do Códex Calixtinus, de fonética e etimoloxía latina, románica, española...; e, por último, un home importante da cultura, pensionista en varias ocasións pola *Junta de Ampliación de Estudios* para realizar investigacións históricas no estranxeiro, Ciriaco Pérez Bustamante, que centraba os seus estudos, neste período, na Historia Moderna de España.

Non paga a pena facer reseña ningunha sobre a facultade de Teoloxía, sobre todo se temos en conta a escasa vixencia desta carreira na nosa Universidade (fora suprimida definitivamente no ano 1867), a infravaloración dos títulos nela obtidos e maila inexistencia de catedráticos numerarios entre o profesorado (todos eran substitutos permanentes, agás os que procedían da Facultade de Dereito, caso de Montero Ríos, que impartían materias comúns como Disciplina Eclesiástica).

2.2. Debates

Durante a segunda metade do século XIX e empezos do XX, o problema da liberdade da ciencia desencadeará unha polémica educacional sobre a posibilidade de harmonizar fe e razón. Tradicionalistas, defensores primeiro da concordancia entre principios morais-doutriniais do catolicismo e verdades científicas e, despois, da capacidade científica do catolicismo, enfrontaranse ós defensores da independencia da Ciencia, de mentalidade positivista e laica, a maioría deles krusistas, que consideraron a relixión un freo para o desenvolvemento científico. Políticamente poderíamos simplificar afirmando que os defensores de cada criterio viñéronse aliñando co bando conservador os primeiros e co liberal os segundos.

Na Universidade de Santiago, os debates principais arredor da polémica

mica citada destacaron polo carácter extracientífico das argumentacións:

"Entre os participantes salienta a ampla utilización dos temas a discusión como armas ideolóxicas arroxadizas. As intervencións e posicións adoitan situarse estreitamente ligadas aos programas político-ideolóxicos conservador e progresista; semellan uns debates bastante dependentes dunha loita ideolóxica allea, que utilizan a Ciencia. Abundan participantes sen a formación científica axeitada; entre os científicos, fronte a escasez xeral de profesionais da Bioloxía, serán os médicos e profesores algúns dos colectivos con maior participación". (Fraga, 1992a: 263).

Polo xeral abundan as descualificacións globais e escasea a orixinalidade. Había o costume de utiliza-las publicacións francesas como soporte argumental, sobre todo nos ámbitos tradicionais, dándose na Universidade compostelá un maior descoñecemento⁵⁹ e rexeitamento das obras evolucionistas ca no resto do Estado. Neste ámbito tradicional, entre o "grupo

católico compostelano" dáse unha cosmovisión cristiá e teolóxica da sociedade, a filosofía escolástica e un antidarwinismo militante⁶⁰, resultando significativo *"a coincidencia entre as posicións, e mesmo argumentos, expostos na Universidade e no Seminario Conciliar de Santiago"*. (Fraga, 1992a: 264)

Entre os sectores partidarios da autonomía da Ciencia (a maioría liberais *monteristas* na Restauración) dáse unha maior variedade de referencias, coa presenza cualificada de textos alemáns e ingleses, optando a maioría por novas opcións filosóficas (idealismo krausista e hegeliano, racionalismo neokantiano, positivismo, materialismo...) e defensa do darwinismo.

Na evolución dos debates observamos que ata o ano 1868 non se puideron defender libremente, polo menos de forma pública, certas ideas enfrontadas dun xeito radical cos presupostos tradicionais, coma o evolucionismo darwinista. Neste momento aparecerá unha polémica sobre o que fora, desde o ano 1864 ó 1868, brillan-

59. "Lamarck soe ser moi citado e abundan na Biblioteca as súas obras. De Malthus e Lyell soamente atopamos unha obra e non adoitan ser citados no s. XIX (...) a primeira edición de Darwin que entra nunha facultade é a 2ª española, non antes, xa que logo, do ano 1880 (...) De Haeckel hai unha soa obra : Histoire de la Création que é a 2ª edición francesa do ano 1877. Todas están na Facultade de Farmacia, do que se tira que foron adquiridas por algún catedrático e legadas á facultade" (Barreiro Fernández, 1971: 540-1).

60. "A Universidade, como institución, mantivera unha oficial carraxe á tese evolucionista. Maníéstase nunha serie de datos:

- A prohibición de adquiri-las obras de Darwin, Haeckel, e outros evolucionistas.
- Os discursos inaugurais, sinalados polo Rector, estaban sempre encomendados a catedráticos positivamente contrarios ó evolucionismo e nin en un só caso, ata o ano 1903, encomendáraselle a un catedrático a el favorable.
- O rápido trámite que se dera ó caso González Linares e Calderón, que deran cos seus ósos en San Antón, soamente se pode explicar () polo seu compromiso público no evolucionismo"

(Barreiro Fernández, 1971: 551-2)

te profesor de Disciplina Eclesiástica nesta Universidade, Eugenio Montero Ríos (simpatizante da ideoloxía krausista), cando, no seu discurso de toma de posesión sobre ultramontanismo e cristianismo, criticara á Igrexa católica, provocando o rexeitamento dunha grande parte dos catedráticos santiagueses, entre eles o profesor Jacobo Gil Villanueva. Entre as posturas abertamente tradicionalistas desta etapa figura a de Miguel Francisco Eleizegui, sucesor na cátedra a Montero Ríos, grande inimigo ideolóxico da escola krausista e outros sistemas filosóficos como o materialismo, panteísmo, fatalismo, escepticismo, supernaturalismo, tradicionalismo, positivismo, ateísmo, historicismo, racionalismo e defensor, polo tanto, nesta polémica da supremacía das verdades reveladas fronte ás científicas (Mayobre, 1958: 96-7) e a de Bartolomé Beato, catedrático de Metafísica.

A revolución democrática do ano 1868 permitiu que a actividade científica española se desenvolvese en completa liberdade desde o punto de vista ideolóxico. A teoría darwinista pasou, de ser coñecida e defendida privadamente por un número limitado de médicos e naturalistas, a ser exposta e discutida acaloradamente en público. Un dos primeiro en se pronunciar en

contra había se-lo catedrático de Exercicios Prácticos de Farmacia, Gerónimo Macho. As súas concepcións científicas e filosóficas abranguen desde o cuvierismo ata a filosofía escolástico-tomista, declarado antidarwinista, defendera sempre a dependencia do coñecemento científico respecto das verdades relixiosas e, máis concretamente, á moral católica. Nunha liña semellante encontrábase Planellas, catedrático de Historia Natural⁶¹. No sentido contrario manifestárase Esteban Quet, daquela catedrático de Materia Farmacéutica Vexetal, identificado cos postulados progresistas a época. Era un positivista materialista en Ciencia e Filosofía e politicamente republicano de esquerdas, sendo, ademais, protagonista dun acontecemento moi coñecido: o cambio do seu discurso, xa impreso, para a inauguración do curso 1868-69, que trataba sobre Pesas y medidas, por outro, máis en consonancia coa situación xurdida da revolución de setembro, no que define á Ciencia como aliada natural do progreso, a liberdade... e independente por enteiro de presupostos establecidos pola moral e mailos dogmas. A defensa destas ideas chegaron a enfrontalo moitas veces cos sectores tradicionais-escolásticos, maioritarios en Santiago. Igual lle había pasar a Augusto González Linares, catedrático de

61. Cómpre facer aquí a matización que introduce X. A. Fraga no seu estudio (1992b: 34), rebatendo a idea moi espallada de que Planellas co seu discurso de inauguración do curso 1859-69 "Existe unha ley del progreso indefinido, que ha de someterse a la indudable certeza de las verdades reveladas", fora o pioneiro no rexeitamento do darwinismo, por considerar que o contido non se corresponde co tema e que Planellas non podía criticar un texto posterior, xa que Darwin había publicar A orixe das especies no mes de novembro do 1859, un mes despois do mencionado discurso.

Historia Natural, quen, coa súa famosa conferencia sobre o darwinismo pronunciada na Academia Escolar de Medicina (1872), significárase claramente a favor desta teoría⁶², máis adiante había se-lo desencadeante, xunto con Laureano Calderón, catedrático de Química Inorgánica, da segunda cuestión universitaria nos comezos da Restauración⁶³. A súa expulsión do corpo docente e as consecuencias derivadas tiveran bastante que ver coas súas tendencias krausistas e defensa dos postulados darwinistas:

"...la rapidez con la que se llevantan a cabo estas acciones es indicio de que en el fondo existía una actitud de enfrentamiento entre los jóvenes krausistas y las viejas estructuras de la Universidad, influenciadas en gran medida por el ambiente religioso, sobre el que giraba la vida intelectual de la ciudad.

"Las contestaciones que González Linares y Calderón dirigen a los cargos que se les presentan en la formación de los respectivos expe-

dientes (...), son reflejo de su defensa de "enseñar la ciencia" (Calderón) y de la "libertad de investigar la naturaleza" (González Linares), que bien podrían relacionarse con la lucha que venían sosteniendo por dar a conocer las modernas teorías evolucionistas.

"(...) (éstas) teorías parece que encontraron más eco fuera de los estrechos límites de la Universidad de Santiago de Compostela. La prueba fue que tanto el representante del Instituto como el de la Escuela Normal votaron a su favor en el Consejo". (Porto, 1986: 80-1)

Con todo, debemos constatar que, fronte das interpretacións segundo as que o problema ideolóxico de enfrontamento coa postura oficial do Goberno e ós retrógrados *estamentos universitarios composteláns* resulta fundamental, á hora de explica-lo desenvolvemento dos acontecementos, X.A. Fraga (1992b: 42-3) sostén outra moi distinta ó afirmar que fora máis ben produto de:

62. Aínda que hai autores como X.A. Fraga Vázquez (1993: 174) que consideran que krausistas como Linares "asumirían un peculiar monismo metafísico, con defensa da xeración espontánea e rexeitamento da teoría celular, nun claro anacronismo científico".

63. O D. e Cir. de OROVIO do 26/2/1875, coutando a liberdade de cátedra, fora considerado ilegal por Laureano Calderón e Augusto González Linares, que así llelo fixeran saber ó Rector, Antonio Casares, nunhas comunicacións de protesta o día 5 de marzo do ano 1875, despois de se ratificar nelas e seren suspensos, incoáraselles expediente. Na votación final para determina-la súa responsabilidade, houbera empate de posturas a favor (o Rector e mailos Decanos de Dereito e Farmacia) e en contra (Decano de Medicina, Director do Instituto e o da Escola Normal) da separación destes profesores, e houbo se-lo Rector quen decidise a cuestión propondo a separación, como así acontecera (R.D. 12/4/1875). Máis adiante producírase o seu confinamento no castelo de San Antón por negárense a acatar aquela decisión, e as demisións solidarias de personalidades como Emilio Castelar, a renuncia de Montero Ríos, as protestas de Giner, Salmerón... No ano 1881, a circular de Albareda, restablecía a liberdade de cátedra e derogaba a anterior de Orovio, coa que se normalizara a situación dos profesores separados das súas cátedras no ano 1875. Para unha información máis polo miúdo, ver Porto (1986: 64 e ss.) e Faus (1986: 43-63 e 196-202).

"...a sua marxinação, desexada ou non, no ambiente univ ersitário compostelán, mesmo entre sectores próximos ideolóxicamente. Asemade, debemos considerar, como se pode comprobar na correspondencia con Giner, o singular carácter de Linares, bastante impetuoso; resulta claro o seu disgusto pola estancia en Santiago, a xeito de desterro obrigado para futuras altas misións, para as que coidaba estar preparado e dotado, nunha carreira que el e o seu mestre semellan ter deseñada con grandes expectativas... Linares manifestaba un desexo fervente de voltar a Madrid, polo que supuña de recuperar o contacto cos amigos e, especialmente, co seu querido Francisco Giner. Coidamos que todo isto favoreceu a menor integración de Linares en Santiago; nese contexto, non pode sorprenden que o de Orovio fose vivido, entre outras cousas, como unha oportunidade de agradar a Giner".

A partir do ano 1875, a estabilidade política favorecera o desenvolvemento dos saberes científicos e, aínda que o conservadorismo oficial expuxera graves dificultades á súa independencia ideolóxica, non chegara a imposibilitala. No grupo dos tradicionalistas estarán Piñeiro Herba, Francisco Romero Blanco, Ángel Botana, Rafael del Valle Álvarez... No do dos

defensores da ciencia experimental salientarían Teijeiro Rodríguez Seoane e, na etapa final, Roberto Nóvoa, que tería unha rigorosa formación intelectual e estaba aberto ás influencias do darwinismo e da psicanálise, incorporando a doutrina da evolución e mailo sistema freudiano. Nunha postura intermedia achábase Vila Nadal, catedrático de Historia Natural, ó defende-la conciliación entre evolucionismo e catolicismo. Fora evolucionista convencido pero sometido ás decisións da xerarquía eclesiástica, que exercera unha efectiva censura sobre as súas publicacións relacionadas con este tema⁶⁴.

Independentemente dos debates máis arriba mencionados, segundo vai avanzando o século XIX, Compostela vaise converter na cabeza intelectual dun movemento da sociedade galega caracterizado pola afirmación do carácter diferencial e oprimido de Galicia e mais pola reivindicación da súa autonomía. Unha das súas formas, o rexionalismo, estivera abandeirado por Alfredo Brañas, catedrático de Economía Política e Facenda Pública, que, desde unha postura antiliberal (fora colaborador e animador de periódicos e sociedades católicas, contrario ó naturalismo, chamáralle extravagante a Lamark⁶⁵), expón, no libro *El Regionalismo*, a súa teoría rexionalis-

64. X.A. Fraga (1992b: 48), considera o evolucionismo de Vila Nadal, e neste achegárase ó de Augusto Glez. de Linares, resultado "do longo, difícil e particular proceso de asimilación do evolucionismo darwinista polo organicismo krausista".

65. Fraga (1984: 236).

ta de base filosófico-escolástica-cristiá. A redención de Galicia, segundo el di, precisaría de: unha descentralización rexional, servicios administrativos (creación de facendas rexionais), monetaria e mercantil e o restablecemento dos gremios, en síntese:

"...a existencia de dous poderes: un poder central, que tería un papel proteccionista verbo das rexións do Estado e un poder rexional que sería o único soberán en cada rexión, tanto para dictar leis, para ter a súa propia administración, capacidade de acuñar moeda... Os gastos do poder central quedarían reducidos á Casa Real, Representación diplomática, Oficinas Centrais e gastos do Exército e da Armada." (Mayobre, 1985: 53)

Con este movemento tiveran relación moitos profesores, aínda que algúns non chegarían a se integrar plenamente, destacan entre eles Barcia Caballero (Medicina), Salvador Cabeza de León e Ramón Buíde (Dereito).

A empezos do século XX, despois do pasamento de Alfredo Brañas, o rexionalismo, practicamente morto, habería ser substituído polo nacionalismo, de xeito que o proceso de galeguización da U. S. C. foi medrando e facéndose patente segundo ía avanzando este século, sobre todo durante

o proceso político arredor da Autonomía Galega na II República, aínda que sempre houbera, entre o profesorado, un sector contrario á galeguización da Universidade⁶⁶.

2.3. Docencia

Os principios pedagóxicos da Universidade liberal española e, como vimos explicando, en igual medida os da compostelá, sintetízanse nun só: o "catedrático-centrismo"⁶⁷, que, á súa vez, caracterízase por:

O desenvolvemento dunha actividade rutineira e formulista: o traballo administrativo desenvolvíase sen complicacións xa que a responsabilidade de goberno real estaba nas mans do Ministerio e o resto do seu labor consistía na participación nas solemnidades académicas, correccións de exames, impartición de clases, dúas ou tres veces por semana durante sete ou oito meses ó ano, e preparación da materia, normalmente na súa casa, cunha bibliografía elemental. A exposición das clases complementábase co emprego de manuais. Os alumnos aprendían esquematicamente a materia co único obxectivo de superalos exames, sen que os profesores considerasen a investigación como algo interesante para a formación dos futuros licenciados⁶⁸, sendo práctica común

66. Véxase Isaura Varela (1989: 98-111).

67. Expresión utilizada por Alejandro Nieto (1984: 17).

68. Mesmo Casares, segundo dicía Augusto G. Linares, oínte nas súas clases: "fuera de saber química explica lo corriente, no da chispas (...) él no trabaja sino para la Cátedra, y algún análisis de aguas que algún amigo trata de iluminar. Se ha imagina-

entre os profesores (desde a segunda metade do século XIX e ata o século XX), antepoñer o uso da súa obra científica (no caso de que a tivesen) á utilidade dos coñecementos que o alumnado puidese adquirir.

Unha mudanza fundamental nos hábitos docentes irase producindo desde os empezos do século XX. Así o catedrático de Elementos de Dereito Natural, Eduardo Vilariño Magdalena, no seu discurso inaugural do curso 1909-1910, concibía como finalidade primordial do ensino do Dereito "la educación científica completa y superior; educación que procura formar un hombre de ciencia, mediante seguros conocimientos teóricos y prácticos en grado suficiente para ulteriores investigaciones y aplicaciones de las ideas adquiridas". Os contidos das clases

ían mellorar, pero os canles do ensino quedarían intactos.

- Paternalismo na súa relación cos alumnos (como vermos ótrata-la conflictividade estudiantil e o elevado nivel de aprobados⁶⁹).

- Endogamia académica e favoritismo: colocábanse, polo xeral, os discípulos máis directos ou os familiares. As cátedras acababan sendo de profesores autóctonos, a maior parte das veces parentes de alguén. Exemplos patentes disto hainos na nosa Facultade de Medicina, como o caso dos irmáns Nóvoa⁷⁰, a dinastía dos Martínez de la Riva (pai, fillo e netos) e Casares, os fillos de Varela de Montes, Francisco Romero Blanco, Piñeiro Herba, Casimiro Torre...

- Rapidez nos traslados dos catedráticos foráneos. Os profesores

do sin duda, que voy á aprender aquella química ad usum medicorum que explica. Me he llevado en este asunto un gran desencanto". (Faus, 1986: 170).

69. Os profesores pouco xenerosos cos aprobados eran moi significados, así Santiago Usoz, máis que polas súas virtudes docentes, distinguírase pola súa severidade nas cualificacións, provocando non poucos enfrontamentos públicos cos alumnos, habendo insultos ("animal"), ataques físicos (arrebolar pedras) e ofensas (asubíos) por parte dos alumnos que, en ocasións, recibían puntual resposta do profesor (A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, A-177, Libro 1º de Actas do Consello Universitario, 1858-1872, sesións 6 e 11 de xuño do ano 1866, fols. 48 vº 55). A súa severidade debeu ser tan extrema (ou novidosa) que quedou na memoria colectiva do alumnado, de tal xeito que o seu nome chegou a se facer extenso a todo profesor esixente nos exames, recibindo o alcume de "o novo Usoz". Tal fora o sobrenome que gañara Augusto González de Linares cando impartira as súas clases en Santiago, polos motivos arriba referidos (Faus, 1986: 166).

70. A legalidade do acceso dun deles, José Novoa, e unha praza de profesor clínico resulta máis que dubidosa, instruíndose expediente por parte do Consello Universitario por O. da Dir. Xral. de I. P. do 31/3/1862 e RR.OO. do 2 de xullo e 1 de novembro dese ano. Os feitos foran os seguintes:

Un dos irmáns de José Novoa entrara no cuarto do Hospital no que estaban as bolas coas papeletas dos doentes que se ían sortear. Despois o opositor, comunicado no momento do exame, pedira unha cunca de café que a súa criada porfiara en lle levar e na que o bedel atopara un papel con varios apuntes relativos ó doente sorteado. Ademais, como non fixera ben o exercicio de operación, un seu irmán inutilizara unha perna do cadáver sobre a que operara para que o público non se decatase do erro.

Malia estes feitos probados, o Consello Universitario atopara argumentos para dictaminar que estes "no influyeron en la legalidad de los ejercicios del opositor Novoa, nin en la de los demás actos de la oposición". Así e todo unha O. da Dirección Xeral de I. P. declaráralo cesante (A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, A-177, Libro 1º de Actas do Consello Universitario, 1858-1872, sesións 12, 17 e 29 de novembro do 1862 e 8/4/1863, fols. 28-40 e A.H.U.S. Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, A-554, Libro de Rexistro de títulos de catedráticos e administración 11852-1900, núm. 300).

de fóra marchaban de contado, procurando achegarse ó seu verdadeiro lugar de residencia. A facultade na que os traslados eran máis frecuentes era a de Dereito, e a cátedra máis afectada, Administrativo: Leopoldo Michelena García, Gonzalo del Castillo, Pablo de Azcárate Flórez, Enrique Martí Jara, Ulpiano Villanueva, Joaquín García Labella...

Este fenómeno, unido ó aprazamento na convocatoria de cátedras, supuña a inestabilidade de moitas delas e que estivesen permanentemente vacantes. Podemos citar casos extremos en Medicina con: Hixiene pública e privada vacante⁷¹ desde o ano 1857 ata o 1876 (19 anos) e desde o 1916 ata o 1933 (17), así como Medicina Legal, desde o ano 1918 ata o 1922 (4) e desde o 1923 ata o 1932 (9), a situación collera matices esaxerados coas cátedras creadas polo novo plano do 1902, así Otorrinolaringoloxía estivera vacante desde 1902 ata 1930 (28 anos) e Oftalmoloxía, Sifilografía e Dermatoloxía desde a súa creación ata, polo menos, finais do período estudado (1922-1936); igual sucedera coa Fisioloxía especial e maila Farmacoloxía experimental, aparecidas no ano 1928 (sen titular ata o 1936) e coa Microbioloxía médica, creada no ano 1930 (ídem 1930-1936). En Farmacia este fenómeno será menos rechamente. Así, entre as cátedras que estiveran máis tempo sen

cubrir, destacan Análise Química e Técnica Física, do 1917 ata o 1925 (8 anos). En Ciencias, a cátedra de Historia Natural, entre outras, permanece case todo o sexenio sen titular (1868-1872), tamén do 1891 ó 1899 e desde 1920 ata 1932, a de Química habería se-la excepción pola longa carreira académica do profesor Casares, mais, despois do seu pasamento, esta cátedra estará vacante o curso 1888-89, desde 1893 ata 1904 (11 anos), do 1905 ó 1907 e desde o 1923 ata o 1930 (7). Cando, a partir do 1922, se obteñen os estudos completos desta carreira, a situación vai a peor xa que para 14 cátedras nunca se dispuxera de máis de catro catedráticos (seis cando o cadro de materias aumentara ata dezaseis), que houberan de desempeñar varias acumuladas. As cátedras en Dereito, por regra xeral, andaran mellor cubertas, aínda que tamén se vira afectada durante o sexenio (igual có resto das facultades) e a finais do século XIX por problemas de financiamento e avatares políticos, polo que determinadas cátedras quedarán sen titular durante bastante tempo, sendo o caso de Dereito Internacional Público e Privado (desde o 1900 ata o 1906), Dereito Natural (do 1890 ó 1898) e Dereito Canónico (do 1889 ó 1904, 15 anos). En Filosofía, igual ca noutras facultades, a etapa do sexenio presenta máis vacantes ca ningunha outra, e cando consegue os estudos completos, no

71. Entre estes longos períodos estivera sen titular outros máis curtos. Igual ocorre coas que citaremos a seguir.

ano 1922, chegará a te-los mesmos problemas que a Facultade de Ciencias. No tocante a Teoloxía xa comentáramos que as cátedras estaban desempeñadas por substitutos, agás nas comúns con Dereito.

Ensinanza non profesionalizada, no senso de que para a súa boa marcha, e tendo en conta o fenómeno anterior, cada catedrático impartía materias afíns á cátedra de orixe, pero non da súa competencia, titulación ou dedicación, o que ía en detrimento da calidade do ensino. Tamén disto temos abondosos exemplos na nosa Universidade, a máis dos xa citados de Filosofía e Ciencias:

En Medicina dábanse moitas deficiencias á hora de cubrir vacantes⁷², por exemplo José María Morales, catedrático titular de Fisioloxía, debeu desempeñar interinamente as de Hixiene privada (1857-1862), Patoloxía xeral coa súa clínica e Anatomía patolóxica (1867-1868), Terapéutica (1861-62) e Física experimental (1867-68). A partir dos anos 1902, 1928 e 1930, datas nas que se amplía o cadro de disciplinas, medran as interinida-

des e cátedras acumuladas ás que se han ver encomendados Francisco Piñeiro Pérez, Francisco Romero Molezúm, Miguel Gil Casares, Jesús Novoa López, Manuel Piñeiro Herba, Juan Barcia, Víctor García Ferrero, Miguel Vilar y Vidal, Ángel Jorge Echeverri, Luis Blanco Rivero, Antonio Novo Campelo, Casimiro Martínez López e José Carlos Herrera.

En Farmacia, entre os profesores ós que asignaran interinamente un meirande número de cátedras cómpre salientar a Casares, que na primeira década de funcionamento da Facultade, cando as dificultades debían ser máis, convertérase nun profesor *polivalente*, impartindo clases da súa especialidade, Química, e, ademais, de Materia farmacéutica vexetal, Farmacia químico-inorgánica, Farmacia químico-orgánica e Ampliación da Física, reproducíndose esta situación con outros catedráticos como Brunet, Quet, Macho, Plans. Entre as cátedras acumuladas destaca a impartida por César Sobrado y Maestro, catedrático de mineraloxía e Zooloxía aplicadas á Farmacia, que se ocupara, ademais, da Botánica descriptiva desde 1918 ata 1935.

72. Augusto González de Linares escribe a Giner que as irregularidades, cando non ilegalidades, asumíanse como algo común na facultade:

"El segundo asunto era resolver si debía o no subsistir un acuerdo que tomó en el pasado curso la Facultad, por el cual cambiaron de cátedra varios Sres., en especial el Sr. Freire y el Sr. La Riva. Éste no sabe Anatomía, que es su Cátedra; el otro, aunque hizo oposición á la suya (Patología) se conoce mejor la Anatomía.

"(...) sólo el Secretario votó porque no subsistiera el acuerdo interín no lo aprobase la Dirección".

Varias páxinas máis adiante, tamén di:

"Tendrá V. (Francisco Giner) inconveniente en decir a M. Nieto que con carácter general ó local ordenase a los Rectores ó á éste al menos que las plazas de ayudantes vacantes se sacasen inmediatamente a oposición?. Dígolo por que debe ser así, y en particular me importa pues el mío es un pobre señor médico que no ejerce, y vende papel, pariente del antiguo sustituto de esta cátedra, colocado por Casares, que no extrema el decoro en cosas académicas". (Faus, 1986: 163-4 e 196).

En Dereito, a finais do período, houbo varios profesores que deberon desempeñar cátedras por acumulación, por exemplo Salvador Cabeza de León, catedrático de Dereito Internacional Público e Privado, impartira tamén clases de Dereito Canónico durante máis de dez anos, e Felipe Gil Casares, titular de Dereito Civil español desde o ano 1920 (antes xa o fora de Dereito Administrativo: 1910-11 e Romano, 1911-1920)⁷³, acumulara a segunda cátedra de Civil.

Estes casos veñen demostrar que o aumento de disciplinas e clases prácticas nos sucesivos planos de estudos, veuse facendo a costa do profesorado e non do correspondente desembolso orzamentario que precisaba.

3. ALUMNADO 1857-1936

3.1. Evolución numérica do alumnado

Durante a segunda metade do século XIX e o primeiro tercio do XX a tendencia, no que toca a número de alumnos, foi evidentemente a ir medrando. Distinguimos tres etapas de expansión: Sexenio, 1890-1900 e 1922-1936, unidas, coma os retrocesos, a causas fundamentalmente académicas, isto é, a unha meirande ou menor liberalidade lexislativa nas matrículas e máis na orde dos estudos ou a existencia dunha política de

bolsas de axuda e non á realidade política, social ou económica, se ben as citadas medidas de carácter académico complementan coa disposición económica e social, ou sexa, a liberalización do ensino favorecía que as clases menos privilexiadas puidesen acceder ós estudos universitarios, xa que o máis gravoso destes non era o pagamento das taxas de matrícula e dereito de exame, senón o mantemento e estancia na cidade de Santiago para os que non eran residentes nela, obrigada-las dúas cando os estudos soamente se podían realizar de forma oficial. Unha política bolsas de axuda, xeneralizada despois do ano 1920. favorecera, así mesmo, o acceso á Universidade de novas clases sociais.

Dentro da tendencia xeral ó aumento atopamos diferentes fases. A grandes liñas:

Crecemento débil entre os anos 1857 e 1866-67, Medicina, Ciencias e Dereito son o seu motor.

Notable incremento durante o Sexenio, sobre todo entre os cursos 1868-69 e 1870-71, en tódalas Facultades, consecuencia evidente das medidas liberalizadoras do ensino, tanto pola posibilidade de se poder matricular por libre como polas facilidades para desenvolver estudos oficiais (os estudantes podíanse inscribir ó mesmo

73. Os curiosos cambios dunhas cátedras a outras, moi frecuentes a comezos do período estudiado, foron máis raros segundo íamos avanzando no século XX.

tempo nun considerable número de materias). Resulta, ademais, significativo que o número total de alumnos libres supere sempre ó de oficiais.

Descenso *relativo* (xa que o alumnado oficial medrara con respecto á etapa anterior ó Sexenio), desde os anos 1875-76 ata 1889-90 (máis acusado despois do 1880-81), por causa da desaparición do sistema de estudos libres, e meirande nas facultades de Medicina e Farmacia. Parece ser que a fase máis forte do retroceso dérase tamén noutras universidades⁷⁴, sen que sexa posible apuntar unha explicación xa que o período no que se produce este retroceso non se relaciona, en principio, coa situación económica, política ou social, xa que, pese a que comeza agora a chamada crise finisecular, fora a pero na década seguinte, nin co estado sanitario da nación (o andazo do cólera dérase no ano 1885, é dicir, comezada xa decadencia e case que non afectara a Galicia). Sería máis razoable vencello ás variacións nos planos de estudio, fundamentalmente ó R.D. 13/8/1880, que reforma as agrupacións dos estudos, debéndose someter-las matriculas a unha orde de prelación establecido e alonga a duración das carreiras.

Crecedemento desde o ano académico 1890-91 ata o 1900-01, co pico máis alto desta fase no 1897-98 (1.735 alumnos, sumando libres e oficiais).

Os altos índices acadados teñen moito que ver coa promulgación do R.D. 23/11/1899 (?) que daba validez académica ós estudos feitos en uso da liberdade de ensino, facilitando a súa matrícula e aprobación ós alumnos que no puidesen, ou non quixesen, someterse á normalidade dos cursos académicos, dispensándoos da obriga de asistir ás cátedras oficiais e permitindo que se examinasen en cada convocatoria de tódalas disciplinas dunha carreira. Nesta etapa, a diferenza do Sexenio, os aumentos non son xerais, xa que a matrícula oficial en Dereito sofre un retroceso considerable, sobre todo no curso 1896-97, provocando unha clara inflexión na liña evolutiva do número de alumnos, cun mínimo no 1900-01 (136 matriculados), relacionado, probablemente, coa grande crise que sofre esta Facultade a finais do século (dificultades de financiamento, problemas para mante-los estudos, moitas cátedras vacantes...), se ben a matrícula libre nesta Facultade era moi alta, moi superior á rexistrada en Medicina.

Decrecedemento desde 1901-02 ata 1921-22, constatado tamén noutras Universidades e posiblemente influído por factores de tipo académico. Así o descenso de alumnos libres (mesmo nos anos nos que medra a matrícula oficial), pode estar vencellado á política educativa dos primeiros ministerios do século XX (García Alix

74. Cfr. Valle López, (1990)

e Romanones), que pretendían frea-lo auxe destes estudos (auténtico coa-doiro). Para os outros anos barállanse distintos factores, ningún deles terminante, como os efectos da crise finisecular, aínda que, polo xeral, case tódolos estudiosos⁷⁵ da Historia das Universidades descartan que o volume do alumnado universitario nesta etapa andase determinado por factores económicos.

Recuperación, a partir do curso 1921-22 e ata finais do período. O crecemento é xeral en todo o Estado, o marco social galego no que se produce é o dun proceso de modernización que levara canda el unha mellora do nivel de vida, unido a máis posibilidades de acceso ó ensino por parte das "novas clases sociais" (Varela, 1989: 169) Debemos consignar, ademais, un espectacular aumento da matrícula nesta Universidade durante o curso 1928-29, debido á multitudinaria chegada de alumnos procedentes doutras Universidades afectadas polos peches que se produciran a raíz dos desordes ocorridos despois da promulgación do Plano Calleja.

No que toca á evolución particular das distintas carreiras na ensinanza oficial, as que acapararan os índices máis altos foran, a primeiros do período, Dereito e Medicina pola tradición destes estudos en Santiago,

e, seguramente, polas maiores posibilidades de desenvolvemento profesional que ofrecían. Tamén foran dúas Facultades competidoras xa que case tódolos ascensos en Dereito correspóndense con descensos en Medicina e viceversa. A partir do ano 1900, Farmacia (de nova creación no 1857 e cun crecemento sostido seguindo, máis ou menos, a liña evolutiva de Medicina) chegará a supera-los índices de Dereito, agora as perdas de Dereito parecen beneficiar a Farmacia, ata o ano 1920, a partir do que tódalas facultades experimentan uns crecementsos notables, ocupando Medicina un indiscutible primeiro posto. No referido a Ciencias, soamente disporá dun alumnado significativo a partir do curso 1932-33, debido ás boas perspectivas profesionais e ás favorables condicións para o seu estudio en Santiago, probablemente en detrimento de Medicina e Farmacia. Non arriscamos ningún xuízo de valor no tocante á Facultade de Filosofía por problemas de documentación, aínda que é probable que o seu alumnado se mantivese en intervalos semellantes ós da Facultade de Ciencias.

No referido ó ensino libre, Dereito ha se-la que presente os índices máis altos, agás na etapa do Sexenio na que é amplamente superada por Medicina, que experimente neste período un boom irrepetible.

75. Varela (1989: 164) cita a Mariano Peset e Fernando Mancebo.

Cadro 4 - ESTATÍSTICA DO ALUMNADO⁷⁶ 1857-1936

CURSOS	DERECHO	MEDICINA	FARMAC.	FILOS.	TEOL. OS.	CIENC.	TOTAL
1857-1858	216	146	12	8	65		447
1858-1859	189	153	32	11	81		466
1859-1860	183	157	26	12	57	20	455
1860-1861	164	143	38	68	52	15	480
1861-1862	129	142	48	25	47	27	418
1862-1863	130	129	44	31	78	36	408
1863-1864	107	136	32	28	37	51	391
1864-1865	104	141	30	33	28	67	403
1865-1866	109	152	31	37	30	71	430
1866-1867	126	176	28	26	29	96	501
1867-1868	137	256	27				420
1868-1869	162 [199]	387 [439]	40 [56]				587[694]
1869-1870	230 [252]	466 [520]	63 [88]				749[860]
1870-1871	213 [273]	453 [550]	73 [96]				739[919]
1871-1872	229 [299]	418 [522]	81 [103]				728[924]
1872-1873	223 [350]	379 [514]	67 [87]				669[951]
1873-1874	235 [324]	340 [452]	72 [98]				647[874]
1874-1875	213 [231]	338 [375]	72 [83]				623[689]
1875-1876	231	305	78				614
1876-1877	263	297	95				655
1877-1878	324	411	97				832
1878-1879	320	368	97				785
1879-1880	322	369	76				767
1880-1881	376	395	49				810
1881-1882	352	372	45				769
1882-1883	349	337	42				728
1883-1884	349	357	52				758
1884-1885	343	265	75				703
1885-1886	325	252	81				658
1886-1887	317	250	61				628
1887-1888	330	218	56				604
1888-1889	362	201	57				640
1889-1890	406	199	66				671
1890-1891	392[351]	188	84				664[351]
1891-1892	400[405]	225[109]	93[94]				718[608]

76. Os corchetes refírense ó número de alumnos matriculados por libre e os guiños á inexistencia de datos.

Debemos clarear, respecto a Filosofía e Ciencias, que os libros de matrícula e Memorias da Universidade non distinguen os seus propios alumnos ds do preparatorio de Medicina, Farmacia e Dereito (ou Teoloxía, da que algunhas disciplinas como hebreo ou grego tamén se daban en Filosofía), co que presentan cifras inchadas, artificio que nós emendamos confrontando os nomes que figuran nos distintos libros de matrícula na etapa anterior ó Sexenio, así e todo, para a correspondente á etapa 1922-36, este problema soamente se deu solucionado no caso de Ciencias recorrendo ó estudio de Isaura Varela, persistindo o problema para Filosofía.

Cadro de elaboración propia a partir de:

Varela (1989: 168-176) e Portabales (1982: 161); datos dos cursos 1868-69 a 1875-76, eclúe os alumnos libres matriculados en Filosofía e en Ciencias.

Memorias da la Universidad de Santiago e Anuario Estadístico de España

Datos Estadísticos de la Universidad de Santiago

Libros de Matrícula depositados no A.H.U.S.

CURSOS	DERECHO	MEDICINA	FARMACIA	FILOSOFIA	CIENCIAS	TOTAL
1892-1893	348 [409]	250 [138]	108 [133]			706 [680]
1893-1894	327 [437]	201 [123]	123 [133]			731 [693]
1894-1895	304 [406]	344 [129]	134 [166]			802 [696]
1895-1896	339 [404]	382 [182]	165 [200]			906 [786]
1896-1897	227 [360]	368 [232]	149 [244]			744 [636]
1897-1898	250 [362]	457 [193]	202 [269]			911 [624]
1898-1899	212 [371]	407 [262]	189 [237]			810 [690]
1899-1900	147 [364]	449 [246]	202 [235]			798 [645]
1900-1901	136 [241]	515 [222]	240 [256]			891 [719]
1901-1902	136 [226]	546 [167]	248 [138]			930 [534]
1902-1903	153 [181]	551 [143]	281 [140]			985 [464]
1903-1904	135 [166]	525 [150]	286 [173]			946 [519]
1904-1905	133 [105]	489 [120]	247 [172]			869 [397]
1905-1906	160 [90]	453 [151]	210 [133]			823 [379]
1906-1907	171 [101]	433 [144]	203 [102]			807 [347]
1907-1908	170 [78]	451 [152]	195 [135]			816 [365]
1908-1909	162 [77]	408 [119]	150 [120]			750 [319]
1909-1910	161 [78]	383 [114]	146 [144]			690 [336]
1910-1911	163 [90]	403 [134]	159 [121]			725 [345]
1911-1912	174 [83]	421 [118]	139 [126]			754 [327]
1912-1913	149 [98]	386 [130]	174 [124]			729 [352]
1913-1914	134 [105]	396 [111]	172 [75]			722 [294]
1914-1915	144 [119]	367 [77]	173 [115]			684 [311]
1915-1916	141 [93]	309 [92]	170 [118]			620 [303]
1916-1917	116 [89]	306 [82]	174 [120]			596 [291]
1917-1918	118 [114]	330 [89]	163 [85]			611 [288]
1918-1919	130 [73]	309 [88]	125 [105]			564 [236]
1919-1920	121 [108]	330 [60]	140 [111]			611 [279]
1920-1921	111 [115]	333 [50]	102 [92]			546 [257]
1921-1922	98 [115]	314 [48]	98 [86]			510 [249]
1922-1923	103 [134]	314 [04]	134 [80]	46 [70]	7 [17]	604 [385]
1923-1924	95 [136]	293 [76]	147 [119]	51 [47]	9 [-]	595 [378]
1924-1925	86 [132]	333 [113]	227 [85]	49 [48]	22 [-]	717 [418]
1925-1926	93 [155]	334 [128]	207 [97]	65 [57]	22 [-]	741 [437]
1926-1927	107 [166]	305 [124]	233 [87]	83 [202]	30 [6]	840 [589]
1927-1928	109 [221]	430 [187]	252 [120]	34 [250]	- [-]	945 [778]
1928-1929	154 [290]	448 [272]	370 [200]	51 [55]	51 [20]	1314 [947]
1929-1930	154 [296]	568 [238]	311 [169]	69 [44]	41 [22]	1143 [769]
1930-1931	173 [295]	618 [294]	306 [155]	26 [25]	- -	1122 [769]
1931-1932	216 [304]	607 [173]	277 [119]	106 [80]	33 [45]	1339 [721]
1932-1933	201 [299]	686 [159]	267 [109]	01 [98]	78 [88]	1315 [703]
1933-1934	173 [408]	603 [249]	231 [159]	60 [59]	81 [80]	1151 [955]
1934-1935	205 [402]	607 [279]	294 [165]	- -	120 [134]	1226 [980]
1935-1936	220 [231]	681 [172]	382 [120]	- -	117 -	1390+ -



3.2. Nivel de aprobados

O estudio deste apartado circunscríbese a seis cursos⁷⁷: 1858-59, 1867-68, 1878-79, 1888-89 e 1927-28. O nivel de aprobados é, polo xeral, alto en tódalas Facultades, salientando Medicina e Dereito con porcentaxes medias superiores ó 80%, sendo, ademais, as Facultades que pola tradición dos seus estudos concentraban o máis alto número de profesores autóctonos. Filosofía e Ciencias son as que presentan os niveis máis baixos (con todo, a media está por

riba do 70%) ó se cursar nelas os preparatorios doutras carreiras e servir de peneira do alumnado antes de que este ingresase de feito na Facultade do seu interese, ou tamén resulta probable que moitos estudantes "probasen sorte" na Universidade, abandonando algúns ó pouco tempo (son moi abundosos os borrados por faltas). Non pensamos que a existencia de profesores máis rigorosos nestas Facultades viñese explica-las diferencias de nivel de aprobados en comparanza coas outras⁷⁸, xa que, por poñer un exemplo, o profesor de Quí-

77. Aínda que o ideal sería que os intervalos fosen de dez anos, a documentación existente impuxo unha serie de limitacións, así durante o Sexenio e desde o curso 1888-89 ata o 1918-19 non se publicaran Memorias da U. S. C. e o estudio particular dos libros de matrícula resultaría complexo e laborioso de máis por causa do crecente número de alumnos a disciplinas, así como pola liberalización das inscricións e o seu xeral desorde.

78. Agás en Lingua e Literatura gregas, nas que o famoso profesor Usoz fixera estragos -no curso 1859-60 soamente aprobara metade dos alumnos- e Augusto González Linares no período 1872-75, ó que alcumaban "o novo Usoz".

mica durante máis de trinta anos, Antonio Casares, non se distinguía precisamente pola súa dureza nos tribunais de exame, senón máis ben polo contrario⁷⁹.

Tocante á Facultade de Farmacia, operárase nela unha mudanza espectacular e é que pasara de ser unha das que presentaba as porcentaxes máis altas de aprobados durante o século XIX (superiores ó 88%), a ser a máis rigorosa no século XX (ó pé dun 65%). O predominio de profesores que viñan de fóra non xustificaría en por el este feito, xa que foran maioría durante todo o período. Soamente cabe apunta-la posibilidade de que se intentase couta-lo crecente número de alumnos (os oficiais superaban ós rexistrados en

Dereito) que poderían desbordar as posibilidades da Facultade, así como as saídas profesionais desta carreira.

O curso que rexistrara un meirande descenso no índice de aprobados é o 1878-79, aínda que o máis significativo vén se-la elevada porcenta-

Cadro 5 - NIVEL DE APROBADOS por disciplinas⁸⁰ - Ensino oficial

FACULTADES/CURSOS	1858-9	1867-8	1878-9	1898-9	1918-9	1927-8	
FISICIA	inscripciones	62	45	238	284	119	
	aprobados	42= 67,7%	38= 84,4%	154= 64,7%	257= 90,5%	98= 82,3%	77= 73,3%
	suspensos	4= 9,7%	5= 11,1%	57= 23,9%	5= 1,7%	11= 9,2%	
	no examinados	14= 22,6%	1= 2,7%	57= 23,9%	22= 7,7%	16= 13,4%	25= 24,3%
CIENCIAS	inscripciones	141	83	300	172	453	137
	aprobados	109= 77,3%	72= 86,7%	178= 59,3%	136= 78,5%	317= 69,9%	92= 66,9%
	suspensos	13= 9,2%	5= 6,0%	36= 12%	1= 0,6%	116= 25,6%	4= 3,0%
	no examinados	39= 27,5%	2= 2,4%	86= 28,6%	15= 8,7%	26= 5,8%	36= 27,2%
DERECHO	inscripciones	441	339	708	1025	479	455
	aprobados	419= 94,8%	297= 87,6%	567= 79,9%	914= 89,2%	374= 78,0%	371= 81,5%
	suspensos	37= 8,4%	40= 11,8%	86= 12,1%	37= 3,6%	14= 2,9%	16= 3,5%
	no examinados	5= 1,2%	2= 0,6%	136= 19,1%	74= 7,2%	91= 19%	66= 14,5%
MEDICINA	inscripciones	334	975	1399	767	1402	1807
	aprobados	378= 92,3%	907= 91,1%	1048= 74,9%	518= 67,5%	1215= 86,6%	1563= 86,5%
	suspensos	7= 2,1%	57= 5,8%	133= 9,5%	16= 2,1%	77= 5,5%	129= 7,1%
	no examinados	1= 0,3%	1= 0,1%	190= 14,1%	41= 5,3%	112= 7,9%	197= 10,9%
FARMACIA	inscripciones	10	40	123	91	317	474
	aprobados	9= 90%	38= 95,0%	93= 75,6%	83= 91,2%	261= 82,3%	454= 95,8%
	suspensos	1= 10%	1= 2,5%	7= 5,7%	3= 3,3%	77= 24,3%	136= 28,7%
	no examinados			23= 18,7%	5= 5,5%	79= 24,9%	84= 17,6%
TELEGRAFIA	inscripciones	101					
	aprobados	91= 90,0%					
	suspensos	10= 9,7%					
	no examinados						

79. Esta era a acusación que Augusto González Linares lle facía, ó afirmar:

"No hay que decir que todavía dentro del mismo tribunal, siquiera llegué a imponerme con arte, tenía con todo que sufrir mucho; pues Casares y su cuñado hacían esfuerzos desesperados por conseguir respuesta de los examinados y para ello llegaban a tal sencillez de preguntas y a tal arte para hacerlas, que era preciso, sabiendo que tal alumno, acabado de preguntar por Casares y que le había respondido bien preguntado por mí se hubiera malogrado por no saber; era preciso, digo, aprobarlo". (Faus, 1986: 167)

80. Cadro de elaboración propia utilizando como fonte as Memorias da U.S.C. e Libros de matrícula depositados no A.H.U.S.S.

xe de non presentados. En realidade é unha tendencia que principia, e con máis forza, xusto despois do Sexenio, no curso 1875-76 cun 32,3% e non se inverte ata o 1881-82. Unha explicación para este fenómeno sería arriscada, aínda que é posible que as autoridades académicas fixesen o propósito de muda-la política de evidente magnanimidade nas cualificacións seguida durante o Sexenio por outra que fose máis severa.

No que toca ó ensino non oficial nos cursos 1918-19 e 1927-28, presenta uns índices de aprobados moito máis baixos, inferiores ó 60%, salientando outra vez Farmacia como a máis rigorosa con só un 38,58% de aprobados, case igual ó de suspensos (37,94%) no último curso. As medidas de García Alix, Romanones e outros ministros facendo por potencia-lo ensino oficial e estremando os controles do libre, resultarían efectivas e, de feito, a matrícula por este sistema fora á baixa se facemos comparanza das cifras do Sexenio coas de fins do período.

3.3. Conflictividade estudiantil

Durante a segunda metade do século XIX estivera vencellada, na súa práctica totalidade, a faltas de carácter disciplinario. Os alumnos adoptaran actitudes agresivas cara os seus profe-

sores diante dos suspensos de xuño, que foran sempre reprimidas de xeito contundente e exemplar⁸¹ e, cada vez con máis frecuencia, adiantaban as vacacións de Nadal, problema extensivo ó resto das Universidades do Estado e non resolto, a pesar das duras medidas que a lexislación universitaria reservaba para estes casos. Así, no mes de xaneiro do ano 1900, o Consello Universitario acordara que as disciplinas nas que estivesen comprendidos os numerosos alumnos que anticiparan o empezo das vacacións de Nadal (algúns colléranas o día cinco de decembro), fosen cinco as leccións de cada exame en paga das tres establecidas ata daquela⁸².

Houbera outras mobilizacións escolares de carácter académico menos importantes, debidas a unha conciencia de "comuñón de intereses" co corpo de profesores, que os empurraba a tomar partido nas polémicas que afectaban a algúns deles, entre estes sucesos atópase o posicionamento dun grupo de estudantes a favor de Arjo, fronte a Romero Blanco na controvertida oposición á cátedra de Anatomía celebrada no mes de marzo do ano 1872. Tamén un "respectable número de escolares universitarios", no mes de novembro do ano 1884 secundaran o movemento de protesta de estudantes de Madrid en favor dunha

81. Se ben na meirande parte dos casos a Dirección Xeral de I. P. amolecía as sancións máis graves e, cando se trataba de faltas leves, o arrepentimento e boa conducta eran consideradas atenuantes, limitándose o castigo a unha amoestación pública.

82. A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Arquivo, A-180, Libro 4º de Actas do Consello Universitario, 1891-1905, fols. 128-128 vº.

serie de catedráticos daquela Universidade. O pasquín que difundiran dicía así:

ESCOLARES:

Un inaudito atropello acaba de tener lugar en la Universidad Central por los Agentes de Orden Público en las personas de los muy dignos catedráticos de aquel claustro hasta el punto de inferir graves heridas de sable à alguno de ellos.

*Compañeros, fuera ideas políticas, campo a la dignidad y al honor unámonos y protestemos enérgicamente ante el vandálico hecho llevado á cabo por uno que bajo el título de Gobierno, pretendió, ¡pretendió! pisó, deshonró al Profesorado Español y con tan respetable cuerpo à todos los escolares. En su virtud hoy en la Alameda à las 4 de la tarde veámonos y pongamos de acuerdo nuestras ideas, que indudablemente serán aprobadas por el muy ilustre Profesorado de esta Universidad para protestar en forma enérgica y digna y reivindicar el honor de la más ilustrada clase de la Sociedad*⁸³.

Esta protesta resolvérase coa concorrencia de profesores e alumnos ás cátedras dous días máis tarde.

Os conflitos reivindicativos pola desconformidade cos cambios nos planos de estudio eran moito menos frecuentes, salientan soamente: a manifestación pública que realizaron os estudantes de Farmacia diante da redacción do periódico local *El Pensamiento Calaiço* (de orientación carlista), protestando contra o proxecto de Lei sobre creación de farmacias militares, sumándose á actitude adoptada por outros universitarios de Madrid⁸⁴, os desordes provocados polo alumnado libre no mes de outubro do ano 1898 contra dunha R.O. do 1896 que eliminaba a convocatoria extraordinaria de xaneiro e a mobilización realizada en outubro do 1899 para evita-lo peche da Facultade de Dereito.

No tocante ós conflitos de estudantes con carácter político, soamente se produciran en momentos que consideraran de perigo para a soberanía e integridade de España. Salientan:

- Os tumultos ocasionados por un grupo de estudantes en *número de 250 a 300* (algúns deles armados) pertencentes a unha asociación católica, o día 17 de novembro do ano 1870 co gallo da elección como rei de Amadeo I de Saboya. O Consello Universitario incoara expediente ós protagonistas

83. A.H.U.S., Fondos do arquivo municipal de Santiago, serie Orde pública-reunións, manifestacións públicas, folgas, motíns 1884-1905, comunicación data 22/11/1884.

84. *Ibidem*, comunicación á Alcaldía con data 23/4/1890.

principais por faltas cometidas contra o Rector, Decano de Medicina e funcionarios académicos e actos de violencia no edificio da Universidade e de Fonseca dos que arrincaran a bandeira nacional que ondeaba neles con representacións das armas de Italia⁸⁵. Con anterioridade, o día 24 de abril do ano 1870, e durante tres días, producíranse balbordos nas rúas (houbera feridos, un morto por arma de fogo e oitenta detidos), por causa da inauguración do Casino Católico en Santiago. Por informes de *Orden Público* (o Consello Universitario non incoara expediente ningún), considerárase que os estudantes foran os instigadores destes sucesos (Portabales, 1982: 62 e ss.).

- Os sucesos de matiz patriótico que ocorreran nos meses de abril e maio do ano 1898 por causa da Guerra de Cuba. Os estudantes, cun desbordante patriotismo, organizaran manifestacións e reunións para recrutar voluntarios que se alistaran⁸⁶ e obter axuda económica para mercar roupas e armamento, apelando ós principios da honra do grupo estudantil, e á tradición e fidalguía españolas. Algúns dos seus pasquíns dicían o seguinte:

Compañeros: Fieles continuadores del patriotismo que en los

momentos críticos por que la Patria atravesó dieron los escolares de esta antigua Universidad, no podíamos nosotros, sin faltar á los deberes que la tradición y la historia de nuestro pueblo nos impone permanecer silenciosos cuando España está siendo insultada por un pueblo que, en su afán de lucro, arrastra por el lodo los grandes principios que, para explicar su conducta invoca.

(...) El patriotismo hoy no se demuestra dando gritos por las calles. Hombres y dinero necesita la Patria, y nosotros á medida de nuestras fuerzas tenemos que demostrar que en la tierra más hidalga del mundo hemos nacido.

*Escolares: ¡Viva España!*⁸⁷

As demostracións de patriotismo eran recorrentes no eido estudantil, xa se tiñan producido antes, no mes de outubro do 1893, para amosala súa carraxe polos sucesos de Melilla ofrecéndose *voluntarios para la defensa del honor ultrajado de España*⁸⁸. Tamén no mes de marzo do ano 1896 protestaran contra a actitude do Senado de Nova York ó declarar belixerantes ós sublevados de Cuba e nesta ocasión o ardor patriótico fora

85.-A.H.U.S., Fondos da Universidade, Libros de Archivo, A-177, Libro 1º de Actas do Consello Universitario, fols. 128-143 e 148vº1 -154.

86. *El eco de Santiago* do 23/4/1898 informa que foran 200 os que o fixeran despois da se celebrar un "meeting" no teatro.

87. A.H.U.S., Fondos do A.M.S., serie Orde Pública-Manifestacións públicas, folgas, motíns, 1884-1905, pasquín data 20/4/1898.

88. *Ibidem*, comunicado do Alcalde ó Gobernador Civil, data 16/10/1893. Producíndose, ademais, manifestacións, discursos patrióticos...

superior ó demostrado noutras ocasións e houbera catro estudantes detidos: dous de Farmacia, un de Dereito e outro do Seminario, que, ó parecer, chegaran a se enfrontar cos axentes municipais, negándose a acata-las súas ordes de se retirar da manifestación que organizaran⁸⁹ e que se desbordara ata o punto de ser desfeita sable en mano coa axuda da Garda Civil despois das mancaduras por coiazos de tres gardas municipais. Ó mesmo tempo houbera algúns escolares que se negaran a asistir ás clases ata cinco máis tarde que volveran a elas⁹⁰.

A partir do ano 1900 e ata o 1923 aprécianse unha serie de cambios⁹¹.

En primeiro lugar prodúcese un incremento dos conflitos dos estudantes, tódolos cursos rexistraran desordes, agás o de 1917-18. Os que comezaran en novembro e decembro fóranse diluíndo nas vacacións de Nadal e os de marzo-abril quedarán supeditados ós exames finais. As agresións (físicas ou de palabra) a profesores polas notas desfavorables, as máis numerosas da segunda metade do século XIX, son agora minoritarias, desaparecendo despois do curso 1917-18. Os enfrontamentos máis numerosos eran de carácter reivindicativo cunha grande proxección pública (actuacións na rúa), e relacionados

fundamentalmente coas regulamentacións dos exames, no resto das cuestións había un claro conformismo coas decisións ministeriais. No referido ós de carácter solidario ocupan un segundo lugar en importancia e están máis vencellados á defensa da honra estudiantil que á do profesorado. Os menos numerosos son os de carácter político, aínda que, segundo se vaian desenvolvendo as asociacións de estudantes, irá aparecendo unha liña política nos conflitos.

A partir do ano 1923 e ata finais do, período obsérvanse novas mudanzas:

As protestas escolares, agora con autonomía de acción con respecto á Universidade Central, estarán controladas polas asociacións de estudantes que presentan unha táboa reivindicativa estudiada moito polo miúdo e referida, case sempre, a temas específicos do ensino (representación escolar, reforma universitaria), sen que as vacacións interrompan as mobilizacións, caracterizadas polo recurso masivo á folga (antes case nunca se utilizaba) e a distribución de panfletos, desaparecendo a variante barulleira e de corre-las rúas.

A vida universitaria chegará a se politizar e produciranse enfronta-

89. *Ibidem*, comunicados data 6/3/1896.

90. *Ibidem*, comunicados datas 9 e 11/3/1896.

91. Seguimo-lo completo estudio que para esta etapa e maila seguinte realizara Isaura Varela (1989: 271-376)

mentos, por veces violentos, entre dous grupos de estudantes: os progresistas (da F. U. E.) e os confesionais (da Asociación Católica), e daqueles co profesorado por cuestións ideolóxicas, perdéndose esa relación paternalista dos primeiros tempos.

No tocante á frecuencia das mobilizacións, case non as houbera durante a Dictadura, aínda que contra os seus fins as protestas de todo signo xeneralizáranse contra do Dictador. Coa República os conflitos irán medrando entre os dous bloques de estudantes e entre estes e determinados sectores do profesorado.

3.3. O movemento asociativo estudantil

Desde a segunda metade do século XIX e ata o ano 1919, o asociacionismo escolar fora esporádico, non comprometido e cunha finalidade cultural, moral e instructiva. As asociacións xurdidas tiñan un carácter *ateneísta*, é dicir, case todas funcionaban como Ateneos ou Academias nas que predominaba a Oratoria por riba da Ciencia, sendo un complemento da deficiente ensinanza oficial. Neste senso destaca en Santiago a Academia de Dereito, creado no ano 1895, así como o Ateneo Médico Escolar no 1901 e mailo Farmacéutico Escolar, no 1902. Tamén cómpre citar un centro cultural de grande prestixio indirectamente vencellado á Universidade polos socios e colaboradores que a ela

pertencían (profesores e alumnos) que participaron en actos de divulgación de temas de actualidade, o conservador Ateneo León XIII, defensor da moral e propagador da educación relixiosa, que, debido á súa estrutura (pomposidade e cotas elevadas), case que non tivera incidencia sobre os estudantes. Indicar, por último, os intentos de creación no ano 1911 dunha sección en Santiago da Federación Nacional Escolar (de corte liberal). Así e todo, os enfrontamentos cos estudantes de ideoloxía oposta (católicos) ocasionaran moitos retrocesos e case que non se dera manifestado.

A partir da promulgación do R.D. 19/5/1919, que comeza o proceso autonómico universitario e establece a obrigada constitución de Asociacións oficiais de estudantes en cada Facultade, xurde unha nova etapa no movemento estudantil na que este irá, progresivamente, tomando conciencia do seu dereito a critica-lo ensino que recibía e a participar activamente nos órganos de goberno da Universidade. No ano 1921 formáranse estas Asociacións Profesionais en Santiago e paralelamente as de Estudantes Católicos como reacción ás primeiras. A autonomía universitaria vai desaparecer no ano 1922 e, sen embargo, as asociacións de estudantes chegarán a adquirir, definitivamente, un carácter reivindicativo de defensa dos intereses do alumnado que permanecerá en letargo durante a

Dictadura de Primo de Rivera, pero que, ó final dela, agroma nun ambiente moi conflictivo. Así no primeiro trimestre do curso 1929-30, constituíranse en Santiago varias Asociacións Profesionais de Estudiantes (apolíticas e aconfesionais), vencelladas ás que xurdiran no ano 1921, que dirixiran os conflitos escolares e lles deran coherencia e unidade. Posteriormente, despois da proclamación da II República, integráranse na F.U.E. de talante liberal, democrático e defensoras dos ideais republicanos. A partir deste momento a vida asociativa do alumnado estará bipolarizada en *fuistas* e católicos exclusivamente, con finalidades totalmente opostas, mentres os primeiros propugnaban unha universidade participativa e democrática ó servizo da sociedade galega, os segundos defendían unha universidade tradicional, xerarquizada e "en orden". Ámbalas dúas haberán evolucionar durante o período republicano:

- A F.U.E. fórase politizando progresivamente, cunha activa participación na galeguización da Universidade (reivindicaran a impartición de clases en galego, promoción da cultura autóctona...) e nos órganos de goberno universitarios. Desenvolvería, ademais, unha serie de actividades culturais como conferencias, organización da Universidade popular (escolarización dos traballadores, de escaso eco) e fundación da Revista Universitaria.

- A F.E.C. diminúe as súas actividades culturais, substituíndoas por outras máis violentas nas rúas, recoñecendo a grupos de extrema dereita (*jaimistas* e os da Asociación Escolar Tradicionalista) e opoñéndose sistematicamente ó republicanismo de esquerdas da F.U.E.

A finais do período, a partir do curso 1933-34, co goberno dos radicais-cedistas, xeneralízanse as loitas e violencias físicas entre os sectores de mocidade, que se radicalizan e afilian a organizacións políticas de diferente signo, así a F.U.E. irá desaparecendo progresivamente, antes xa da decisión governamental de novembro do ano 1934 que a prohibía debido ós poucos apoios cos que contaba na Xunta de Goberno da Universidade despois da morte do Rector Cadarso no ano 1933 (un dos seus máis importantes valedores) e a aberta oposición do vicerrector Montequi.

En cambio as organizacións de signo oposto, as católicas, tradicionalistas e falanxistas como o S.E.U., que aparece en Santiago no mes de xaneiro do 1936, transcenderán, como xa sabemos, o período estudiado.

3.5. Procedencia xeográfica do alumnado

No período estudiado a maioría dos estudantes da Universidade de Santiago procedían desta mesma cidade debido a unha evidente razón de

proximidade (estudian alumnos que non terían recursos abondo para se desprazar a outra localidade), ó ambiente intelectual e mais á existencia dunha burguesía comercial, propietarios agrícolas, funcionarios, profesionais e, en xeral, clases medias que acoden á Universidade na que ven unha posibilidade de promoción social. Ademais é a Universidade da provincia e en A Coruña existía unha importante burguesía comercial artífice dun progreso económico que lle permitía acceder doadamente á Universidade.

Outra característica é a preeminencia da orixe urbana fronte á rural, así no ano 1857 o 57,4% dos universitarios galegos procedía de cidades ou vilas, medrando ata o 73,6% no ano 1887, este feito ten especial relevancia sobre todo tendo en conta que no ano 1857 o conxunto da poboación urbana en Galicia supuña o 7,7% do total e no 1887 o 8,3% (Torres, 1986: 279-80). Este predominio do urbano vincularíase coa presenza maioritaria das clases medias (radicadas, fundamentalmente, nas cidades) e o seu incremento entre o alumnado universitario ó longo da segunda metade do século XIX que, cremos, cumpriría facer extensivo ó primeiro tercio do XX⁹².

Outro feito salientable é a escasa atracción que a Universidade exer-

cera fóra de Galicia a empezos do período, así no ano 1857 soamente o 8,5% dos matriculados non eran galegos, se ben a situación mellorara considerablemente e esta porcentaxe chegaba ó 21,6% no 1887 e o 35,38% no primeiro tercio do século XX.

Un estudio pormenorizado dos datos evidencia que a maioría dos estudantes da Universidade de Santiago procedían, como xa dixéramos, proceden desta mesma cidade, seguida, como é lóxico, das catro capitais. Durante todo o período no ámbito provincial destaca, con grande diferenza, A Coruña, seguida de Pontevedra, Ourense e, por último, Lugo bastante lonxe das outras, aínda que no primeiro tercio do século XX superara a Ourense no número de alumnos. En calquera caso mantense a tendencia de épocas anteriores⁹³, o predominio das provincias da beiramar, de meirande peso demográfico e nas que existía unha burguesía industrial e comercial, fronte ás do interior.

Nas primeiras décadas da segunda metade do século XIX en A Coruña salientan os concellos de Santiago, Coruña, Betanzos e Noia, todos eles tamén cabeza dos partidos xudiciais que agrupan o maior número de alumnos. A partir de finais do XIX a situación cambia, o concello de Betanzos será superado polos de Noia

92. Descoñecemos as porcentaxes exactas desta etapa estudiaada por Isaura Varela (1989: 199-209).

93. Cfr. Varela (1977: 173-186) e Portabales, (1982: 186-195).

e Ferrol, incrementando este último, progresivamente, a súa importancia.

En Pontevedra, a empezos do período, os concellos que salientan son, ademais da súa capital, A Estrada, Cotobade, Cuntis, Lalín, Silleda e Tui. Deles, Cotobade, Lalín e Silleda non son cidades nin vilas (mesmo os nados en A Estrada non preceden da cabeceira do concello, senón do resto das parroquias), de aí que Pontevedra fora a provincia que presentara o máis alto índice de ruralismo entre o alumnado. A finais do século XIX a situación cambiara sensiblemente xa que, despois da capital, salientarían os concellos de Lalín, Vigo e Silleda. Neste momento comezan, xa que logo, o seu ascenso Lalín, que agora si que é unha vila, e sobre todo Vigo, froito do seu progreso demográfico e expansión económica (comercio marítimo e industria de salgadura) nestes anos e os posteriores, nos que tamén se chegará a distinguir Vilagarcía.

En Ourense, ó primeiro, salienta con grande diferenza a capital seguida de dúas vilas: O Carballiño e Pobra de Trives. Na última década do século XIX a capital aumenta a súa importancia numérica con respecto ó resto de concellos, seguida de Ribadavia, O Carballiño e Celanova. Estes mesmos concellos con cabeza dos partidos xudiciais que xuntan o meirande número de universitarios, salientando a perda de entidade do de Pobra de

Trives en favor do de Ribadavia. Na evolución posterior é difícil distinguir unha clara tendencia a favor de determinados concellos.

En canto a Lugo situase claramente na cola no ranking das provincias galegas con universitarios o principio do período, sen que exista diferenza entre a capital e as vilas de Monforte e Sarria que lle seguen en número. Sen embargo nas últimas décadas do XIX a situación cambia e a capital desmarcase claramente do resto, seguida de Mondoñedo e Monforte, ambas con categoría de cidades nesta data. Na etapa seguinte, o igual que en Ourense, non existe un claro desmarque dunhos concellos sobre outros aínda que aumentarán en importancia algúns como Vilalba, Chantada, Ribadeo, todos eles cabezas de partidos xudiciais.

Respecto o resto de España, o principio a maior parte de alumnos son oriundos de León, Madrid, Oviedo, sen que súa presenza sexa significativa, o igual ca dos extra-peninsulares (no 1857 so había 3 procedentes de Cuba e Filipinas). A medida que avanzamos no tempo, aumenta o número destes estudantes, destacando os provenientes de Oviedo, Vizcaya, Madrid e León, repartidos entre as 3 facultades existentes neste momento, aínda que porcentualmente en Farmacia o número de foráneos superase óde galegos (lóxico xa que as facultades de

Farmacía eran moito menos numerosas no Estado español ca das de Medicina e sobre todo Dereito que era a que mais abundaba). Os non nacidos na península serán oriundos na maior parte de Latinoamérica, Puerto Rico e Cuba, sobre todo, sendo a elección maioritaria a facultade de Medicina, debido quizais a que alcanzou certo prestixio e o auxe destes estudos nas derradeiras décadas do século pasado.

Se relacionamos a procedencia xeográfica ca elección das carreiras vemos ca constante e a preferencia dos galegos polos estudos de Dereito (se ben no primeiro tercio do XX Medicina será a favorita dos coruñeses), a dos do resto de España polos de Farmacia (única facultade na que, desde finais do século XIX, os universitarios galegos serán menos numerosos cós de fóra), e a dos latinoamericanos por Medicina.

Cadro 6 - PORCENTAXES DE DISTRIBUCIÓN DOS ESTUDIANTES NAS DISTINTAS FACULTADES SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA XEOGRÁFICA⁹⁴

1857	DEREITO	MEDICINA	FARMACIA	TEOLOXÍA	FILOSOFÍA ⁹⁵	TOTAL
A Coruña	42,60	39,72	16,67	41,54	12,50	40,27
Lugo	13,42	5,48	0	7,70	0	9,40
Ourense	17,12	16,44	25,00	12,30	50,00	17,00
Pontevedra	19,45	30,82	33,33	26,15	37,50	24,83
GALICIA	92,59	92,46	75,00	87,69	100	91,50
RESTO ESPAÑA	6,48	6,85	25,00	12,31	0	7,83
LATINOAMÉRICA	0,93	0,69	0	0	0	0,67
RESTO MUNDO	0	0	0	0	0	0,00
TOTAL	100	100	100	100	100	100

Cadros 7 e 8 PORCENTAXES DE DISTRIBUCIÓN DOS ESTUDIANTES NAS DIVERSAS FACULTADES SEGUNDO A SÚA PROCEDENCIA XEOGRÁFICA⁹⁴

1887	DEREITO	MEDICINA	FARMACIA	TOTAL	1900-1930	DEREITO	MEDICINA	FARMACIA	TOTAL
Coruña	40,60	25,69	12,96	32,72	Coruña	35,53	36,60	10,20	27,41
Lugo	7,88	9,63	3,70	8,14	Lugo	12,03	10,73	5,22	9,19
Ourense	12,43	12,84	9,26	12,29	Ourense	11,42	9,28	5,40	8,50
Pontevedra	21,21	19,27	9,26	19,44	Pontevedra	29,73	22,14	8,71	19,51
GALICIA	81,12	67,43	35,18	72,59	GALICIA	88,71	78,76	29,52	64,62
RES. ESPAÑA	8,49	14,68	57,41	15,12	RES. ESPAÑA	9,22	15,80	68,48	31,95
LATINOAM.	2,12	8,72	5,56	4,82	LATINOAM.	1,71	5,11	1,77	3,13
RE. MUNDO	0,30	0	0,17	0,17	RES. MUNDO	0,37	0,34	0,23	0,31
non figura	6,97	9,17	1,85	7,30	TOTAL	100	100	100	100
TOTAL	100	100	100	100					

94. De elaboración propia a partir dos Libros de Matrícula de tódalas Facultades e cursos correspondentes ó 1857, onde figura a natureza dos matriculados.

95. Aínda unida a Ciencias.

96. O do ano 1887 de elaboración propia a partir dos libros de matrícula de tódalas facultades e cursos correspondentes a ese ano e os cadro 8 tomado de Isaura Varela (1989: 203).

3.6. Orixe social do alumnado

Para o seu estudio durante a segunda metade do século XIX e, dado que nos libros de matrícula non figura a profesión dos pais, resultando rara a súa aparición nas partidas de nacemento que acompañan -esporadicamente- ós expedientes dos alumnos, decidimos recorrer ós padróns de poboación de Santiago dos anos 1857 e 1885. Recollemo-la profesión dos pais e parentes de tódolos residentes en Santiago de dezaseis anos (idade a partir da que se podían cursar estudos universitarios) ou máis e que se declarasen *estudiantes*⁹⁷. Tendo en conta que un número importante dos universitarios que estudiaban en Santiago pertencían a este concello e que os padróns inclúen tamén outros que non naceran en Santiago, cremos que a súa consulta constitúe unha fonte de coñecemento da estrutura socio-económica do alumnado digna de ter en conta, aínda que a súa análise debe ser considerada simplemente aproximativa e soamente aceptable no tocante ó alumnado domiciliado de maneira permanente en Compostela, xa que a residencia habitual na cidade na que estaba situada a Universidade había facilitado-lle acceso a ela de sectores sociais pouco favorecidos economicamente que, se se visen na necesidade de se ter que desprazar, o máis seguro sería que

moitos deles non chegasen a estudar, de aí que sexa moi probable que estean pouco representados nas demais localidades galegas.

Despois dunha análise dos datos proporcionados por esta fonte podemos deducir que a estrutura socio-económica do alumnado, axustándonos á profesión dos pais, sufrira algunha variación entre os anos 1857 e 1885. En ámbalas dúas datas os propietarios (de ampla facenda) son o grupo social maioritario, así e todo, mentres que no ano 1857 constituían o 22,3% (laboralmente case que non pasaban do 5%)⁹⁸, no ano 1885 pasaban a representar un 14,4%. Na outra banda estarían os traballadores do campo (labregos, caseiros e xornaleiros) dos que a porcentaxe tamén diminuíra, xa que no ano 1857, con dous labregos rexistrados, estes supuñan o 1,5% e no 1885, con soamente un, o 0,5%. Os xornaleiros, catro en ámbalas dúas datas, pasaran do 3% ó 2,1%. Pódese ver, polo tanto, que a súa presenza sempre fora minoritaria, case inexistente, feito significativo sobre todo se temos en conta que no ano 1857, labregos, caseiros e xornaleiros constituían mas de metade da masa laboral do concello⁹⁹.

Se facemos unha clasificación xenérica co resto dos grupos sociais,

97. Excluímos ós seminaristas.

98. A.H.U.S. - A.M.S., serie censos e padróns, empadromentos para o censo do ano 1857 (28-2-5).

99. En concreto o 50,6% (A.H.U.S. - A.M.S., serie censos e padróns, empadromentos para o censo do 1857 (28-2-5).

integrando por baixo do epígrafe de clases medias-altas ós pertencentes a profesións liberais (médicos, avogados, procuradores, farmacéuticos...), grandes comerciantes, funcionariado (xuíces, catedráticos, militares..., chegando ata niveis máis baixos como escribáns e mestres). observamos que estes experimentan un ascenso, aínda que non moi elevado, pasando, aproximadamente, do 37,3% no ano 1857 ó 38,6% no 1885.

No que toca a outra agrupación formada por pequenos comerciantes (tendeira, pasteiro, estanqueira, taberneiro, pousadeiro...) e oficios (carpinteiro, latoeiro, xastre, carniceiro, barbeiro, ebanista, panadeiro, pintor...), que podiamos identificar con clases medias-baixas, permanece case inalterable representando o 19,4% no ano 1857 e o 20,1% no 1885.

As capas máis baixas, os traballadores (criados, dependentes, serenos, excluindo ós xornaleiros), case que non teñen cabida nin sofren variacións, constituíndo o 1,5% e o 1%.

Poderíamos formar outra agrupación so o epígrafe de *inactivos*, no que estarían as viúvas, os retirados, pensionistas e, no 1885, amas de casa. As viúvas son moi numerosas e, posiblemente, a súa verdadeira profesión fose a de propietarias ou, cando menos, vivisen das rendas (case todas tiñan criados, sobre todo no ano 1857),

as amas de casa que aparecen no 1885 como cabezas de familia é moi probable que recibisen envíos de cartos dos seus homes que, cremos, estarían emigrados en América (1885 é unha data importante no auxe do movemento migratorio galego cara a América), xa que algúns dos seus fillos eran naturais daquelas latitudes. Os inactivos, polo tanto, son máis ben un grupo distorsionador que constitúe o 11,9% no ano 1857 e o 20,6% no 1885.

Se atendemos a unha clasificación segundo a profesión dos parentes (cando os estudantes non eran naturais de Santiago e estaban ó coido deles), observamos que no ano 1857, propietarios de facendas rurais, profesións liberais e funcionarios son, cun 51,6%, os grupos sociais predominantes, noutro apartado figura o clero co 29%, mentres que o pequeno comercio e oficios, xunto cos traballadores, soamente chegan ó 3,22% con só un membro cada sector. No ano 1885 son tamén os propietarios, profesionais liberais e funcionarios cun 53,5% os que predominan, seguidos polo clero co 26,8%, de oficios e artesáns soamente figura un xastre, que supón o 2,43% do total. Nesta análise observamos, xa que logo, unha destacada presenza do clero (lóxica nunha cidade como Santiago, resultando, polo demais, moi frecuente a tutela dos eclesiásticos na educación dos seus familiares, sobre todo sobriños), así como o maior protagonismo das clases *superiores*.

En definitiva, podemos concluír, aínda que con reservas polo limitado da fonte utilizada, que os universitarios de Santiago na segunda metade do século XIX proceden, fundamentalmente, da alta burguesía, dos sectores social e economicamente preponderantes. Certo que se aprecia unha certa apertura cara a outros máis baixos, aínda que se produce de forma moi lenta e o feito de que se rexistre unha porcentaxe significativa de estudantes procedentes do pequeno comercio e oficios débese, como xa dixéramos, ás facilidades que proporciona a residencia en Santiago. Por outra parte, as clases máis modestas están practicamente excluídas, resultando curiosa a case inexistente incorporación de fillos de labregos e caseiros, sobre todo tendo en conta que Santiago era un concello cun amplo proletariado agrícola¹⁰⁰, neste sentido consideramos que a súa ausencia se explica por unha especie de determinismo social perceptible nos padróns máis que por razóns económicas, xa que os fillos de labregos e caseiros figuran, xa desde moi noviños (cinco, e mesmo tres, anos) figuran xa coa profesión dos seus pais no canto de *escolares, va a la escuela* ou ningunha, como pasa nas demais inscricións.

Para o primeiro tercio do século XX recollemo-lo estudio de Isaura

Varela (1989: 188-195) baseado nos expedientes de alumnos, agora máis completos. Nas conclusións establece que os fillos dos profesionais liberais son os de meirande representación na U.S.C. durante toda a etapa chegando ata un 39,84% na última década, o resto de categorías socio-profesionais que van a seguir, sufrirán unha serie de mudanzas:

- Os fillos de propietarios e funcionarios, igualados ó principio cun 17,06%, reducirán a súa presenza, quedando nun 10,29% os primeiros e nun 14,46% os segundos.

- Os de *oficios y otros* mantéñense, practicamente, entre o 10-11% e os de comerciantes pasan dun 7,14% a un 10,82%.

- Os últimos postos están ocupados polos fillos de agricultores, ó pé dun 9,8% e os de industriais, sen representación ó primeiro e cun 3,90% entre os anos 1921 e 1930.

Como se pode ver, o panorama debuxado por esta clasificación non se diferencia moito do que se vira para a segunda metade do século XIX: predominio de profesionais liberais, funcionarios e propietarios ó principio e lixeira apertura cara ás clases traballa-

100. Os traballadores do campo no termo municipal de Santiago eran numerosos; representaban máis dun tercio da masa laboral do concello.

(...) Resumindo, Santiago era, a finais do XIX, desde o punto de vista social, un concello cun amplo proletariado agrícola, unha grande cantidade de artesáns e servidores domésticos, un importante elenco de profesionais liberais -maiormente avogados e médicos-, un clero, aínda influente, e un sector nobiliario en decadencia. (Pose Antelo, 1922:213 e ss.).

doras medias-baixas, superando, ó final, os fillos de comerciantes e *de oficios* ós de propietarios, e moi escasa representación das clases traballa-

doras (labregos, por exemplo, a pesar de se-lo grupo social maioritario en Galicia).

UNIVERSIDADE E CIDADE

Apuntamentos sobre o desenvolvemento urbano da Universidade de Santiago de Compostela

Juan M. Monterroso Montero

A cidade de Santiago de Compostela desempeña moitísimas tarefas ou "papeis" dentro do seu marco xeográfico. Desde o primeiro participou nel como núcleo comercial, artesanal, industrial e administrativo. Pero hai dous aspectos que singularizaron e determinaron esta cidade: o seu carácter de centro espiritual e relixioso e a definida personalidade universitaria¹.

Se a presenza do sartego do Apóstolo deu lugar a unha ordenación urbana na que a cota máis alta está ocupada por unha Catedral cara á que converxen as rúas principais, a Universidade foise integrando nesa mesma trama urbana a medida que medraba e ía levantando as diferentes edificacións propias².



Lámina 1: Plano de poboación en 1595. (Arquivo Xeral de Simancas).

Nese sentido, a evolución urbana de Santiago e o devir constructivo da institución universitaria avanzaan parellos desde as orixes desta última: ó primeiro, ten a sé nos arredores do Santo Sartego; segundo pasa o tempo, vai habendo un progresivo distanciamento que, quitando o caso do Colexio de Pasantes de San Clemente, non traspón as murallas da cidade³; por último, como consecuencia do proce-

1. R.Rodríguez Martínez-Conde: "La Universidad y su influencia en la ciudad y en la región", en M.C. Díaz y Díaz (coord.): *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, 1980, 202; M^o P. Torres Luna: *O espacio. Apuntamento xeográfico sobre unha cidade universal*, en Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Histórico Galego, 2 Cidades, A Coruña, 1993, 24-25.

2. A. Bonet Correa: "La estructura urbana de Santiago de Compostela" en *Proyecto y ciudad histórica*, Santiago, 1976, 25.

3. Máis adiante habemos ver que o colexio de San Clemente de Pasantes está situado fóra do recinto amurallado da cidade, preto da Porta Faxeira.

so de "ensanchamento" urbano de Santiago de Compostela -dunhas novas condicións económicas, demográficas e mesmo hixiénico-sanitarias-, a Universidade disgregábase nos diversos campus que a compoñen arestora⁴.

Por causa desta interrelación e do impacto que a localización dos centros universitarios ten sobre o espacio urbano, convén analizar -nunha secuencia cronolóxica semellante á que xa utilizou Folgar de la Calle- estes edificios⁵.

UN TEMPO PARA OS COLEXIOS

A vocación intelectual e escolar está presente en Compostela, segundo sinala García Ouro, desde mediados do século XII⁶. Deica fins do século XV ese protagonismo exerceuno a Igrexa. A partir de 1495, coa fundación por parte de Lopo Gómez de Marzoa do Colexio de Estudiantes Pobres, que se instalou no edificio medieval de San Paio de Antealtares, comparten esa iniciativa a clase burguesa e mailo sector eclesiástico. Ambos estamentos, trala desapa-

rición do Colexio en 1499 -cando a reforma da regra beneditina deixou a San Paio de único convento feminino de Galicia pertencente a esa orde⁷-, xuntan os seus esforzos a través das figuras de Gómez de Marzoa, Diego de Muros II, bispo de Canarias, e Diego de Muros III, deán de Santiago, para fundar no ano 1501 o Estudio Xeral Compostelano, que quedaría confirmado definitivamente mediante unha bula de Xulio II⁸. Este Estudio Vello estivo emprazado nunha das casas da Rúa Nova, no mesmo terreo que ocupa agora o Pazo de Ramirás -antes Colexio




Lámina 2: Distribucións dos centros de ensino contra 1750.

4. P. Costa Buján: "O urbanismo compostelán e a Residencia de Estudiantes", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 460.

5. M^a C. Folgar de la Calle: "Santiago, unha cidade para os estudos universitarios", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 140-145.

6. J. García Oro: "La Schola compostelana y el estudio general", en Díaz y Díaz, M.C. (coord.): *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, 1980, 15-16; R. Otero Túñez: Rastreado los orígenes de mi Universidad, Santiago, 1985, 14-18; J. García Oro: "Cultura e Universidade na Galicia do Antigo Réxime", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 108-117.

7. G.M. Colombas: *Las señoras de San Payo. Historia de las Monjas Benedictinas de San Payo de Antealtares*, Santiago, 1980, 34.

8. J. García Oro, "La Schola compostelana y...", op. cit., 20; M^a J. Gutiérrez Tosar: "Bula de Xulio II", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 188, ficha 3.

dos Irlandeses⁹. Pero estes anos de existencia non deixaron pegada perdurable na trama urbana compostelá, porque os edificios mencionados substituíronos outros máis modernos. A plasmación física da Universidade nun edificio que define e modifica a cidade foi en 1526, cando o Estudio Compostelán -un simple colexio de gramática- quedou absorbido polo novo colexio universitario fundado por Alonso III de Fonseca, segundo disposición do papa Clemente VII¹⁰.

Fonseca, cando fundou o coñecido como Colexio de Santiago Alfeo, pretendía levantar *"en la ciudad de Santiago, y por bien de ella, y generalmente del Reyno de Galicia, por la experiencia que tovimos de la necesidad que en él hay de doctrina, e personas doctas, un Colegio y Universidad donde los moradores e naturales de dicho Reyno, especialmente de la dicha ciudad y Arzobispado de Santiago, pudiesen estudiar, aprender e ser enseñados en Gramática y otras facultades, para ser bien instruidos en los Sacramentos, Oficio divino y otras cosas que convienen y se requieren para ser buenos clérigos y sacerdotes..."*¹¹. O prelado dispoñía das condicións ideais para pode realiza-lo seu proxecto, aínda que desde 1524 estaba

á fronte da sé primada de Toledo: tiña unha ampla formación humanística, nas súas mans o poder "de aplica-los bens da Igrexa para a instrucción pública" e, por último, un importante patrimonio persoal que, a través do testamento de 1531, foi parar, entre outros beneficiarios, nas mans da catedral e nas do colexio de Santiago Alfeo¹².




Lámina 3: Planta baixa do Colexio de Santiago Alfeo, segundo Fraguas.

9. O terreo deste edificio cobre unha parte boa do espacio que hai entre a Rúa Nova e maila Rúa do Vilar, e ten unha horta con saída ó Canellón de Entrerrúas. Este é o mesmo lugar que ocupou o Estudio Vello.

10. J. García Oro: *La Schola compostelana y...*, op. cit., 20; M^o J. Gutiérrez Tosar: "Fundación do Colexio de Santiago Alfeo. Autorización de Clemente VII", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 188, ficha 4.

11. S. Cabeza de León e E. Fernández-Villamil: *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*. 1, Santiago, 1945, 63.

12. O. Rey Castelao: "La Universidad en las épocas clásica y barroca", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 23.

O emprazamento que escolle- ron para construí-lo edificio novo foi un terreo na Rúa do Franco que era da súa familia, e mais algunhas casas de arredor.

As trazas deunas Juan de Álava en 1532, e os encargados da execución foron os apareladores Xácome García e Alonso de Gontín¹³. Nese mesmo ano, Alonso de Fonseca, cando asinou con Gontín a escritura de contrato, introduciu unha serie de modificacións que demostran a influencia que sobre os gustos do arcebispo exercera Alonso de Covarrubias, un dos representantes no foco toledano do afastamento dos excesos decorativos plate- rescos, en prol dunha maior nudez ornamental, dunha valoración das masas e mais da proporción¹⁴.

As obras continúan durante esa década, e entre outros mestres interveñen Juan Pérez e Pedro Fernández. O primeiro traballa entre 1533 e 1535 no muro leste do edificio -o correspondente á capela e á Aula Xeral de Teoloxía, agora Salón Artesoado¹⁵; o segundo interveñen na realización da fachada en 1547. Esta quedou rematada en 1548, cando pintaron as esculturas que hai nela¹⁶.

O edificio está deseñado como un volume cuadrangular centrado por un patio, e arredor del dispostas as diferentes dependencias. Destas, tanto a capela coma a Xeral Grande -os dous espacios máis importantes- ocupan todo o longo da fachada e quedan unidas, independentemente do claustro, a través do vestíbulo abovedado que actúa de nó articulador desa ala leste comunicando o exterior, o claustro e mailas dúas estancias mencionadas.

O claustro está organizado en dúas plantas: a inferior érguese sobre vinte e catro piares, de fuste afundido, alta base e chapiteis compostos, con arcos rebaixados; a superior constitúenla arcos carpaneis sobre pilastras tamén afundidas. Un coroamento balaustrado que continúa o ritmo vertical da edificación vai de remate.



Lámina 4: Claustro de Colexio de Santiago Alfeo. Ángulo noroeste.

13. P. Pérez Constanti: *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII*, Santiago, 1930, 8, 234, 243; A. Fraguas Fraguas: *Historia del Colegio de Fonseca*, Santiago de Compostela, 1956, 208 e sgs.

14. J.M. Pita Andrade: "Realizaciones artísticas de D. Alonso de Fonseca". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIII, 69, (1968), 37; M^a D. Vila Jato: "Galicia en la época del Renacimiento", en *Galicia. Arte*, XII, A Coruña, 1993, 84; M^a D. Vila Jato: "Institución de ensino ata 1900", en *Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Histórico Galego, 2 Cidades*, A Coruña, 1993, 436.

15. P. Pérez Constanti: *Diccionario de artistas que...*, op. cit., 433.

16. "En la portada de dicho Colegio que está hecho de piedra las doce figuras e ymagenes que allí están puestas y sentadas, doradas de oro fino, los rostros encarnados y pies y manos, y doradas las orillas y ropas y barbas y cabellos, coronas y diade-

Malia a aparente unidade, este claustro presenta, así e todo, dúas partes ben diferenciadas: o corredor sur, que ten soportes cunha disposición e unha proporción menos elegantes, e os corredores leste, oeste e norte, que os teñen relacionado con Rodrigo Gil de Hontañón por causa das semellanzas coa ordenación que este utiliza nos patios dianteiros do Hospital Real de Santiago¹⁷. Esta diferenciación faise tamén evidente no tipo de medallóns, de menor tamaño e de talla máis basta e imprecisa, que adornan ese lado sur.

Completan o claustro un numeroso repertorio de retratos -un deles é o do mesmo Alonso III de Fonseca, situado no lado oeste- e diversos escudos da familia. No friso que separa os dous pisos vai unha inscrición alusiva a Fonseca e ó espírito do seu colexio: "REINANDO O EMPERADOR CARLOS Y SU MADRE, EL ILUSTRE ALONSO DE FONSECA, PRIMERO ARZOBISPO DE SANTIAGO Y DESPUÉS DE TOLEDO, MANDÓ SE EDIFICASE ESTE GIMNASIO EN LA CASA DE SU ABUELO MATERNO, PARA ORNATO DE SU PATRIA Y PARA QUE LOS JÓVENES APLICA-


DOS PUDIESEN APRENDER SIN GASTOS DE NINGUNA CLASE, SORPRENDIDO EMPERO POR LA MUERTE, DIÓ EN SU CODICILO ENCARGO DE CONCLUIRSE AL RECTOR LOPE SÁNCHEZ DE ULLOA, ARCEDIANO DE REINA DE LA IGLESIA COMPOSTELANA. MURIÓ EL 4 DE FEBRERO DEL AÑO DEL SEÑOR DE 1534, A LOS SESENTA DE EDAD. AHORA BRILLA GALICIA MÁS Y MÁS CON UN HIJO QUE LE DIÓ TANTO HONOR. EL MISMO LOPE SÁNCHEZ, NACIDO EN LA PROPIA ESTIRPE, LLEVÓ A CABO EN BREVE ESTE ENCARGO. DON A TODOS INESTIMABLE, PARA QUE SIRVIESE DE GRATO SOLAZ A LAS MUSAS Y AHUYENTASE LAS TINIEBLAS. CON RAZÓN PUES, EL PUEBLO, LOS PRÓCERES Y EL UNIVERSAL APLAUSO DAN GRACIAS SIN FIN POR TANTO INESTIMABLE FOCO DE LUZ". Por riba do arco no que remata a lenda está indicado: "1544. CADAVAL HIZO ESTA INSCRIPCIÓN"¹⁸.

Quedou xa indicado que do lado oriental do colexio estaban a aula xeral de Teoloxía e maila capela. A

*mas; y más que a dorar siete medallas quedan en la dicha portada y pintadas con los circos al derredor; dorados eso mismo los fruentespacios de las veneras que están por detrás de las figuras y el campo blanco que tiene al derredor, y más dorado dees y seis rótulos y dos bastiones quedan arriba en la dicha portada, y más dorado un escudo darmas quedan en la dicha portada con cinco estrellas coloradas de buena tinta fina y los cerafines que ubiere en la dicha portada dorados y encarnados y más de quatro capiteles dorados en las partes donde fuere menester y toda echa la dicha obra y pintada al olio y de muy finas pinturas y oro". A. López Ferreiro: *Historia de la Santa A. H. Iglesia de Santiago de Compostela*, VIII, Santiago de Compostela, 1905, 81.*

17. A.A. Rosende Valdés: "El Renacimiento", en *Historia del Arte Gallego*, Madrid, 1982, 206; J.C. Valle Pérez.: "El Renacimiento", en *Gran Enciclopedia Temática de Galicia. Arte*, V, Barcelona, 1988, 69.

18. A. Fraguas Fraguas.: *Historia del Colegio de...*, op. cit., 205.



primeira destas dependencias presenta un notable sentido lonxitudinal, marcado pola súa planta rectangular e pola presenza da porta que comunica co vestíbulo, seguramente destinada para as celebracións solemnes. Perpendiculares a este eixe, o púlpito, situado na parte central do muro leste da aula, e a porta que abre para o claustro onde se le *ALFONSUS FONSECA ARCHIEPISCOPUS FUNDATOR*, indican un eixe menor.

A esta aula xeral tamén se lle chama o Salón Artesoado. Este nome ten a orixe no teitume de madeira, decorado con casetóns, que a cobre. A súa presenza, e a da bóveda que cerra a escaleira principal, é singular en Galicia e indica unha tradición mudéjar explicable pola presenza de alarifes toledanos mandados polo arcebispo¹⁹.

Do lado oposto no vestíbulo está o acceso á capela. A súa planta de salón, dividida en dous espazos cuadrangulares cerrados por bóvedas de crucería, e a presenza dunha tribuna ós pés, situada sobre o vestíbulo, axudan a crear, cos dous niveis de xanelas dispostas no seu muro oriental, un espazo limpo, claro e luminoso²⁰.

Esta capela estivo presidida por un retablo que agora só se conservan del algunhas das figuras. Aquel altar, encargado polo claustro en 1603, foi para o sitio dunhas imaxes anteriores documentadas como de Juan Bautista Celma²¹. Os seus autores foron os mesmos escultores que traballaban daquela no coro da Catedral: Juan Dávila e Gregorio Español²².

19. M^a D. Vila Jato: "Galicia en la época del Renacimiento", en *Galicia. Arte*, XII, A Coruña, 1993, 86; M^a D. Vila Jato.: *Institución de ensino ata 1900*, en Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Histórico Galego, 2 Cidades, A Coruña, 1993, 441.

Poucas veces un espazo ten recibido un nome que se corresponda dunha maneira tan precisa coas súas características tectónicas. É un exemplo bo desas armaduras híbridas, recoñecidas como mourisco-renacentes, segundo as denominou Martínez Caviro. B. Martínez Caviro.: *Carpintería de lo blanco*, en A. Bonet Correa. (coord.): *Historia de las artes aplicadas e industriales en España*, Madrid, 1987, 247-270.

20. J.M. García Iglesias: "O Colexio de Fonseca", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 32; M^a D. Vila Jato: "A capela do Colexio de Fonseca como referencia espiritual do primeiro pensamento universitario", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 130-133.

21. M^a D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 440-441.

22. M^a D. Vila Jato: *Escultura Manierista*, Santiago de Compostela, 1983, 105-106; A. A.: Rosende Valdés "Retábulo da Capela




Lámina 6: Capela do Colexio de Santiago Alfeo.

A partir da descrición que de-
ron Fernández Sánchez e Freire Barre-
iro pódese reconstruí-lo seu aspecto,
porque eran "de estilo greco-romano y
de orden jónico en el primer cuerpo,
corintio en el segundo y compuesto
en el tercero. En los intercolumnios
hay magnificas estatuas de admira-
ble expresión y gallardía. Son de ma-
dera de castaño, sin pintar, lo mismo
que el retablo, lo cual, si bien les da
mayor elegancia y majestad, ha per-

mitido desgraciadamente a la polilla
hacer más prontos y terribles estra-
gos. Dentro de poco habrán quedado
reducidas a polvo. En el centro del
primer cuerpo está Santiago Alfeo,
que es el titular. Las estatuas de los
lados representan á San Gregorio
Magno y á San Jerónimo. En el zócalo
léense en caracteres romanos las
fechas de 1544 y 1839, que son las de
la fundación y reparación de aquel
precioso monumento. Un nicho pin-
tarrajado, con la imagen de la Vir-
gen, groseramente pintada también y
de ningún valor artístico, rompe la
armonía de aquel hermoso conjunto.
A los lados hay otras dos preciosas
estatuas, que representan santos
obispos, y en el tercer cuerpo, un
Crucifijo con la Virgen y San Juan
al lado"²³. Das imaxes mencionadas con-
sérvanse San Xerome e Santo Agus-
tiño, talladas por Juan Dávila, e tamén
aguantaron o paso do tempo San
Ambrosio, San Gregorio Magno e ma-
ilo Cristo crucificado que estaba no
Calvario, todas realizadas por Grego-
rio Español. Deste era tamén a monu-
mental figura de Santiago Alfeo, que
pasaba dos dous metros de alto²⁴.

Na parede do testeiro da capela,
do seu lado dereito, hai unha portiña
que a comunica coa sancristía nova. A
súa planta volve ser rectangular, e o

de Fonseca", en *Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, 1991, 272-274, ficha 142; M^o D. Vila Jato: *A capela do Colexio de Fonseca...*, op. cit., 132-133.

23. J.M. Fernández Sánchez, e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago y sus alrededores*, Santiago, 1885, 215.

24. M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 440-441; M^o D. Vila Jato: *A capela do Colexio de Fonseca...*, op. cit., 132-133.

espacio está compartimentado con dúas bóvedas de crucería; o desenvolvemento en altura é menor có anterior; e ó primeiro, antes de quedar integrada no edificio coa torre do reloxo, a súa presenza rachaba a regularidade do conxunto.

A portada, que Vila Jato cualificouna "*unha das máis singulares do Renacemento galego e capital para comprende-la evolución da nosa arquitectura cara á desornamentación*"²⁵, salienta dentro do espacio urbano na que está por dúas razóns: primeiro, porque a rotundidade e o volume que ten rachan coa uniformidade e a nudez da cerca exterior do colexio; segundo, porque esta portada xerou arredor de si o espa-



Lámina 7: Fachada do Colexio de Santiago Alfeo.

cio adecuado para contemplala, unha praciña que está xa presente no trazado urbano do plano de 1595²⁶.

A portada consta de dous corpos articulados por medio de columnas levantadas sobre grandes plintos de netos encaixados. O inferior repite a estrutura dun arco de triunfo, cun oco só que se corresponde coa porta de acceso, e nas bandas laterais, formadas nos intercolumnios, diferentes imaxes talladas en pedra. O corpo superior, separado por unha cornixa que se activa cun ritmo alternante de entrantes e saíntes orixinado polas columnas e as retropilastras de orde xónica, repite a mesma estrutura, pero a súa parte central está ocupada por unha xanela rematada por un frontón triangular, e hai moitas máis imaxes. Estas están na base, nas bandas laterais e nas alas da xanela²⁷.

O vocabulario arquitectónico usado, vendo a harmonía das súas proporcións, o desornamentado do desenvolvemento e a semellanza con outras portadas renacentistas, por exemplo a do *Colegio de los Irlandeses de Salamanca* ou a *Puerta del Perdón* da

25. M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 436.

26. A. Bonet Correa: *La estructura urbana de Santiago...*, op. cit., 32; A. Vigo Trasancos: *Ciudad y urbanismo en la Galicia del Antiguo Régimen. Del Renacimiento a la Ilustración*, en *Galicia no Tempo*, 1991, Santiago de Compostela, 1991, 156; M^o C. Folgar de la Calle: *Santiago, unha cidade para os estudos...*, op. cit., 142.

27. "Importa anotar además que su luz equivale a la suma de la distancia que separa (de centro a centro) los pares de columnas que la flanquean. Esta exacta correspondencia de las dimensiones, este claro sentido de la proporción dominante en el ancho de la portada, se refrenda observando el modo que se siguió para proporcionar la altura. El módulo viene dado por la altura de los pedestales equivalentes a un tercio de las columnas. La línea inferior de los salmeres del arco coincide con la mitad de los fustes y precisamente con el lugar en que cambia la forma de las estrías". J.M. Pita Andrade: *Realizaciones artísticas de...*, op. cit., 35-36; M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 436-438.

Catedral de Granada²⁸, ten suscitado serias dúbidas sobre a atribución. Cada vez se pensa menos en Juan de Álava e vencéllase máis con outros tracistas de orixe salmantina, ou ben o mesmo Diego de Siloé -autor da portada do Colegio de los Irlandeses-, ou Alonso de Covarrubias, que, con Alonso de Gontín, modificou os planos de Álava por desexo do arcebispo Fonseca²⁹.

Pero a importancia desta portada transcende a simple análise estilística. Desde un punto de vista iconográfico, o seu discurso enlaza, o mesmo cás súas formas, con esa cultura humanista que representa Alonso de Fonseca. Nela preséntase, segundo Aguayo Cobo³⁰, un programa unitario con dúas caras intimamente unidas: a Universidade como "templo da Sabedoría" cristiá, que a través dela o home pode acadala santidade, e o homenaxe á familia Fonseca. Para iso, no primeiro corpo poñen as imaxes de Santiago Alfeo, o padroeiro do Colexio, e da Virxe dos Praceres, devoción persoal de Fonseca e Nai da Sabedoría. No segundo corpo, nos extremos, están San Pedro e San Paulo, os padroeiros xenéricos dos colexios maiores

de España desde o tempo do Cardeal Cisneros; ós lados da xanela Santa Catarina e Santo Ildefonso, padroeiros do fundador e mais da súa avoa; no zócolo, arredor das armas de Fonseca, insítese no sentido cristián do saber a través das figuras de San Sidro, San Leandro -doutores da Igrexa Española- e os catro Padres da Igrexa -San Gregorio Magno, Santo Ambrosio, Santo Agostiño e San Xerome-. O programa queda completado cunha serie de medallóns difíciles de identificar, porque canda eles había unhas cartelas pintadas en 1548 por Juan González³¹. Pódense salientalo de Lucrecia -alusión á Virtude-, o de Hércules -referencia á monarquía española- e mailo de Santiago Apóstolo -o padroeiro da cidade na que tamén se conserva a reliquia doutro Apóstolo, Santiago o Menor ou Santiago Alfeodoría³².

A estrutura orixinal do colexio non se remodelou substancialmente andando o tempo. Pero as necesidades crecentes da institución e mailo afán expansivo do Claustro universitario inciden, desde o primeiro, nas sucesivas ampliacións, orientadas a ocupar o terreo próximo da fachada occiden-

28. J.M. García Iglesias: *O Colexio de...*, op. cit., 36.

29. M^a D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 436.

No ano 1688 Diego de Romay reconstruíu a capela e cerrou a portada coas cinco estrelas das armas de Alonso de Fonseca que a presiden arestora.

30. A. Aguayo Cobo: *Simbolismo en las fachadas renacentistas compostelanas*, A Coruña, 1983, 99-120.

31. P. Pérez Constanti: *Diccionario de artistas que...*, op. cit., 264-266.

32. M.J. Precedo Lafuente: "Santiago Alfeo e as devocións dos prelados de Compostela", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 134-136; A. Barral Iglesias: "Reliquia e relicario de Santiago Alfeo", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 234-237, ficha 42.

tal da Catedral.

No ano 1551 planifican unha ampliación e encárgase dela Juan Pérez. Consistía en levantar, a carón do muro norte do Colexio -contra a praza do Obradoiro- e comunicado con el, un claustro de dezanove intercolumnnios coas súas estancias correspondentes. Nas trazas deste proxecto, que se conservan no Arquivo Histórico Univer-




Lámina 8: Plano do Colexio de Santiago Alfeo de 1551. (Arquivo Histórico Universitario).

sitario de Santiago, aparece cun debuxo máis tenue unha edificación de planta circular que a teñen identificado cun teatro ou algunha arquitectura efémera semellante. Se cadra este proxecto pódese relacionar coa visita de Cuesta, realizada en 1551, e coa fonda reforma da Universidade que este propuxo³³.

Aínda no século XVI, en 1598, realizan un ampliación efectiva do edificio. Mateo López levanta no ángulo noroeste, apoiado na sancristía nova e aliñado coa cerca, un torreón de planta cuadrangular destinado para garda-la maquinaria do reloxo. O seu alzado -moito máis elegante e esvelto nas trazas que se conservan no Arquivo Universitario³⁴ ca na práctica-sobrancea o conxunto do Colexio. Son tres cubos de aspecto sobrio e macizo. Os inferiores non rachan a austeridade ornamental do entrepano oriental do colexio, pero para o superior houbo outra atención: ten menos tamaño, e a estrutura queda alixeirada, o seu muro actívase con oito pares de pilstras de fuste liso, que deixan espacio intermedio dabondo para abrir unha xanela en cada unha das súas caras, e cerraon unha balaustrada rematada en

33. J.M. Azcárate de: "Ventura Rodríguez y el Real Colegio de Cirugía de Barcelona", *Boletín de la Universidad de Santiago*, 65, (1955), 311-314; J. Sánchez García: *La arquitectura teatral en Santiago de Compostela (1768-1946)*, A Coruña, 1993, 17-20; M^h C. Folgar de la Calle: *Santiago, unha cidade para os estudos...*, op. cit., 142; M^h P. Rodríguez Suárez: "As primeiras Constitucións da Universidade de Santiago", 1555, en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 192, ficha 6.

34. M. X. Justo Martín: *Guía do Arquivo Histórico de Santiago*, Santiago, s.d., 51; R. Estévez. : *Trazas do Colexio de Santiago Alfeo*, en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 216, ficha 28.

35. P Pérez Constanti: *La torre y el reloj del Colegio de Fonseca*, en *Notas Viejas Galicianas*, III, Vigo, 1926, 323-328. (Xunta de Galicia, 1993, 539-543); A Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, Madrid, 1966, 113; A. GOY DIZ: *Las manifestaciones artísticas en documentos notariales*, en *El Notariado*, Santiago, 1993, 118-120.




Lámina 9: Torre do Reloxo. (Arquivo Histórico Universitario).

pináculos de bola³⁵.

Durante o século XVII, arredor do ano 1635, volven tentar amplialo Colexio contra o Hospital real. Agora as trazas para o novo edificio entrégasas Bartolomé Fernández Lechuga, un arquitecto granadino que estaba en Santiago de Compostela óservicio do mosteiro de San Martiño Pinario³⁶.

E por último, no ano 1651, xorde a ocasión idónea para realiza-la tan arelada ampliación. O Colexio de San Xerome -Facultade Menor de

Artes, situada na Acibechería no terreo do Hospital Vello- cómprano os monxes bieitos de San Martiño Pinario. E por esa razón constrúen o actual colexio de San Xerome, seguindo as trazas dun arquitecto descoñecido que teñen querido vencellar con José de la Peña de Toro, o que en 1656 deu as



Lámina 10: Portada do Colexio de San Xerome.

trazas para o claustro³⁷.

O edificio, organizado arredor dun claustro que salienta pola magnífica estereotomía, ten planta cuadrangular. No seu alzado, composto por dous pisos, priman a pureza de perfís xeométricos e maila sinxeleza.

A fachada, de marcada tendencia horizontal, salienta polo corredor que dá á praza do Hospital. Este é un exemplo bo dese vencellamento do edificio co seu espacio urbano, e reflicte unha sociedade que concibe a cidade "coma unha especie de público cuarto de estar..." para vivir tanto a

36. A. Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia*, op. cit., 365.

37. P. Pérez Constanti: *Diccionario de artistas que...*, op. cit., 425; A. Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia...*, op. cit., 305-307; R. Otero Túniz: *Rastreado los orígenes de...*, op. cit., 21-23; M^o D Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 446-447.

cotidianeidade coma as grandes festas e solemnidades³⁸. Presidindo esta fachada está a portada medieval que era do vello Hospital da Acibechería. Datada arredor de 1490-1500, é unha mostra boa do espírito conservador do século XVII³⁹.

Desde se constrúe o Colexio o trazado desta praza emblemática para Santiago queda, polo menos no esencial, definida. Anque aínda non cristalizara a creación da monumental fachada que a preside arestora e tampouco non se cerrara o seu lado oeste, é patente que a súa configuración irregular -o Hospital Real e o Colexio de San Xerome non forman un ángulo recto coa Catedral- ten a orixe nesta centuria e condiciona tódalas actuacións posteriores que se han realizar nela⁴⁰.

No ano 1701, as necesidades que xeraba un alumnado en crecemento arreo fan que sexa necesaria unha ampliación do Colexio de Santiago Alfeo. Domingo A. de Andrade dá as trazas para unha hospedería e un cuarto rectoral que, agora, teñen que ir contra o lado sur do edificio,

por culpa do pouco espacio que había entre os dous colexios. No deseño, igual ca na obra realizada, prima sobre calquera outro aspecto a funcionalidade. Este criterio obriga a distribuír tódolos cuartos, a secretaría e a cociña, tanto na primeira planta coma na segunda, contra o sur, e reserva-las zonas intermedias para refectorio, patio, escaleiras e cuarto do cociñeiro. O cuarto rectoral, precedido por unha antecámara, quedaba na parte occidental, na segunda planta, e mediante un balcón abríase á horta do colexio⁴¹.




Lámina 11: Planos da hospedería do Colexio de Santiago Alfeo. (Arquivo Histórico Universitario).

38. A. Vigo Trasancos: *Ciudad y urbanismo en...*, op. cit., 161-166.

39. Nas xambas da porta esculpiron tres santos de cada lado: Santiago Peregrino, San Xoán e San Francisco, e San Pedro, San Paulo e Santo Domingo de Guzmán. No tímpano está a Virxe Apocalíptica acompañada por Santa Margarida e Santa Catarina. Na arquivolta do arco de medio punto, cunha disposición radial, Santa Ana Triple, María Salomé e María Cleofás, Santa Lucía e María Magdalena, San Xerome e San Gregorio Magno, San Lourenzo e Santo Estevo, Santo Ambrosio e Santo Agostiño. A decoración da porta completána a figura de Deus Pai, situada sobre María, e un grupo de anxos músicos. J.M. Caamaño Martínez: "La portada de San Jerónimo en Compostela", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XII, 37, (1957), 167-168; M.A. Castiñeiras González: "Reutilización de piezas romanas y medievales en Galicia", *Brigantium*, 6, (1989-1990), 86-89.

40. A. Bonet Correa: "El urbanismo barroco y la plaza del Obradoiro de Santiago de Compostela", *Archivo Español de Arte*, XXXII, (1958), 215-227.

41. Esta habilitárona de xardín botánico no ano 1845, sendo rector Don Juan José Viñas. J.M. Fernández Sánchez e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago y...*, op. cit., 219.

Máis adiante, no ano 1716, destinaron o terreo contiguo da torre do reloxo e do colexio de San Xerome para Librería da Universidade. Deu as trazas Frei Francisco Cousiño, e dirixiu a realización Pedro García. A fachada está organizada con catro pilastras de fuste afundido, nas bandas que forman dispuxeron os vans correspondentes, e destaca a proxección cara ó exterior dun corredor central sobre ménsulas, tamén encaixadas, que indica o novo sentido na relación entre a cidade e a arquitectura⁴². Bonet Correa definiuno como un edificio "utilitario, ... realizado, sin embargo, con gran dignidad. Por su aspecto sobrio, habría que relacionarlo con San Martiño Pinario, pese a ser de proporciones y escalas diferentes. Con su realización, Pedro García muestra una vez más su pericia técnica y, en el fondo, su intervención en obras de carácter y estilo todavía clasicista"⁴³.

O derradeiro dos colexios que corresponden a este período anterior a 1750 é o de San Clemente de Pasantes. O nome refírese, primeiro, ó seu fundador, o arcebispo Juan de Sanclemente y Torquemada -que querendo emular a Fonseca deu trinta mil ducados para crear un colexio no que "se



Lámina 12: Fachada da librería da Universidade.

instruyesen y formasen mancebos estudiantes que aprovechasen en la virtud y en las letras"⁴⁴- e ademais, á súa condición de admitir de colexiais só ós tivesen rematada a carreira⁴⁵.

O seu emprazamento, fóra do perímetro amurallado da cidade e preto da Porta Faxeira, marcou o desenvolvemento urbano desta zona. Se se comparan os planos de 1595 e 1750, pódese ver que este acaba sendo o elemento articulador dese espacio, porque era unha área sen organizar. A súa presenza condiciona o trazado vial e xera a necesidade dun espacio aberto diante da fachada para que se poda proxectar e disfrutar del -o que acabou sendo a Alameda e mailo

42. J. Couselo Bouzas: *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*, Santiago de Compostela, 1932, 269; A. Fraguas Fraguas: *Historia del Colegio de...*, op. cit., 293; A. Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia...*, op. cit., 507; M^o C. Folgar de la Calle: *Simón Rodríguez*, A Coruña, 1989, 14; M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 445.

43. A. Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia...*, op. cit., 508.

44. S. González García-Paz: *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*, Santiago, 1993, 67-68, 289.

45. J. M. Fernández Sánchez e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago y...*, op. cit., 287.

46. J. de Hoyo: *Memorias del Arzobispo de Santiago*, Santiago, 1952, 32.

paseo da Ferradura-.

É imposible precisa-la data de cando empezaron as obras: sábese da referencia de Jerónimo del Hoyo, que na súa visita de 1607 menciona que aínda o estaban facendo⁴⁶. Tampouco non se pode precisar quen foi o autor das trazas, pero tense especulado con dúas opcións: que sexan de Xácome Fernández, un arquitecto que, en 1609, se declara "mestre de obras de San Clemente", ou que este estivese a traballar sobre un proxecto elaborado por Ginés Martínez. Con todo e isto, as semellanzas co Colexio de Fonseca, que o estarían tendo de modelo, e a relación que se establece entre algúns elementos desta construción e outras atribuídas ó mestre galego dan pé



Lámina 13: Fachada do Colexio de San Clemente de Pasantes.

para vencellalo con el⁴⁷.

É un edificio de planta cuadrangular, centrado por un magnífico

claustro que ha servir de modelo durante o Barroco⁴⁸. A fachada repite o esquema que se empregara no colexio de Fonseca: un enorme entrepano mural, rematado por pináculos de bolas e a penas activado polas xanelas que se abren nas súas dúas plantas; o ritmo horizontal destas, sobrio e vago-roso, racha onde aparece a portada que o centra.

Esta está organizada en dous corpos articulados por columnas exentas de orde toscana no inferior e compostas no superior. No primeiro repítese a redución da estrutura ó esquema dun arco de triunfo; no segundo, a xanela vista en Fonseca substituíuna un balcón e o frontón triangular transformouse nun frontón partido. Os motivos ornamentais redúcense a netos afundidos e placas de corte xeométrico. Só as armas do arcebispo -a áncora e a torre ardendo- rachan esa monotónía, recordando ó fundador, igual ca no colexio de Santiago Alfeo.

O EDIFICIO DA UNIVERSIDADE

Os anos que van desde 1750 ata a década de 1770 son claves para enten-der-la historia da Universidade compostelá. Os cambios que iniciou Diego Juan de Ulloa e continuou José Joaquín

47. M^o D. Vila Jato: *Galicia en la época del...*, op. cit., 125; M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 450; A. Goy Díz: *La arquitectura en Galicia en el paso del Renacimiento al Barroco 1600-1650; Santiago y su área de influencia*, Santiago de Compostela, 1995, 894-927. Tese de doutoramento inédita.

48. M^o D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., 451.

49. E. Martínez Rodríguez: *La etapa reformista (1748-1845). Ciencia moderna y centralización*, en M.C. Díaz y Díaz, (coord.): *La*



Lámina 14. Distribución dos edificios universitarios contra 1880.

Sánchez Ferragudo trouxeron canda eles non só a modificación dos planos de estudo e a perda de importancia da casta colexial de Santiago Alfeo, senón tamén a necesidade de máis espazo. A Universidade, cun alumnado cada vez máis numeroso, vía que, coas *Providencias Reales* de 1751, aumentaba a duración das carreiras ó desenvolve-lo sistema de prelacións⁴⁹.

Xa que logo, en 1764 solicitaron o permiso de Carlos III para construír un edificio novo exclusivamente para

a Universidade, e isto supoñía a separación física desta e dos colexios⁵⁰. A negativa que recibiron non empeceu que aquel proceso concluíse. A expulsión da Compañía de Xesús no ano 1767 deu pé para que, o 19 de Agosto do 1769, Carlos III expedise unha Real Cédula que por ela o colexio e noviciado dos xesuítas pasaba para a institución académica compostelá. Esta quedaba privada duns bos colaboradores, pero beneficiábase moito desde o pun-



Lámina 15: Plano de Santiago contra 1750. (Instituto Padre Sarmiento).

to de vista material⁵¹.

Deste xeito adquiríanse, a carón da igrexa de San Fiz e da Porta de Mazarelos, a igrexa da Compañía, o Colexio de Exercitantes e o noviciado xesuítico; no sitio deste, despois dalgúns anos, había asenta-lo novo edificio da Universidade.

Universidad de Santiago, Santiago de Compostela, 1980, 37-39; J.R. Barreiro Fernández: "La Galicia del Antiguo Régimen. Enseñanza, ilustración y política", en *Galicia. Historia*, IV, A Coruña, 1991, 193-202; P. Saavedra: "Traxectoria da Universidade desde o extrañamento dos xesuítas a fins do século XIX", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 268.

50. E. Martínez Rodríguez: *La etapa reformista (1748-1845)*..., op. cit., 43; M^o C. Folgar de la Calle: *Santiago, unha cidade para os estudos*..., op. cit., 143.

51. E. Rivera Vázquez: "Bens da Compañía. A Peculiar relación dos xesuítas coa Universidade", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 274-277; J.M. Díaz Bustamante: "Bens da Compañía. Bens culturais da Compañía", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 278-279.

A fundación da Igrexa da Compañía débese ó arcebispo don Francisco Blanco, que no ano 1574 ocupou a sé compostelá despois de ser bispo de Ourense e de Málaga. Este prelado, que se chegou a contar con el para suceder a Pío V no solio pontificio, foi un grande benefactor da Compañía -a máis do colexio de Santiago, foi fundador do de Málaga e benefactor do de Salamanca⁵².

Para acomoda-los xesuítas, dispuxo a compra do mosteiro de Santa María A Nova e das casas circundantes. Este -daquela, no ano 1576, vivían nel monxas franciscanas que tiveron que ir para Santa Clara- está intramuros na cidade, nun que o cardeal Jerónimo del Hoyo cualificou "*sitio apacible y desahogado y en la parte más llana y sana de la ciudad y está junto a la plaza que llaman de Maçarelas...*"⁵³. Así que a igrexa que coñecemos agora está emprazada no sitio daquela outra de "*traça antiga*", ocupando moito máis espacio.

A construción do edificio é lenta, tiran o templo anterior e serve "de canteira" para o novo⁵⁴. Os preparativos para ese labor empezan en 1646,

cando queren amplia-la cabeceira porque a igrexa queda pequena para os oficios -aquí hai que se lembrar das palabras de Jerónimo del Hoyo sobre a praza: "*...se hacen los mercados todos los jueves del año, a los cuales acude mucha gente no solo deste Arçobispado, pero del Reyno, especialmente los jueves de Quaresma, en los cuales, aunque la plaza es muy grande y despues de la del Hospital Real la mayor de la çidad, esta tan llena de gente, tiendas y mercadurias que no se puede andar por ella si no es con mucho trabajo*"⁵⁵. Xa en 1648 os Annuas confirman a ampliación, que abrangue a cabeceira cruciforme do templo. Esta presenta un carácter indefinido que dificulta catalogala e moito máis establece-la autoría⁵⁶. É máis doado identifica-lo mestre que traballou no remate do cruceiro. A este, Bernardo Cabrera, pagáronlle, no ano 1660, 2.850 reais polo seu labor na cúpula. Por este dato enunciouse a hipótese de que non era unha obra nova, senón a conclusión, despois de anos de inactividade, da xa iniciada: se isto fose así, non sería difícil identificalo co mestre que executara toda a cabeceira e mailo cruceiro, e revalorizaríase a súa figura como arquitecto en pedra e non só como tracista

52. R. Otero Tüñez: *El "legado" artístico de la Compañía de Jesús a la Universidad de Santiago*, Santiago, 1987, 23-30; E. Rivera Vázquez: *Galicia y los jesuitas. Los Colegios y enseñanza en los siglos XVI y XVII*, A Coruña, 1989, 588-589.

53. J. del Hoyo: *Memorias del Arzobispo de...*, op. cit., 84.

54. A raíz da rehabilitación deste edificio descubriron diferentes restos arquitectónicos que utilizaron de recheo dentro dos seus muros.

55. J. del Hoyo: *Memorias del Arzobispo de...*, op. cit., 84.

56. Para este espacio trasladaron o sartego do arcebispo Blanco, que o deseñara Mateo López no ano 1584. A.A. Rosende Valdés: *Un marco para a morte: o sepulcro galego no século XVI*, en Galicia no Tempo, 1991, Santiago de Compostela, 1991, 237-239.

57. J.M. García Iglesias "Bernardo Cabrera, arquitecto-entallador del Barroco gallego", en *Estudios sobre Historia del Arte ofrecidos al Prof. Dr. D. Ramón Otero Tüñez, en su 65 cumpleaños*, Santiago de Compostela, 1993, 201-213.

de retablos⁵⁷.

A solución que lle deron á cúpula é sorprendente, tanto pola diferenza de tratamento entre ela e as pilastras toscanas que teñen conta coma polos efectos cambiantes que ese mesmo tratamento produce segundo a luz vai incidindo no seu interior. Fronte á austeridade e á excesiva rixidez dos seus soportes e das pendentes das que sae, a cúpula gallonada pasa a ser unha gran cuncha e os nervios desta, converxentes no anel da lanterna, adoptan un perfil redondeado que anima o intradorso e dálle un "celme expresivo" conscientemente procurado por Cabrera para salienta-lo contraste⁵⁸.

A última parte do templo, as naves e maila fachada, constrúenas desde o ano 1670 ata o 1674. O mestre é outro, e é mozo, Diego de Romay. Pode que sexa unha obra da súa etapa inicial, na que os principios clasicistas do obradoiro de Melchor de Velasco aínda prevalecen sobre un vocabulario máis próximo de Andrade, que ha se-lo que use na madurez.

No interior, Romay, aínda co cambio estilístico que hai no terceiro tercio do XVII, é capaz de mante-la unidade de toda a igrexa. Para iso, repite na nave central o mesmo tipo de soporte -pilastras toscanas- ca no cruceiro. Estas, en altura, unen os

dous pisos que ten, porque o esquema seguido polo mestre é similar ó do Gesù de Roma: tres naves, a central máis alta e as laterais, semellantes a capelas, cunha tribuna ou galería por riba delas. A nota predominante volve se-la nudez dos muros; non se percibe ningunha alteración en relación co resto, só hai dous feitos nos que se ve a man dun artista diferente: os fondos saíntes dos arcos de medio punto abertos entre a nave central e as capelas e os triángulos afundidos que van ós lados das xanelas dos lunetos, na bóveda.

Afora, a fachada demostra tamén esa inspiración en modelos da Compañía. Cun depurado clasicismo, organizase a través de catro pilastras sobre zócolo encaixado, igual cós fustes. Estas abranguen toda a fachada e sosteñen un friso con cornixa en beiril e frontón recto partido na banda central. Caracterízase pola pouca mobili-dade, os soportes fracturan moi pouco o entrepano, e neste arestora campan o escudo de Carlos III -no centro- e dous fornelos coas figuras de San Pedro e San Paulo nos laterais⁵⁹. Este non era o aspecto que presentaba ó primeiro: Freire Barreiro e Fernández Sánchez narran, non sen algunha amargura, que "*...no han conseguido quitar el nombre de la perinclita Compañía los bajaes de la Corte de Carlos III. No fue, sin embargo, por*

58. R. Otero Túniz: *El "legado" artístico de la Compañía...*, op. cit., 35.

59. Aínda agora se pode nota-la falta que concordancia que hai entre o hábito xesuita das imaxes e as súas advocacións.

*falta de voluntad. Arrancaron el sacrosanto nombre de Jesús, enseña gloriosísima de aquellos invencibles campeones, de retablos y alfares, donde sin embargo quedaron las huellas para baldón eterno de los tiranos, y convirtieron las estatuas de S. Ignacio de Loyola y S. Francisco Javier, que adornan la fachada del templo, en las imágenes de San Pedro y San Pablo, aunque para disimularlo, las seidas de los Enciclopedistas pintarrajearon de azul las sotanas, y de almagre o cosa así los ceñidores y mantos y pusieron en sus manos las llaves y la espada... ¡A qué extremo de ridículo y grotesco conduce la impiedad!*⁶⁰.

Aínda con todas estas desafortunadas intervencións, a fachada leva dentro un fondo estudio do seu encastramento urbano. Primeiro, como indica Bonet, a súa concepción está determinada polo espazo circundante, unha rúa estreita, que impedía realizar unha fronte que non fose plana, do estilo dunha cortina. Segundo, estaba aliñada co seu Colexio, construído por Benito González de Araújo e Bartolomé Fernández Lechuga, onde está agora a Universidade⁶¹. Isto dá-lle máis continuidade e grandeza, e a un tempo, en vez de visión frontal íntegra había dous eixes converxentes que a través deles, sen chegar a captar todo o edificio, podíamos ir descubrin-



Lámina 16: Fachada da igrexa da Compañía.

do fragmentariamente o seu aspecto multiforme, porque a fachada presenta un carácter máis civil ca relixioso, querendo explica-la relación entre o edificio e a rúa contra a que mira. Este último apartado comentouno Martín González cando se referiu á perspectiva que se crea desde a Travesía da Universidade, subliñada polo campa-

60. J.M. Fernández Sánchez e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago y...*, op. cit., 227.

61. A. Bonet Correa: *La arquitectura en Galicia...*, op. cit., páxs. 437 e sgs.

62. J.J. Martín González: *Perspectivas barrocas de Santiago de Compostela*, Goya, 61 (1964-1965), páxs. 28-34.

nario que lle engadiron no ano 1719⁶².

No interior consérvase un dos máis fermosos e interesantes conxuntos de retablos que hai en Galicia. Presentan todo o abano de posibilidades que pode te-la arte do retablo de Compostela no século XVIII: desde as trazas supervisadas por Domingo de Andrade⁶³ para os altares do cruceiro, ata as de Manuel Leis, pasando polo imponente retablo maior que ideara Simón Rodríguez⁶⁴.

O Colexio de Exercentantes fundouno o arcebispo José Yermo y Santibáñez no ano 1734. Ía haber alí unha casa de exercicios para o clero diocesano e mailas Escolas Menores que tiña a Compañía de Xesús desde o ano 1596. Daquela o arcebispo Juan de Sanclemente dera para a comunidade dúas casas preto da muralla⁶⁵.

A obra realizada por Simón Rodríguez -tanto por desexo do arcebispo coma pola confianza que puxeran os xesuítas nel⁶⁶- supón unha importante modificación da estrutura urbana compostelá. Se se compara o plano de 1595 co de 1750 pódese ver que o edificio novo, de planta cuadrangular centrada por un patio, rompe o perímetro amurallado e man-

tén a súa posición atrasada verbo da fachada da igrexa da Compañía. Queda creado, ou se cadra é mellor dicir que se conserva, o espacio correspondente á *plaza de Maçarelas* da que



Lámina 17: Colexio de Exercentantes.

falaba Jerónimo del Hoyo.

O edificio perdeu a estrutura orixinal por culpa das remodelacións que fixeron para o adaptar ós diferentes fins docentes que desempeñou: institu-

63. Das tumbas que se descubriron ó retira-lo sollado que cubría o piso da igrexa, pódese destaca-la da primeira muller de Andrade: *DEPOSITO DE YSABEL ARENAS DE ANDRADE, MURIO EL TRES DE OCTUBRE DE 1699, REQUESCAT IN PACE, AMEN*.

64. M^o C. Folgar de la Calle: *Simón Rodríguez...*, op. cit., 114-117.

65. M^o C. Folgar de la Calle: *Os Conventos*, en Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Artístico Galego, 2 Cidades. A Coruña, 1993, 406-407.

66. M^o C. Folgar de la Calle: *Os Conventos...*, op. cit., 406.

67. Aínda se conserva o nome de Praza do Instituto. V. J. R. Barreiro Fernández: "Historia contemporánea. Enseñanza y cultura", en *Galicia. Historia*, VI, A Coruña, 1991, 128-138.

to de segunda ensinanza⁶⁷, facultade de Filoloxía e, arestora, de Ciencias Políticas e Xornalismo. Rivera Vázquez indica que "el sótano albergaba la escuela de leer; la planta baja, de escribir y las aulas de Gramática: el piso primeiro, una sala de recreación y una gran capilla para los ejercicios y Escuela de María, planeada por Lucas Ferro Caaveiro en Junio de 1749; por último, los pisos segundo y tercero contenían las habitaciones para los ejercitantes"⁶⁸. Fernández Sánchez e Freire Barreiro din que "... el arzobispo D. José de Yermo Santibáñez (1728-1737)... construyó allí diez y ocho aposentos y una capilla para ejercicios de los ordenados. Aún estaba sin concluir el edificio cuando sorprendieron a los PP. los tiránicos decretos de Carlos III y del Conde de Aranda. Al celo é incansable actividad del digno director del Instituto D. José López de Amarante... se debe la casi terminación de aquellas obras importantes, gracias a lo cual tiene hoy el establecimiento una excelente sala de juntas y magnífico laboratorio de química. Los gabinetes de física é historia natural cuentan con los elementos necesarios para la enseñanza de dichas ciencias"⁶⁹.

Os máis singular, desde un

punto de vista artístico, son as dúas portadas: a principal -coroadá polos escudos do arcebispo Yermo e da Compañía⁷⁰, envoltos nun complexo mundo de motivos xeométricos e volutas característico de Simón Rodríguez-, e a posterior, que, debaixo das armas de Juan de Sanclemente, conserva o grupo escultórico da Epifanía pertencente ó tímpano gótico de Santa María a Nova⁷¹.

O derradeiro edificio desta época, o máis importante, é a Universidade Literaria, que a construíron no terreo do colexio xesuítico. No ano 1771, Domingo Lois de Monteagudo dá as trazas dunha edificación cadrada con patio central; non se ha chegar a realizar, pero influirá decisivamente no plano realizado máis tarde por Miguel Ferro Caaveiro⁷².

As obras empezaron no ano 1774, e o encargado de executalas era José Pérez Machado. Comezaron polo lado norte, engadíndolle ó edificio vello aulas e unha biblioteca. As obras seguiron sen parar ata 1780 e, en 1783, Miguel Ferro Caaveiro modifica os deseños de Pérez Machado, en beneficio dunha unidade estilística maior co que estaba xa construído. Empezan a

68. E. Rivera Vázquez: *Galicia y los jesuitas...*, 591.

69. J.M. Fernández Sánchez e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago...*, op. cit., 243.

70. Este último retallárono e substituírono polo escudo de España.

71. J.M. Caamaño Martínez: *Seis tímpanos compostelanos de la Adoración de los Reyes*, Archivo Español de Arte, XXXI, 124 (1958).

72. J. García-Alcañiz Yuste: *Arquitectura del Neoclásico en Galicia*, A Coruña, 1989, 92-96; J.M. López Vázquez: "El proyecto de Domingo Lois de Monteagudo para la Universidad de Santiago", en *Estudios sobre Historia del Arte ofrecidos al Prof. Dr. D. Ramón Otero Túñez, en su 65 cumpleaños*, Santiago de Compostela, 1993, 99-103.




Lámina 18: Debuxo do século XVIII da fachada da Universidade Literaria.

fachada en 1798, a partir dos planos de Pérez Machado, que se inspirara nos que fixeran antes Ferro Caaveiro e Melchor de Prado e Mariño⁷³.

O edificio resultante está marcado por dúas circunstancias fundamentais: a supervisión e censura que a Academia de San Fernando e Ventura Rodríguez realizaban sobre calquera plano que se fose executar no Reino e a formación e o carácter de Miguel Ferro -vencellado ó mundo tardobarroco do seu pai e combativo fronte ós excesos ornamentais do período precedente⁷⁴-. Xa que logo, o seu claustro aínda presenta un dinamismo que o remite, no ritmo suave de entrantes e

saíntes, á arquitectura da metade do século XVIII; por outra banda, o seu patio, cunha ornamentación reducida ó máximo, demostra as aspiracións clasicistas do seu autor, porque valora os elementos arquitectónicos máis cós decorativos. A fachada adopta o mesmo esquema palaciano ca no Antigo Seminario de Confesores e Consistorio, ou sexa, unha estrutura, organizada en dúas plantas e de marcada tendencia horizontal, que se ergue sobre un zócolo alto para salvalo desnivel da rúa. Pódense distinguir nela tres corpos: os extremos, unidos en altura por pilastras xónicas emparelladas e cerrados por un friso con cornixa en beiril, e a central, que alí Miguel Ferro Caaveiro dispón catro columnas de orde xónica xigante -semellantes ás que utilizaba Charles Lemaire- para soportalo frontón triangular que ten de remate. No seu tímpano estaban as armas reais e de acrotério, no cume, a Minerva, "armada de punta en blanco, y genios llevando en sus manos coronas y atributos de las facultades y ciencias que se profesaban en aquel establecimiento literario"⁷⁵, que a fixera o escultor José

73. M^a D. Vila Jato: *Institución de ensino ata...*, op. cit., páxs. 448-449.

74. J.M. López Vázquez: *El Neoclásico y el siglo XIX*, en *Gran Enciclopedia Temática de Galicia*. Arte, V, Barcelona, 1988, 114-115.

75. "Universidad, vasto y magnífico edificio de piedra de sillería... elegantes ventanas y balcones rectangulares, que forman un conjunto verdaderamente majestuoso y digno del objeto á que el monumento fué destinado. Precédele una escalinata, que hizo necesaria el desnivel excesivo de la plazuela y del área que el edificio ocupa. A uno y otro lado del vestíbulo ábreanse otras dos escalinatas, que se reúnen en el primer piso, delante de la secretaria y del claustro superior...". J.M. Fernández Sánchez e Fr. Freire Barreiro: *Guía de Santiago y...*, op. cit., 229-230.

76. Despois retirárona do seu emprazamento orixinal e trasladárona para o Museo da *Real Sociedad Económica de Amigos del País*, que estaba no edificio de San Clemente. Jenaro de la Fuente, no ano 1930, pensou en recuperala para unha fonte monumental na Residencia de Estudiantes. Por último, no ano 1964, segundo deseño do mesmo arquitecto, colocárona na Facultade de Ciencias, tamén na Residencia.

Ferreiro no ano 1803⁷⁶.

O seu aspecto actual queda lonxe do proxecto orixinal despois das reformas emprendidas por iniciativa de Eugenio Montero Ríos entre 1894 e 1904. De consecuencia destas, déronlle ó edificio da Universidade un piso máis, retiraron o frontón coas imaxes, trasladaron a biblioteca para a nova planta e o paraninfo -inaugurado en 1906- pasou ó primeiro piso⁷⁷. Na fachada, no sitio da Minerva de Ferreiro hai un relevo alegórico da Sabedoría coroando a mocidade estudiosa, e ós lados os medallóns de Diego de Muros e Alonso de Fonseca e as estatuas dalgúns dos máis eximios homes de prol da Universidade compostelá - Diego Xoán de Ulloa, o Conde de Monterrei, Álvaro de Cadaval, Lopo Gómez de Marzoa-. Este conxunto escultórico, unha obra de Ramón Núñez Fernández, corresponde á súa primeira etapa, dominada por un claro naturalismo historicista, que cos anos hao de ir abandonando⁷⁸.

Neste caso, anque a intervención foi importante -tanto polo tamaño da edificación como porque é unha obra de nova planta-, o impacto na trama urbana non supuxo cambios



Lámina 19: Ampliación feita entre 1894 e 1904.

substanciais. O motivo desta menor influencia urbanística está en que o edificio novo quedou dentro do espazo correspondente ó colexio dos xesuítas, respectando a igrexa e mailo colexio de exercitantes. Con todo, diante da fachada acabouse consolidando unha praciña de forma irregular, tamén presenta no plano de 1750⁷⁹. Xa dixo Bonet Correa que a Universidade foi "*el último gran edificio construído a fines del Antiguo Régimen dentro del casco antiguo... ocupó y dio una nueva dimensión, tanto física como moral, al antiguo solar del Colegio de la Compañía de Jesús*"⁸⁰.

A EXPANSIÓN DO SÉCULO XX

O paso do século XIX ó XX na

77. B. Castelao Álvarez: "O Paraninfo da Universidade: Espacio, ornamentación e programa iconográfico", en *Gallaecia Fulget. Cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela, 1995, 46-51; C. Pereira Marimón e J.M. Monterroso Montero: "O patrimonio pictórico da Universidade ata 1936", en *Patrimonio da Universidade de Santiago de Compostela*. (No prelo).

78. M^a D. Vila Jato: *Aspectos artísticos de la Universidad*, en M.C. Díaz y Díaz (coord.): *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, 1980, 207; J.M. López Vázquez: *El Neoclásico y el siglo...*, op. cit., 126.

79. M^a C. Folgar de la Calle: *Santiago, unha cidade para os estudos...*, op. cit., 144.

80. A. Bonet Correa: *La estructura urbana de Santiago...*, op. cit., 32; M^a C. Folgar de la Calle: *Santiago, unha cidade para os estudos...*, op. cit., 144.



Lámina 20: Distribución dos edificios universitarios na actualidade.

historia da Universidade está condicionado por un contexto atípico de desenvolvemento económico, social e demográfico en Galicia. Agroma tamén *"una nueva concepción de la Universidad en el cuerpo directivo, porque surge una nueva sensibilidad social y política en el alumnado, y*

*porque se impone el trabajo científico como meta irrenunciable de la Universidad"*⁸¹.

O reflexo inmediato desta situación xeral é a construción de facultades novas que, progresivamente, van ir rebordando o recinto amurallado da cidade⁸².

A primeira delas constrúena entre o ano de 1903 e o de 1913 por iniciativa de Eugenio Montero Ríos: é a Escola de Veterinaria, situada no Hórreo. O proxecto, ideado por Antonio Bermejo Arteaga no ano 1895, por culpa do atraso para empeza-las obras e da morte deste, asumíuno e modificouno no 1903 Arturo Calvo⁸³.

A Escola, que aspiraba a ser desde un punto de vista científico adiantada no Estado Español, estilisticamente corresponde á tradición do eclecticismo decimonónico que salienta en tódalas empresas públicas financiadas por Montero Ríos⁸⁴. Ten

81. J.R. Barreiro Fernández: "La Universidad gallega entre 1900 y 1936", en M.C. Díaz y Díaz (coord.): *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, 1980, 77-80; J.R. Barreiro Fernández: *Historia contemporánea. Enseñanza y...*, op. cit., 176-191.

Un exemplo bo disto é o artigo que o catedrático Ciriaco Pérez Bustamante escribiu en *El Pueblo Gallego* no ano 1924: *"Tenemos un concepto peregrino de la misión de la Universidad. Hoy es un caserón frío y destartado, como la mayor parte de los Centros oficiales, a donde acude de mala gana la estudiantina bulliciosa. Periódicamente (junio y septiembre) arroja un haz de licenciados. Ni los estudiantes se preocupan de la vida científica de la Universidad, ni a los catedráticos les importa la vida escolar extra-universitaria. La cátedra, para unos y para otros, tiene un aspecto oficinesco. Es una obligación molesta y cotidiana; todos carecemos de fervor"*. Cítao J.R. Barreiro Fernández: *La Universidad gallega entre...*, op. cit., páx 84.

82. J.M. García Iglesias: "A trama urbana. A súa evolución", en *Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Histórico Galego, 2 Cidades*, A Coruña, 1993, 48.

83. No ano 1925, o Ministerio de Instrucción Pública cedulle este edificio ó Ramo da Guerra, e pasou a ser cuartel do exército. Arestora as súas instalacións ocupaas o Parlamento de Galicia. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: 1850, Santiago de Compostela, 1950, Santiago de Compostela, 1989, 146-149.

84. J.M. López Vázquez: "Arquitectura civil levantada por outros patrocinadores. O Século XX", en *Santiago de Compostela, 1 Patrimonio Histórico Galego, 2 Cidades*, A Coruña, 1993, 530.

importancia polo papel que debeu desempeñar de núcleo ordenador do "Trazado do Primeiro Ensanche de Poboación" e do "Ensanche da República" en relación co Hórreo⁸⁵.

Podíase dici-lo mesmo da Facultade de Medicina, construída entre o ano 1905 e o 1928 segundo deseños de Fernando Arbós e Tremanti. Está na rúa de San Francisco, estreitamente vencellada co que era o hospital de Santiago. *"A planta do edificio proxectado adáp-*



Lámina 21: Facultade de Medicina.

Do ano 1905 ó 1925 constrúen a Escola de Cegos e Xordomudos, un proxecto que patrocinou Montero Ríos e ideou Ricardo Velázquez Bosco. Despois de ser instituto de Bacharelato, as súas instalacións ocupounas a Xunta de Galicia en 1984. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: 1850, Santiago de Compostela..., op. cit., 160-165.

85. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: 1850, Santiago de Compostela..., op. cit., 46-56.

86. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: 1850, Santiago de Compostela..., op. cit., 172-175.

87. M^oD. Vila Jato: Aspectos artísticos de..., op. cit., 208.

88. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: 1850, Santiago de Compostela..., op. cit., 56-58; P. Costa Buján: O urbanismo compostelán e..., op. cit., 461.

*tase cumpridamente ós condicionantes da nova parcela e das novas aliñacións. Un novo corredor, con luces ópaticio interior aberto, serve de distribuidor de tódolos seus servizos, comunicando á súa vez co hospital*¹⁸⁶.

Pero o proxecto con máis alcance e con maior impacto sobre a trama urbana de Santiago durante a primeira metade da centuria foi a Residencia de Estudiantes. Á imaxe do que fixera Antonio Flores en Madrid, pretendíase recupera-lo perdido espírito dos Colexios Maiores, aspirando a alcanzar unha formación integral para os alumnos universitarios⁸⁷.

O anteprojecto de urbanización, que o trazou o arquitecto municipal Constantino Candeira Pérez no ano 1929, incluía os terreos do Campo do Mendo, situados contra o Oeste da Ferradura, e chegaba ata a estrada de Santiago a Noia. Desde 1930 faise cargo das obras Jenaro de la Fuente y Álvarez. No ano 1930, gracias á mediación de Rodríguez Cadarso, comezan as obras e, no 1935, xa estaban solucionadas tódalas cuestións relativas á urbanización dos terreos que circundaban as edificacións proxectadas⁸⁸.

O proxecto, seguindo un punto

de vista clásico plenamente simétrico, tiña unha área central, aliñada por un eixe imaxinario coa igrexa de Santa Susana e o Monumento a Rosalía de Castro, situados os dous no paseo da Ferradura. Esta tería un núcleo de edificacións para os cinco colexios maiores que pensaban construír, formando entre eles unha praza con soportais e co extremo oriental aberto. Arredor dela, cunha disposición reticular, ía haber xardíns, instalacións deportivas -por exemplo, o Stadium-, vivendas unifamiliares e nova escalinata que salvaría o desnivel entre a Ferradura e



Lámina 22: Vista xeral da Residencia de Estudiantes.

a Residencia⁸⁹.

A guerra civil trouxo a paralización das obras. No ano 1941 inauguraron o primeiro dos pavillóns co nome de Rodríguez Cadarso, e empezou a funciona-lo Observatorio Astronómi-

co de Ramón María Aller Ulloa. Andando o tempo remataron os outros dous pavillóns que hai e urbanizaron todo o conxunto⁹⁰.

A Residencia presenta as características desa arquitectura rexionalista que se mantivo viva trala guerra civil. Jenaro de la Fuente valeuse dunha linguaxe neo-barroca compostelá que anque non se corresponde coas tendencias máis avanguardistas, pódese aceptar sen reparos⁹¹.

Na década dos cincuenta e na



Lámina 23: Facultade de Química. Campus Sur.

89. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: *1850, Santiago de Compostela...*, op. cit., 56-65; P. Costa Buján: *O urbanismo compostelán e...*, op. cit., 462.

90. P. Costa Buján e J. Morenas Aydillo: *1850, Santiago de Compostela...*, op. cit., 63-64.

91. J.M. López Vázquez: El arte contemporáneo, en *Gran Enciclopedia Temática de Galicia*. Arte, V, Barcelona, 1988, 159; J.M. López Vázquez: *Arquitectura civil levantada por...*, op. cit., 531.

dos sesenta esta idea homoxénea e unitaria que xurdira nos anos trinta comeza a cambiar. Primeiro coa construción do Sanatorio da Nosa Señora da Esperanza no ano de 1955 e, máis tarde, no de 1961, coa *Facultade de Ciencias*, "un claro exponente del anacronismo y falsedad que el monumentalismo oficial puede llegar a alcanzar cuando se pretende modernizar con una pseudoprogresía racionalista". Os dous edificios deseñounos Jenaro de la Fuente⁹².

Acabando a década dos cincuenta, como unha visión estruturalista da arquitectura, innovadora e avanguardista para o que un estaba afeito a ver, constrúen o edificio do Consello Superior de Investigacións Científicas, proxectado por Fisac⁹³.

Nos anos seguintes, a Residencia adquire o perfil do que xa lle empezan a chamar o Campus Sur. Fan a Facultade de Farmacia, a Casa de Catedráticos -exemplos dun desacertado vocabulario racionalista-; Álvaro Líbano realiza a Facultade de Dereito; Arturo Zas diseña a piscina climatizada; J. Zapata remodela o Estadio e Pistas Deportivas; Xerardo Estévez e Pedro de Llano idean a nova Facultade de Física; Fernando Albalat proxecta as Facultades de Matemáticas e

Bioloxía, tendo en conta a adaptación dos edificios á costa que fai o terreo-; Baltar, Bartolomé e Almuíña realizan o Campo de Deportes, a Facultade de Psicoloxía, Pedagogía e Filosofía, e remodelan o Auditorio Universitario; etc.⁹⁴.

Desde o ano 1990 ó 1994, Alonso Díaz Revilla e José Díaz Sotelo iniciaron o Plano Especial de Ordenación do Campus Universitario; Celestino García Braña planificou a Urbanización Monte da Condesa; Álvaro Fernández Carballada remodelou a Residencia Universitaria Monte da Condesa, o Comedor Universitario Monte da Condesa e a Escola de Óptica; Carlos Ferrater Lambarri, con Bet Figueras Pons, Teresa Banet Láz de Rego, M^a Teresa Casasayas Fornell e José Manuel Ortigueira Bobillo, proxectou o Xardín Botánico; e Manuel Gallego Jorreto planificou o Instituto de Investigación⁹⁵.

Por último, desde a década dos setenta, a Universidade empezou a se estender contra a parte norte da cidade. Xurdiu, con esta ampliación, o Campus Norte, que ten dous elementos articuladores: a Avenida de Xoán XXIII, coa Escola Universitaria de Formación do Profesorado de E.X.B., e debaixo da avenida a Facultade de

92. J.M. López Vázquez: *El arte contemporáneo...*, op. cit., 159.

93. J.M. López Vázquez: *Arquitectura civil levantada por...*, op. cit., 534; P. Costa Buján: *O urbanismo compostelán e...*, op. cit., 467.

94. P. Costa Buján: *O urbanismo compostelán e...*, op. cit., 468.

95. *Arquitecturas Recentes da Universidade de Santiago de Compostela (1990-1994)*, Santiago de Compostela, 1994, 32-69.

Ciencias Económicas e Empresariais de Desiderio Pernas⁹⁶, e mailo Auditorio de Galicia de Cano Lasso, que trouxo a urbanización da Nosa Señora da Fonte e do Burgo.



Lámina 24: Facultade de Filoloxía. Campus Norte.

Desde o ano de 1990 ó de 1994, Alberto Noguerol e Pilar Díez realiza-

ron a Facultade de Filoloxía e maila Residencia Universitaria Burgo das Nacións na súa Fase IV; Felipe Peña Pereda emprendeu as fases I, II e III da mesma residencia; e José Ramón Quiroga Calviño ampliou e reformou a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e maila súa biblioteca⁹⁷.

Desde que se fundou, a Universidade e maila cidade na que se desenvolveu e medrou estableceron unha relación simbiótica que volve imposible comprender unha sen a outra. Poucas veces se pode afirmar, coa mesma seguridade, que a Universidade é *Estudio y ayuntamiento de maestros y escolares que es fecho en algún lugar; con voluntad e entendimiento de aprender los saberes...*

96. A primeira é un exemplo claro desa tendencia racionalista, modular, monolítica e impersoal comentada, e a segunda a plasación práctica dunha arquitectura que prometía deseño e recubrimentos máis coidados. Pernas volve recorrer ó claustro, agora de dimensións pequenas, para articula-lo espazo do seu edificio. J.M. López Vázquez: *Arquitectura civil levantada por ...*, op. cit., 535.

97. *Arquitecturas recentes da Universidade...*, op. cit., 12-31.

Tampouco non hai que deixar de lado que a Universidade de Santiago non marchou do centro da cidade, do que agora se reconece como "campus casco histórico". A fisionomía deste quedou modificada por dous motivos: primeiro, pola incorporación de edificios universitarios novos -a casa da balconada e maila casa da cuncha; despois, polo proceso de peatonalización que emprendeu a administración municipal. X. V. Estévez e P. Llano, de: *Santiago, un centro histórico en proceso de peatonalización*, en Galicia. A destrución e a integración do patrimonio arquitectónico, Vigo, 1981, 116-127.



Memoria

- ⇒ *Onte e hoxe fronte ó mañá na Universidade de Santiago*
Manuel C. Díaz y Díaz
- ⇒ *Medio Milenio*
Carlos Pajares Vales
- ⇒ *A Universidade de Santiago dende o presente*
José Ignacio Rodríguez

ONTE E HOXE FRONTE Ó MAÑÁ NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Reflexións incompletas no seu Quinto Centenario

Manuel C. Díaz y Díaz

Hai cincocentos anos que a Universidade de Santiago anda envolta en problemas que concirnen á súa configuración e ós seus obxectivos. Desde o seu empezo como tarefa educacional estivo sometida a discusións e incertezas, unhas veces deixándose ir despreocupada da súa propia misión, outras abaneada por intereses declarados ou ocultos, moitas veces inqueda e insegura na procura da súa verdadeira orientación. Desde hai cinco séculos para aquí, a súa actividade resultou interferida, anulada, poucas veces comprendida e alentada. Afortunadamente, nunha marcha lenta pero constante, foi gañando puntos e acadando cotas máis e máis altas, non sempre brillantes, pero esperanzadoras. A súa difícil historia (que coincide en moitas liñas con tantas outras Universidades hispanas) posibilita agora que reflecta sobre si mesma, e conciba expectativas de progreso que se cadra non será rectilíneo, pero que ha permitir que siga avanzando.

Unha Universidade non ten a historia de cada unha das xeracións que formaron parte dela, profesores e alumnos; pero son moitos e profundos os puntos comúns, porque a Universidade estivo sempre, querendo ou non, pensando ou non, inserta na sociedade á que serve. Con ela sofre, acerta, erra, recúa e vai para adiante; participa dos seus ideais e das súas desgracias, porque a súa función foi sempre a de formar personalidades que interveñan na sociedade circundante, e que vivan insertas e activas nela. Por moito que programe o seu futuro, este non se pode separar nin desvencellarse do seu ambiente, con el comparte grandezas e miserias. Na súa misión van variando os instrumentos dos que se vale para que a súa docencia sexa eficaz e duradeira. Nótase que pouco a pouco se abren posibilidades, e acóllense, con máis ou menos fervor, as novidades capaces de favorecer-lo seu labor.

Anque non todo o presente se comprende partindo do pasado, parece

conveniente lembra-las liñas nas que se moveu desde as orixes a nosa Universidade¹.

A Universidade de Santiago reclama con toda a razón as súas orixes naquela decisión dun home bo, a saber, Lopo Gómez de Marzoa, tenazmente incapaz de desánimo, que no ano 1495 doou tódolos seus bens para que en Santiago se aplicase a autorización pontificia para crear estudos nas cidades da Coroa de Castela, fundando un para estudantes pobres, co apoio da comunidade beneditina de San Martiño Pinario². Movía, sen dúbida, a Marzoa e ós bieitos unha idea soa, froito do espírito humanista, a de aprecia-lo valor do home máis para alá da súa posición social. Porque nos ambientes do humanismo estaba implantado o convencemento de que a formación hai que a entender como un dereito humano, non como un privilexio ou unha simple función derivada da propia situación dentro da sociedade. Que os estudos creados

naquel momento fosen os de Gramática avense ben con este ideal e coa crenza habitual daquela de que constituían a base de toda formación ulterior. Empezaron humildes, pola base. Pero sabían onde ían.

Vese máis claro este obxectivo cando refunda o Estudio no ano 1501 o mesmo Marzoa coa compañía agora dos dous Diego de Muros, o insigne bispo das Canarias e o seu sobriño o deán de Santiago³. Na nova acta fundacional esta expresado xa o intento de, comezando pola Escola de Gramática, chegar a senllas Facultades de Teoloxía e Cánones. Son se cadra os de Muros quen proclaman nela o desexo de mellora-lo nivel dos habitantes de Galicia e, en concreto, os da cidade de Santiago. E o seu pulo, e a súa situación prominente propician que o Estudio compostelán, o que despois se lle chamará o Estudio Vello, obteña do papa Xulio II a Bula de erección no ano 1504⁴: daquela xa desaparecera Marzoa, que sen dúbida se sentiría


1. Para as notas que seguen baséome nas variadas aportacións que diversos estudiosos fixeron para o libro, que tiven a fortuna de o editar, *La Universidad de Santiago*, Santiago, 1980 (vouno citar como LUS de aquí para adiante), e tamén para outras documentadas sínteses, que delas quero mencionar especialmente as que enriquecen o valioso catálogo *Catro séculos de historia universitaria*. *Gallaecia Fulget*, Santiago, 1995 (citado GF); e maila de J. García Oro nos seus prolegómenos á edición da Visita de Portocarrero á Universidade (*A Real Universidade de Santiago de Compostela. Actas da visita do Licenciado Don Pedro Portocarrero...*, Santiago, 1992).

2. O precioso documento, que era coñecido pero non se sabía onde parara, está gardado no Arquivo Universitario de Santiago. O seu texto encontrábase transcrito por primeira vez en GF, 106-107. Quero indicar aquí o teor verdadeiro do documento: o 4 de Setembro do ano 1495 Marzoa declara publicamente a doazón dos seus bens para crear "*un collejo de estodiantes pobres*"; colaborando con este propósito, despois da conformidade do prior de San Benito de Valladolid, ceden para sempre para ese colexio o mosteiro de San Paio de Antealtares, daquela baleiro e sen uso, o abade de San Martiño fr. Juan de Melgar, o prior segundo do mosteiro frei Pedro de Villaza, e uns monxes no nome e por delegación da comunidade. Os monxes reclaman en troques que o abade presente ou futuro teña que ser patrón do colexio. Aínda que algunha vez se teña dito outra cousa, este precioso documento supón outro anterior no que se lle dera forma e sentido á fundación.

3. A maior parte do texto saíu publicado en LUS, 18, segundo a versión de López Ferreiro.

4. Consérvase no Arquivo Universitario de Santiago; fotografía dela en LUS, 19; GF, 113

feliz e satisfeito por este supremo recoñecemento das súas ambicións universitarias.



Mostra da colección de modelos cristalográficos do abate Haüy (1743 - 1822) adquirida pola Universidade ós seus herdeiros no ano 1846. consta de 1.024 pezas.

Pode ser que fosen envexa e celos o que incitara á Congregación beneditina de Valladolid para obrigar a San Martiño Pinario a revoga-lo contrato asinado no ano 1495 con Lopo de Marzoa, aunque se alegasen razóns de restauración dun mosteiro feminino na sé de San Paio. En Xullo do ano 1499, o colexio, creado catro anos antes, deixou de existir. Tampouco non o tivo doado a nova fundación do ano 1501, pero deu subsistido. Nos seus primeiros anos problemas económicos de gran envergadura privárono das xa escasas rendas con que o dotaran. Sen este aliciente os profesores non ían para se facer cargo das ensinanzas, e as clases non funcionaban na casaña "con horto de laranxeiras" que tiña o Estudio entre a Rúa do Vilar e maila Rúa Nova. Pero ó mellor non eran só problemas económicos os

que acosaban o Estudio. O Deán Muros crera que a única maneira de lle conferir estabilidade e continuidade á empresa era vencellala ó Cabido Catedral: el sería o encargado de xuntar esforzos e compaxinar vontades. Se cadra por esa mesma razón foi polo que se conseguira do papa que o Estudio estivese exento da xurisdicción do arcebispo. Podemos conxecturar que algúns membros do Cabido, ó mellor de resultado de tensións internas, se cadra por afán de se congraciarse co arcebispo, excluído daquel empeño, incitaron a outros, xa que non a se opor, si a non se dar présa. O caso é que a desexada cooperación non chegaba, e os obstáculos multiplicábanse.



O Museo da Historia Natural no edificio vello da Universidade, onde estivo desde primeiros de século. No ano 1925 promoveuno especialmente o profesor Luis Iglesias. Agora ocupa instalacións novas no Campus Sur.

Esta situación delongábase nos primeiros anos do pontificado de Alonso III de Fonseca, iniciado no ano de 1507. Eu non teño dúbida de que un home coa formación humanística e o talante persoal do novo arcebispo

non se podía sentir alleo a este movemento universitario, decidido na idea pero impreciso e desgonzado na realización. Non aceptou tampouco verse apartado del en virtude da Bula de Xulio II. Resolveu actuar, disentindo da decisión pontificia mediante un proceso xurisdiccional, pero sobre todo indo ó fondo da cuestión. Sondou a opinión pública promovendo ruxeruxes sobre a conveniencia de revisalos fundamentos do Estudio, co pretexto de o relanzar, e para iso chegou a establecer, quizais de ensaio e de aviso, unha institución nova, un Colexio, que o situou no Hospital da Acibechería⁵, daquela en desuso porque as súas funcións asumíraas e melloráraas o Hospital que acababan de funda-los Reis Católicos⁶. Este Colexio pode ser que non buscasse máis efecto có de impresionala xente, ó ter unha boa sé e a protección arcebispa; sexa como sexa, estaba destinado a xustificar e anuncia-la súa verdadeira posterior fundación⁷. Funcionou, que nós saibamos, ata o ano 1522, e fixo de par e competencia do Estudio Vello.

Despois, Fonseca abordou directamente o problema suscitando unha cuestión que nos é difícil de comprender agora, pero que estaba en moitos ánimos ilustrados: resolver se sería preferible unha Universidade Estudio Xeral (como fora usual desde o século XIII, así era Salamanca), ou unha Universidade Colexio (como se configurou Alcalá). Os dous sistemas diferían amplamente en varios puntos, os máis destacados a condición dos estudantes e mailo sistema de goberno.

Decidido por fin Fonseca a atalla-la cuestión, actuou dunha maneira máis enérxica e definitiva. Solicita do Papa unha bula nova a prol do seu plano de dota-la súa Igrexa cunha Universidade, baseándose en que o Estudio instituído mediante Bula de Xulio II non cumpría a súa función, e por iso había que o incorporar e fundilo co centro proxectado, de maneira que se puidese converter no mencionado Colexio e Universidade que chegase a colaciona-los graos todos de Artes, Filosofía e Cánones⁸. Prométe-

5. Deste Hospital, que tras múltiples aventuras acabou relacionado co proxecto universitario posterior, procede, ben se sabe, a portada do actual Rectorado, antes Colexio de San Xerome. No claustro do edificio hai unha inscrición dicindo que o Colexio trasladouse por decisión do Claustro desde a sé na que o establecera o arcebispo Fonseca (fotografía e texto da inscrición en LUS, 34-35).

6. Consonte as normas xurídicas vixentes, Fonseca, neste caso e en moitos máis, cando realizou a súa fundación definitiva contou con rendas e propiedades da Mitra, que podía dispor delas como Arcebispo; pero en canto o deixou de ser, todas estas disposicións quedaron sen efecto, ou puxéronas en cuestión, e por este camiño sempre estivo todo no aire desde o punto de vista das finanzas.


7. Xa que logo, desde o punto de vista institucional este Colexio vén sendo o xermolo do de Fonseca; a diferencia está en que o verdadeiro Colexio de Fonseca configurouse xuridicamente baixo a forma de Colexio e Universidade de Galicia, e neste momento esta institución aínda non estaba establecida agardando, unha xogada habilísima, pola decisión pontificia.

8. Subliño que o xeito de aborda-lo problema por parte de Fonseca foi moi hábil e implica toda unha estratexia ben trazada. Non se vai en contra do Estudio Vello, senón que ó crea-lo novo Colexio e Universidade aquel incorpórase a este, e queda en vigor só o proxecto fonsecano. Así resolvéase a un tempo a posibilidade de que o Estudio Vello, funcionando exento do arcebispa-

se que se ha construír unha sé definitiva e nova para o Colexio, garántese que ha ter Estatutos para aseguralo seu funcionamento recto, e que se contratarán debidamente profesores, contando con dotación económica suficiente.

Eponse a traballar. Contra 1515, para evitar receos e suspiciacións comeza por iniciarlle a construción dun edificio novo na rúa do Franco, en terreos dos seus devanceiros. Pero a penas empezadas as obras, trasladan a Fonseca á cadeira arcebispal de Toledo, cando aínda non rematara tódalas dilixencias necesarias para que o Colexio funcionase. Este acada, xa ausente el, o apoio pontificio con outra Bula que erixe por fin o Colexio e Universidade coa facultade de outorgar graos en Teoloxía, Artes e Cánones. O Colexio de Santiago Alfeo, ou de Fonseca, bota a andar.

Tampouco non é moi brillante a súa andadura ó empezo; fállalle o apoio inmediato de Fonseca, que só se exerce a través de comisionados, e despois da súa morte gracias ós testamenteiros. Fonseca quería aumentarlle o nivel do clero galego facilitándolle, fosen os que fosen os seus medios de fortuna, o acceso ó Colexio⁹, onde se habían desenvolve-las ensinanzas.



A primeiros do século XX, entre o ano 1906 e o 1914 compráronse en Francia unha cantidade importante de figuras que pasaron a aumentarlle a colección do Museo de Historia Natural. As maquetas de animais diseccionados tiveron unha importancia grande na educación científica.

Pero pouco a pouco a nova institución empezou a sufrir reveses e trastornos. Dentro do Cabido había defensores sen reparo da vontade do arcebispo, e outros que non estaban tan dispostos a apoiala. Tiña a súa parte nesta desavinza o novo arcebispo Tavera, que non se sentía moi solidario coa idea fonsecana. Algún, por exemplo o arcebispo Lope Sánchez de Ulloa, esforzouse afincadamente para mantela fundación de Fonseca e mailo seu espírito: débeselle a el que se acabase de edificar o Colexio, segundo conta Cadaval na inscrición dedicatoria que hai no friso exterior do claustro do Colexio. Cadaval e outros mantiveron a docencia de Gramática, cun alto nivel, organizada ó xeito estritamente universitario en tres graos, e con continuidade notable; as outras ensinanzas funcionaban con máis atran-

non chegue nunca a atende-las súas demandas e, para o caso de que o Cabido se apiñase arredor do Estudio Vello, unha cousa que ata daquela aínda non pasara, conseguía con este recurso incorporar tal apoio para o seu novo centro, porque este viría sustentado nunha decisión pontificia que nela recoñecía a necesidade da absorción do Estudio Vello no novo Colexio de Santiago. 9. Di isto expresamente no seu testamento dado en Alcalá en Decembro do ano 1531; o texto está parcialmente transcrito en LUS, 23.

cos. Aumentaba o descontento entre tódolos que se fixeran ilusiós sobre a vida universitaria, que non acababa de callar no medio de tantos infortunios e cambadelas. Nisto tiña a súa parte o feito de que o Colexio fora caendo nas mans de familias potentes que o acabaron convertendo en feudo seu, frustrando os proxectos de expansión cultural. As clases, dadas con escaso interese, e recibidas sen ningún, volvéronse irregulares. Os profesores ausentábanse a miúdo, e marchaban da cátedra á primeira que podían; non era sempre doado conseguir substituto.

Contra o ano 1550 complicouse a situación. No medio destas dificultades, houbo que contar cun ingrediente novo: o propósito de Ignacio de Loyola de establecer en Santiago un Colexio, rexentado por xesuítas, xaora, para formación do clero no máis puro estilo católico e tradicional (do xeito do Colexio Romano que el fundara pouco antes), contando, e non é pouco dicir, co prestixio e co antigo significado da sé compostelá. Apoiaba este proxecto, sen declaralo claramente, o Conde de Monterrei, amigo e testamenteiro de Fonseca; opoñíanse outros personaxes composteláns, e a eles acabouse sumando a mesma Compañía cando descubriu, dunha maneira realista, o difícil que había ser atender dúas empresas que requirían tanto pulo.

Membros do Cabido, e notables composteláns, decatáronse de que se

corría o risco definitivo de perde-lo que por camiños tan difíciles se fora conseguindo. Antes de que ningunha das dúas partes cedese, alguén tivo a idea de recorrer ó rei. A Coroa estaba empeñada daquela en intervir, na medida do posible, na vida das institucións universitarias, que nunha boa parte escapaban do seu control, sendo como eran os sementeiros de onde saían case tódolos servidores reais. O daquela aínda Príncipe Felipe acolleu a petición con sumo agrado. E incluíu Santiago entre as Universidades que había visitar, controlar e orienta-la Coroa.

O primeiro efecto deste nova e imprevista volta foi a Visita Real do Doutor Cuesta, un personaxe prominentemente na Corte e na Universidade de Alcalá, que era profesor alí. Oficialmente era para que concluísen con ben o proxecto e mailo plano de Fonseca. O seu resultado principal e máis importante consistiu en elaborar dúas Constitucións separadas, unhas para a Universidade e outras para o Colexio de Santiago Alfeo. A sé deste está en Fonseca, como Colexio Maior, con goberno e administración propios que se exercen no nome do Rector e o Claustro da Universidade. Esta comprende o Colexio de Fonseca e mailo Menor de San Xerome, no que se imparten ensinanzas que poden seguir outros estudantes. O Claustro hase reunir regularmente. Fíxanse por fin as cátedras, que son tres por Facultade (Gramática, Artes, Teoloxía e Cán-

nes): as ensinanzas de Gramática quedan vencelladas ó Colexio de San Xerome, e as de Artes, Teoloxía e Cánones ó Colexio de Fonseca.

A primeira gran tensión dentro da institución ocorreu outra vez polos anos 1564-1567. O Claustro quería someter eficazmente á súa xurisdicción o Colexio de Santiago; procuraba que as ensinanzas de Artes e Teoloxía, que se dictaban nel, estivesen abertas para tódolos estudantes da Universidade e non fosen privativas do Colexio, que era o que prevían as determinacións fundacionais de Fonseca, e o que viñan facendo malia as resolucións do Dr. Cuesta; ademais, había que estabilizalas ensinanzas de Cánones. O papa Pío V, no ano 1565, accedeu a que se anulasen as restricións a favor do Colexio que impuxera o fundador. No ano 1567, o Consello Real estableceu as condicións e as formas de graduación na Universidade. Oficialmente polo menos, esta comezaba o seu verdadeiro camiño, aínda que quedaban moitos cabos soltos que habería que ir recollendo. A Reforma logo empezou, coa visita de Portocarrero no ano 1577¹⁰. Comprende unha regulación do funcionamento ordinario da Universidade, das súas finanzas, dos graos, da contratación de profesores.

Pero iso non o amañou todo na noviña e acaneada Universidade: durante tempo, o seu recto funciona-

mento, as súas finanzas, andaron atrancados polas ambicións, os abusos e a soberbia dos colexiais de Fonseca, e aínda máis dos ex-colexiais que facían sempre causa común co Colexio para defende-las prerrogativas, os custos e os honores deste. Durante o século XVII méncionanse moitas veces os abusos cometidos en Fonseca, que lles debían causar problemas a outros estudantes. Cunha desorde grandísima nas clases, a maior parte do tempo empregábano os colexiais para festas e esmorgas, e nelas gastaban a maior parte das rendas do Colexio. A Universidade andaba arreo obrigada a retardar pagamentos e gastos, por telas arcas baleiras. Malia todo, contra o ano 1640 aumentan as cátedras ó crearen as Facultades de Leis e Medicina; destas a última consiste de momento nunha Cátedra de Método iniciada no ano 1673, e alí, co seu carácter máis ben teórico, lían Avicena, Hipócrates e Galeno. Pero empeza pouco a pouco unha proveitosa colaboración co Hospital Real. Poucos estudantes se interesaron por esta nova docencia. Pola contra, tiveron máis éxito as novas Cátedras de Prima e Vésperas, nas que desde o ano 1670 se encargan de explicar a Tomás de Aquino os Benedictinos. Como desde o 1640 máis ou menos fixéranse cargo de tódalas ensinanzas de Gramática os Xesuítas, comezaba a se diversifica-lo ensino e entraba un xermolo de variedade na Universidade.

10. V.J. García Oro, *Portocarrero*, XLII sgs.

Convén indicar como eran usualmente as clases e como se aprendía. Cada cátedra tiña asignado un texto antigo que lle daba nome (Santo Tomás, Mestre das Sentencias, Xustiniانو, Sexto (de Decretais), etc.): lían ese texto por frases ou por parágrafos, e despois o profesor comentaba e explicaba o texto. Cando o profesor era bo, esta explicación supoñía a lectura reflexiva de moitas obras, comentaristas e estudiosos, e que o profesor elaboraba e fixaba todo, coas súas propias reflexións, para llelo dar coa maior claridade posible ós alumnos; cando o seu nivel non era especialmente brillante, a explicación era habitual que se basease sen máis na doutros mestres (unha especie de repetición), e reiterábanse de ano en ano. O alumno tomaba os seus apuntamentos, coa maior cantidade posible de referencias, e despois memorizáboas, porque unha parte dos exames consistían en demostrar como os coñecía. Un dos obxectivos máis importantes, moi procurados, era participar nas sesións extraordinarias, que as facían bastante a miúdo e nelas debatían puntos de doutrina ou buscaban solucións para problemas concretos: esta participación chegaba a cons-

tituír mérito complementario para algunhas oposicións ou concursos.

Podíase pensa-lo contrario, pero aínda cos cambios que introduciran os libros impresos, nestes primeiros tempos nótase unha atención exclusiva á docencia, e un silencio case total sobre a lectura e o estudio reflexivo. Hai que ter en conta que parece se-la Universidade como tal a que se preocupaba de libros e da súa librería. Sempre pouco daquela, pero abondo para vermos que había conciencia do que apoiaban os libros a misión universitaria. Parece que a librería da Universidade, despois de que comprasen lotes anteriores¹¹, constaba de varios centos de libros, e xuntábanse obras dos principais escritores cristiáns antigos (case ningún clásico, con todo e haber estudos de Gramática) con comentaristas modernos e moitos, moitísimos manuais que tampouco non eran máis consultados cás grandes obras¹². Hai que recoñecer que a librería, malia estar desequilibrada, recollía materiais que se correspondían exactamente coas ensinanzas que se impartían na Universidade: Gramática, Sagrada Escritura, Dereito Canónico, Teoloxía Moral, Súmulas, Filosofía, Teoloxía,

11. Non había mecanismo nin concepto ningún de compra sistemática de libros con vistas a crear unha biblioteca ben dotada nos diversos eidos que lle interesaban á Universidade. O procedemento habitual, que o mantiveron ata o remate do século XVIII, consistía en adquirir librerías que se vendían en puxa, as máis das veces testamenteiros dalgún personaxe letrado. Aquilo supoñía adquirir libros repetidos, sen valor ou de orientación distinta da que tiña a Universidade. Requería unha gran atención para elaborar catálogos, ou polo menos para conseguir unha ordenación racional e sistemática de contidos. Sobre estes problemas hai datos valiosos en L. Cuesta, "Los orígenes de la Biblioteca Universitaria de Santiago", *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, 2 (1929) 3-28.

12. Un catálogo da biblioteca redactado no ano 1573 pódese ver, editado por Díaz-Pardo - García Piñeiro - del Oro - Domínguez, en *Homenaxe a Daría Vilarinho*, Santiago, 1993, 301-354. Este inventario fixérono moito á preza, se cadra para satisfacer as necesidades da Visita Rexia que realizou daquela o Licenciado Varáziz.

Concilio, Dereito, e tamén coleccións interminables de Sermóns, sen dúbida aproveitables para a docencia útil naquel tempo¹³. De tódalas maneiras, convén subliñar que quizais a maioría dos libros procedían da librería adquirida pola Universidade ó Cabido, que a recibira dun bispo Carmona. Pero ¿que interese tiñan os libros naquela docencia universitaria?. Os libros, conservados nunha dependencia inhóspita, prestábanos e non retornaban: imponían multas e sancións, encomendábanlle ó bedel encargado de abri-lo local e entrega-los libros que vixiase atentamente as devolucións, ou que as reclamase, e para nada. Dá a impresión de que o interese pola devolución dos libros, que se descobre nas frecuentes alusións nos Libros de Claustros, miraba máis pola propiedade danada ca polos servicios que deixaban de prestar. No ano 1582 acordaron po-los libros gratuitamente á disposición dos estudantes, e para iso a librería debía estar nun sitio adecuado; os colexiais de Fonseca solicitaron que para máis comodidade deles se aceptase un local do Colexio que poñían á disposición da Universidade. Non estou seguro de que todo este proceso se debese a presión por parte dos que se cadra tiñan interese para usa-los volumes. Pero ademais do escaso interese dos estudantes hai outras razóns que parecen máis significativas: desde o momento no que os libros van estar máis á disposición dos

estudiantes, sobre todo os de Fonseca, entra no xogo o Santo Oficio, que impón unha estricta revisión e purga periódica de tódolos libros.



No século XX sepárase do vello Gabinete de Historia Natural a sección rexional. Como tal Museo Rexional pasou a depender do Instituto de Estudos Rexionais e Portugueses. Na ilustración vese un bufo real loitando cun lagarteiro.

Malia todo, a librería seguiu prestando os seus servicios, dúas ou tres horas ó día, dunha maneira lán-guida e desanimada. Os estudantes non se preocupaban demasiado de ter libros especiais (os comúns eran propiedade súa e adquiríanse facilmente), e moitos dos mestres tampouco. Óense a miúdo voces desacougadas protestando polos continuos furtos bibliográficos, a pesar das multas e das penas canónicas, incluída a exco-muñón, que contra os que se apoderan deles lanzara Clemente XI a rogo do Claustro compostelán.

13. Vén ben indicar que neste traballo xa subliñámo-la ausencia de libros de carácter científico ou médico (unha obra de cada unha destas clases e 563 volumes en total), nin sequera como complemento doutros coñecementos (ibid., 306).

É só entrado o século XVIII cando comeza a haber notables cambios na Universidade, a pesar da resistencia de moitos, uns que vían nos modernismos un perigo para as súas posicións exclusivas e privilexiadas, outros que tiñan medo de que con estas novidades fendese a ortodoxia católica e nacional. Con todo e iso, timidamente pero arreo, comezan a da-los pasos decisivos. A gran mostra desta nova orientación débese representar o nacemento con forza, contra o ano 1750, da Cátedra de Matemáticas, que había tempo que a viñan solicitando, e alí logo empezan a arrancar de Newton nas explicacións. E o gran cambio acontece cando as novas ensinanza médica que, desde o ano 1755, imparte con gran éxito e notable discreción o coñecido mestre Gómez de Bedoya, gracias á creación dunha nova cátedra de Cirurxía e Anatomía. Despois dalgúns anos, anque menos afouto, comezan os estudos de Física Experimental, e podémoslos considerar asentados de vez coa docencia do célebre Don Francisco de Neira. Todas estas innovacións viñeron gracias ás Constitucións do ano 1751, que en virtude delas crean Cátedras novas: Instituta e Código en Leis, Sexto en Cánones, Matemáticas en Artes e Cirurxía e Anatomía en Medicina. Animado por esta ampliación, e leva-

do polos novos aires ilustrados, Ulloa no ano 1764 propón crear un xardín botánico, pero esta empresa non a han coroar dalgunha maneira ata case un ano despois. E de tódalas maneiras aínda non é posible considerar modernizada a Universidade. No ano 1772 esta recibe un plano de estudos novo, que é consecuencia dunha diluída adaptación por esixencias do Claustro do proxecto máis progresista de Campomanes. A gran novidade é en Leis a introducción do Dereito nacional fronte ó só xustiniano anterior; en Artes introducen a Filosofía Moral e maila Física Experimental. Por primeira vez establecen algunhas esixencias académicas: hai que facer Matemáticas e Física Experimental para comezar Medicina. Regúlanse os requisitos para adquirir sucesivamente os graos de Bacharel, Licenciado e Doutor.

Antes de que se chegase a cambios tan rechamantes, xa desde empazos de século empezárase algo a mover nunha liña novidosa: a librería, que agora pasa a chamarse Biblioteca, vai ter desde o ano 1717 uns locais dignos, independentes, nobres, situados entre o Colexio de Fonseca e mailo de San Xerome¹⁴. Ó mesmo tempo dáse un novo cambio, sintomático: comezan a expedir cada vez máis a miúdo cantidades para mercar li-

14. O lector debe saber que este é o precioso edificio que agora ocupa o Instituto Padre Sarmiento do Consello Superior de Investigacións Científicas. Daquela non só fixeron esta boa construción, ó pé da torre de Fonseca, senón que no ano 1720 recibíuse a obra dun andel novo, que por certo, non se sabe nada del. Pero é innegable que toda esta acción supuxo o empezo dunha vida nova para a Biblioteca.

bro, no mesmo Santiago ou en Madrid, sen descoida-la adquisición de lotes ou de librerías. Pódese dicir que se están a pór bases verdadeiramente firmes para que a Universidade se establezca nunha liña de progreso. Ademais da nova disposición, e das dotacións, no ano 1795 recibiu as primeiras Constitucións: "As Universidades son... uns grandes recursos para a educación da mocidade estudiosa; pero sen a continua lectura e sen uso de bos libros han ser sempre moi poucos os progresos literarios que se poderán facer. Por iso mesmo, o amaño de Bibliotecas públicas sempre se mirou como unha ocupación digna dos homes máis grandes", está escrito no seu Preámbulo. Se cadra, máis cás disposicións deste regulamento o seu novo espírito denuncia o lema elixido para encabeza-las Constitucións: *Omnibus omnia facta sum*, "Fíxenme todo para todos"¹⁵. A Ilustración conseguiu converte-lo libro en vehículo doado, accesible, cómodo e versátil de ideas, capaz de chegar onde non chegaban os esforzos de mestres e pedagogos, e de influír lenta e pausadamente no espírito da xente.

Non se pode dicir que por este camiño xa estaba todo solucionado e que se rachaba coa tiránica presión dunhas clases a miúdo repetitivas, casuísticas e moitas veces desabori-

das. Pero polo menos o profesor agora pode incitar á lectura persoal, e esta aprendizaxe non só complementa, senón que ás veces modifica substancialmente a explicación na aula. Pola súa banda, o estudante pódese sentir redimido da escravitude dos apuntamentos, e encontrar noutros autores as doutrinas que complementen ou que quizais substitúan as que lle ditou o seu mestre. Esta difusión do gusto e do valor da lectura científica vai parella coa aparición de clases prácticas, e con elas introdúcese ós alumnos nos gabinetes de material científico.

Non hai dúbida de que o período moderno da Universidade de Santiago comezou exactamente cando se alcanzou das autoridades que a deixasen medrar autonomamente, sen a dependencia secular do Colexio de Fonseca e dos seus problemas, nos derradeiros anos do século XVIII. É daquela cando se consegue trasladarse primeiro e construír de novo despois nos terreos do que fora a gran residencia e colexio de Xesuítas, conservando dúas pezas importantes deste, a Casa de Exercitantes e maila Igrexa da Compañía. A traza severa e solemne do novo edificio declara a idea que o Claustro daquela tiña da Universidade: a máis de aulas espaciaosas, hai lugar para gabinetes, sitio para un ele-

15. Cita de Paulo, I Corintios 9, 22. É ben lembrar que a frase empregada segue: *ut omnes facerem saluos*, "para salvar a todos", e decatarse de que a forma verbal veu adaptada do masculino que usou Paulo ó feminino que corresponde a unha Biblioteca. Vese así máis claramente a función liberadora e transcendente que se lle atribúe a esta. Sen dúbida é unha maneira nova de velos libros.

gante Paraninfo, e sobre todo un amplo para a Biblioteca, con andeis de nova traza que aínda agora son gala de Santiago. O espacio destinado para Biblioteca considérase que está sobre todo para gardar libros, que agora aumentan sen parar e xa non se refiren só a materias eclesiásticas. Chega con mira-los nosos catálogos de libros do século XVIII para comprender (fóra de legados e accesións por amortización de Xesuítas primeiro e dalgúns mosteiros despois) como a Universidade, contra a fin do século, procuraba estar ó día en bibliografía, e aquí encontrábanse as mellores e máis famosas obras de tódalas clases que circulaban por Europa daquela. E que se ven ben neles as marcas das mans que quedan polo uso.

En parte este novo espírito vén da condición de moitos profesores. Dos Luis Marcelino Pereira ocupou brillantemente a Cátedra de Matemáticas ata o ano 1792. Houbo problemas para cubri-la de Física Experimental; pero cando chegou a ela Neira, esforzouse por ter un Gabinete de Física (que non se conseguiu ata o ano 1816). A oposición a esta adquisición non se baseaba só en razóns económicas: o Claustro, dominado aínda polos Colexiais de Fonseca, ía contra os saberes novos.

Os problemas de Medicina cen-

trábanse na aceptación da medicina moderna, que chega sobre todo a través do Hospital, e este recibe a influencia dos Hospitais da Mariña, moi adiantados¹⁶. No ano 1771 consegue a Universidade do Rei que lle fornezan do Hospital Real tódolos cadáveres que necesite para faceren prácticas anatómicas, por ser de utilidade xeral. Desde a Cirurxía cambian pouco a pouco a visión médica varios profesores arredor do ano 1800. Pero é do lado físico-matemático de onde veñen maiores avances, a partir de Neira e dos seus sucesores. Figura sobranceira foi o matemático José Rodríguez González, que ocupou a cátedra de Matemáticas desde o ano 1719 ata o 1818. Foi discípulo seu o ilustre Domingo Fontán. Chama polas afeccións xeolóxicas Casiano del Prado, pero sobre todo fai nova ciencia José Varela de Montes, profesor insigne que ten un prestixio e unha credibilidade enormes.

Ían admitindo a nova ciencia e as novas maneiras de traballar na Universidade, e había unha influencia crecente de profesores que estudiaran ou traballaran no estranxeiro, cando aconteceu unha verdadeira catástrofe económica nos centros: a supresión dos dezmos contra o ano 1830 reduciu drasticamente as rendas da Universidade, que aguantou gracias ás novas taxas económicas, que agora se ingresan por primeira vez nas arcas da ins-

16. E. Martínez Rodríguez, LUS, 37-48.

titución.

Houbo un respiro, económico e político cando se suprime por fin, tras ímprobos esforzos, o Colexio de Fonseca¹⁷, contra a defensa tenaz dos seus colexiais ata o final, bloqueando no Claustro, que tiñan case maioría de votos, case tódalas iniciativas de reformas. No ano 1840 acádase este triunfo, e a transcendencia del recoñecérono entusiasmados moitos profesores universitarios.

Pouco despois, comezan a darse outras situacións tráxicas para a Universidade de Santiago. Os estudos de Medicina deixaron de ser unha Facultade de primeira clase e pasou a subordinada, cando implantaron a reforma do ano 1843, que por ela só en Madrid e en Barcelona había Facultades de Medicina, tras convertéronse as outras en "Colexios de Prácticas na arte de curar". Malia o Claustro opoñerse, e atrasa-la degradación, acabaron pasando por ela ata o ano 1868, que volveu haber Facultade. Na mesma liña desaparecen os estudos de Teoloxía en virtude do Concordato do ano 1851, e isto por petición das autoridades eclesiásticas que vían perigosa a corrente centralizadora, e crían necesaria cautela ante as ideas reformistas e progresistas que se espa-

llaban pola Universidade.

En realidade todas estas profundas modificacións, que minoraban a nosa Universidade, eran consecuencia doutra decisión política, saudada no seu día de diversas maneiras: a gran reforma igualitaria das Universidades españolas. No ano 1845 estableceron que as Facultades Miores só as houberse en Universidades. Estas ían ser 10 en toda España, e unha Santiago. Habería Xurisprudencia en todas; a Facultade de Teoloxía substituiríaa nas súas funcións o Seminario Conciliar correspondente; Medicina habíana ensinar en cinco Universidades, unha Santiago; Farmacia non a estableceron máis ca en Madrid e en Barcelona, pero non tarda moitos anos en consolidarse en Santiago, que viña funcionando con prestixio e éxito un Colexio de Farmacia¹⁸. "Só na Universidade de Madrid se conferirá o grao de Doutor e faranse os estudos necesarios para acadalo" (art. 77). A asunción final polo Estado das Universidades anuncia algún alivio nos problemas económicos endémicos da institución, pero suprime cunha sinatura unha boa cantidade de nobres peculiaridades, e destrúe toda a tradición universitaria. Para Santiago, coma para outras Universidades, este plano foi a

17. O Colexio de Pasantes de San Clemente, instituído por este arcebispo contra o ano 1610, non tiña máis ca un colexial a empazos do século XIX e xa se fusionara co de Fonseca. Desde os tempos de Felipe III houbo tamén un Colexio de Irlandeses, para acolle-los católicos emigrados daquela illa, que logo deixou de funcionar, e que malia o seu nome non estivo nunca vencellado á Universidade. O Colexio de San Xerome, que no século XVIII quixo emular a Fonseca, non dera nunca os problemas, porque era só Colexio Menor; pero desapareceu tamén daquela.

18. Farmacia estreouse en Santiago gracias á lei Moyano (1857), que normalizaba estas ensinanzas, e polo entusiasmo do Rector Juan José Vías. Compartiu desde o primeiro con Medicina o edificio de Fonseca.

un tempo táboa de salvación e un desastre: por unha banda, quedaban asegurados cadros de persoal e dotacións, garantida a calidade científica dos profesores cunhas oposicións centralizadas, normalizados e estabilizados os planos de estudio; por outra, imponía unha rixida centralización, unha uniformidade absoluta entre as Universidades, un control do acceso ás cátedras que só se opoñían en Madrid, e a conversión dos profesores en funcionarios. Tocante ás clases mesmas, esta nivelación nacional introduciu solucións cuestionables, porque se facían máis doados a publicación e o uso de libros de textos, ou sexa, manuais, que resumían a situación de cada disciplina e ofrecían moitísimas fórmulas fixadas. Estes libros explicábanse brevemente ou repetíanse en voz alta, e os alumnos aprendíanos de memoria, unha especie de identificación co saber do momento que presentaban.

A Universidade estaba encaixada, pero mantivo as ganas de seguir medrando. Xa que os orzamentos estatais non daban para máis, no ano 1869 autorizan ás Deputacións e ós Concellos para sufragaren nas Universidades ensinanzas novas. Como en Santiago non había máis Facultades maiores ca Xurisprudencia e Notariado, Medicina e Cirurxía e Farmacia, as Deputacións da Coruña e Pontevedra e o Concello de Santiago lan-

záronse a crear ensinanzas novas: Doutorado en dereito, Medicina e farmacia, e as ensinanzas todas de Filosofía e Letras ata o Doutorado. Ata se crearon ensinanzas de Ciencias; pero todas estas fundacións foron gozo dun día, porque quedaron suprimidas sen máis por disposicións dos anos 1874 e 1875¹⁹.

Igual que pasou coas outras Universidades do Reino, a de Santiago durante non pouco tempo mantívose na súa función medieval de valer de escola eclesiástica de graos superiores. Non acabou de encontrar canles case ata a metade do século XIX, que, con altos e baixos, acolleu movementos vizosos de transformación, non sempre con resultados positivos. O esmorecemento xeral chegou ata ben entrado o século XX, aínda que, afortunadamente, xa se secularizara desde máis dun século antes. O noso século atopa a Santiago con catro Facultades, que demostran notable brío. No ano 1923 crean, un golpe feliz pero inesperado, a Facultade de Filosofía e Letras. As agora cinco Facultades vanse enfrontar con múltiples retos, e non foron pequenos os que trouxeron as distintas mudanzas e remudanzas do século. No medio de todos, fóronse dando pasos adiante na modernización, exterior e interior da Universidade, que pouco a pouco nos diferentes eidos do saber foise abrindo paso entre as primeiras do país. Tivo

19. *Memoria acerca del estado de la Universidad de Santiago*, Santiago 1877.

algúns ingredientes peculiares: Medicina e Dereito, e despois Filosofía e Letras, recibían sobre todo estudantes orixinarios de Galicia, e Farmacia, e en parte en Ciencias, había unha porcentaxe alta de alumnos que viñan doutras rexións. Esta convivencia foi proveitosa para todos. E tamén o foi a distinta procedencia e formación de moitos dos profesores que ensinaron nas súas aulas, aínda que provocaba malestar, e desde logo insatisfacción, o feito de que, por culpa dos métodos de selección de catedráticos, moitos consideraban a Santiago lugar de paso, e procuraban librarse del o antes posible. Pero houbo mestres e discípulos bos e brillantes en tódolos eidos. A Universidade compostelá, que se fixera famosa no cambio de século en toda España pola vida picaresca e sentimental dos seus estudantes, que ateiaban unha cidade por outra banda demasiado tranquila e de bo pasar, soubo distinguir entre o enxeño, os amoríos, as aventuras e a morriña de moitos dos seus alumnos e maila vida calada, acougada e activa que imponían as clases e os exames.

Cincoentos anos parecen unha vida longa, pero non é moito nunha institución que os seus primeiros tempos foron arduos, desnortados moitas veces, dominados por estériles loitas internas, sen pulo dentro. Case se pode pensar que é pouco cando a institución acada conciencia clara de si mesma, chega a considerar con

rigor e sen barullos cal será o papel da súa existencia, e procura e deseña a súa propia ineludible singradura.

É curiosa a situación universitaria actual, e de difícil diagnóstico, porque en realidade a penas podemos falar da Universidade de Santiago máis ca en aspectos sociolóxicos. A estrutura universitaria en tódolos terreos resulta unitaria e, digan o que queiran, e aínda que se fale moito de autonomía, uniformadora e igualadora. De feito son mopi poucas as disposicións que pode adoptar-la Universidade, e estas, aínda sometidas ó poder político, estatal ou autonómico. Afortunadamente hai un terreo no que o peculiar compostelán pode ostentar todo seu porte: a vida científica promovida polos profesores e compartida por algúns alumnos. É un punto de partida que promete, e a el haberá que se agarrar no seu momento.

Cando xa se empezaran a recolle-los froitos dun curioso movemento ascendente, resultado retardado dunhas tímidas reformas iniciadas case a título persoal ou de pequenos grupos a empezos deste século (Institución Libre de Enseñanza, Junta para la Ampliación de Estudios, Centro de Estudios Históricos, Residencia de Estudiantes, Universidades Autónomas) e proseguidas despois con sombras e con luces (Consello Superior de Investigacións), sucédense reformas diferentes, que en cada unha delas hai

elementos aproveitables, que se substitúen antes de que se avaliase a súa eficacia; hai concesións ante as presións e diversos grupos; hai imitacións de estruturas estranxeiras que non van acordes coa nosa tradición universitaria. Coido que habería que estudar mellor esta para que a transición cara ás novas formas imperiosamente requiridas sexa normal e aceptable.

A última reforma veu despois de que houbera na Universidade un cambio substantivo, o aumento imprevisto de alumnos, desbordando tódalas posibilidades docentes e malogrando tódolos bos desexos que se fosen forxando lentamente de conseguir unha Universidade de alto nivel científico. O acceso masivo ós estudos universitarios vén sendo un símbolo eficaz e rotundo, de cambio social que se deu en toda Europa nos decenios da posguerra, que España toda se sumou con grande efectividade a el. Pero, desde o punto de vista da propia Universidade, causou un dano que de momento non se entrevé solución pa el: o de polo primeiro termo a docencia na vida científica, e converter esta nun rápido esquema da situación en cada eido do saber. E iso nun momento no que as novas tecnoloxías aplicadas a tódalas ramas da investigación fixeron que esta dese uns saltos xigantescos, non sempre controlados nin controlables.

De consecuencia destes cam-

bios cualitativos na ciencia, ofrécense nas aulas universitarias a miúdo coñecementos que están máis ca superados, e preséntanse situacións científicas que despois o tempo encárgase de adverti-lo lonxe que están da realidade. Faise case imposible, mesmo para o profesor máis curtido, seguir de preto os andares da ciencia e facerllos chegar ós alumnos. Nesta situación, todos acabamos frustrados, e os estudantes ademais enganados e desilusionados do seu paso polos centros universitarios.

Ante esta situación estanse adoptando diversas posturas. Unha delas é o recurso ó título universitario: procúranse superalos cursos, co mínimo esforzo requirido, e confíase en que, deixadas atrás as aulas universitarias, poderase alcanza-la formación concreta que requiran os postos de traballos ós que se poida aspirar. Ou ben profesores e alumnos se entregan con entusiasmo ó estudio de cuestións próximas, no noso caso os estudos rexionais, crendo que a falta de precedentes na pescuda seria e metódica do contorno os pode compensar neste difícil momento que están a pasa-la ciencia e a docencia universitarias. Ou se dan outras posturas: recortar ó máximo os coñecementos que se esixen nas distintas materias, para se ceibar do seu peso, convencidos da case que inutilidade do estudio.

Hai que ser categórico: sen pór

cotas artificiais e intolerables no acceso á Universidade, xa antes de que razóns demográficas claras reduzan o caudal de alumnos, un descenso que se ha notar no decenio vindeiro, han facer falta esixencias mínimas altas para ingresar na Universidade. Como non se adoptaron medidas prevendo a masificación estudiantil, non parece tampouco que se estean a procurar solucións para a futura realidade. Aquela levou á urxente promoción dun bo número de docentes, que correrán o risco de quedar sen ocupación inmediata ata que lles chegue a hora da xubilación (un elemento que tamén valeu para non poucos xogos políticos no mundo universitario). A carestía da docencia universitaria, os seus requirimentos de dedicación e capacidade, han levar á sociedade a comprender que se debe limitar racionalmente o acceso á Universidade, sen chufonadas demagóxicas e sen resentimentos. Nin o número clauso nin a matrícula aberta son solucións; non pasan de recursos de urxencia. Tampouco non fixo efecto ningún a tan pregoada limitación de convocatorias, por culpa da presión social contra ela e pola desigualdade coa que se xoga nos resultados dos exames. Falouse de avaliación continuada, pero ela máis miraba a aprendizaxe continua como garantía contra algúns aspectos do memorismo e como maior facilidade fronte ós exames, ca como proba de que aumentaba progresivamente a entrega do alumno ó labor

científico, e de que a súa formación integral se volvía irremisiblemente acorde coas necesidades universitarias. Non en van se facía só mediante probas (ou sexa, exames, chamándo-lles como sexa) periódicas, non mediante traballos, pequenas pescudas, procuras bibliográficas, ou ensaios científicos ou literarios.

É evidente que o mal que se causa nos estudantes (e que reverte no propio profesorado) é a incapacidade para comprende-la materia científica: a explicación, recollida en apuntamentos, tomarase por ciencia, polo menos válida para efectos prácticos, e o estudante non chega a sentir nin a menor necesidade de acudir ás fontes de comunicación da ciencia, ou sexa, as Bibliotecas e os Laboratorios. Nestes as dificultades que causa que haxa tantos estudantes son patentes, pero non naquelas. Nin os que usan unhas ou outros preferentemente se preocupan de procurar saída para as necesidades dos alumnos, nin se procura incorporalos á investigación. É xusto dicir que arestora investigase na Universidade española moitísimo, e en concreto na de Santiago, que neste eido figura entre as primeiras do país. Pero a investigación, en vez de constituír unha trama indisoluble coa docencia, vive dándolle as costas, coma se fosen na vida universitaria dous momentos e dúas actitudes distintos. A verdade é que están ben libres de ser distintos, son dous momentos diferenciados

pero totalmente converxentes.

Tanto a nivel de profesores coma de alumnos (son testemuño disto os programas vixentes Erasmus) o intercambio internacional é constante e serio. Vexo, con todo, que entre os estudantes se dá alarmantemente a miúdo unha dicotomía na consideración das súas respectivas experiencias, sen chegar a senti-la necesidade de transferir á súa actitude e ó seu traballo na Universidade de Santiago o que viran e viviran fóra dela. Dúas xeracións para atrás había que anda-las distintas Facultades para atopar profesores que lles debesen unha parte da súa formación a centros estranxeiros, e seguían mantendo lazos de colaboración con eles; agora non é raro que haxa que busca-los que non estiveron fóra nunca. Pero, ¿os resultados son tan notorios e válidos como se asegura?

Hai unha xeración descubriuse, como sistema administrativo, en xeral con efectos beneficiosos a longo termo, a dedicación a tempo completo á Universidade, unha actitude que non se daba antes máis ca en casos contados. Pero esta dedicación non se conseguiu entre os estudantes nin cousa parecida; a gran maioría seguen entendendo a Universidade como un con-

xunto de clases que hai que distribuír comodamente en cinco, ou mellor catro, días á semana. Xaora, non importa o que se diga, aínda hai demasiadas clases nos nosos estudos²⁰. Hai que rachar tamén coa inercia de seguir considerando o ensino universitario unha simple continuación a outros niveis da secundaria. Nunha liña boa, sobran horas de clase e faltan horas, moitas horas, de traballo persoal, que hai que o facer non memorizando apuntamentos senón lendo sen parar, para procurar non libros o medio de expansiona-lo propio espírito, de adoptar e recoñece-las experiencias doutros. Tamén os libros introducen minuciosamente nos métodos as orientacións e os coñecementos que complementen e perfilen as explicacións do profesor. Este non debería en ningún caso estar obrigado a desnvolve-lo "programa da materia", senón a ensinar practicamente, sobre puntos concretos, sobre todo os conflictivos ou abstrusos, como ten que traballa-lo alumno para acadar unha formación mellor, e apropiarse da materia. Este ensino oral selectivo motiva sen esforzo ó alumno, evita o rutineiro e repetitivo, e introduce na ciencia dunha maneira efectiva, fiable, directa e permanente.

Nos últimos decenios aumen-

20. En moitísimas materias só polos anos 20 deste século se acadou, como unha conquista pedagóxica importante, reduci-lo número de clases semanais, pondo clase alterna no canto das diarias de planos anteriores. Agora, a introducción dos créditos, identificados con horas de clase (1 cr= 10), nalgúns casos volve pór en cuestión a frecuencia das clases no noso país, e a dificultade resólvese introducindo o concepto de cuadrimestres fronte a cursos completos. Non é tal. Habería que repensar todo este punto de vista, e non a nivel nacional senón en cada Universidade, porque está claro que as solucións teñen que ter en conta moitos factores, mesmo os que derivan da latitude xeográfica e mais do clima.

tou a calidade e maila eficacia da Biblioteca Universitaria, que agora ten moitas dependencias, en xeral unha por Facultade. Hai moitos máis servicios de documentación, de intercambio, son máis flexibles e actuais as adquisicións. E, con todo, a porcentaxe de usuarios das Bibliotecas é pequena²¹, non chega a un 10% dos estudantes universitario sen contar con tódolos que van alí por motivos que non son precisamente a consulta e o manexo dos seus fondos. É certo que estes non están sempre ben ó alcance inmediato dos estudantes, por razóns explicables pero non definitivas; pero tamén é certo que moitos consideran que unha sala de lectura dunha Biblioteca é o sitio no que repasan as súas notas mentres que agardan entre clase e clase. A Biblioteca non entra neles, entran eles na Biblioteca e nada máis.

Non son sempre mellores os niveis nunhas Facultades ca noutras. Ó mellor compróbase nalgún sentido, pero non rechamantemente. Poucas veces se le, reflexiva e pausadamente, non para adquirir coñecementos de erudición senón criterios que formen o propio entendemento, desenvolvan o intelecto, leven a adquirir métodos

novos, a promove-lo interese por discutilos, a capacitar para analizar resultados, e aínda máis importante, que provoquen unha crítica continua en todo o que se recibe e en todo o que se produce. Tense censurado moito o dogmatismo, ponderando o nefando que é para o desenvolvemento intelectual, e persoal. En realidade non se fai nada para evitalo. A Universidade, igual cá sociedade na que está inserta e que a alimenta e oríentaa, segue a vivir nun clima opaco e malsán, a facer caso de noticias e doutrinas que case ninguén está disposto para criticar, analizar e sopesar. A Universidade polo menos debía facilitar que os seus alumnos (e no grao sumo os seus docentes, xaora) creasen e fortalecesen un espírito crítico sen concesións.

Na nosa Universidade empezan a sobrar aulas (e non só porque haxa menos alumnos) e a faltar, comparativamente, bibliotecas e centros de información, laboratorios e gabinetes de tódalas clases. Tamén faltan foros, para discutir e aprender a asumi-lo coñecemento científico e o literario. Faltan singularmente ambientes para que haxa unha verdadeira universidade de gustos e inqedanzas. Non sería cousa de volver ás Academias e ós

21. Sen que os números sexan significativos individualmente, pódese dicir que no ano 1994 as grandes cifras para tódolos centros de Santiago e durante todo o ano son: consultas 217.000 e préstamos a domicilio 274.000. Hai que ter en conta que ese ano houbo uns 29.000 alumnos. Quiden conclusións. É certo que como se multiplicaron os accesos directos a fondos hai unha distorsión, porque para este servicio resultan inviables as estatísticas. Pero en troques temos un indicio bo no feito de que os fondos de acceso directo habitualmente están constituídos polos libros de referencia xeral e os manuais máis usuais; en realidade pouco máis ca unha biblioteca privada boa se os estudantes universitarios quixesen nalgún momento íla constituíndo para si. Por outra banda, unha experiencia ben comprobada é o feito de que os usuarios das bibliotecas habitualmente son estudantes que van con suma periodicidade, ás veces a cotío, ás salas de lectura e consulta.

Círculos que floreceron nos séculos XVIII e XIX para creba-lo monolitismo do ensino superior daquela, porque agora é moito máis aberto. Serían só mecanismos que complementasen e animasen o labor persoal dos alumnos, e sobre todo camiños para que estes, xa moi abrumados coa especialización suma que se comeza a esixir, procurasen atmosferas máis sas e respirables. Non se pode ignorar que se estudia máis ca antano, pero non sempre coa debida e conveniente universalidade: están pendentos dos exames máis do que é razoable. O estudante non crea durante a carreira; e adía a súa etapa creadora para o post-grao, ás veces tarde de máis. Durante séculos o "letrado" era que, porque dominaba a lectura e a escritura, tiña acceso a saberes e a informacións moito máis variadas, profundas e numerosas có resto dos seus contemporáneos. É imprescindible unha actitude similar se queremos supera-lo nivel medio e así sermos útiles para os demais.

A necesidade metodolóxica de relaciona-los avances científicos da Universidade cos problemas reais do contorno, para contribuír a enfocalos debidamente e no seu caso a resolvelos, engana a moitos facéndolles pensar que o ensino universitario se debe dedicar exclusivamente ás necesidades do contorno, e desprezar ou descoida-lo saber xeral. Pero a Universidade, revéla-o seu mesmo nome agora, implica universalidade, xenera-

lidade, sen localismos, personalismos nin restricción de clase ningunha. Na Idade Media había dous conceptos ben diferenciados: Universidade e Estudos Xerais. O primeiro definía a comunidade universitaria, co seu sentido universal (calquera, fose de onde quixese, tiña dereito, se estaba en condicións, a formar parte desta comunidade, na que os dous grupos caracterizadores eran mestres e discípulos, sen contar coa posible existencia doutros elementos). O segundo comprendía tódalas ciencias e os saberes. Despois, pouco a pouco, os dous conceptos fundíronse e confundíronse, manténdose vivos a un tempo os significados e os valores orixinais. Non se pode deixar de lado que o que caracteriza unha Universidade é o feito de que os saberes que imparte non poden estar en compartimentos máis ca nalgúns niveis, os da docencia estrictamente especializada e os da investigación que supón e promove.

A marcha da investigación no noso tempo é imparable. Pero non se viu nunca tan claramente que o progreso xa non é o resultado de accións illadas, senón que vén por unha acción continuada, profunda, sistemática de pescudas múltiples, que con moita diversidade e con moitos medios abren camiños. A investigación actual descubriu que os avances non se conseguen só afondando máis e máis nun eido só, senón mediante a concorrencia de moitos coñecementos, científi-

cos ou de pensamento, mesmo lingüísticos, médicos ou sociolóxicos, que teñen que se pór a contribución. Cada vez máis, afortunadamente, o home de arestora toma conciencia do valor supremo do home e da ciencia como totalidade, non como simple suma de reductos estancos.

Non se pode prever como ten que se-la Universidade de Santiago. O contraste coas súas loitas e os seus vai e vén angustiosos do pasado, e mailas realidades prometedoras do presente posibilitan debuxar uns trazos que, desde a perspectiva de arestora, parece que lle poderían ser vantaxosos para realizar mellor os seus obxectivos.

Vaise facendo camiño a idea de que a Universidade non se debe dedicar só a formar bos profesionais, nin só científicos puros entregados á pescuda. Cada vez é máis importante ter persoas que sexan quen de entrever, dispor, enunciar e resolver no seu caso os múltiples problemas cambiantes da sociedade do futuro. Haberá que crear analizadores das distintas realidades, que saiban diagnosticar ou remedia-las situacións, nos eidos respectivos, cos medios dispoñibles en cada momento, que os terán que coñecer ou estar en condicións de os preparar. A Universidade debe asumir-los métodos de formación que empregan as grandes empresas científicas actuais, por exemplo os vós espaciais: á parte das altas cualificacións requiridas, esixen unha capacida-

de para resolver situacións imprevistas, saber adoptar decisións apropiadas, poder refacer programas caros e elaborados durante moito tempo. Moitos dos coñecementos nos que a miúdo se fai consisti-la preparación universitaria no futuro han estar dispoñibles en bancos informáticos; pero hai que saber atopar eses datos, traballar con eles, procurar neles camiños novos.

Esta formación básica, con orientación dinámica e non estática, que nela o ideal formativo sexa máis a configuración -falando en termos novos- cós programas, require poder adaptar arreo estes por e para aquela. Esta convicción está a se impor progresivamente. A comprensión, a valoración e apreciación, e a adopción de decisións responsables e fundamentadas han se-los primeiros e máis valiosos ingredientes científicos que se aprendan na nova Universidade.

A mesma sociedade, cambiante, dominada nunha parte boa polas técnicas informativas, acabará por impor sen remedio puntos de vista novos, que esixirán a modificación radical de tódolos planos de estudio, e xa que logo do traballo na Universidade. O estudante novo terá que ser dúctil, maleable, fundamente interesado polos problemas xerais e polos concretos, e disposto a superalos e a axudar ós demais a os superar.

Por outra banda, no lecer han

facen falta grandes doses de orientación fundamental dos homes de mañá, para evitar que se sintan e resulten manipulados. A mesma información, que ha de ser accesible en grandes masas, vai requirir nos homes instruídos capacidade de selección, decisión para elimina-lo incorrecto ou o innecesario, discreción para apreciar e utiliza-lo interesante. E con isto volvo a un dos poucos camiños que temos á disposición sen moito gasto. Hai tres milenios que a comunidade occidental ten unha cultura coa que se puido chegar á civilización actual, acollida como tal por tódalas culturas deste planeta. Pero estas diferentes culturas seguen achegando para a súa xente a visión do mundo que posibilita entender e utilizar mellor a técnica do noso tempo. Nós temos unha cultura brillante, recollida nos libros durante máis dun milenio, que nela verteuse toda a reflexión, toda a pericia, toda a discreción, toda a fondura de moitos homes valiosos. A Universidade ten que conseguir que este tesouro non só non se perda, senón que chegue a todos nós e a cada un. Expresarse ben, o rigor do pensamento e da lingua, escrita ou falada, non son patrimonio duns poucos, é condición para todos. A cultura toda destes dous longos milenios de Occidente pode axudar para configurar e delimita-los nosos espíritos. Sen prexuízo ningún para outros saberes, ó revés, como apoio e

canle para eles.

Hai pouco un ilustre profesor desta Universidade reclamou, no remediado de titulacións novas, unha diferente e orixinal, que el ousaba denominar o currículo inútil²². Probablemente será este o futuro para moitos dos nosos universitarios. Nela aprenderíase a ler, a reflectir, a discutir, a valorar, e no medio destes exercicios a aprender. Podería por medio dela ter contacto con ciencias e saberes moi diversos; pero sobre todo conformaríase dunha maneira aberta, receptiva, comprensiva, crítica, todo o que chegase ata nós, ata se cadra permitírnos ser máis nosoutros mesmos, e non nos ver convertidos en robots de maiores ou menores capacidades. Así aprenderíase a exercer-la competitividade, e o seu correlato, a denominada agresividade, uns conceptos que agora aínda teñen moita carga retórica, pero que se han impor.

¿Teñen estes puntos de vista algunha conexión coa denominada interdisciplinabilidade, esa articulación nova do ser humano que se empeza a reclamar?. Eu penso que si. En todo caso, polo camiño desexable dunha gran interdisciplinabilidade non se vai chegar á meta, se cadra máis alongada pero tamén moi valiosa, da formación en materias que eu non diría inútiles, simplemente gratuítas.

Neste camiño cara a un novo

22. M. Sánchez Salorio, *Universidade, multiversidade, megaversidade. Reflexión sobre a casa das dúas culturas cun epílogo sobre o curriculum inútil*. Discurso..., Santiago, 1993.

tipo de universitario, temos dereito, desde unha perspectiva compostelá, a nos preguntar se a denominada aposta pola tecnoloxía terá que se identificar con algún tipo de estudos ou coa creación de centros universitarios concretos. Debía ser máis ben resultado dun espírito de creatividade, que habería que o desenvolver e favorecerlo. Non me toca a min indicar puntos de partida nin metas de chegada; o que habería é que abrir rutas novas, favorecendo o espírito creador e emprendedor e encontrando sistemas académicos, mesmo administrativos, que puidesen ser canle de orientacións activas, para inserírense tamén os alumnos, sen que desen lugar a un currículo de estudos que abocase nunha titulación recoñecida como tal.

Xa que logo, non parece que sexa cousa de aumentar titulacións, senón de diversifica-la formación dos alumnos universitarios, de tal maneira que a adquisición de coñecementos básicos volva máis versátil e cambiante a súa adaptación continua ós requirimentos sociais. En efecto, tradicionalmente a Universidade, coma no século XVIII, anda revolta nun proceso de resultados imprevisibles: ou conserva-los pelexos vellos (Facultades tradicionais, títulos académicos), e enche-los de viño novo, ou decidirse a fabricar instalacións novas para recolle-lo viño actual, aptas para as modificar arreo segundo aumenten as necesidades e as conveniencias. É frecuente, coma

daquela, que se argumente contra esta segunda posibilidade con razoamentos de carácter económico, ou con fútiles argucias que agachan simple medo do futuro. A Universidade necesita unha reforma substancial non tanto nos seus planos de estudio coma na mentalidade de mestres e estudantes; pero unha reforma verdadeira, non retórica ou de parola.

A Universidade é de certo, desde xa hai, un momento de tensión entre a tradición, no noso caso plurisecular, e maila innovación. Cada tempo ten as súas esixencias e tende a rachar este equilibrio, que por definición é inestable. A tradición aporta unha lección permanente e ineludible: a misión universitaria consiste en que, mediante o esforzo conxunto de mestres e discípulos, estes vanse introducindo na ciencia e nos saberes, e aqueles procuran os camiños máis idóneos e eficaces para que esta introducción sexa eficaz e duradeira. Coa innovación, os alumnos demandan camiños novos, e os profesores non só satisfacen estes requirimentos senón que descubren e amplían os horizontes para os alumnos e para a sociedade. Probablemente a innovación máis grave que está a reclamar agora a Universidade é a de substituí-lo concepto de "saber" e de "ciencia" polo de "construí-la ciencia", "transmitila *in fieri*", como se dicía hai séculos.

Santiago ten, desde Marzoa e os

Muros e Fonseca, un compromiso formal con Galicia. Tense diluído ás veces cando aumentaron as presións foráneas e se cambiou, en prol da uniformidade nacional, o talante universitario. Pero sempre se mantivo a niveis sociolóxicos, porque a Universidade, a través das súas cinco Facultades tradicionais, non deixou nunca de fornecer a Galicia cos profesionais que foi necesitando. Agora comparte con outras Universidades esta misión galega; pero non por iso pode renunciar a un proxecto que sem-

pre a comprometeu. A súa función futura será a de acadar unha harmonía entre este vello compromiso e mailo universal que lle corresponde como Universidade de moita andaina. Se no seu tempo Ignacio de Loyola chegara a pensar na Universidade de Santiago para bastión da loita contra a herexía, aceptemos que Santiago débelle moito á súa tradicional universalidade e que se debía converter nun dos puntais da conciencia científica europea, que supón e eleva a conciencia científica de

MEDIO MILENIO

Carlos Pajares Vales

A Universidade de Santiago de Compostela celebra o seu Cincocentos aniversario. O acontecemento é moi importante. Non hai moitas institucións que resistiran tantos anos o paso do tempo, xustificando deste xeito a necesidade da súa existencia por riba de coxunturas políticas e económicas. Dentro das institucións universitarias tampouco non hai moitas que poidan alardear dunha maior lonxevidade, en realidade en España so o poden facer cinco (de feito só catro son realmente máis antigas, Salamanca, Valladolid, Barcelona, e Zaragoza, dado que a Complutense non existiu durante un extenso período) e no resto do mundo só cincuenta teñen unha orixe máis antiga.

O demostrar durante cincocentos anos que paga a pena a súa existencia debe se-la razón poderosa para que tódolos que estamos máis ou menos comprometidos coa Universidade de Santiago de Compostela nos unamos na súa celebración co obxectivo de aproveita-lo acontecemento para

axudar a que entre todos deamos un novo impulso á Institución, de maneira que cando pasen os anos, e se contemple coa suficiente perspectiva o labor desenvolvido se poida dicir que efectivamente a Institución contribuíu dun xeito importante á transmisión e, sobre todo, á creación do coñecemento. Á transmisión e creación do coñecemento son as misións fundamentais da Universidade e tódalas súas actividades, incluíndo a celebración do seu Cincocentos Aniversario, deben estar encamiñadas e enfocadas a facilitar e obter isos obxectivos.

ORIXE

A data de fundación ou inicios das Universidades sempre se pode por en cuestión. En efecto, hai diversas datas que poden ser elixidas como inicio, empezando pola dos seus primeiros estudos, ou a dos primeiros estudos que conducían ó outorgamento de graos, ou a data da Bula Papal, dado que durante moito tempo tódalas Universidades estiveran ligadas á Igre-

xa. Ademais da data hai outras circunstancias que poden cuestionar-la antigüidade dunha Universidade determinada, como poden se-la continuidade da Universidade tanto no tempo como no lugar de emprazamento. Hai Universidades que desapareceron durante períodos prolongados de tempo, tan prolongados que chegaron á séculos nalgún caso, volvendo despois reaparecer. Noutros casos, reaparecen en distinto lugar, mantendo unha relación máis ou menos fundada coa orixinaria. Algúns casos dos mencionados son en España, as Universidades de Cervera, palencia, Complutense de Alcalá de Henarres ou de Madrid.

Non hai unha norma xeral aceptada para establece-la data fundacional dunha Universidade. O autor destas liñas non é historiador e polo tanto as afirmacións relacionadas coa Historia deberían ser confirmadas por especialistas do campo. Dito isto, si parece que a norma xeral que se adopta é elixir como data a conmemorar a máis antiga das datas posibles sen entrar noutras consideracións. Así parece que procedeu Bolonia, a máis antiga do mundo, que conmemorou no ano 1989 os novecentos anos ou Salamanca a máis antiga das españolas que hai unhas ducias de anos celebrou os setecentos anos. Hai tres anos as Universidades Complutense de Madrid e Alcalá de Henares conmemoraran xuntas o medio milenio sen entrar

en discusión sobre quen era a herdeira e encubriendo que ningunha delas tiña cincocentos anos de antigüidade. En calquera caso todas elas aproveitaron a data de posible inicio para dar relevancia pública ós seus estudos e investigacións. Na Historia das Universidades, hai dúas conmemoracións que teñen por elas certa relevancia como é o oitocentos aniversarios da orixe de bolonia no que Verdi foi o mestre de cerimonias, estando xa na súa vellez, e o seu recente novecentos aniversarios no que máis de trescentos rectores europeos firmaron a Carta das Universidades Europeas.

No ano 1988, sendo o autor deste artigo Rector da Universidade de Santiago, consultárase con varios historiadores e expertos sobre a idoneidad de considerar 1995 como a data conmemorativa. A resposta foi unánime: 1495 pode considerarse como a orixe fundacional, aínda que outras datas posteriores son tamén significativas. En efecto, no ano 1495, o notario e rexedor compostelán López Gómez de Marzoa coa axuda dos bieitos, creara un Colexio de Gramática que, despois dalgunhas dificultades, convertiraxo no "Estudio Vello" e, xa no 1504, no primeiro "Estudio Xeral" que, gracias os esforzos do Deán Diego de Muros, é recoñecido como tal por unha bula do Papa Xulio II. Pouco despois o arcebispo de Compostela Alonso III de Fonseca da pulo á Universidade que principaba,

creando o Colexio de Santiago Alfeo que hoxe leva o nome de Fonseca e obtendo no ano 1525 o refrendo por medio dunha nova bula de Clemente VII. Os primeiros Estatutos son do ano 1555 e, desde esa data, a Universidade ten a condición de Real.

Se historicamente é correcto celebrar no 1995 o aniversario da súa fundación, tamén parece oportuno que a Sociedade Galega, cinco anos despois de que a Universidade de Santiago de Compostela se desdobra en tres Universidades coa creación das Universidades de A Coruña e Vigo, reflexione sobre a súa Universidade de Santiago e sobre a súa importancia e significado ó longo de estes cincocentos anos, para que así a estime e aprecie no seu verdadeiro valor.

EVOLUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

A Universidade Compostelá como tódalas institucións tivo etapas florecentes e brillantes, conxuntamente con outras que foi simplemente unha residencia comfortable para fillos da nobreza galega sen ningunha esixencia académica, co beneplácito das autoridades eclesiásticas, dado que a Universidade pertenceu á Igrexa ata ben entrado o século XVIII.

A Universidade créase nun ambiente renacentista donde as ansias de aprender e de coñecer impónense a tódalas dificultades. É unha das etapas



No ano 1816 comézanse a mercar instrumentos e máquinas para ensina-la Física segundo se facía en Francia. E cousas tan elementais coma o espello negro, o prisma para descompoñe-la luz e o aparello de sete espellos para recompo-la non estiveron no ensino da Física ata ben entrado o século XX.

máis frutíferas e brillantes da Universidade Lopez de Marzoa, Diego de Muros e Alonso III Fonseca son os tres personaxes renacentistas. Compostela e a súa Universidade están abertas ás novas ideas e ás novas co-rrentes de pensamento que empezan a xurdir en Europa. Sen lugar a dúbidas esta atmosfera tivo que se ir labrando ó longo do tempo, debida principalmente ó Camiño de Santiago principal medio cultural polo que fluían ideas e pensamentos. Fonseca tiña contactos con Erasmo e posteriormente con Ignacio de Loyola. É a san Ignacio a que lle encarga Fonseca os primeiros

estatutos da Universidade. O encargo non prosperara porque os cóengos de Santiago torpedearon durante varios anos os intentos do Padre Nadal, brazo dereito de San Ignacio e enviado por este a SANTIAGO para face-los estatutos.

Ó co resto das Universidades españolas, na Universidade de Santiago non sempre imperaron as ansias de coñecer e houbo etapas de decaementos nas que a inercia, as comencias e lamentables conxuncións de intereses, fixeron imprescindible as reformas que, primeiro Ulloa e despois Carlos III, impulsaran no século XVIII e que supuxeran un recorte das prerrogativas que tiñan os estudantes, fillos da aristocracia galega, así como o inicio dalgúns gabinetes experimentais e a apartura de Santiago á Ciencia. Francisco de Neyra é unha figura representativa desta época como Catedrático de Medicina e Física Experimental e favorecedor do método experimental na Universidade.

A influencia da Ilustración fíxose notar dunha maneira destacada na Institución e foi a través desta que aquela penetrou na Sociedade Galega. Unha maneira indirecta de constata-la importancia da Ilustración na Universidade de Santiago é contempla-lo grande número de primeiras edicións de libros relacionados con ela que se atopan na súa Biblioteca Xeral. Hai uns anos, con motivo de se cumpri-lo segundo centenario da Revolución Francesa, a Bi-

blioteca Xeral montou unha exposición para mostra-los seus fondos bibliográficos relacionados co acontecementos. Os numerosos visitantes que tivo a exposición, algún deles especialistas na época, mostraron a súa sorpresa e admiración por tan magnífica "exhibición".

Outros momentos interesantes pola súa relevancia intelectual aparecen ó longo do século XIX e no primeiro tercio do século XX. Moitos son os nomes que se deberían citar pero restrínxome á Ciencias. Hai cinco ós que lles teño unha especial simpatía: Domingo Fontán, González Linares, Rodríguez Carracido, Nóvoa Santos e Rodríguez Cadarso.

O primeiro foi ilustre matemático e cartógrafo, deixando un labor cartográfico importante e pioneiro en moitos sentidos.

O segundo estivera soamente uns poucos anos na Universidade de Santiago pero abondo para introducir a teoría da evolución de Darwin en España, atopando, por certo, grandes dificultades postas por determinados círculos eclesiásticos. Rodríguez Carracido, gran científico, Catedrático de Farmacia dera un forte pulo á ensinanza experimental. Un busto del atópase nas escaleiras que conducen ó segundo andar no Claustro do Palacio de Fonseca. Rodríguez Carracido pasou posteriormente a Madrid onde foi Rector da súa Universidade.


Novoa Santos e Rodríguez Cadarso foron catedráticos da Facultade de Medicina. Homes de gran formación, realizaron destacadas investigacións. Os dous estaban influenciados pola Institucións Libre de Ensinanza, usando similares métodos e ideas. Rodríguez Cadarso foi Rector, e a Universidade débelle, conxuntamente co seu predecesor no cargo de Rector, Luis Blanco, a concepción en primeiro dñeseño da chamada “Residencia” Universitaria que actualmente é coñecida como Campus Sur.

Hai moitas outras figuras senlleiras neste século, e quero nomear a catro, limitándome ás Ciencias Experimentais: Ramón María Aller, Tomás Batuecas, Isidro Parga Pondal e Ignacio Ribas, os tres destacados científicos de gran prestixio internacional.

PRESENTE FUTURO

Despois da Guerra Civil española, as Universidades españolas caeran nunha profunda mediocridade e a Universidade de Compostela non podía ser menos. Agás raras excepcións, os mellores profesores e investigadores partiran para o exilio ou morreran. Algúns que quedaron dentro de España foron illados convenientemente. Outros foron trasladados de Universidade, enviándoos a “provincias”. Por outra parte, España viviu durante as décadas dos corenta, cincuenta e parte dos sesenta, totalmente aillada

do mundo. As poucas ideas e pensamentos que conseguían filtrarse eran mirados e considerados con receo. Todo o que sonase a estranxeiro era ridiculizado e despreciado, disciplinas que foran cultivadas decentemente antes da guerra civil desapareceran ou eran despreciadas. Así, por exemplo, a Mecánica Cuántica, establecida e verificada na década dos 20, e que era coñecida e utilizada por un grupo importante de científicos de Madrid, Barcelona e Santiago antes da guerra, foi ignorada en España ata ben entrada a década dos setenta e aínda no setenta podíanse oír xuízos pexorativos referidos a ela. O espírito da Institución Libre de Ensinanza, onde as palabras clave eran: experimentación, curiosidade, prácticas de campo, apertura a novas ideas, creación de coñecemento, foi abolido e perseguido. Ante este panorama foi imposible crear e transmitir coñecementos e así sucedeu agás en contadísimas excepcións. A Universidade española soamente existiu no papel. Na Universidade galega o panorama non foi diferente. importantes figuras exiliáronse ou foron enviadas ó desterro, algunhas delas a Santiago, outros foron represaliados e expulsados. Sería moi bo que entre os actos de celebración do Cincocentos aniversario se realizase algún de reparación e homenaxe a estes represaliados e exiliados. As miñas noticias apuntan a que se está preparando un acto deste tipo a proposta do Catedrático de Dereito Adminis-



Desde a lanterna máxica do século XIX ata o raio láser da Escola Univerdsitaria de Óptica. En pouco máis de 150 anos as diferencas parecen abismais.

trativo, Enrique Gómez-Reino. Benvinda sexa esta iniciativa.

En xeral a situación da Universidade de Santiago era moi mala, algunhas Facultades de Letrs podían sobrevivir gracias a algúns profesores illados e gracias a unha maior tradición, pero en Ciencias a situación foi desastrosa, aínda que algún profesores mantivesen o tipo.

Co turismo interior e exterior e coa recuperación das liberdades ó establecerse a democracia, o país ábrese radicalmente, o que repercute dunha maneira importante nas Universidades. Na década dos sesenta, empézase tímidamente a saír ó estranxeiro para aprender técnicas novas e sobre todo para saber que é respirar en laboratorios e centros de investigación onde o espírito científico impera. Nos setenta estas saídas aumentan aínda que lentamente para seren xa a práctica xeralizada nos

oitenta. É nesta década onde os laboratorios experimentais empezan a ter un mínimo de dotación, inexistente anteriormente agás en casos illados.


Outro dos fenómenos importantes que aparecen no mundo universitario é o elevado número de estudantes. Hai un primeiro aumento a finais dos sesenta e despois outro espectacular a partir do ano 1984. O número de estudantes universitarios en Galicia pasa de 32.000 en 1983 a 82.000 no ano 1994. A razón é dobre: Por unha banda o aumento da poboación galega e española que tivo lugar durante os anos 65-75, a década do desenvolvemento. A segunda razón reside nas facilidades de acceso ó sistema universitario xa que o número de axudas e bolsas anula as dificultades económicas e as esixencias académicas son moi pequenas. Este aumento de estudantes esixiu grandes esforzos de todo tipo. Aumento de Centros Superiores, de número de

profesores, de infraestructuras e, finalmente, una estruturación nova da ensinanza superior en Galicia, dividíndose en xaneiro do 1990 a Universidade de SANTIAGO en tres: A propia de Santiago con centros en Santiago e Lugo e que actualmente conta con máis de 40.000 estudantes, a de A Coruña con centros en A Coruña e Ferrol con arredor de 20.000 estudantes, e a de Vigo con centros en Vigo, Pontevedra e Ourense con arredor de 22.000 estudantes.

O proceso de estruturación universitaria "a priori" non foi fácil, sem embargo fíxose despois de chegar a un grande acordo nun Claustro Universitario e pola aprobación da corresponde Lei por unanimidade no Parlamento Galego. Tódolos grupos políticos votaron a favor, da mesma maneira que o fixeran coa Lei posterior referida ó financiamento do Sistema Universitario Galego. Ó longo do proceso sempre houbo unha pregunta no aire que se facía desde moitos ambientes ¿Galicia pode pagar tres Universidades? A resposta miña era dicir que a pregunta correcta era ¿Galicia pode paga-la ensinanza superior de 80.000 estudantes que é a cifra adianta para o ano 1995? Dado que ningún quería facer ningunha actuación para reducir esa cifra de 80.000, impoñíase preguntar ¿Cal é a mellor maneira de distribuir eses 80.000 estudantes, tendo en conta a realidade existente no ano 1990? Calquera Universidade con máis

de 40.000 estudantes empeza a ser moi difícil de coordinar. Tódolos estudos realizados ó respecto indican que para mellorar un pouco a xestión necesitanse grandes esforzos. Ó contrario, en Universidades cun número máis reducido de estudantes, a complexidade é menor e polo tanto a mellora da súa xestión pódese facer máis facilmente e máis rapidamente.

Hai algúns profesores das Universidades de A Coruña e Vigo que actualmente se queixan e dian que estarían mellor na Universidade de Santiago. Argumentan que naquelas hai grande cantidade de non doutores que por ser maioría impoñen os seus intereses que moitas veces non van dirixidos á mellora da investigación e da ensinanza. Se ben é certo o seu razoamento, o problema non estriba na división en tres Universidades senón en que as Universidades españolas son rexidas polos seus empregados e membros, profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, nunha interpretación errónea do que debe sela autonomía das Universidades. Desta maneira un profesor que leve trinta anos sen le-la tese de doutoramento e sen facer nada, ten igual peso na institución e é tratado de xeito similar que o profesor competente de prestixio internacional que dirixe varios proxectos. Este é o principal problema hoxe día das universidades españolas e del xurden outros: Endogamia, falso igualitarismo, falta de eficacia...



Os laboratorios científicos contan, hoxe, cun sistema moi sofisticado de aparellos e controles informáticos.

Neste senso, a Universidade de Santiago de Compostela ten maior responsabilidade que as outras dúas galegas, pois é a que ten unha porcentaxe e maior número absoluto de doutores e é onde se atopa o maior potencial investigador de Galicia segundo o demostra a avaliación externa dos investigadores realizada por expertos de recoñecido prestixio. Esta responsabilidade debe facer que tir do resto intentado a súa mellora, sendo máis competitiva e creando e trasfirindo máis coñecementos. As súas miradas e anhelos deben ir dirixidos a Centros e Universidades de excelencia: Orsay, Heidelberg, Lund, Uppsala, Cambridge, Stanfor, Copenhagen, deben se-las súas referencias, aínda que Santiago labre a súa propia personalidade.

Hai persoas que pensan que a Universidade de Santiago desdeñ hai uns dez anos pasa unha época dourada, senón comparable, moi na liña das súas tres máis brillantes épocas: A etapa renacentista dos seus inicios, o etapa posterior ás reformas de Ulloa e Carlos III cos seus aires da Ilustrción e a etapa do primeiro tercio desde século cos aires da Institución Libre de Ensinanza e a afirmación da súa galeguidade. Non é fácil facer un xuízo definitivo. Conxuntamente con aspectos negativos reseñados anteriormente, encóntranse outros moi positivos: Grande número de investigadores de calidade, relacións continuadas con grupos de investigación de primeira fila, aumento da interdisciplinariedad, existencia razoable de infraestructuras de comunicación e equipamente, aumento espectacular dos contactos e contratos con empresas... O tempo porá o adxectivo cualificativo apropiado a esta época.

Ó chegar ó final deste artigo, gustaríame preguntarme que ten de común a Universidade do que 1495 e a do 1525 coa Universidade actual. Como dicía o escritor gonzalo Torrente Ballester no acto de investidura como Doutor honoris Causa pola Universidade de Salamanca, e eu recordaba cando se facía a Torrente Doutor Honoris Causa da Universidade de Santiago de Compostela, o home renacentista pasearía polo claustro de Fonseca intentando dar

respostas as súas preguntas esenciais, coñecía os resultados de inquietudes semellantes á súa e cotexábaas, discutíaas e, ás veces, combatíaas intentando obter un conxunto cabal do seu pensamento que dese resposta a todo o existente. Se imaxinamos a ese home agora nos nosos días, quizáis instalado nun laboratorio cerca dalgún dos nosos claustros, se cadra está pensando no cerne da modernidade, preguntándose quizás polo interior do átomo ou da célula e a súa relación coa orixe do Universo ou da vida. Unha cousa tiña sido constante na súa vida hipotética, ademáis da súa inqueda intelectual; nunca tivo que abandonar os nosos claustros para seguir pensando e ensinando. A Universidade de Santiago de Compostela era o seu fogar. É seguro que ese hipotético universitario ó longo do seu periplo secular, non tería deixado de

preguntarse porque as ciencias se ían separando unhas das outras por que resultaba cada vez máis difícil facerse unha idea conxunta do Universo. ¿E a vostede a multiplicación de coñecementos modernos o que nolo impide? ¿Temos que aceptar como irremediable a dispersión? ¿De onde pode saí-la síntese dos seus resultados que xunto a unha presa de certeza organizadas nos ofrezca outra de ignorancias e perplexidades? Só no seo da Universidade pode acadarse, soamente aquí pode acubillarse ós que con renovado pulo buscan o saber e unicamente aquí poden saí-las sínteses clareadoras ou a convicción dramática que estamos moi lonxo de acadar. Só aquí se poden realiza-las conexións entre ciencias distantes e en aparencia diversas, aínda que unidas por un fío invisible que entre elas establece unha relación.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DENDE O PRESENTE

Xoan Ignacio Rodríguez Martínez

Aínda non sei ben como vin dar cos meus ósos na Universidade. Supoño que, en certa medida, pódese decir que son un pioneiro. Non había tanta xente que viñera a estudar a Santiago por inercia, porque non se lle ocurría outra cousa que facer coa súa vida, porque era o único que sabía facer ou que lle apetecía facer. Tanto é así, que incluso a elección da carreira foi algo arbitraria, e apunteime nunha Facultade que “nacería” oficialmente ese mesmo ano: Física. (E non me arrepento).

Eramos poucos daquela. Ou, alomenos, non tantos como agora. A Universidade era unha soa para toda Galicia e non había tantas titulacións. Non era tan fácil estudar. Eran moitos mais os que, para poder facelo, tiñan que saír fóra da casa dos pais. Quizais por iso, a xente estaba máis motivada e, ou ben eles mesmos, ou ben por influencia da familia, tiñan moito máis claro o que querían estudar e por que. (Non era ese o meu caso). Para min, a Universidade era unha prolongación do Colexio e o Ins-

tituto, e unha forma de retrasar o momento no que tiña que enfrontarme á vida por min mesmo. Pero a vida non esperaba, e encargouse de que me dera de bruces con ela.

O deixar a casa dos meus pais, o cambio que representaba o novo sistema de clases, o ter compañeiros de tan diversa orixe xeográfica, a necesidade de asumir e exercer a miña liberdade,... foi moito. Aquel primeiro ano na Universidade foi traumático, e aínda tardei bastante en decatarme de todo o que tiña pasado. Unha das consecuencias foi a miña implicación na vida da facultade, nun principio, e da Universidade. Supoño que axudou un pouco que estudiara xustamente Física, e non outra carreira. Os poucos tolos que andabamos a iso estábamos de prestado na Facultade de Química, e a xente púña unha cara moi rara cando lles contabas o que estabas a estudar. Todo aquilo facía que estreitaras máis os lazos cos teus compañeiros e empezaras a preocuparte do ámbito no que se desenvolvía unha

boa parte das vosas relacións. Foi así como acabei de representante de alumnos. E foi así como cheguei a ter unha imaxe da Universidade algo máis ampla que a maioría dos compañeiros.



O salón artesoadado de Fonseca estivera habilitado para aula ata case metade de século XX. Aínda agora é un referente e un emblema da Universidade compostelá.

Eu ó principio, era coma todos: non tiñan nin idea de nada. A facultade non era máis ca un edificio onde ía pasar algúns anos recibindo clases, estudiando, facendo prácticas, tomando cafés no bar, facendo exames,... para, ó final, recibir un título que, !!aínda daquela!!, debería facerme máis doada a obtención dun marabilloso posto de traballo. A facultade era algo frío, morto, co que non se podía interaccionar en modo algún. E a Universidade era o conxunto das facultades e algún que outro edificio máis onde estaban as oficinas que non cabían nelas.

Os profesores daban as clases. Parecía que levaran séculos dando

sempre as mesmas clases. E tamén decían que investigaban. Pero iso era demasiado complicado para poder comprobalo. Todo parecía demasiado estable como para que nós, simples estudantes recién saídos da casa, poidésemos facer outra cousa que non fora padecer estoicamente o que nos deparase o destino.

Pero non resultou ser así o conto. Os “veteranos” da facultade pronto viñeron a contarnos que podíamos facer “pequenas” cousas. Naqueles anos, as nosas maiores preocupacións e posibilidades eran !!poder discutir cos profesores as datas dos exames!! Aínda que non deixabamos de falar e soñar con que podería (e debería) ser posible facer algo para controlar a calidade da docencia, rachar co sistema de clase maxistral, ter unha formación máis actual e con maior contido práctico, mellorar o ambiente cotián na facultade, !!ter as clases en galego!! (aínda que, moitos de nós, estiveramos comenzando a aprendelo daquela), e alguna que outra cousa máis.

A Xunta de Facultade fora todo un descubrimento: había un sitio onde se podía falar iso, e mesmo, á veces, eran os propios profesores os que sacaban o tema. Lástima que nós tiveramos tan poucos votos e foramos tan pouco escoitados. Eses foran os comezos da miña introducción no mundillo universitario, pero non fo-

ron moitos os que me acompañaron nesa viaxe e penso que, tanto daquela coma hoxe, unha gran maioría da poboación estudantil vive allea á participación nos órganos de goberno da Universidade. Ata a LRU, non había máis que a facultade (e a nosa era ben pequena). Pero moitos dos problemas que atopabamos eran comúns a tódolos universitarios, e os forums onde debían tratarse eran ben diferentes. Os cambios introducidos pola Lei de Reforma Universitaria exudáronnos a ver que non nos podíamos restrinxir ó noso centro. Aparecían daquela órganos de goberno que o sobrepasaban. A nosa participación en Consellos de Departamento facilitounos unha visión máis global de moitos dos aspectos que nos preocupaban. Case obrigados por estas circunstancias, buscando unha maior coordinación e unidade de acción, foise cara a integración nunha organización estudiantil presente en cáseque toda a Universidade. As discusións eran as mesmas, pero cambiaban os interlocutores. E moitas veces, os argumentos. Descubrimos que, en certos temas, a división ciencias-letras podía chegar a ser maior que a profesor-alumno. A integración en organizacións de estudantes prodúcese nos últimos anos de carreira e/ou principios de Terceiro Ciclo do grupo de amigos que tanto tiñamos feito xuntos. Supuxo o acceso a unha grande cantidade de información, e unha mellor comprensión do modo de funcionar da nosa Universidade, que

deixaba de ser a única en Galicia. Non todos seguimos ligados a ela, e, os que seguimos, cambiamos de compañeiros de viaxe. Tamén entramos nunha etapa de actuacións mais persoais, onde moitas veces non representas a ninguén mais que a ti mesmo.

Cando rematei a Licenciatura en Ciencias Físicas, quedei a facer o doutoramento. Era a segunda promoción que facía o Terceiro Ciclo que creara a LRU e tocaba pagar a novatada. Ninguén parecía ter claro que eramos. ¿Bolseiros? ¿Estudiantes? Non se sabía a que centro tiñan que adscribirnos. Non estaba claro si o dos cinco anos para face-la tese ía ser real ou ían dar prórrogas. Tampouco non se sabía que dereitos tiñas por estar admitido nalgún curso de doutoramento. (E moitos destes interrogantes continúan).

Pero o terceiro ciclo resultou ser moi distinto da facultade. A pesar dos moitos problemas existentes, e de que unha boa parte deles afectaban a tódolos aspirantes a doutor, era moi difícil chegar a acordos máis amplos ou menos amplos entre os afectados.

Cada departamento era un mundo, e as diferentes problemáticas, casi tantas como alumnos. Despois dalgúns intentos, resultou imposible acadar un mínimo de organización a nivel de toda a Universidade e, os que intentamos, tivemos que limitarnos case ós nosos propios departamentos.



Maza do Claustro Universitario que preside as xuntanzas solemnes. Insignia da súa autonomía e xurisdición.

Os teus compañeiros de agora eran os mesmos profesores cos que tanto tiñas discutido. Algunhas das túas ideas cambiaron ó ter mais amplos horizontes. Pero moitas das antigas inquedanzas siguen vivas. Co tempo, eu tamén cheguei a dar clase. Con tristeza, descubres que para moitos dos alumnos non eres máis ca un trámite que hai que cubrir para pasar un exame, para obter un título...

Nos anos nos que eu remataba a miña Licenciatura tiveron lugar dous feitos de grande importancia para a Universidade. Un deles é a

entrada en vigor da LRU, con todo o que implica de cambio de estruturas e democratización da institución. O segundo é un gran incremento da inversión económica que se fai na universidade e que permite, dunha banda, absorber o gran aumento de estudantes (rexistrado sobre todo cara finais dos oitenta), e, doutra, un gran esforzo en infraestruturas, que permite a consolidación de grupos de investigación competitivos a nivel internacional fóra de Madrid e Barcelona.

Aquí, este aumento de infraestructura investigadora estivera a piques de deixar a Universidade de Santiago reducida a unha universidade humanística ó concentrarse a rama tecnolóxica en campus correspondientes á novas institucións. Por fortuna, non foi así. As titulacións de "ciencias puras" tiñan o suficiente avoengo no campus compostelán como para saber reaccionar a tempo. O importante crecemento material foi completado coa creación de grupos de investigación nos que se incorporarían investigadores galegos novos que, na maior parte dos casos, volvían a Santiago despois de completar a súa formación nos máis prestixiosos grupos nacionais e estranxeiros.

As comparacións son odiosas, pero creo que o feito de que "os de ciencias" nos queixemos tanto como "os de letras" de que son os outros os que reciben mellor trato demostra que ata certo punto, estamos conseguindo

manter o equilibrio necesario para prolongar o esplendor da nos Universidade alomenos outros cincocentos anos.

Con todo, creo que temos unha debida pendiente. Todo o que faga a Universidade por intregarse na sociedade da que forma parte, por intentar repostar ás súas preguntas e solucionar os seus problemas, sempre me parecerá pouco. O triste, na miña opinión, é que aínda non chegamos ó mínimo esixible nese terreo, por moito que se teña avanzado nos últimos anos. Pero non é cousa que nos corresponda facer só a nos. A propia sociedade tamén debe aprender que quizais teña na casa o que anda a buscar fóra.

No meu primeiro ano na Universidade (81-82), na miña facultade había un total de 127 alumnos. Segundo declaracións do seu primeiro decano, ó despois, rector Carlos Pajares, o número ideal de alumnos estimábase daquela arredor dos 500 (e así se fixo o novo edificio). Hoxe duplican esa cifra. O edificio inaugurado no 86 naceu xa pequeno e, tras sucesivas ampliacións, está a punto de propagarse hasta un novo edificio (ocupará dependencias do Bosque da Condesa). Todo isto é un bo exemplo de algo xeneralizado nos últimos 15 anos: un crecemento desbordante da Universidade.

Non entrarei aquí a dar cifras nin datos. Seguro que hai quen os coñece mellor. Gostaríame, sen em-



Monumento a D. Eugenio Montero Ríos, obra de Mariano Benlliure para a Praza do Obradoiro onde estivera moi pouco tempo antes de que a mudaran para o seu emprazamento actual, diante da Facultade de Ciencias da Información. Montero Ríos, profesor, político e benfeitor da cidade e da Universidade de Santiago, foi o último dos próceres ós que se lles erixiu unha estatua.

bargo, facer unha pequena reflexión na que pode que máis de un teña xa caído. Arredor do ano 1990 prodúcese un aumento no número de estudantes universitarios en Galicia que excede todas as previsións feitas ata o daquela. Pode que un dos motivos fora que a creación de novas universidades, e o aumento de titulacións que as acompañan, achegan os estudos universitarios á casa dos futuros alumnos, o que os fai máis asequibles para as súas familias.

Pero penso tamén, que o que lles ocorre a moitos deles é o que me pasou a min: seguen a estudar por inercia. ¿Qué outra cousa poden facer? Levan máis de dez anos estudando cando chegan a COU. Maioritariamente, carecen de experiencia laboral. O mercado laboral parece inaccesible, incluso con titulación superior. Os pais poden apanñarse para seguir a mantelos, e non hai nada mellor que facer. E por se fora pouco, se alguén está verdadeiramente motivado para estudar alguna carreira específica, teran que enfrontarse a un sistema de selectividade e limitación de plazas que pode truncar mais dunha vocación. Ante este panoram, non debemos extrañarnos da falta de motivación que se observa nos estudantes, e que repercute nun baixo rendemento académico que aumenta o tempo de permanencia na Universidade e a súa masificación.

Está claro que, si as cousas son como penso, a solución ó problema da masificación que estamos a padecer non pode vir só de dentro da Universidade. Non chegaría tampouco con aumentar os recursos materiais e humanos hasta cubrir a demanda. Personalmete opino que todo a mundo debería ter o dereito a recibir unha educación do máis alto nivel posible naquilo que lle interesa en calquera momento da súa vida e a un ritmo acorde coas súas posibilidades. Pero iso é unha utopía, a dirección na que

habería que camiñar. Hoxe, paréceme máis interesante facer unha educación secundaria capaz de, simultaneamente, permitir un acceso máis doado dos rapaces ó seu primeiro traballo, e/ou axudarlles a definir máis claramente as súas afinidades de cara á elección de futuros estudos. Unha vez que o estudante está xa na Universidade, habería que tomar medidas para optimizar o tempo ue pase nela. Pero iso non debe ser só a base de “castigar” ós máis lentos fronte ós máis rápidos. Creo que unha das grandes tarefas pendentes da Universidade é a realización dunha efectiva avaliación da docencia que imparte. A recente reforma dos planos de estudio foi unha oportunidade de ouro para mellorar esa docencia e, máis dun caso, o que se fixo foi cambiar o plan para que non cambiara nada.

En medio de todo está o problema da selectividade, que, claramente, estaría de máis na miña utopía. O único que podo decir é que non me gusta o actual sistema pero que tampoco non se me ocorre nada para melloralo.

Outro tanto habería que dicir da cuestión económica. Considero escasa a partida que se dedica a educación en Galicia e en España. Son partidario dunha esinanza pública de calidade, que resulta imposible sen un importante incremento orzamental. As solucións que se apuntan no sentido de buscar novas vías de financia-

miento a través de convenios ou proxectos de investigación con organizacións privadas presentan un risco importante de absorver ó profesorado

universitario nunha competitividade mal entendida que lle faga esquecer o seu compoñente docente e deteriore a súa obxetividade investigadora.



Bibliografía

BIBLIOGRAFÍA

- Bandín Hermo, M. "Los Arzobispos de Santiago y la Universidad de Compostela" en *Anales de la Universidad de Santiago*, II, 2(1926), 65-180.
- Barreiro Fernández, J.R. Galicia. Historia. La Galicia del Antiguo Régimen. Enseñanza, Ilustración y Política. T. IV. LA CORUÑA 1991.
 – "Los comienzos de la reforma del Colegio de Fonseca en 1748-51 y su incidencia en la primera reforma universitaria española" en *Liceo Franciscano*, XXVIII, (1975) 82-84.
- Beltrán de Heredia, V. "La facultad de Teología en la Universidad de Santiago de Compostela" en *La ciencia Tomista* 39 (1929), 45-173; 289-305; 40 (1929) 5-22; 41 (1930) 50-63.
- Cabeza de León, S. *O Conde de Monterrey e a Universidade de Sant-Yago*, Santiago 1931.
 – *A insinanza do Dereito Romano na Universida de Sant-Yago hastra o plan de estudos de 1772*, A Coruña 1928.
 – *Notas sobre la disciplina escolar en la Universidad de Santiago durante los siglos XVI, XVII y XVIII*.
- Cabeza de León, S.; Fernández Villamil, E. *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, Santiago 1945-1947, 3 vols.
- Caravelos Piñeiro, P.M., "Apuntes históricos sobre el Colegio de Fonseca" en *Galicia Histórica*, I (1901) 173-179; I (1902), 326-336; 436-443; II (1903), 547-557.
- Cuesta Gutiérrez, Luisa. *Los orígenes de la Biblioteca Universitaria de Santiago* en *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, II (1929-1930), 3-28.
 – "La Universidad Gallega. Su pasado, su presente y su porvenir" en *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* II (1930), 5-38.
- Díaz-Fierros Viqueira, F. "Os comenzos da ciencia moderna na Universidad compostelana" en *Compostellanum*, XVI (1971) 387-423.
- Eiras Roel, A.; Enriquez Morales, M.J. "El consumo alimentario en los colegios mayores de la Universidad de Santiago y otras colectividades de antiguo régimen: niveles comparativos" en *Liceo Franciscano*, XXVIII (1975) 243-261.
- Fraguas Fraguas, A. *Los Colegiales de Fonseca*, Santiago 1958.
 – *Historia del colegio de Fonseca*, Santiago 1956.
 – *O Colexio de Fonseca*, Santiago 1995.
- Gallaecia Fulget, cinco siglos de historia universitaria*, Santiago, 1995.
- García Oro, J. *Galicia en los siglos XIV y XV*, Pontevedra 1987.
 – *Diego de Muros III y la cultura gallega del siglo XV*, Vigo 1976.
- González-García Paz, S. *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela*, Santiago, 1993.
- Justo Martín, M.X.; Lucas Alvares, M. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537)*, Santiago de Compostela 1991.
- López Ferreiro, A. *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Santiago 1883.
 – *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela 1898-1920*, XI vols.
- Neira de Mosquera, A. *Monografías de Santiago*, Santiago 1850.
- Martínez Rodríguez, E. "Las fuentes de ingresos de la Universidad de Santiago hacia final de la época autonómica" en *Liceo Franciscano*, XXVIII (1975) 235-242.
 – *La Universidad de Santiago al final de la época autonómica*, Santiago, 1981.
- Pedret Casado, P. "Las cátedras de la Universidad de Santiago hasta el Plan de Estudios de 27 de enero de 1772"

en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, I (1944), 237-245.
 Pérez Bustamente, C.; González García-Paz, S. *La Universidad de Santiago*, Santiago 1934.

Pérez Constanti, P. *Notas viejas galicianas*, Vigo 1925-1927, Santiago 1993.

Rivera Vázquez, E. *Galicia y los jesuitas. Sus Colegios y enseñanza en los siglos XVI al XVIII*. La Coruña 1989.

Romaní Martínez, M, Rodríguez Suárez, M.P.; García Oro, J. *A Real Universidade de Santiago de Compostela: Actas da visita do licenciado don Pedro Portocarrero. Gobernador de Galicia*, Santiago de Compostela 1992.

Sendin Calabuig, M. *El Colegio Mayor del Arzobispo Fonseca en Salamanca*, Salamanca 1977.

La Universidad de Santiago, Santiago 1980.

Varela Fernández, I.: *A Universidade de Santiago de compostela e a Ilustración*, Santiago, 1989.

Vázquez Martínez, A. "Fuentes para la historia de Galicia. Documentos del Archivo de la Universidad de Santiago de Compostela" en *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXIV, 97.112; 282-294; 438-452.

– "Los jesuitas y la enseñanza de Gramática en Santiago (Siglo XVI)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI (1971), 154-186.

Fuentes Impresas

Constituciones Reales de la Universidad de Santiago y sus Colegios Mayor y Menor, Santiago, Luys de Paz, 1602.

Constituciones Reales de la Universidad y sus dos Colegios Mayor y Menor, Santiago, Juan de Leon y Guixard, 1633.

Constituciones Reales de la Universidad de Santiago y sus Colegios, principal de Santiago Alfeo y Menor de San Gerónimo que fundó el Ilustrísimo y Reverendísimo Señor don Alonso de Fonseca Azebedo y Ulloa, de buena memoria, Arzobispo de Santiago y de Toledo, con las Resultas, suplicasiones, reformaciones y nuevamente añadido a dichas Constituciones por la magestad del Rey don Felipe Segundo y Tercero deste nombre y sus Reales Consejos, Santiago, Antonio Frayz, 1678.



Normas para os Autores

NORMAS PARA OS AUTORES

Comité de Redacción

As persoas interesadas en remitir traballos, reseñas de libros ou noticias para a súa publicación na *Revista Galega do Ensino* (RGE) deberán aterse ás seguintes indicacións:

1ª) Os traballos serán inéditos e versarán sobre temas educativos ou do ensino.

2ª) Os autores presentarán o orixinal e unha copia, a máquina, con boa calidade tanto de texto (en folios escritos por unha soa cara e a dobre espacio) como das ilustracións (fotos en branco e negro, ben contrastastadas, gráficos, mapas, etc., en papel vexetal e listos para reproducir directamente).

3ª) Tódolos orixinais, preferiblemente en lingua galega, deberán estar coidadosamente redactados, respectando as normas básicas de puntuación. Recoméndase, sempre que sexa posible, estruturalos en apartados e subapartados debidamente diferenciados e, no seu caso, numerados con cifras, letras ou outros signos inequívocos.

4ª) A extensión máxima dos traballos será de 25 folios para as colaboracións especiais, 15 para os estudos ou prácticas, e de un a tres para as reseñas.

5ª) As colaboracións recibidas que se atean á presente normativa serán avaliadas por especialistas na materia de que se trate, sendo en último termo o Consello de Redacción quen decide a súa publicación.

6ª) O autor cubrirá unha ficha de colaboración de R.G.E. onde figuran os datos que precisa a Redacción da mesma: enderecto postal, perfil académico e profesional, etc.

7ª) Cada escritor dun traballo publicado, recibirá tres exemplares da RGE.

8ª) Os estudos que leven notas poden presentalas a pé de páxina ou ó final (na revista aparecerán sempre a pé de páxina), con numeración correlativa.

9ª) As referencias bibliográficas que aparezan no corpo do traballo e/ou nas notas, segundo o sistema elixido (véase o apartado seguinte), indícarán: Apelido (ano: páxina(s)) // N. Apelido, abrev. do título, páxin(s).

Exemplo: Parrilla (1992a: 18) // A. Parrilla, *La integración...*, 18

10ª) A bibliografía relacionarase ó final dos traballos, ordenada alfabeticamente, e poderá presentarse seguindo o “modelo Harvard” ou o sistema europeo tradicional.

A) No primeiro caso conterá os datos seguintes e pola mesma orde que se indica:

A) LIBROS:

Apelido(s) do(s) autor(es), en maiúscula só a inicial; o resto en redonda minúscula.

Nome(s), separado do(s) Apellido(s) por unha coma. Pódese indicar só a inicial, ou o nome completo, poñendo en maiúscula só a inicial. Cando se trate de varios autores (ata un máximo de tres), a inversión do nome só se realiza para o primeiro. Se son máis de tres autores, é preferible indicar só o primeiro, seguido de “e outros”.

Ano da edición: sen punto despois do 1 (é dicir, 1994, e non 1.994), entre parénteses. Se se citan varios traballos do mesmo autor publicados

mo mesmo ano, usaranse letras minúsculas comenzando polo *a*.

Título: pódese separar dos datos anteriores por medio de coma ou de dous puntos (o sistema elixido débese aplicar rigurosamente en tódolos casos). Se é un libro, o título vai en cursiva (cando non se dispoña deste tipo de letra indícase mediante un subliñado).

Lugar de edición: en maiúsculas a inicial.

Editorial: en maiúsculas a inicial.

Número da edición: só cando non sexa a primeira.

Exemplo: Parrilla A. (1992a): *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed.

B) ARTIGOS aparecidos en revistas (respectando as convencións indicadas para os libros):

Apelido(s), N. (ano), “Título” (en letra redonda, entre comillas), *Nome da revista* (en cursiva ou subliñado), número do volume (e do fascículo, no seu caso), páxinas que comprende.

Exemplo: Siguán, M. (1993): “O ensino bilingüe. Unha perspectiva de conxunto”, *Revista Galega do Ensino*, 1, 13-30.

C) TRABALLOS publicados en enciclopedias, actas, misceláneas, etc...

Apelido(s), N. (ano), “Título do capítulo ou artigo”, en Apelido(s), N. (do editor, coordinador, etc. do vo-

lume), *Título da obra colectiva*, Lugar, Editorial, páxinas.

Exemplo: Resende de Oliveira, A. (1993), "Pai Gómez Charinho", en Tavani, G. e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 502-503.

A) LIBROS:

Apelido(s) do(s) autor(es), en maiúscula só a inicial; o resto en redonda minúscula.

Nome(s), separado do(s) Apellido(s) por unha coma. Pódese indicar só a inicial, ou o nome completo, poñendo en maiúscula só a inicial. Cando se trate de varios autores (ata un máximo de tres), a inversión do nome só se realiza para o primeiro. Se son máis de tres autores, é preferible indicar só o primeiro, seguido de "e outros".

Título: pódese separar dos datos anteriores por medio de coma ou de dous puntos (o sistema elixido débese aplicar rigurosamente en tódolos casos). Se é un libro, o título vai en cursiva (cando non se dispoña deste tipo de letra indícase mediante un subliñado).

Lugar de edición: en maiúsculas a inicial.

Editorial: en maiúsculas a inicial.

Número da edición: só cando non sexa a primeira.

Ano da edición: sen punto despois do 1 (é dicir, 1994, e non 1.994).

Exemplo: Parrilla A., *La integración escolar y los profesores*, Madrid, Cincel, 2ª ed., 1992.

B) ARTIGOS aparecidos en revistas (respectando as convencións indicadas para os libros):

Apellido(s), N. (ano), "*Título*" (en letra redonda, entre comillas), *Nome da revista* (en cursiva ou subliñado), número do volume (e do fascículo, no seu caso), ano, páxinas que comprende.

Exemplo: Siguán, M., "O ensino bilingüe. Unha perspectiva de conxunto", *Revista Galega do Ensino*, 1, 1993, 13-30.

C) TRABALLOS publicados en enciclopedias, actas, misceláneas, etc...

Apellido(s), N., (ano), "*Título do capítulo ou artigo*", en Apellido(s), N. (do editor, coordinador, etc. do volume), *Título da obra colectiva*, Lugar, Editorial, ano, páxinas.

Exemplo: Resende de Oliveira, A., "Pai Gómez Charinho", en Tavani, G. e G. Lanciani (eds.), *Diccionario de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, 502-503.

11ª) Nas RESEÑAS deben figurar sempre os mesmos datos e pola mesma orde:

Título: (vai en cursiva e minúsculas)

Autor(es): Nome(s) e Apellido(s) (en minúsc. e redonda)

Traductor(es): Só cando é pertinente (= autor)

Editorial: Nome da mesma, lugar e ano de edición

Colección: Só cando é pertinente
Nº páxinas:

Tamaño: nº de cm de largo x nº
de cm de longo.

12ª) As relacións de NOVIDADES EDITORIAIS respectarán as indicacións bibliográficas descritas, e presentaranse agrupadas tematicamente e ordenadas alfabeticamente.

13ª) As NOTICIAS que se desexen dar a coñecer poden ser crónicas breves de acontecementos recentes ou informacións de carácter máis xeral, ou anuncios de eventos que se celebrarán nunhas datas que non resulten xa desfasadas no momento da aparición da revista.



Sumario

Historia

- ☞ O mestre. A escola. A sabedoría
José García Oro pax. 13
-
- ☞ A Universidade de Santiago nos séculos XVI e XVII
M^a del Pilar Rodríguez Suárez pax. 23
-
- ☞ A Universidade de Santiago no século XVIII
M^a Jesús Gutiérrez Tosar pax. 61
-
- ☞ A Universidade de Santiago na primeira metade do século XIX (1807 - 1857)
Aurora Cendón Amaro pax. 79
-
- ☞ A Universidade de Santiago (1857 - 1936)
M^a Jesús Souto Blanco pax. 123
-
- ☞ Universidade e cidade. Apuntamentos sobre o desenvolvemento urbano da universidade de Santiago de Compostela
Juan Monterroso Montero pax. 185
-

Memoria

- ☛ **Onte e hoxe fronte ó mañá na Universidade de Santiago**
Manuel C. Díaz y Díaz _____ **pax. 215**
- ☛ **Medio Milenio**
Carlos Pajares Vales _____ **pax. 239**
- ☛ **A Universidade de Santiago dende o presente**
Xoan Ignacio Rodríguez Martínez _____ **pax. 249**

Bibliografía

- ☛ _____ **pax. 259**

Normas para os Autores

- ☛ _____ **pax. 261**